
xa vai o griffon no vento

Alfredo Conde



Unha novela de aventuras na que se narran distintos episodios relacionados coa Compostela do século XVI. Aparecen nela, desde a chamada Armada Invencible, ata o contrabando de libros, nunha época na cal a Inquisición vixiaba o activo trasegar das ideas nunha Europa conmovida por unha fonda crise espiritual. Precisamente un inquisidor será protagonista dunha narración que pretende ser, ademais, unha reflexión sobre o Poder, a libertade e a tolerancia.



Alfredo Conde

Xa vai o Griffon no vento

ePub r1.0
Titivillus 30.10.17

Título original: *Xa vai o Griffon no vento*
Alfredo Conde, 1984
Traductor: Alfredo Conde

Editor digital: Titivillus
ePub base r1.2



A María Teresa, miña nai, e a César, Teté e Luisa, meus irmáns, por todo.

Hoxe, por poñer un caso, sentíndome ó tempo home e muller, amante e amiga á vez, paseeime de a cabalo polo bosque, nun serán de outono, baixo das marelecidas follas, e eu era os cabalos, e as follas, e o vento, e as palabras que os dous se dicían, e mailo rubio sol que lles facía pecha-los ollos asulagados de amor.

(*Correspondance de Gustave Flaubert*, carta a Louise Colet do 23 de nadal do 1853, vol II, Pléiade, páx. 483, Gallimard, París, 1980).

Unha novela é algo que lle pasa a alguén, nalgures.

Gonzalo Torrente Ballester (Un día a falar, mentres devalaba o sol).

I

A historia aquela do Griffon, do Sieur Griffon, para ser máis exactos e dicilo así, en francés antigo, que fora como se lle ocorrera e que aínda por riba sempre queda máis bonito, máis deliciosamente erudito, resistíaselle, hai que recoñecelo, dende había ben un ano enteiro. Axexáraa, a tal historia, mentres ceaba cangrexos de río, fervidos con herbas que ignoraba e segundo receita que axiña adiviñou: *Écrevisses à l’Armoricaine*, é dicir, aceite, manteiga, cognac e un pouco viño branco, da Alsacia de ser posible, mais un prebiño feito a base de tomate, curry e as descoñecidas herbas, que aínda hoxe recordaba e que eran as que lle daban á salsa unha pastosidade pringosa e agridoce que turraba do viño, un Chateauneuf du Pape do 79, cunha ledicia á que só a lixeireza do bris noitébrego avantaxaba. E é que alí, no Hotel de París, *Fluctuar nec mergitur*, naquela construcción do dezaoito, arredada da estrada que vai para Marsella atravesando a Provenza segundo baixas das Gorgues de Ventoux, e que ten non só uns salonciños nos que cear no inverno, senón tamén un sobrado no que facelo no verán, o ledo bris noitébrego é algo único e irrenunciable e, coma as herbas, de escura, misteriosa procedencia e clasificación, que un ten, por forza, que recordar mentres lle alente a vida.

Nos salonciños había unhas pinturas dunha decadencia inxenua e pastoril, que abranguían paredes enteiras e nas que a luz, ó se pousar nelas, dáballes ás estancias unha velaíña corporeidade que as facía densas e pesadas e que era debida, acaso, ó predominio dos marelos e dos dourados, mesmo dos verdecentes, tan salferidos acó e acolá, e máis ás manchiñas azuis, tamén vermellas que, cando menos na distancia, cabería atribuír ás casacas dos amantes ou, no seu caso, ós abanos que portaban as amadas, todas elas dondiñas e de aquelados acenos, consistentes, a maioría deles, en abeira-la cabeza para unha banda, —coma se lles pesase, ou ben coma se a pousasen docemente no aire que as contiña—, nunha actitude de entrega morosa e compracida que completaba,

de xeito definitivo, non só ó cursi do conxunto, senón tamén o resignado estar dos camareiros, fartos dunha contemplación de anos e conscientes da evidencia de por qué aquela xente tiña sempre máis clientes no verán que no inverno. Pero, con todo, as saíñas dos comedores non deixaban de te-lo seu encanto e algunhas ata tiñan escenas de caza.

O sobrado abeirábase ós pradairos, acaso centenarios, e nel podíase senti-la proximidade do río, a canción do reiseñor viúdo de lembranzas, o bruar dos automóbiles na estrada próxima e tres ou catro cousas máis que agora non son do caso.

Fora no sobrado onde se lle ocorrera a historia do Griffon. Devalara xa o sol, había rato que o fixera, cando se decatou do silencio que as árbores son capaces de acadar para os que están embaixo delas: todo o silencio habido dende os comenzos dos tempos; ese silencio que tan só un ventiño lene, por veces breve, é quen de traer consigo a se che pousar nas orellas, e se perder nos labirintos do ouvido externo, asulagándote nun vágado que tes que coutar axiña, non vaia se-lo demo que tolees. Tan arriscado pode resultar a audición desa extraña música que o silencio trae con el. O ruído do silencio: unha foquedade de caracola, ou de conca de man, ou simplemente un buxán escuro que impide o soño e, xa se sabe, que o home é tan só un milagre químico que soña; dito así coma quen non quere a cousa, pero que non por iso deixa de ser menos certo.

Había, xa que logo, ese silencio. Un foco agachado entre a ramaxe dos pradairos proxectaba nunha luz difusa, quizais verduxa, sedante, en calquera caso asosegadora, sobor da mesa na que se estaban a celebrar as exequias dos cangrexos, mentres el teimaba por fuxir das sensacións que, producto acaso do viño, o mentado “la grappe du Pape” do 79, que lle pousaba no ceo da boca un abraio indescifrable, como de ostra mediterránea ou así, unha aspereza que só podería derivar da daquelas terras, doces tan só a carón dos ríos, irtias as máis das veces, que tan pronto como se sachaba nelas un pouco deixaban ceiba a rispidez que agachaban; unha eterna poeira a se pousar decote nos ollos e na boca, tal que se quixese mitigar a nitidez do aire provenzal, tan terso e testo, que hai que fuxir del se é que se intenta conserva-la calma: aí as sensacións: aí ese aire que, visible polo día, se intúe pola noite e que os focos, agachados entre as ponlas, fan presente cunha forza tal que se che pode derrama-la cea, o silencio, mesmo o viño, acaso tamén a serenidade, o recto xuício e, incluso, o necesario equilibrio que un ordenado vivir aconsella.

Tiña necesidade, perentoria necesidade, de derrama-lo silencio. Sentíase na

obriga de agradece-la cea, de amosa-lo cariño que certamente sentía por aquela terra que ía descubrindo abraiado viaxe tras viaxe: a arpada Beziers, onde vinte mil axusticiados aínda agardaban a que Deus recoñecese os seus; a sosegada Fontaine de Vaucluse, na que penduraba a alma de Laura a se deixar amar pola de Francesco, ou a pontificia Carpentras. Todas elas tres concitándoo a arredar de si as pantasmas ou a convocalas; cousa esta que, naquel momento, xa non lle permitían moito nin o viño, nin a delicada educación pequeno burguesa que herdara dos seus devanceiros —uns fidalgos campesiños transplantados á urbe cando daquela da que as urbes estaban aínda a agromar no seu pequeno e afastado país— nin tampouco aquel afán de compracer que o seu espírito débil lle esixía; pero calquera saída era boa, chegado a aquel estado, con tal de non manter por máis tempo o silencio. Había que convocar a alguén.

Pasara o tempo de louva-lo viño, o tempo de pondera-lo preve dos cangrexos, o de gaba-la pracidez da noite, as pinturas dos salonciños axexadas a través das fiestras entreabertas, o tempo de escoita-lo silencio que viña dende o río. Pasara xa o tempo de case que todo e sentiuse na obriga de aportar algo. E foi alí e deste xeito como convocou ó Griffon.

E agora levaba un ano dándolle voltas, lendo libros, ambientándose nos tempos nos que a súa pantasma debería ter deixado sinais do seu paso, sentíndose cada vez máis incapaz de afrontar aquel compromiso libremente contraído, estupidamente adquirido; levaba un ano canso de lle facer frente a aquela historia do Griffon que lle abouraba na cabeza, facéndolle vivir mil vidas que non eran as súas, ata chegar a incongruencias carentes de respostas verificables, convencido da futilidade das xustificacións, do innecesario dun artellamento lóxico. Non era a realidade allea a que o inhibía, senón a propia; a propia fantasía, mellor dito, era a que turraba del, impedíndolle avanzar por un camiño irreal, e, acaso, por telo recorrido tantas veces que xa non era seu, senón das pantasmas que o habitaban. E maldicía a maldita cea no Hotel de Paris, os cangrexos do río, as provenzais noites e mais tódolos griffons do mundo, os habidos e os por haber. ¡A historia do Griffon! Un invento para alongar unha noite. É que as cousas son así. Un viño que te enche de silencio, un silencio que te axorda e por fin o sono, antes de que xurda o berro. Dixera Griffon como puidera dicir ameneiro ou madia leva, sacerdote ou encoirado. O caso fora fuxir do silencio, agradece-la cea e, logo, deixar corre-las cousas. Xa así fora moitas veces. Pero dixo Griffon e houbo ollos espectantes; dixo Griffon e o aire semellou fenderse, de tan cristaliño como se tornara. E a noite xa non foi a

mesma. Milagre das palabras que concitan soños; milagre dos soños sostidos nas palabras, nelas alongados; nelas, case sempre, recobrados.

II

Abeirado ó pazo do señor arcebispo, restregando o lombo contra o soarego da porta e coa ollada na fonte que, adosada ós catedralicios muros, curiosamente apunta cara ó suleste, o Visitador cismaba na fugacidade dos tempos e mais no feble da súa consistencia; ensimesmado, absorto na contemplación do cano que deitaba unha auga que supuña morna e mesmo apetitosa, o moi galopín sabía que o serán estaba a devalar e que axiña os pradairos abalarían a ladaíña do solpor. A mesma ladaíña máis ben monótona e aburrida, que só de pensar nela se lle encollía o ánimo e facía que se sentise espido e coma arrenegando de toda escuridade, de toda dúbida, mesmo de toda condición.

Abeirado ó pazo do señor arcebispo, o Visitador tiña o corazón xa canso e na demora do occidente, cara a onde viña a auga que el amaba. E tan era así que se non fose pola costiña pina que nacía na Place de l’Université, chamándoo cara á Fontaine de Vaucluse, cousa de vinte leguas ó nordés, botaría costa abaixo, rue du bon Pasteur adiante, cours de Minimes, tan cheo de pradairos, de seguido, o seu corazón a rolos pola Route de Galice, a tan amada. ¡Ouh e que choiva tan cordial lle estaba a asulagar o peito! En Aix tódalas augas eran súas: a que deitaba a fonte e o ensimesmaba, as quentes da pastoril rúa, veciñas dos pradairos, a dos arroaces que aínda non chegaran… En Aix tódalas augas eran súas e agora tiña preñado o corazón de auga, choiva miúda a asulagalo enteiro de saudade, orballo morno no devalar da tarde e fóra ¡tanta luz!, tanta luz que o corazón non podía por menos que chorar; e é que… ¡éralles tan sensible o bon seigneur!; sabedor coma poucos de saberes e dicires, de tempos e condicións, trocábaselle o ánimo a ben pouco que nel se lle petase. Abondaba para iso un serán melancólico e triste, un ventiño doce ou calesquera outra amable expresión da vida, coma poder poidan ser todas aquelas que incidan no sensorial eido que el tan ben educado tiña. Doce condición, pois, a da xente coma el, a dos panteístas, que con só se somergullar neles mesmos, ó senti-lo corazón mollado,

teñen adiantado un camiño que para outros é case sempre calvario indescifrado ou ascese lenta, por veces inconclusa. Quérese dicir que a tardiña era fermosa, o vento doce, a luz peneirada pola ramaxe das árbores repousaba nas pedras e o corazón rebrandecido, case mol, de tanta, tanta emoción con que o recordo acababa de embargalo. Non era para menos.

Iso era o que adoecía ó noso Visitador: saber cando empezabas e non poder saber onde remataría-la festa. Doenza esta de doada comprensión para quen estea vivo e non morrese nunca, como lle sucede á maioría dos mortais, e que adoita producir nos que a padecen unha certa melancolía que lles embarga o ánimo, indúceos ó panteísmo e poboa o universo mundo de hedonistas recalcitrantes que, convencidos do que vale unha figa, prefiren disfrazar a anguria e pasar por sensibles, que sentir no corazón as trabadas que dá o medo, ese compañeiro odiado gracias a quen aprendemos, acaso coma único recurso, a amar todo aquilo que vai con nós polo camiño. Nin que dicir ten que o Visitador é un camiñante. Tan camiñante, tan arduamente camiñante, que era a metade do seu ser a que turraba del cara á Route de Galice e cara ás brañas dondas e húmidas que nesta hora do solpor amosarían a luz única que vén do mar a se pousar na herba, peneirada que foi antes polos bidos, amada polos paxaros; mentres que a outra metade o mantiña alí, espetado na terra, restregando que estaba o lombo contra as pedras, estantío diante da luz, aparvallado coa calor, feito un home.

Un universo de vacalouras, axexadas mentres percorrian os silentes carballos do sernoite, eran recordadas coas cornas fermosas, relucentes e lentas, apreixando unha luz vella que mirraba e se encollía cara ó mar, alá no fondo, máis abaixo do río, que era coma prata ennegracida; e outro universo de saltóns e grilos ecoando, crí-crí-brzzzzz-crí-crí-brzzzz, tan mainiño que deixaban escoita-lo silandeiro aire devalando cara ó mesmo mar, xuntábaselle co primeiro, sen saber moi ben a conto de qué, ó Visitador na súa memoria e mergullados producíanlle a señardade da que aquí se vén falando. E ámbolos dous mundos eran cousa da tardiña, acaso tamén dos anos, sen dúbida da metade do ser que se lle impuña.

Non era doado recordar, é dicir, volver sentir co corazón, no corazón, os nomes dos paxaros, os dos outeiros, mesmo o das voltas dos ríos, os dos mesmos ríos. Acaso por iso foi precisamente que o rechouchío o levou lonxe, alá onde o corazón o chamaba; e sóubose en Autun, ó leste de Morvan, ribeiras do Arroux, de carboníferos chans e magoantes lembranzas, quizais no intre de ergue-la

ermida de San Lázaro ou na icónica fachenda de se retratar, (ocasión tamén aquela a recordar), no xuício final que a catedral garda, entre os mortos espidos que saen dos sartegos. Foi un mal momento, hai que recoñecelo, pero non era nin sequera o seu rostro o que alí quedaba xa para sempre, era un anaco da historia de compoñente humana da súa xa dilatada existencia, a afirmación do seu camiño; porque el é un dos dous espidos peregrinos, non o que leva a alforxa marcada coa cruz de Xerusalem, aínda que tamén podería selo, senón o que a leva marcada cunha vieira, símbolo do camiño que leva ó fin do mundo, ó fisterra de brétemas e augas que agora lle está a petar, coma tantas outras veces, no corazón que se lle enche de bágoas e saudades. ¡Ai, o corazón dos peregrinos!

É un extraño ser o Visitador, capaz de saloucar e senti-la gorxa atenazada de recordos. Xa llo advertira Herófilo, tan bo amigo, alá nas non esquecidas lecturas da nenez: "¡Vas fodido, compañeiro, éche no cerebro, non no corazón, onde radica a intelixencia; pero ti tes unha intelixencia tan cordial, tan cordial…!" Dixéralle dende o silencio.

E mentres rechouchíaba o paxariño, sen dozura, repinicaba o seu canto no aire sen tenrura ningunha, acaso porque lle fallaba aquela humidade que a ribeira proporciona, que o mar regala, no seu afastado país. Rechouchiaba o paxariño e quen o escoitase podería saber que o canto era infindo, infindamente proxectado, ilimitado no seu recorrido, coma se eternamente fose esvarar por un cristal limpo e virxinal, inmaculado. Era distinto aquí, o canto dos paxaros. Se fose alá, no fin do mundo, o canto non fuxiría por cristal ningún, por aire ningún, senón que se pousaría nas follas e sería devolto polos camiños que levan decote ó mesmo sitio: os camiños labirínticos, solares, nos que a canción, non só a dos paxaros, torna sempre a ti, acaso porque o aire é húmido e o ruído amortíguase no orballo e repousa alí na agarda do silencio; para que chegado este, chegado o silencio, o vágado non nos invada e poidamos deixa-los soños estantíos onde estaban, sen que sintamos necesidade ningunha de convocalos.

A auga faite ceibe, o sol entolece. Pobres dos pobos escravos do sol, pobos monoteístas, escravizados por un deus terrible, dono das horas, perfecto, do que os paxariños se agachan para poder, ceibes, canta-las cancións que nos regalan cando a choiva falla e a auga nos abandona. Pobres pobos sen paxaros, nin árbores; escravos do sol e cheos de silencio. Nin auga, nin paxaros. Silencio. Só silencio. O vágado como destino.

Calou o paxariño e tornou o Visitador da contemplación da auga; cousa que, por outra parte, non tiña moito mérito: xa era noite e non se vía moito; a lúa non

chegara e non é momento de considerar se ó Visitador lle foran dados ollos coma os dos gatos, animaliños de El Señor que son, como ben se sabe, felinos que algúns supoñen domésticos, ¡ouh, canallas!, sendo como son o que se sabe e aquí se cala. Tornou o home da contemplación da auga e colleu cara ó surleste, pola rue de Adams, para, logo, virando á esquerda, andar un pouquichiño ó nordés, baixar de novo, collendo pola dereita ó surleste, pola rue de Campra e chegar á que agora podería leva-lo seu nome, pero que non o leva, non se sabe ben a causa de que razón, e xa mediada ela, xusto na esquina que esta fai coa de Gibelin, subi-lo cuarto andar dunha casa da que máis adiante non haberá máis remedio que falar.

Subiu as pinas escaleiras, de non doada descrición, abriu a porta e entrou dereito ata o que facía as veces da cociña: unha lareira de dimensións reducidas e lume morniño que non coñecía nin sequera os guizos dos carballos, pero así era e asisado foi que así o aceptase, el tan amigo da auga.

III

Pecha-los ollos, logo de mirar fixamente outros, máis fermosos que os teus, tamén máis doces, non deixa de te-lo seu encanto, pero tamén os seus perigos. “Imaxínate”, dixéralle, e logo botárase a soñar, “que xurdise, en calquera intre no que se lle convocase, o noso amigo o Griffon”; inconsciencia propia de quen ignora o irreconciliable das posturas que sosteñen, por unha banda, os que son quen de pensar mañá de distinto xeito ó que defenden hoxe, frente dos que, pola outra, manteñen ó longo dos interminables días idénticas posturas, inmutables crencias, inamobibles e fanáticas aseveracións coas que normalmente non son eles quen pechan, senón os outros sufridos palanquíns, ós que eles mesmos llelas impoñen. Dous mundos a alongar unha noite calquera de verán, nunha estrada provenzal na que non escaseaban os tabaos, nin sequera os grilos e é de supor que nin as ras, aínda que daquela non croasen. Pecha-los ollos ten certamente os seus perigos, maiores se é que tes coallo abondo como para te mergullar nos a ti veciños, que son todo o océano resumido e agardan alí polos teus, fondos e sinuosos, atraentes e fríos. As cousas son así ¡que lle imos facer!

Chegara á Provenza calquera día daquel verán, alporizado por verbas que non asumía e coa xustificación de que alí ía por ver de retomar un fío, que debía haber xa mil anos que se lle enguedellara nalgún, ata o de entón, ignorado curruncho do seu maxín. En plena madurez creativa, que correspondía coa plenitude física que seica prestan os cincuenta anos, estiñáraselle a fonte da creación e paseaba a súa insolencia de universidade en universidade, contándolles ós mozos as mesmas elucubracións de sempre; aínda que cunha moi destacada avantaxe sobre os seus ouvintes: el non creía nada delas; en tanto que os rapaces, cousa dos poucos anos, atendían ós seus disparatados asertos coa inocencia que o idealismo aporta a aqueles que del se sustentan, é dicir, totalmente inermes, absolutamente desarbolados.

Chegados os cincuenta, esa era a súa actividade: esbardallar diario, disparatar

seguido e ver de se consolar con algunha moza das que sempre se atopa exemplar nas moi eruditas facultades de letras; mozas non moi afortunadas, pero si farturentas, que vían nel a prudencia, a discreción e ata a esporadicidade necesarias para facer recomendables as efímeras unións; aínda que tamén sexa xusto dicir que vían igualmente ese halo que os prosélitos de algo con tanta donidade están afeitos a ver e que a educación recibida, o mundo no que se está inmerso, inducen neses tipos de muller que acompañan ós rockeiros nas súas xiras ou ós escritores nas súas frustracións.

Sabíase ermo e abusaba da propia historia. Tódolos países teñen escritores de cincuenta anos que se senten limitados pola monotonía, pola vaciedade que supón o ir deixándose nas vidas que agromaron feitas monstros da imaxinación propia ou allea; pola monotonía da singular historia arduamente repetida baixo mil aparencias e disfraces. O que non tódolos escritores teñen son países coma o do dono do Griffon, países pequenos, de alienada historia e postergada fala, que os marca coma un cilicio e coma un cilicio os gratifica e fere. Tamén a el lle gustaría refocilarse na propia historia, conta-la súa vida pendurada da música de Bach; pero descoñecía ata que punto, aquela pequena aldea europea de a penas cinco millóns de falantes, un tercio deles esparexido polo mundo, consentiría unha literatura feita de tics pequeno-burgueses, de referencias cultas, de chiscadelas procaces das que abundaban nas literaturas que el non só frecuentaba, senón que tamén amaba. Aquel miragre de que un Singer, escribindo nunha lingua coma o *yidish* chegase a cumes literarios, era algo que o reconciliaba coa literatura, pero que o enemistaba co seu propio país. “¡Quen se vai preocupar de nós!”, dicíase contrariado mentres impertérrito seguía a escribi-las súas colaboracións para a prensa foránea, na súa pequena lingua campesiña, cunha fidelidade inxenua e emocionante, para logo el mesmo se traducir ás outras linguas que habitaban ou coexistían, mal que ben, coa súa propia. Era, certamente, unha fidelidade de namorado.

¡Ouh, a literatura dos pobos sen estado! Era un dos seus temas preferidos, acaso o máis frecuentado nas súas conferencias, un dos que lle permitía seguir falando, coa ollada perdida nalgún curruncho da aula, ou pousada nas pernas prometedoras, doces en moitas ocasións, turbadoras case que sempre, dalgunha das rapazas que forzadas ou motivadas polo profesor hispanista de turno presenciaban os denodados esforzos daquel home por transmitir unha emoción que había xa tempo que deixara de sentir, mentres tomaban notas que lles permitirían xustificar non só a asistencia, senón a forzada audición acerca dunha

novelística que aínda non existía e que, de existir, tería tódolos condicionamentos do mundo mais todos aqueles outros que lle eran propios por vir de onde viña, por te-la historia que tiña, por se-la novelística dun pobo que se botou ó mar porque o acosaban dende a terra.

Envidiaba ós escritores que podían discorrer por camiños rozados, por literaturas feitas e consolidadas. Non lle valía a xustificación voluntarista e aventureira do maravilloso que era aquilo de crear universos de palabras, tendo que crear, recrear, recobrar, acaso inventar tamén as palabras, nin aquilo de levar unha lingua que sobrevivira no campo, parasitada ós campesiños, ós bois, ós eidos doces e suaves do seu país de anoitecida, botada ó lombo, coma se non pesase. Amaba o seu país e odiaba a súa literatura, e só a fidelidade a aquela terra o mantiña, sen que se chegase a explicar moi ben por que, seguía aferrado non á lingua, que tamén amaba, senón a aquel traballo ímprobo de escribir sen solución de continuidade. Consolábase co *yidish*, co Isaac Singer e lamentaba a morte de Cunqueiro, a quen a diálises, que non os riles, levaran antes de tempo. "Cunqueiro era mellor que Singer, xa ves, dicíase, e non lle pasou nada". A mesma mención do mestre amado facíalle sorrir: sabía a inutilidade da referencia. Calquera alusión a un Vonnegut, a un Updike distenderían os beizos dos seus ouvintes, satisfeitos do común coñecemento, da compartida ironía, pero a de Cunqueiro endurecería as olladas de xentes que non soportaban a ignorancia.

Así camiñaba polo mundo. No seu propio país, na súa propia literatura ata tales referencias poderían resultar ousadas, de abondo atrevidas, escasamente atractivas, de certo frívolas. Algunhas veces, a súa lembráballe a literatura corsa, a da illa amada, chea de anxiños que se lle aparecían á Virxe, falándolle en corso, e cousas así, inxenuas e emotivas, ¿quen ía entón facer alí unha historia de xentes que viven no século vinte? Podería semellar ou ambicioso, ou desleigado, e ata sen moito que dicir cando tiña que recorrir a historias que sucedían alleas e distantes en países normalizados e libres, enteiramente libres e distantes; a historias que non vía por que non poderían xurdir no seu propio entorno de autopistas e aeroportos internacionais, de compañías navieiras que expoliaban os bancos nixerianos e ondeaban bandeiras que naqueles mares despertaban odios imperializados, noxos de terceiro-mundistas. Certo que non eran estas as historias que contaba polo mundo adiante, polas aulas que se lle abrían nun privilexio escasamente compartido, e nun momento no que as chamadas culturas nacionalitarias comenzaban a despertar certa sorpresa nos atullados seminarios

de literatura das universidades europeas.

Por iso el chegara alí, á Provenza, e estaba a cear cangrexos de río naquel sobrado do Hotel de París, unha delicia, mentres se deixaba ir nos ollos que sabía oceánicos, pero que naquela escuridade non podería certificar coma tales.

E así inventaba historias, que se prometía escribir, diante daquela xente, aínda que soubese da futilidade do seu propósito. Por iso decidira contala, aprendela el mesmo de memoria, de xeito que, a forza de repetila, de enmendala unha e outra vez, acabase por tomar corpo e ser posible. Unha historia que contar nas universidades para que a xente pensase que efectivamente, necesariamente, a avoa de García Márquez tiña que ser galega e que aquel mundo de lacón con grelos e viño, non sempre acedo, só era posible nalguén que xurdira á vida no finisterre; alá onde devala o sol, ata se afundir no mar, nun rito diario e misterioso que ninguén comprende.

Unha historia, en definitiva, que contar a algunha moza para que soubese dunha imaxinación inexistente, dunha fonte xa enxoita e abalada. Pero as cousas son así, endexamais deixaron de ser así, incribles unhas veces, sospeitosas outras, irreais sempre, ¿que lle queren?

IV

Aceptou, pois, o lumiño, el tan amigo da auga, e dedicouse a axudalo a que inzase chamas máis esguías, nunca azuis, senón escasamente rubias, que tiraban a douradas e semellaban temesiñas e a penas consistentes. Fóra, a mesta escuridade.

E ían inzando o lume e as lembranzas. A noite viñera con xeada e o Visitador acordara triangular unha manta e botala pola espalda, coma se fose unha touca; actitude esta que por veces completaba cun pano, igualmente triangulado, co que se rodeaba a cabeza, e que anoaba por riba da caluga, tal e como nalgunha das súas viaxes vira que o puñan no reino de Aragón, e que tanto lle gorentaba acaso por culpa dun trisavó maño que de algures saíra, sen saber como. Tal cousa fixo agora, cunha servilleta na que as manchas de grasa mesturadas con outras de salsa de tomate, lle prestaban unha policromía absurda e escasamente premonitoria do que máis adiante, moito máis adiante, os tempos deixarían ver a aqueles que os vivisen con consciencia e dedicación o necesariamente sutís coma para permitir tal cousa.

Maquinalmente, o home, daquela de obra de cincuenta e tantos anos ben consumidos, botou man do almirez e sen a penas facer ruído algún moeu e moeu e moeu ata que o allo e o pirixel formaron un todo, mesto e pastoso, que a manteiga, previamente alí depositada, permitira; logo, ergueuse, achegouse á lacena e descolgou un pernil de año que untou co prebe otido, espetouno nun ferro e levouno ó lume, pousándoo riba del, sostido que era o ferro nun burato da parede, feito adrede e de abondo fondo como para permiti-lo lento xiro que comenzou a darlle, previo acoplamento doutro ferro que o doaba.

Achegou un tallo, sentouse ó lume e seguiu a darlle voltas ó pernil, empuxando o vertical e acoplado ferro co dedo furabolos. Por veces fuxían muxicas que nin sequera o alteraban, e mentres, o año, pura transformación química, ía collendo esa cor dourada que o lume lle presta cando o ten veciño, o

Visitador víase novamente no camiño, ano de El Señor de mil cincocentos e tantos, sendo de maio os vinte días andados.

Chovía dediante da catedral e abeirouse ó Pórtico. Ofrecíaselle dende alí unha paisaxe verduxa e gris, de carballeiras e soutos de castaños, de ceo nubento a derramarse polas cortiñas e as brañas de repousados ruídos, que todos xuntos lle inducían unha sensación de pesadume e desacougo á que aínda non estaba afeito, un sentimento de ansiedade que non chegaba a identificar e que lle tollía aquela parte do seu ser que reclama a luz, a limpidez do aire, o estourante sol do que el era recén chegado e ó que había de tornar, aínda que hoxe nin o sospeitase. Apoiouse na columna que sostén a Daniel e decidiu abandonarse á contemplación.

Entrara polas terras de Verín, cabaleiro nunha besta, de aparencia resabiada e vella, que dulcificara o seu carácter, violento e traidor, segundo ía baixando cara ós vales dondos, ás leiras verdecidas, ás terras cheas de nutricial lentura, acaso condicionada pola herba que agromaba vizosa e á que o xinete acordara deixala ir á mantenza, peteirando acó e acolá, coma señorita melindrosa que escolle os máis apetitosos bocados que lle ofrecen, así coma ó chou, sen moita ansiedade, por puro divertimento, mais con consciencia abondo coma para ir, a colleito, só ós máis sabedeiros, só os máis nutricios e gorentosos. Así chegou a Allariz, baixando a modo as pinas encostas, as pedreiras esgrevias, os enlousados camiños reais que por veces frecuentaba, mentres a besta seguía a camiñar, cunha indolencia que, se ben lle resultaba sospeitosa, o facía sorrir coñecedor acaso de fonduras que nós nin tan só intuír podemos e que el frecuentaba coa seguridade que o trato asiduo proporciona.

No alto de Nanín faláralle á cabalgadura e detidos ollaran o Penamá solemne, os silandeiros curutiños que rodean a vila e corte, o castelo de ergueitas torres sobor do río, a muralla que defendía o conxunto, o fumiño que inzaba dos tellados mínimos que á protección do castelo se abeiraban. Daquela a choiva xa era asidua compañeira. Tornoulle a falar á besta e botaron a andar de novo. Campesiños que se gardaban da choiva baixo de corozas que aínda conservaban a dourada luz do sol que mareleara o centeo, ollaban dende lonxe para o Visitador e aventuraban conxecturas que a ninguén comunicarían, ata que pola noite na morneza da lareira, se desen en artellar mundos nos que si serían posibles figuras coma a do noso amigo, acaso xurdidas da lagoa de Antela, onde

seica está a cidade de Antioquía e as augas que abastecen, por camiños que o Visitador disque coñece, ó río Limia, o Flumen Oblivionis, o río Leteo de tan fundados temores e lendas e ras con zancas que aínda hoxe se recordan con luxuria mal contida. Daquela Xinzo tan só era un nome que anuaba insólitos camiños.

O escudo de Allariz ten unha ponte que atravesa un río e unha alfa e mais unha omega que falan dun principio e dun fin que ninguén coñece, viaxe circular arredor de nós mesmos que comenza no a e remata no ceta e abrangue mil camiños que os privilexiados percorreron nestes tempos de zozobra que o rei Felipe propicia. Neste ano de El Señor, todo o problema que Europa vive redúcese para o monarca de ollada triste e voz opaca a unha cuestión relixiosa: no fondo de tanto arrepío, no celme de tanta convulsión, o considerado rei prudente axexa, cre axexar, está certo de ollar, unha loita entre Xenebra e Roma, entre a ordodoxia e a herexía; e o único remedio é a máis estricta intransixencia, a máis dura confabulación dos tempos contra daqueles que alteren o equilibrio proposto polo rei criado entre mulleres. Oitenta e unha disposicións para a uniformidade van saír daquela testa coroada e loira que as xentes van recordar nun futuro que ata hoxe chega; os lumes prendidos en Valladolid e Sevilla esparexerán o cheiro do humano coiro ata latitudes nas que o lume só arde baixo tellado, pois é a auga inimiga da calor e da luz que tanto espanta.

E a Allariz chega este home escuro, cabaleiro en besta brava que asosegou no verde, cabaleiro de ollada viva e palabra escasa que camiña a Compostela e fai fin de etapa no val que o Arnoia enche de amieiros. ¿Que país é o que se lle amosa ós ollos e asosegou a besta? Non hai unha chaira na que a ollada se perda na distancia, a lagoa quedou atrás, un pouco máis arriba, pero os seus confíns adoita esvaílos o neboeiro; bandadas de gueivotas, máis ben raras nesta época do ano, avisan dun mar que poida que estea lonxe para as humanas ansias, pero que avala e devala voos de aves, segundo veña o tempo, a semblante e as lúas que se aveciñan. ¿Que país é este aberto ó mar? O mar é a chaira interminable, o camiño de todos, que os homes libres aman e polo que chegan as outras intransixencias que han configura-los temores daquel século, que han alimenta-las fogueiras para outros sangues e acalar pensamentos que intenten voar coma as gueivotas. Velaí ó que vén o Visitador, o enxoito home que fala mil acentos e sabe da ventá aberta ó mar que é esta terra de silencios. Vén ve-lo mar. Vén axexa-lo mar.

Precedeuno o Licenciado Maldonado no ano de El Señor de 1920, hai agora

anos, coma Previsor do Arcebispo e Inquisidor Apostólico do Reino de Galicia; pero non foi ben recibido. Este extraño pobo de silencios rexeita sen acenos e o Inquisidor Apostólico tornou a Valladolid, para dende alí ver de controla-lo reino de Galicia. Hai outros intentos que se suceden un tras doutro, sen que calle ningún deles. Os enviados de Valladolid, os Inquisidores, teñen que trae-la súa comida: non son ben recibidos.

O Rei Felipe é quen agora envía a este home que mereceu a súa confianza en Flandes, antes do cincuenta e nove, moito antes. Vén, debe vir, para iso foi enviado, a ver como camiña a intransixencia. Pero sabe, e sábeo ben, que a outra, a que vén de fóra, significa liberdade; non alí onde nace e se sustenta, senón aquí, porque mitiga.

No socastelo alaricán descobre os xudeus portugueses, que entraron hai xa anos, e unha límpida ollada súa examínaos, mesmo ignóraos. Mantense no amplo espacio que media entre eles e o convento das Clarisas, no que seica dorme o soño, que non o corpo da Raíña Violante, aquela aguerrida muller que seica amargou a Afonso o Décimo, a quen os galegos coñecen coma Nono, e que o fundara para nel morrer e repousar eternamente. Prefire ignoralos, os conventuais muros e os xudaizantes fogares, asi que lle fala á besta e a besta camiña polo Portelo abaixo, esvarando cabo da igrexa de Santiago, ó pe da porta do castelo no que se acolle e dorme aquela noite.

A mañá seguinte acólleo xa en Ourense, logo de se erguer antes de que pintase o día, e cabalgar levado do espolique, camiño de Augasantas onde a cabeza da santa botara en sete sitios, para que nacesen sete fontes; atravesando Taboadela, a do castro que foi e que aínda se sospeita, e seguindo a canle que o Barbaña presta antes do Cumial, que o espolique evita.

Almorza no Colexio dos Xesuítas e nunha esquina do principal corredor aconsella a Paquiño Álvarez, rapaz de quince anos a quen as súas roupaxes denuncian, tan finos son os tecidos, tan de ben mantida é a súa cor, que ten o corazón cheo de escrúpulos por que alí se lle dixo que a Lei de Moisés é mala e herexe e que así se sancionara pola Igrexa. O rapaz é inxenuo e o Visitador ten a alma madurecida de naufraxios, tanto que a esta altura da súa vida tan só sabe que é xusto agradecerlle a El Señor que cada ano traia o seu lotiño de rapazas novas, a encher de rosas as secretas albas que as limitan, e que o viño novo polo San Andrés vello sexa; así que non asente, pero dille que silencie a mágoa, que benditas son tódalas herexías aló onde non triunfan e malditas as ortodoxias alí onde se asentan.

E o rapaz escoita e abre os ollos e acolle aquela semente de eterna sospeita e desacougo; e tanto o fai que se lle abre ó visitante e fálalle de libros e sospeitas: non os xesuítas, pero si seica os monxes bieitos, e os bernaldos, teñen libros que polo mar chegan. En Cedeira un inglés, capitán de nave a fustiga-la terra, seica foi apresado e os libros que na cámara traía desapareceran coma por ensalmo. Ninguén da ducia de tripulantes foi quen de dicir onde se foran. En Noia, media ducia de hugonotes de La Rochelle que andaban a facerlle o corso a un barquiño galego cheo de sal, caen tamén prisioneiros e con eles os libros de oracións que os mantiñan vixilantes nas longas noites oceánicas, na procelosa galerna, na hora que podería preceder á da viaxe infinda que a todos nos agarda. O capitán Cornelius de Amsterdam sabe tamén de libros que os monxes de Caaveiro agachan tan pronto como lles chegan dende o Ribadeo distante, tranquilo no seu esteiro. O Visitador asente e cala e reméxelle as guedellas, pousándolle a man na testa proída de inocencia e poucos anos.

E agora está en Santiago de Compostela, mentres chove. Vese no Pórtico, ó que unha raxeiriña de sol doura e mornece brevemente de xeito que a sombra que se lle apousa na espalda faille sentir unha friaxe non prevista.

E torna ó fin a si. Unha das follas das xanelas abrírase deixando penetra-lo vento na estancia. Arrebúllase na mantiña que ten por riba dos ombreiros e alonga unha man ata acada-lo año, que espeta cun coitelo de folla longa e pronunciada. Xa está asado. Coidadosamente mírao e remírao para ver de por onde finca-lo dente. Cousa que fai axiña, termando del con tento para non se queimar. Lentamente, sen presa algunha.

V

Había tempo que dera conta dos cangrexos e o viño seguíaselle a pousar por riba das súas propias miserias, tan celosamente gardadas, tan ocultas; ó fin e ó cabo a súa vida era iso: viño que somergulla os soños no fondo dun mesmo. Levaba anos así, subsistindo, náufrago de si mesmo. Chegara a un certo grado de mestría na arte de escribir sen dicir nada, e centos, ducias de centos de artigos, testemuñaban aquela nada doada ascese de escribir para facer bonito, de encher dúas ou tres folias para concluír coa frase fermosa e redondiña que agachara a estolidez do precedente. O demais eran fracasos absolutos.

Agora que o viño llo permitía, reflexionaba sen medo na súa obra de home solitario na que homes solitarios comenzaban historias que endexamais concluían; historias de homes enfrentados con si mesmos, debruzados sobor dos taboleiros das mesas, sobor dos mostradores dos cafés ou sobor dos confesionarios que, por outra banda, el non frecuentaba dende había ben anos. Historias de homes coma el, encerrados en habitacións cheas de señardade e de silencio, en perpetuo monólogo coas sombras, alleos de diálogos e vida. Así vivía el.

Aquela facultade de Aix era un edificio certamente feo, desanxelado, e con non menos pintadas que as da súa Compostela amada. "*Giscard reviens*", proclamaban moitas delas, e, nunha primeira e despistada intención creía que a petición era de estoupido ou rebentón imposibles, cousa que, dado o pacífico do seu carácter, non desexaba; logo decatouse do volitivo da pintada e pensou que non hai mal que cen anos dure.

Na entrada da facultade, avisos en varios idiomas daban conta de multitude de detalles e notificacións, así coma de reclamacións varias e reivindicacións múltiples. As aulas, con pupitres, recordaban a calquera vello colexio privado de

provincias. Pero fora dunha daquelas aulas de onde conseguira a compaña que agora tiña, uns ollos abertos e oceánicos a falar en silencio, intuíndo premonicións que se poderían concretar en calquera intre, esbardallándolle a montaxe.

Era dramático ter que vivir no eterno desacougo, na perenne farsa, e el sabíao. A dona do Hotel de París achegóuselle coa conta nunha man e un displicente cigarriño entre os dedos na outra. Pregoulle e pediulle que incluíse outra botella máis daquel viño nutricio da súa fantasía; cando lla trouxo, pregoulle que lles deixase os vasos e que se esquecese deles, deixando a ser posible presa a luz dunha bombilla, calquera delas, que a el tanto lle tiña. ¡Ouh, tiña ó Griffon collido polo peito e non estaba disposto a deixalo ir coma se non lle fixese falta! Tiña ó Griffon e a alguén que lle escoitase un dos seus xordos, inútiles monólogos, a alguén que lle recordara a historia que disposto estaba a botar fóra de si, para comunicarlle os resultados, mañá, cando a luz do día fose outra máis distinta e semellante ás que a precederan.

Os ollos descubríraos na primeira mañá da súa chegada. A facultade, recén aberta, oito horas do abrente recén nado, acollía os alumnos cunha gravidade litúrxica de misa de alborada; chegaban estes, silandeiros e adurmiñados, en pequenas maruxías, abalando os corpos dun xeito mecánico e máis que repetido, logo de aparca-los coches ou as motocicletas nunha eira na que axiña quentaría o sol facéndoa insoportable. Chegaban disciplinadamente convocados, curiosos do encontro con aquel escritor extranxeiro que chegaba e que ninguén coñecía nin ouvira falar del, pero a quen a hispanófila da súa profesora, presentara coma un home que saía das longas loitas da clandestinidade e das reivindicacións nacionalitarias: un luxo de universidade francesa que pode traer alguén dende o fin do mundo tan só para que fale de alí de onde o mundo acaba, a xente que está a aprender onde comenza. Chegara, pois, rodeado de silencio; do silencio no que vivira nas longas noites do seu inverno oceánico, que o seu país, que furaba no mar coma unha proa, tan só ós da súa terra lles doaba. Chegaba do silencio. Do silencio do seu país silenciado, do silencio da súa vida silandeira e monótona e triste que nalgún tempo fora creativa e atopou olladas expectantes, olladas cheas de luz; el que viña das néboas e os pesares; e pegou a falar.

Almorzaran nuns barracóns que atendían exiliados sudamericanos e nos que outro escritor, borracho e célebre, oficiaba de maître toupeneante e turbio, naquel

comedor cheo de mozos que o ignoraban. ¡Raio de país aquel da Francia, facía vir xente dende fóra e ignoraba a que tiña dentro e esmagada! Logo do almorzo, unha xeira de vexetais que endexamais sospeitou que se comesen —quen lle ía dicir a el que o fiuncho era para algo máis que para arrecender nas corredoiras— colleran o coche e recorreran camiños incríbles que concluíran no Hotel de París.

A hispanófila, entrada en anos e apetencias que doadamente se deducen, levara con ela a tres rapazas novas, que se apretaban no asento traseiro todo o tempo da viaxe e que agora, frente deles dous, escoitaban abraiadas historias que nacían alí mesmo.

—O Griffon, díxolles, podería ser un ente fantástico con corpo de aguia e de león. Pero, sabedes, en galego, aguia soa case igual que anguía; así que poder pode ser que este noso Griffon desta nosa historia tivese corpo de anguía e de león, o que é máis conveniente e asisado, ademáis de ser un lío espiñoso e de difícil solución. Podería ser un Griffon. ¿Non vive o Profesor na rue de Griffon? ¡Pois logo!

As rapazas puñan cara de atención inusitada, finxida nun caso, estudiada pose noutro, verdadeira na dos ollos coma ciclónicos vórtices dos que se foxes, naufragas; mentres, a Profesora acenaba, coma advertindo que o milagre dun parto literario estaba a suceder alí e que ela era a oficiante daquel rito, vello coma o home, absurdo e real coma calquera soño.

Corpo de anguía e de león, estábache bo, o corpo de anguía ocuparía a metade superior do corpo e a do león, que el daba en imaxinar en posición rampante, a inferior. Xa tiña algo ó que se asir: unha fantasía con patas de león e corpo de anguía. Non era moito e resultaba escorredizo, pero abondáballe para empezar: abondáballe para que aquel noitébrego xineceo abeirado ás árbores, soubese dunha imaxinación que había tempo que non era capaz de imaxinar nin tan sequera un disparate coma aquel que se lle acaba de ocorrer; logo, habería que esquecelo e non ir na busca do Griffon, pero agora o xogo era motivo de admiración e o Profesor podía amarse nos ollos que o esculcaban.

Facía frío e, aínda que no verán, comenzara a xiar. A algunha das tres, non se podería precisar a cal delas, ocorréuselle que a carón da pía faría mellor temperatura: era algo derivado do convencemento que leva a algunha xente a poñer baldes de auga embaixo das fruteiras para que as xeadas non leven a incipiente colleita. Algo de certo debería ter porque, tan axiña como decidiron trasladarse ós cois que a rentes dela estaban, notaran unha morneza no ambiente que lles volvera a se facer sentir vivos e falangueiros. Pero aturaron pouco máis

tempo do esperado a estadía a carón da auga. Unha das rapazas queixouse de que alí tampouco non se estaba ben e de que era moito hora de tornar a Aix. Cando expresou a queixa pola vez terceira, acordaron marchar, pero daquela xa a fantástica figura tiña algunha peculiaridade máis: podería adoptar forma humana e andar por baixo da terra, navegando polo medio das augas subterráneas. Unha das rapazas, acaso a que tiña tanto frío, dixo que sería interesante que o fixese calzando unhas aletas de pesca submariña. “Iría moito máis á presa”, dixo. Foi a única aportación literaria que se permitiu o alumnado aquela noite.

VI

En Compostela non fora ben recibido. O cabildo catedralicio en pleno abandonara o coro, tan axiña como o Dean avisara da súa presencia, e tívose que contentar coa contemplación repousadamente consciente dos capiteis das columnas, daqueles que traían reminiscencias de orientais concepcións que, ó que se vía, tanto lle seguía a cadrar aquela xente. Aquela parsimonia de boi canso, aquel dar por concluída a cerimonia para evita-lo enfrentamento eran sintomáticos. Non podería dicir que non lle fixeran caso, que non obedeceran o mandado da Suprema, senón simplemente que se ausentaran.

Decidiu agardar a que un dos coengos pasase por onda el, e para iso axeonllouse na Corticela, unha capeliña que está nun dos brazos do transepto e ten entidade propia; sabíase observado e considerou que, de postrarse dediante do altar maior, despertaría moita menos curiosidade que estando alí, fóra da visión dos coengos, afastado. Non se equivocou, nin tampouco se impacientou. Era coñecedor da actitude daquela súa xente e prometeuse estar alí, na espreita, ata que alguén se viñese interesar pola súa actitude.

Os coengos, saíndo dende a sacristía, axexaban a porta da Corticela. Asomaban cada pouco o bico pola porta ou deixaban recado ós sancristáns de que tan axiña como saíse o visitante os avisasen. Pero pasou unha hora e o Visitador mantiña a xenuflexa actitude dun principio; pasou outra hora e tampouco saíu do seu ensimesmamento. Os coengos amosaban signos inequívocos de impaciencia e ordenaron turnos para ir xantar. Fixérono sen moito acordo, dun xeito tácito e sen recoñeceren que a prolongada estancia na sancristía fora debida á actitude do extranxeiro. “Total, fóra chove”, dixo un dos máis vellos mentres se agachaba a remexer coa badila no braseiro que embaixo da mesa camilla lles estaba a dar calor naquel espacio amplo de pedras e silencio.

Logo de xantar botaron unha partidiña. O día seguía a ser frío e chuvento e o

neboeiro non tardaría en chegar. Alguén ordenara que a besta do visitante fose levada ás cortes do Hospital dos perengrinos, posta baixo tellado e alimentada. A egua deixárase levar, non sen certa protesta e asañada intención, tornando a cabeza cada pouco cara ó Pórtico por onde o seu amo se introducira no templo e tirando algún couce que se perdía no aire, pero que avisaba de que o seguinte podería ir ben dirixido e que en calquera caso o que ela quería era non se afastar do amo. A narración destes feitos polos dous monagos que foran encargados de traslada-lo animal á corte, soprendeu ós coengos que alí estaban e despertou aínda máis curiosidade nos que dende a súas casas solicitaban noticias cada pouco acerca do tan devoto visitante.

Pouco antes de que se prendesen os fachos e mailas lámpadas que iluminarían o catedralicio recinto, un dos coengos máis novos, acaso tamén dos máis inxenuos, foi comisionado polos seus pares a se achegar á Corticela e trabar coñecemento co recén chegado.

—Ave María Purísima, díxolle nada máis te-la seguranza de que podería ser ouvido.

Tornou o Visitador a cabeza e sen moito convencemento respondeu:

—…Ave…

Xa estaban alí. Gañara a primeira batalla.

—¿Seica non pensa comer algo?

—Pois ten razón, algo terei que comer.

Contestoulle e logo ergueuse lenta e estudiadamente, mentres continuaba:

—Pero antes gustaríame ser escoitado en confesión.

O coengo noviño e aparentemente inxenuo quedou sorprendido e caviloso, ata que acordou ofrecerse a levalo a que comese algo e que logo falarían da saúde do espírito. E así foi. Saíron da Corticela sos e sos abandonaron a Catedral. O resto do Cabildo, que permanecera na Sancristía sen imaxinar tal conclusión da vixilia, saíron tras deles, calada e espaciadamente, do mesmo xeito sorprendidos.

Xa preto do Toural había unha casa de comidas, na que entraron a se sentar a un taboleiro, alongado e branco de tanto fregar nel con lexía e xabrón de sosa, próximo a un lume intenso que ardía na lareira e acollido do frío que entraba pola porta.

Durante a súa vixilia, o Visitador tivera tempo abondo coma para recorda-las andanzas, por aquelas terras, de Pero Carlos, o Inquisidor que o precedera, e que quedaran reflexadas en comunicacións varias que o licenciado dirixira non só á

Suprema, senón tamén ó Consello e maila Real Audiencia: “*En cuanto a la gente desta tierra y comúnmente entre la gente principal, seglares y eclesiásticos condenan al Inquisidor y los clérigos desta Iglesia y religiosos se condenan unos a otros y condenan también a los de la Real Audiencia…*”, deixara escrito Pero Carlos.

Durante a cea, na que foi acompañado polo coengo novo, ata entón posiblemente tamén en xexún voluntario, foi deixando caer aquilo que na longa e xenuflexa vixilia fora xestando. “Son home de fe, afirmoulle, e veño aquí mandado”. Asentiu o clérigo noviño e entón, o Visitador mollou solemnemente unha codia no caldo de nabizas fumegante no que na tona grumos de unto avisaban de dixestións lentas coma as horas da invernía chuventa na que aquel país estaba. Máis tarde cando o viño tornaba a perdida cor das fazulas dos comensais, o Visitador criticou ponderadamente a actuación do seu antecesor e teimou en se confesar coma moito tardar pola mañá do novo día. Niso quedaron. O membro do cabildo tentou aloxa-lo visitante na súa propia casa, pero este decidiu acollerse alí mesmo, na pousada. A besta estaba atendida, el canso e chovía: mañá falarían do seu aloxamento.

Tan pronto como o deixou deitado, marchou o coenguiño ás alancadas a comproba-lo estado da cabalgadura e de alí nunha carreiriña accedeu ó pazo de Xelmírez. Sabía da xuntanza que alí había e antes de acceder a ela parouse a se quecer no lume aceso na lareira da cociña, xusto embaixo do gran salón románico, cercano do que sabía ós outros cregos. Logo achegouse ó gran salón, cruzouno e, xa nun dos ventanais, dirixiuse ó Maxistral e mais ó Deán, que estaban a falar sentados nos parladoiros e cun braseiro entre medias deles que lles daba calor e mais unha luz agoniante e rubia incapaz de se soerguer das brasas. O Deán tiña as saias da sotana por riba dos xeonllos e o Maxistrado, máis esgumiado e enxoito, tiña unha touca polos ombreiros, os dous gorros e mitóns.

—Conta, —díxolle o Deán.

Esfregou as mans o cura mozo e deu recado.

—Non creo que se meta en moito e quérese confesar mañá cedo.

Tal dixo e logo seguiron a fala-los tres mentres fóra se facía xa noite de todo.

Á mañá seguinte seguía a chover. O Visitador ergueuse cedo, lavou a cara fregándoa nervosamente coas mans cheas de auga e negouse a tomar unha cunca con leite quente e pantrigo esmigado que ó baixar lle ofreceu unha das mozas da

pousada; acaso fora o zucre mouro, pousado por riba das esmigalladas codias, acaso que o leite non estivese coado, o certo é que rexeitou a oferta, aducindo a próxima utilización da Eucaristía e pagou a estadía botando man á faltriqueira, ó tempo que sacaba dela catro maravedís que lle pareceron máis roubados que merecidos.

Antes de ir á Catedral, achegouse ás cortes do Hospital de Peregrinos para atende-la súa montura, que conservaba aínda os aparellos e que el mantivo igualmente sen sacar. Palmexou á egua no pescozo e faloulle mainiña e docemente; logo, de compartimentos que tan só a súa man podería achar, sacou bades e documentos, provisións e cartas, así coma algún diñeiro miúdo. O resto da súa equipaxe seguiu nas grupas da besta mentres o Visitador saia cara ó espacio aberto que separaba o Hospital da gran basílica, sorrindo da pouca pompa da que se gababa do exiguo do seu porte, do calado da súa misión.

O entrar na Catedral, preguntou polo confesionario do Deán e con paso decidido acercouse ó que coma tal lle indicaran. “Non veño entorpecer —díxolle ó confesor, unha vez que dera cumprida conta dos pecados do camiño—, sei das dificultades, coñezo xa o precario da situación e non tardarei moito en averigua-la realidade dos feitos, quero axudalos”. O Deán sorríao autosuficiente da inxenuidade do Visitador e o aceno irónico do rebique do beizo mantívoselle así, ata que se decatou de que toda a conversación habida estivera mantida na fala do país, tan ben medida, tan cortada, tan natural que ata se lle pasara desapercibido o tal detalle. “¿Quen es?”, espetoulle o Deán ó postrado visitante. “¿Quen es ti que a nosa fala usas e de fóra vés?” “Tan só Ilustrísima ha sabelo”, respondeulle o visitante; un nome foi deitado silandeiramente nos ouvidos do Deán vello e sabio que escoitado tiña xa en confesión ó Visitador.

Tan axiña como se ergueron, logo da confesión, o Deán chamou por Lourenzo Pedreira, o coengo mozo que na véspera, atendera ó recén chegado e aconselloulle, de xeito que non había dúbida algunha na aceptación do recado, que recibise na súa casa o Visitador, o atendese como era debido, coidase do cabalo e se dispuxese a se-lo seu amigo e confidente. Xa iría vivir a carón de San Martiño.

—Pois tenlle unha cara de asubío que mesmo induce ás confidencias, respondeulle o coenguiño.

O Deán, vello e acaso sabio, respondeulle.

—De todo non te fíes, non vaia se-lo demo. Estúdiao e vélate.

Mentres o Visitador se dispúxo a pasa-los seus días en Santiago, o tempo

seguía a ser de choiva.

VII

Aínda lles levou un bo pedazo a volta a Aix. Ata que colleron a Autopista e a piques estiveron de non acceder a ela, tan ben se sentían deambulando polas estradas secundarias abeiradas de árbores e desertas a aquelas horas da madrugada, non dixeron practicamente palabra ningunha. Conducía a hispanófila e el ía sentado no asento da dereita da conductora revirando o corpo para o de atrás, no que se apretaban as alumnas.

Xa na autopista comenzaron a cantar. Comenzaron por acompañar con murmullos a música de Milladoiro que a profesora introducira na casete do coche; murmullos que axiña se converteron nun rirarirarirari-ra, rira-rira-rira-ri-rari que foi medrando e medrando ata que el pegou un aturuxo, que aturdiu e sorprendeu ás rapazas e propiciou a profesoral explicación acerca da orixe, pervivencia e sentido daquel berro que poía ser de amor e medo, de reto e loita, de chamada e resposta e que, a bo seguro, causara efecto.

Por un intre algo se lle remexeu na cabeza; romarías que xa eran definitivamente idas tornaron a el da man do aturuxo irreprimible; bailes no adro da igrexa na compaña das campas dos defuntos, abeirados a unha cerdeira enorme e de cereixas picudas; o souto dos castiñeiros a carón das xentes; e os aturuxos, inzando na noite coma lumieiras "Velaí van os de Valongo". "Falla o aturuxo dos de Caroi". "O Xan Xocas anda adoecido". Agora xa non se aturuxaba. Os rapaces tornaban ás casas en confortables automóbiles, os máis afortunados, en tractores, os menos, e as pistas sustituíran as corredoiras. Ninguén podería atopar xa a Santa Compaña, arredada da historia pola luz eléctrica e as linternas de pilas; desaparecera a inmensa soidade da noite, a anguria dos camiños e os lobos seica eran os cans da PIDE, que se asilvestraran e andaban polo monte. Non se atreveu a contarlles nada daquilo ás súas compañeiras de viaxe porque nada entenderían, nada sospeitaban. Había autopistas e manadas de cabalos salvaxes, aturuxos refuxiados nas masas corais

e medicina occidental en bolsas terceiromundistas. Calou e seguiu a cantar coas mozas.

Pola mañá despértase dadas as oito e decide seguir durmindo. Dóelle a cabeza xusto enriba dos ollos; máis ben se diría que son os mesmos ollos os que lle doen; tira a almofada para unha esquina da habitación co obxecto de seguir durmindo coa cabeza baixa, e pon o embozo do leito, por riba dela, tapándoa e ocultándolle a el da luz que tanto o irrita e tanto lle fai proe-los ollos. Decididamente, o viño de onte sería francés, pero estaba encabezado. Sona o timbre do teléfono. É Lucille, a profesora, preocupada pola tardanza; son as oito e vinte e alporizárase pensando que lle puidera pasar algo, non, tanto ten, agora xa é tarde e non lle paga a pena baixar ata a universidade, mañá dará unha hora máis para compensa-la que ela lles está agora a adicar ós estudiantes, veranse na hora de xantar, nos barracóns, okey. Máncalle o okey como lle mancou o piquenique das autopistas. ¡Ouh, se De Gaulle levantase a cabeza! ¡Que diría Asterix, o Galo! Por certo que non entendía moi ben aquilo da aldea-gala-derradeiro-reducto. Mañá falaríalles ós alumnos de que ata o vintenove antes de Cristo os romanos non foron quen de entrar no seu pais, flumen oblivionis polo medio, traidores non pagados polo extremo e aquelas mulleres que corrían, ó carón dos carros dos homes, tirando coios, polo outro bico. Daríalles unha charla sobre a *feminidade galega* no espacio e no tempo que era algo que lles ía impresionar. Íalles dar el chamadas ás oito e vinte da mañá, íalles devolver resarcimentos horarios e demais vírgulas fillas do cartesianismo imperante, íalles dicir catro cousas que ignoraban, eles, tan franceses, que todo o sabían.

Xa non é quen de durmir e déixase estar na cama cos ollos abertos sen facer nada. Os escritores cando non están facendo nada, están facendo algo. Igualiño que os mariños, xentes capaces de acumular ocio durante días e días ollando o mar, ben dende a ribeira, ben dende a borda do navío, para logo, nun intre, desprega-la máis intensa enerxía imaxinable. Así os escritores capaces do dolce farniente creativo, do nirvana intelectual, que lles permitirá, no intre exacto, nin antes, nin despois, executar toda a reprimida actividade, toda a represada creatividade, todo o reservado esforzo. O problema é o de quen fixa o intre exacto, se a decisión se atopa dentro ou fóra do escritor mesmo. El leva anos na agarda dese alento creador, dese alento estremecido que é a palabra que xorde e comenza, alento tras alento, a forzar vidas que estaban dentro súa, madurecendo.

¿Quen decide o intre da creación? ¿Quen a creación? Monstro tras monstro vánselle sucedendo na mañá amarga que ignoraba, que non sabía que estivese alí, agardando por el para facerlle presentes os naufraxios, os abortos da súa creación, as fantasmas da súa mente; xentes que puideron ser e que non foron —quen sabe se pola nugalla, se pola impotencia— fánselle presentes, reais, como moitas veces se non fan reais, case tanxibles, os nosos propios mortos. ¿Será, acaso, o escritor alguén con moitos máis mortos que os demais? Os mortos propios, os alleos, os que son producto da mente enferma que os enxendra.

Séntese humillado diante dos seus mortos. Quixera poder pedirlles disculpas, xustificarse con eles, cos malditos mortos que se lle aparecen en Aix sen cortesía ningunha e dado por descontado que non teñen necesidade ningunha de avisar. Non se decide a erguerse do leito. A aldraxe que está a sufrir cáusalle certo placer, quere dicir que está vivo, que as súas fantasmas creounas el, e que el é o dono da súa anguria. ¿Será anguria isto que ten? Cando neno, nas noites de medo e vágado, cando o sentimento da morte o tollía ata o salouco, ata a mesma bágoa ou ata o berro, adoitaba masturbarse. Iso mesmo fai agora, dubidando a conta de quen deixar fuxi-la súa enerxía e vénselle a exaculación no medio das indecisións. Son moitas catro mozas a escoller.

Un pouco avergonzado érguese e vai ó lavabo. A señardade trae con ela estas servidumes das que non consegue arreda-lo sentimento de culpa, a noción de pecado. Pensa nisto mentres está na ducha e canta cancións doces coma nanas, arrorró meu ben, arrorró meu rei, queridiño meu.

Cando baixa pola rue Paul Bert cara á praza de l’Hôtel de Ville, hai un remuiñar de xente que se atafega no mercado de verduras, que na praza está instalado. É un espectáculo cheo de luz e a xente compra sen berrar, sen rifar polos precios; na esquina coa rúa dos cordeliers hai tamén unha pescadería e detense a compara-los precios, os tamaños dos peixes, a cor que amosan; seméllanlle coma se fosen extraídos do mar padecendo avitaminose ou algo así, teñen unha aparencia opaca, deslucida, tal que se fosen uns peixes máis tristes ou menos cheos de vida, alí mesmo nas caixas que os conteñen, que os da súa terra, que estarían cheos da arxentina luz que vén dos fríos fondos oceánicos, en patelas feitas con madeira de castiñeiro, repousados entre fentos ou algas, brillantes e cos ollos escasamente moles, senón vivos ou cheos de forza. Baixa ata o Cours Mirabeau e séntase nun dos vellos cafés que algún día atenderon dous rapaces e que agora ten as fotos de Churchill; no vello café no que, de certo, pasou alí máis dunha mañá coma esta, tan chea de luz, o vello Cezanne;

acaso Mistral tamén alí estivera; cando menos é agradable sospeitalo. Con todo son xa as doce e o cours ten esa animación que lle presta a xente apresurada que entra e sae dos bancos, que entra no supermercado, tan americanamente ordinario, tan soez e vulgar coma os de calquera aldeíña da súa terra, que lle desperta un algo de tenrura non exenta de crítica corrosiva. E é que o esteticismo pode ser un refuxio para impotentes, un asideiro máis, outro fetiche para aqueles que, non sendo capaces de crea-la súa propia beleza, teñen a necesidade de naufragar na allea: aqueles que aman ou rexeitan as formas veciñas e próximas incapaces de supera-lo seu amorfismo, a súa carencia de angas, de protuberancias, de cumes e depresións, de voltas e reviravoltas; aquela xente lineal que non se expón, nin se equivoca e dende o seu palco de abono corrixe, axexa, sinala, torna a axexar e non arrisca a opinión máis que cando o aplauso é unánime ou a bronca xeneralizada; e entón son os máis temibles, os máis despiadados, os que non dubidan en sinalar co dedo e en ergue-la voz para que todo o mundo os escoite e saiba da súa lingua afiada coma unha navalla, da perspicacia dos seus asertos, do verídico das súas afirmacións, do eficaz da súa interpretación do sentir do pobo soberano. E agora é el mesmo quen se recrea na unánime opinión: os supermercados son feos e ordinarios, a carne de polo pode ser comida, pero non a pel que ten proxesteronas e canceríxenas son as tales cousas, amén de que che poden cambia-la voz, alopecia-la barba; a froita está tratada con insecticidas e o fume dos coches tamén produce cáncer. Pero hai algo dentro del que non se resigna e bendice os insecticidas que permiten que o plátano xa non sexa unha froita exótica, louva as granxas de polos e os pensos compostos que deixan comer polo a tanta xente, e non está disposto a prescindir do coche. Decátase de que non está máis que a cismar simplezas, de que foxe dun extremo para outro, de que por aí non se vai a ningures. Paga o consumido (un zumiño de laranxa) e vai baixando a modo cara á universidade pola praza dos arroaces, tan fermosa; atravesa o boulevard du roi René e segue baixando ata a Cité Universitaire des Jeunes Gens “les Gazelles”, ten gracia “les gazelles”. Decididamente, o máis canceríxeno é o salario mínimo.

Chega ós barracóns cando xa os estudiantes están todos sentados arredor dos taboleiros longos e inestables que fan de mesados para o xantar. Fai calor e as botellas coa auga, que son de plástico, teñen o fondo delas conxelado. É unha idea da muller do escritor borracho e célebre; méteas no conxelador medio baleiras pola mañá cedo e agora non hai máis que enchelas de auga. Non é nada ruín a idea, o malo é que hai que dar máis paseos do esperado para reenche-las

botellas que se esgotan de seguida.

Séntase co grupo dos profesores e dos alumnos senón avantaxados, si máis colaboradores e infórmano de que ó día seguinte ó remate da comida hai un debate co avogado dunha actriz célebre que defende as focas coas que segundo parece, se sente moi solidaria, non se sabe se a causa dalgunha identificación de tipo por establecer, ou por calquera outra razón que a prensa do corazón non cita. O avogado é un “gauchista” e o debate promete ser interesante, pero hoxe van á Durance, un río de augas azuis e coios nas ribeiras.

VIII

Lourenzo Pedreira acolle o encargo non sen certa reserva, pero enteiro de confianza e desexoso de atender en condicións a aquel home enxoito, de ollada penetrante e camiñar pousado, que recorre o país, cabaleiro nunha egua que mesmo parece que ten sentido, despreocupado de pertenzas e negocios, ata tal punto que permitiu que a besta estivese ó acado de ladróns ou de inspeccións coma aquela á que o propio coengo a sometera cando, xa nos baixos do Hospital, remexera nas alforxas sen encontrar nada.

Compostela non é nestes días o que non hai moito era. Cuarteado o século, as disputas entre o Emperador Carlos e o chamado Francisco, coñecido por Primeiro, cercearon o camiño que ata ela trae e na Francia comenza, de xeito que as rúas non teñen aquel ruxe-ruxe de xente que as ocupaba, as pousadas están case baleiras de falas extranxeiras e, no Hospital, a dedicación primeira de refuxio para os sans e de lugar de curación para os doentes que de fóra viñan está a ser sustituída pola de atención dos pobres, dos soldados e dos expósitos que o propio país xera. Por iso agora, cando o Visitador sae cara ó Hospital de Peregrinos, pode ollar un dos médicos atendendo os enfermos da cidade na propia porta do Hospital acompañado do boticario, que trae herbas e remedios nunha caixa por se fose menester usalos, e mais do barbeiro que ten dispostas as zumezugas e os trebellos por se se necesitar sangría. Lourenzo Pedreira explícalle ó Visitador as envexas e os proxectos que o corazón lle enchen; non hai dereito á similitude entre os soldos dos capeláns e mailos dos médicos, porque se curan corpos os segundos, non menos certo é que atenden as almas os primeiros, e libra e media diaria de cordeiro, cincuenta ferrados de trigo ó ano, setecentos corenta cuartillos de viño, dous máis no bisesto, así coma vintedous cuartillos de aceite, tamén ó ano, seis carros de leña e vinteseis libras de velas de sebo ó ano, non son pensables para quen ten que visita-los enfermos polo día, e confortalos preocuparse pola súa saúde e atende-los que en peligro estean, a

calquera hora na que preciso sexa.

El sábeo ben. Un seu irmán é un dos capeláns da Terra que, xunto cos de falas extranxeiras nestes tempos sen moito que facer, atende aquela católica fundación e é coñecedor de que seu irmán o capelán non pode ausentarse sen licencia "e iso, pode crelo, monseñor, non o compensan nin os dous meses de recreación que disfrutan cada ano: hai que misar diario polos Reis Católicos, diario hai que cumpri-las horas de coro e diario hai que levar a cabo as funcións especiais, as solemnes e mailas fúnebres. E non lle poden ter, se se fixese caso, muller ningunha na casa, nin servirse de criadas que sospeitosas sexan de incontinencia ou daquilo do que puidese derivar escándalo. Non lle é choio, monseñor, a tal capelanía, en cambio estes, e sinala despectivo ó medico, con tres visitas diarias ós enfermos teñen feito o seu traballo".

O Visitador cala e sorri. Ó entrar pola porta das cabalerizas a egua rincha ó venta-lo amo e Lourenzo Pedreira persígnase á presa coma se aquilo fose cousa de cristiáns.

—Fóra a alma mesmo parece que lle ten sentido.

O Visitador non quixera que ninguén lle levase a besta e saen, agora, con ela cara á casa do coengo. Unha vez alí faille indicacións que Lourenzo grava na memoria mentres o Visitador fala; faino movendo os beizos, bisbiseando as palabras repetidas, a ollada fixa nos do interlocutor. Vai ser cousa de dous días, pero gustaríalle que, posto que o vai acompañar polo país adiante, deixase recado de que para a volta lle aquelasen a vivenda propia que lle corresponde con servicio e familiares nas casas preto da catedral, na porta da Pena, e se non hai nela sitio, calquera outra, en calquera caso, mellor na parte alta da cidade.

Acomódase na habitación que se lle asigna, lávase de novo e, sen opción a resposta ningunha, avisa que vai saír dar unha volta. A besta, atendida na corte, está sendo cepillada por un criado e a montura e o resto dos aparellos repousan nunha esquina, despreocupadas ás atencións deles, aínda sucias do camiño. El mesmo as ha limpar, ninguén debe facelo, pois trátase de silla repuxada que prefire derramar el mesmo, antes de que calquera outra persoa lla derrame. ¿E os aparellos?, os aparellos son recordo de familia.

Entre unhas cousas e outras váiselle a mañá e tamén se lle vai a intención primeira que fixera de saír e almorzar co coengo. Ninguén o chama. Rematado o almorzo, Lourenzo Pedreira acorda botar unha sestiña e o Visitador decide camiña-las rúas despreocupadamente sen presas, ata se atopar de novo dediante do Hospital de Peregrinos. Hai algo no seu porte que non deixa que ninguén lle

diga nada ó velo camiñar, decidido, polas salas que os enfermeiros están a perfumar con herbas aromáticas. Todo o inspecciona, axéxao todo, e a estructura en cruz do Hospital, así construído para que tódolos enfermos poidan escoitar misa de cotío, dóalle agora a demorada ollada que se alonga polas ringleiras de leitos e miserias; dende o altar máis alto, o que se ve dende as enfermerías, pode ve-la Ama Maior levando un fardo, que ha ser un meniño expósito deixado esta mesma noite nalgunha porta do Hospital; E é unha nena e non trae o certificado de que foi bautizada.

Un capellán gordiño e con cara familiar, acaso o irmán do coengo, diríxese a bautizala; máis tarde, cando as amas de leite o decidan coa Ama Maior, será marcada polo ciruxano e enviada a unha parroquia na que ha ser criada de por vida. O Hospital é un mundo organizado que comenza a bulir dadas as cinco da mañá co toque da Alba e que, a esta hora do día, empeza a serenarse. O Visitador non pregunta a ninguén, pero inquedo pola tardanza en orientarse, impaciéntase por non dar coa casa do Médico, aquel que pola mañá cedo atendía a xente na porta do Hospital.

Sempre remata a curiosidade por vencelo; aquel seu afán de observar atentamente, de coñecelo todo, de todo memorizalo, gravalo na súa mente na primeira ollada, que tanto lle tiña valido ó longo da súa vida hai veces que lle interfire as primeiras decisións arredándoo delas, distraído con aconteceres insospeitados. Así pola mañá na casa do coengo; así agora no Hospital que xa empeza a coñecer, distraída a ollada polos claustros fermosos, pola capela branca e chea da luz griseira da que o país é fartamente xeneroso. Hai tempo que tiña que ter dado co facultativo e deixado de dar voltas polos longos corredores.

Unas voces reclámano. Xorden do piso superior e distraidamente vaise achegando á escaleira que conduce a elas. Son voces de contida ira unhas, de irreprimible berro outras; e vaise achegando pouco a pouco, demorándose na ascensión das escaleiras; a discusión vai de pernas. Unha das voces, a que pode empezar a atribuír ó ciruxano —trescentos trinta e sete reais por marcar nenos expósitos, vintecinco ferrados de trigo en especie, libra e media diaria de carneiro, amén de setecentos corenta cuartillos de viño ó ano, máis extraordinarios— reclama os cadáveres necesarios para practica-las anatomías; a outra, a que recoñece coma a do médico que atendía os enfermos pola mañá cedo, afirma que é unha indecencia contraria a decoro, contraria ó respeto que merece a humana persoa, o que vaia pedindo as partes que necesita separadas dos corpos, ó seu antollo e unha por unha; amais ¿non ten un sitio axeitado —di

a voz do médico— para face-las diseccións sen que sexa dediante dos enfermos? e non nas propias e longas salas, nos inmensos corredores cheos de ollos abraiados diante de tan salvaxe tablaxería. Así que a partir de agora, berra o médico, ou cadáveres enteiros, ou nada. E así que se enterre o que sobre todo xunto, non as pernas aquí, os brazos alá, o toro e a cabeza, acolá; cousa que non é decente.

O Visitador acadou xa o primeiro relanzo da escaleira e alí, agachado entre as sombras, agarda o remate da discusión. Do que se trata, no fondo, é de que o médico non quere que o ciruxano lle faga as diseccións das partes do corpo coas que quere practicar, dediante dos enfermos; tampouco quere o galeno responsabilizarse el de ordena-los enterros, sucesivos, dos sobrantes. É unha loita corporativa, quizais gremial, sempre de privilexios, na que o Visitador cree ollar unha certa desvergoña do ciruxano e unha certa benevolencia do médico para cos enfermos que presencian como se descuartiza un home que ata hai ben pouco se laiaba, ou choraba, ría, ou se detiña, estupefacto, a soñar cunha saúde imposible.

Cando o Visitador se decata de que aquilo ten unha solución de continuidade, opta por concluí-la ascensión e plantarse no medio dos sandadores; faino sorrindo e consciente da reacción que vai provoca-la súa intempestiva presencia, o seu disparatado proceder, pero xa está resolto: coa cabeza baixa, a ollada ergueita e o dedo furabolos a sinalar algunha lonxanía insospeitada irrompe e di:

—Si, pero teñen que recoñecer que se se corta un óso, un cartílago, un nervio, tamén un tendón, a parte máis delicada da fazula e mailo prepucio, estas partes non volven medrar, e ademais non se xuntan, ou, o que é o mesmo, non forman reunión.

O médico vólvese cara a aquela voz grave e cadenciosa que corta a fala do Reino de Galicia, cun deixo que el recoñece e sente próximo; abre os brazos e fúndese nunha apreta co Visitador, mentres que, por se hai dúbida e sorrindo, lle responde.

—Hipócrates, aforismos. O dezanove da sección sexta.

Palméxanse vigorosa, virilmente nas costas; óllanse, collidos ámbolos dous polos antebrazos, e tornan a se fundir nunha apreta.

—Si, pero xa sabes que, onde eu dixen fazula, se quixo ler *ouatos*, é dicir, *pequeño lobo da orella*.

O médico entende o xogo e móstrase disposto a varrer definitivamente a discusión anterior; mentres, o ciruxano, asiste abraiado a aquel acontecer que se

lle escapa do seu control, e empeza a disentir de consegui-lo seu propósito.

—Xa sei, xa sei, aínda que Aristóteles, que leu soamente *a fazula*, confirme os textos, el mesmo engade coido que por se é caso, a *pálpebra*. E ti sabes que iso non está nin nos textos árabes, nin nos gregos.

O Visitador ten tamén certo espírito competitivo, certo pulo que o leva sempre a acepta-los riscos e, aínda que medíndoos previamente, aceptalos. En calquera caso o efecto xa está conseguido; o ciruxano acorda despedirse cortesmente e vaise seguido do practicante e mais do enfermeiro maior, que, calados, asistiran á discusión inicial. Todos eles se decataron da amistade reatopada naquela apreta e deixan ós dous amigos que sosegadamente comencen a pasear polo claustro superior. Aínda teñen tempo de escoita-lo recén chegado que segue a teimar.

—Direiche que veño da Italia e que alí moitas experiencias modernas, feitas por homes eminentes coma este a quen ti negas a praxe, proban que os nervios e mailos tendóns son susceptibles de formar unha reunión sólida, logo seren cortados e separados. Xa ves que os progresos da ciruxía poñen excepcións nestes aforismos.

E vanse os dous polo claustro adiante.

Máis tarde, na dozura do serán que devala cunha luz que ninguén agardaba xa aquel dia, os dous amigos seguirán a falar daquilo que os une, dos descubrimentos feitos, dos mundos que o coñecemento abre. Pero agora o médico, ó comenzaren a baixa-las escaleiras, cisma de novo:

—Este badulaque non é unha eminencia, meu vello amigo. Por outra parte, iso que dis significa que aquel a quen se lle furou a vexiga non ten por que estar en caso mortal de necesidade.

—Non.

—Nin se o burato é no cerebro.

—Non.

—Nin se ten unha ferida no corazón.

—Non, se é cativa.

—¿Aínda no corazón?

—Aínda no corazón.

O médico dubida unha vez máis; agora xa se empeza a poñer serio, a escoitar atentamente, a memorizar aquela serie de insospeitados datos.

—¿E no diafragma?

—No diafragma non sei, pero nos riles, que é o que os árabes e mailos seus

traductores interpretaron, nos riles, tampouco.

—É dicir, que se engadimo-los intestinos tenues, o estómago e tamén o fígado, en ningún de todos estes casos está o ferido en caso mortal de necesidade.

—Exactamente.

—¡Pois outro aforismo fóra!

O Visitador riu.

—O dezaoito, se non recordo mal.

—¡E-lo demo! ¡Agora tamén es alquimista!

O Visitador olla para o médico e cala sen aceptar. Tamén sen negar. Cala, soamente cala. Son tempos difíciles para o estudio, mesmo para o simple coñecemento. A pragmática de Aranjuez é terminante nos seus avisos: pena de perpetuo desterro, con perda de tódolos bens, a aqueles que estudien ou ensinen nas cidades ou nos colexios extranxeiros. O monarca entrara en Valladolid cun auto de fe contra os luteranos dándolle a benvida e deleitárase nas fogueiras que inzaban labaradas coma se con elas non se levasen humana carne de xente que pensaba. Non son bos tempos e aquel que entra e sae do país axexando novas, intercambiando coñecementos, transportando libros é un espía potencial, carne de fogueira. O Edicto de Sangue de Bruxelas está aí e esta conversa é unha temeridade.

—¡E-lo demo! ¿Que vés facer a Compostela?

Por fin, o Visitador, acorda falar e confiarse.

O Reino de Galicia é unha especie de relanzo, en todo el non se atopará un verdugo que a Inquisición poida utilizar contra os herexes; haberá que traelo de fóra, como de fóra ten que vir a intransixencia, o oscurantismo, a fe cega e fanática, a impoñerse sobre o que eles chaman superstición, paganismo, intereses locais. Nestes avoltos e difíciles tempos hai persoas que veñen ó antigo Reino con misións tendentes a impedi-la entrada dos verdugos, dos intransixentes, dos oscurantistas e dos fanáticos.

—¿Oíches falar da militar orde de *Santa María de la Espada Blanca*?

IX

O Durance trae as augas do Verdon, acaso do Lac de Sainte Croix; de certo que son azuis, cando menos nesta hora da tarde na que unha grea de coches e acentos invaden as súas ribeiras e corpos novos e extraños se citan novamente dediante do milagre da auga.

Non saben moi ben os estudiantes o por que da súa presencia alí. Ben cerca está o mar, as praias, mesmo as piscinas de Aix; sen embargo eles están aquí, nesta ribeira de coios e árbores escasamente doces. Hai unha vella mansión abandonada e medio derruída, pola que os rapaces entran intempestivamente percorréndoa en toda a súa extensión, en toda a súa vetustez.

O que mellor se conserva son as antigas cortes nas que vellos arcos de cantería sosteñen unhas bóvedas coas que o tempo e os desastres non puideron. Trátase dunha extraña mansión con catro torres cilíndricas aínda ergueitas, que puido ser pousada ou mosteiro, fortaleza ou misión de fronteira: está a carón do río e aquilo non ten xeito de ser terra de labor; aínda que acaso o fose nalgún tempo.

Lucille, responsable directa do curso e do desprazamento ata tan sinalado e inhóstipo lugar, axudada das súas acólitas, dispón fogóns de butano, cazolas e insípidas salchichas de carne branca, grosas salchichas co único mérito de seren picantes e de turraren do viño, o que, quente como ha de estar e coa calor que vai será máis ben contraproducente. Trátase, polo que se ve, dun *pique-nique* universitario. Os estudiantes están a se bañar.

O río está cheo de coios e ata ten un cachón polo que a auga colle un pouco de velocidade, moi pouquiña, pero que fai que os alumnos se resistan a se meter nel, deixándose levar pola corrente. O profesor visitante recorda, entón, os cachóns do Pai Miño; aquelas mañás de maio nas que se botaban a andar, ausentes que estaban das horas de clases, pola ribeira arriba, oito, dez, doce quilómetros, ata que o sol dicía que era xa moito hora de regresar abaixo, á Oira

que amaba Don Vicente, e entón mergullábanse na auga e deixábanse levar por ela, felices na inconsciencia, lixeiros coma plumas. O río baixaba rápido e, ó chegaren os cachóns, había que endereitarse cara ó sitio indicado, polas aceas que desaugaban nos muiños, a carón de-las, sempre por onde a auga escorregase sen romper. Se non lográba-lo camiño axeitado podía vi-la morte ou a resurrección, no medio de tanta e tanta escuma, co corpo tolleito de golpes e de emocións de abondo fortes. Pero se ías polo camiño axeitado velocidades de vágado e tolemia levábante río abaixo coma un lampo de luz, acaso coma un biobardo, que o Eduardo albiscaría antes de que fose noite, o corpo ben estarricado, toda a súa lonxitude ben acadada. Baixabas así, preso de emoción e medo, temendo sempre bater cos xeonllos nos coios porque a auga estaba baixa logo do cachón, e a vías pasar por embaixo túa, coma se fosen eles os que se movesen e ti sentises tan só no teu corpo aquela lixeireza material que só a auga comunica.

O visitante, o máis vello de tódolos profesores visitantes, o máis retraído de todos eles, non resiste a tentación e vaise indo, paseniño, cachón arriba, remontando o río, ata que chega a cen metros do encoro, onde a auga empeza a coller forza. Houbo quen viu aquel se aproximar por riba dos coios da ribeira, difícil e lento, e ridículo nos equilibrios, disfrutando das viravoltas que o vello escritor ía dando; gozando das forzadas posturas que adoptaba, das catro patas nas que andar tivo por máis dunha ocasión; e que agora observa alporizado que aquel toleirán se introduce no río e nada, case se diría que maxestosamente, cara a onde a auga colle forza. E avisa. Os máis ousados dos rapaces tensan os seus corpos e dan conta de que están dispostos a botarse á auga e sacar aquel tolo; outros pensan que é peligroso, que mellor esperar. Pero hai outros que intúen o deleite e que comenzan a subir río arriba, mentres o profesor, feliz, baixa na auga deixándose levar por ela. Vai feliz, ingrávido e feliz, coma unha táboa teso, deixándose levar. E aturuxa, aturuxa forte no medio do Durance, no medio da Provenza, e aquel berro que ninguén coñece soa a triunfo e a reto e a ledicia recobrada; e a xente disténdese, e cando o profesor chega ó relanzo que hai no bandullo do primeiro meandro, hai mozas que aplauden e rapaces que o felicitan e el feliz, exultante, sen saír do río, explícalles que aquilo non é nada, que de neno, no seu país, que ten ríos fermosos e cheos de auga, xogaban a vida baixando polo Pai Miño, o pai dos ríos de Galicia que baixa grave e maxestoso dende hai séculos, o mesmo que hai séculos, ata que chega ós cachóns e troa coma un petrucio, enoxado e colérico, que se torna perigoso sen chegar a perde-

la compostura.

E velaí veñen xa os rapaces que o seguen na pequena aventura do Durance, mentres que outros non se atreven. “Se visede-lo Miño”, non se resiste a repeti-lo escritor ós seus alumnos. E volve subir río arriba, seguido dos rapaces ós que lles explica os segredos para unha baixada segura, para escudi-los remuíños, para disfrutar que, ó fin e ó cabo, é do que se trata.

Lucille observa dende a ribeira, avisada que foi por unha alemana de Aquisgrán que é traductora e ten o pelo curtiño, rapado, das feministas emboscadas. Cando remata a segunda viaxe, achégase á orella e dille toda acontecida:

—Vostede está tolo, ou é un inconsciente.

O escritor sen nada que contar sorri feliz.

Á saída da auga, e mentres se rematan de fritir, máis ben de ferver, as salchichas, os alumnos distribúense non por nacións de orixe, senón por afinidades musicais. Abriron as portas dalgúns coches e puxeron música nas radios, nas casetes, e a música é quen os congrega. En pouco tempo, aquilo é un batifondo que ninguén soporta, un estrondo, escaso de sentido e difícil de aturar, que vai cesando segundo a xente se ausenta a recolle-la súa cea.

Lucille e o profesor afástanse. Hai unha vella sobreira, de toro retorto e dorido, que amosa as raiceiras fortes e amplas nas que se sentan.

—Aquí vin eu moitas veces a aturar soa a miña soidade, a meditar soa as miñas mágoas.

Dille a muller ó home que con ela está e asente:

—Pois tenlle boa pinta, para tal mester.

Decátase do mal que empezou a conversa, do torpe do comenzo que non leva a ningures, e acorda cambia-lo sentido, entrar por outro sitio, cara á intimidade con aquel home calado, que baixa coma un neno polo río, que sorprende silandeiramente e se confesa enxoito coma fonte na estiñada.

—Houbo un tempo no que alquimistas e santos, ermitáns e xentes así, poboaban estas ribeiras, mesmo a casa abandonada na que estamos. Nos seus sotos habería crisois e medos, esperanzas e fracasos e no pe desa sobreira algún conxuro se daría.

Agora si, agora, o home enxoito e serio, acorda tornar onda os mortais, agora interésase. “¿Sabe, dille ela, estívenlle a cismar no do Griffon de onte á noite, e

penso que este pode ser un bo sitio para que lle naza?”. El asente e cala, pero algo lle empeza a nacer na cabeza que lle ha supor un ano, outro ano de fracaso e frustración. Se o Griffon nacese, se o Griffon tivese que xurdir de algures, agromaría nas Gorgues du Verdun, naquelas simas que semellan a porta do inferno, dun inferno dantesco e dramático, cheo de sufrimento e desgarrado. “¿Sabes?, —dille el, tuteándoa por primeira vez; cousa esta, acaso, da pracidez da tarde ou do inicio da aventura dun ser que vai nacer agora mesmo— na miña terra, hai unha illa e na illa hai unha cova, a rentes do mar e na que o mar entra, á que se lle chama a boca do inferno, pero non dá medo, non impresiona, todo o máis pensas en que se te colle alí un bo golpe de mar acaba contigo de contado ou en que ten os mellores percebes de todo Ons que así se chama a illa”. Pero esta de aquí, esta outra porta do inferno, é estéril, irtia e dura e maxestosamente, gradiosamente fermosa; son as súas dimensións as que impresionan, non a súa beleza; é o cañón, feito coma un tallo que quedara así logo da derradeira convulsión da creación do mundo. O Griffon nacería aquí, xurdiría, cabeza de anguía que ten, da auga que dende arriba semella un regueiriño e navegaría polas augas, maiormente as subterráneas.

Lucille entra na aventura. “Nacería aquí e estaría namorado, pero aqueixado do seu mal de amores fuxiría ó non ser correspondido”. “Si, pero como lle daría vergonza, fuxiría po-las correntes subterráneas”. Xa está a frustración en marcha. Maldita manía aquela súa de artellar mundos a partir das mulleres. ¡Un griffon namorado! ¿¡a quen se lle ocorre!?

Un Griffon namorado. Xa empezaba a organizarlle a vida, en calquera intre era capaz de artellarlle ela soa a novela que el non era capaz de organizar e que, tan só a boa disposición de ánimo, a crenza de que tiña que exercer, unha vez máis, de escritor, lle levara a expoñer de xeito sucinto e sen máis compromisos pola súa parte; pero non contaba cunha hispanófila namorada da literatura, da creatividade e chea de tódolos complexos que levan con eles, con elas tamén, indubidablemente, os profesores-profesoras de literatura; todos eles, os máis deles pequenos escritores frustrados que calquera día, tan pronto como se poñan a iso —e non se poñen porque non queren— escribirán unha gran obra que faga da súa literatura algo mundialmente recoñecido e considerado. ¡Os profesores de literatura! El viña dun país cheo deles, ata tal punto que para entrar na nómina dos escritores, case se convertera nunha *conditio sine qua non* a de estar na do Estado desempeñando cátedra. Polo que se vía, aquilo non era endémico do seu noroeste fisterrán, senón que en tódalas latitudes, os profesores tiñan alentos

literarios e obra que facer. Era unha situación oposta á del, que se sabía incapaz de comenza-la creación de novos mundos, de afrontar novas historias nas que, outra volta, baleirarse enteiro.

Un escritor non é a mesma persoa que era antes de escribir unha novela; en cada unha delas deixa anacos do seu propio ser, despréndese deles alixeirando unhas cargas e incrementando outras de xeito que a súa vida, a súa propia concepción do mundo, varía logo de cada proceso. Intentoullo explicar a ela, pensou en facelo alí mesmo, pero decatouse de que non ía poder ser entendido, de que só un xordo entende a outro xordo, que só un xordo sabe da impotencia que a xordeira significa, do enfado que produce a enrarecida comunicación cos demais, na que as mensaxes chegan alteradas e confusas, intuídas, a medias comprendidas. A comunicación que se establece entre o escritor e mailo seu lector é, precisamente, un diálogo de xordos. O novelista fala dunhas cousas e o lector entende outras, nun proceso cheo de paranoia, de pensamento proxectivo. Así, o novelista fisterrán, chegaba a clasifica-la xente de acordo coas interpretacións, coas valoracións dos seus propios personaxes e endexamais houbera coincidencias. En calquera caso, o diálogo de xordos era sempre unha aventura; unha aventura da que o único que non saía enriquecido era o propio autor.

Hai en Galicia unhas construccións, que se chaman hórreos, de curiosa fasquía que fai que os turistas pensen que son capeliñas moi xeitosas e aqueladas por certo, o que non supuñan nun pobo que non intuían excesivamente relixioso; pois ben, na cima dos horreos póñense adornos ou cruces no sitio onde, antes, se puñan cornas de bois ou caveiras de cabalos; aínda se poden ver así preto de Cambados, no val do Salnés, o tan amado, para que, segundo din as xentes que alí habitan, o demo se esfíe pola noite e os malos espíritos se esgallen por quereren entrar na intimidade do hórreo, no ventre matricial, nutricio, do graneiro que os de fóra confunden cunha igrexiña. Pois así o escritor se esgalla, se esfía e sae feito xiróns, farrapos desanxelados e acaso húmidos, logo de penetar no ventre, nas entrañas, na intimidade de si mesmo, nese labor de esculca, de axexamento, de introspección, na procura dos monstros que o habitan nas súas máis recónditas entrañas; unha ascese exenta de mística e romanticismo cara á igrexa interior que cadaquén atura e que o vai consumindo de vagariño e solermiñamente. Van saíndo os monstros e van saíndo as novelas, agroman por manantiais que presta a propia vida, que a vida pon a disposición do escritor en calquera volta do camiño e sen que el o pida, pero que el ten que dosificar para

que non mirre antes de tempo o seu pulo. E así o escritor controla o seu impulso e sabe do declive, da existencia de aire, tan só de aire no bandullo do hórreo cheo que foi das cousas que el ¡ouh insolente! foi sacando ás escondidas, ó tempo que se esfiaba na súa propia caveira ¡ouh, desgraciado!

"Mira, Lucille, —dille o escritor por ver de fuxir do Griffon que empeza xa a acosalo, a atafegalo dende unha entraña que permanecía oculta e tenebrosa— deixa por hoxe o Griffon, que iso é cousa miña". Pero ela teima "Fálame del, pensa en voz alta, que eu escoite, que eu poida ver como agroma unha novela". A experiencia do día anterior fora comentada na aula, pola mañá cedo, cando o novelista se fixera ausente, durmido que estaba no seu leito, arrolado pola súa resaca, coma algo insólito e privilexial ó que tiveran a sorte de asisti-las catro mozas. Cada unha contara a súa experiencia enriquecéndoa coa propia imaxinación de xeito que, ó final, aquel nacemento fora algo litúrxico no que as sacerdotisas tiveran parte activa, exorcizante, fundamental, ata tal punto que o rito iniciático, o rito fecundante, fora cousa propia delas. Quizais se debera a aquel discurso matutino a ollada escasamente cordial dos rapaces, a esquiva dalgunha moza, a expectante e abraiada das máis; pero o certo é que, gracias a unhas cousas e a outras, o escritor acadara en poucas horas unha nova dimensión na que, ó parecer, se atoparía ben a gusto.

"O Griffon ten que xurdir en algures —díxolle, entón, el—; quizais aquí, saíndo da auga e salferindo a sobreira ó se espili-la molladura; pero non me semella un sitio axeitado, non sei por qué". Entrara outra vez no xogo. Os rapaces, fartos xa de salchichas e música, comenzaran a colle-lo camiño de volta e o aire íase enchendo dunha néboa, mesta e irrespirable, feita do po que os coches levantaban no camiño; tan mesta e forte era que tiveron que espacia-las saídas. A Lucille entroulle un acceso de tose e o vello escritor tivo que baterlle no lombo, pousada e forte e docemente, non porque lle fose servir para algo, senón para que ela vise que el se preocupaba e puña voz de circunstancias mentres dicía "Vaia, muller, vaia", sentíndose 6 tempo ridículo e inútil. Por fin, e dado que o acceso non tiña pinta de concluír, sentiuse heroico, achegouse á auga, mollou o pano da man dela e acadoullo á profesora para que respirase a través del. O pano estaba realmente mollado e ela sentiuno morno nos seus beizos, frías as pingotas que devalaron polos seus peitos, escorregando pola reigada turxente que os insinuaba á ollada, sempre ávida, do vello habitante do fisterre.

Quedaban xa poucos coches por partir e fóronse quedando rezagados. Nalgún momento ela comentou que tiña que cheirar a fume e a salchichas e

entón el aconselloulle que se bañase “¿Agora?” díxolle ela. “Agora” afirmou el e empezouse a espir mentres camiñaba de novo cara ó río. Lucille seguiuno e ó pouco os corpos espidos dos dous literatos surcaban a pracidez, xa nocturna, do Durance. Preto deles, noutro relanzo do río, voces novas avisaban de situación idéntica, e eles sentíronse coutados e inxenuos, coma collidos en pequena, neneira trasnada. Xogaron na auga coma rapaces e, nun momento dado, ela díxolle “Aquí non”. Logo bicáronse e saíron da auga collidos da man. O Profesor bicouna novamente, pero con máis afouteza que convicción; o “aquí non” restáralle pulo, acometividade, e sumáralle control e reticencia “¿E por que aquí non?” preguntárase con medo a expresarse en alta voz. A lúa estaba alta, a noite era morna aínda, sen que a xeada comenzase, e a auga era algo que predispuña os corpos ó contacto tenue, á proximidade das peles arpadas e sensibles a calquera aloumiño, a calquera proximidade.

No coche tornou a bicala con afouteza e convencemento renovados, pero ela teimou con dozura en que aquel non era o sitio. El deixouse convencer; atrás quedaban as voces dos rapaces que se ían esparexendo polas ribeiras, arredándose unhas das outras converténdose en risos estremecidos que poboaban os relanzos ou se acollían ás sobreiras, que ían vagariño distanciándose e debecendo, espaciándose.

Saíron no coche polo camiño arriba, cruzaron a ponte que hai sobor do río e retornaron a Aix. Non falaron do Griffon e conducía ela.

X

O Visitador era amigo de comenzar por negalo todo no seu interior, para ver de logo ir afirmando, construíndo algo; así que comenzou por dubidar da eficacia dunha militar orde, feita polos propios membros do Santo Oficio, da imposibilidade da súa consolidación, dos reparos que Felipe poñería a aquela argallada que, entre outras razóns de ser, mantiña, coma silenciada premisa, a de encerrar, no seu proxecto inicial, o de restar poder ó gran monarca dono de medio mundo, señor de tódalas conciencias.

Xan de Requeixo, o sandador, o vello amigo, o médico, escoitábao en silencio, a perna dereita repousaba nun talliño que, a tal fin, tiña un coxín de plumas, as cruzadas, entrelazadas mans abandonadas sobor do seu bandullo, xeneroso e enorme, mentres que a ollada, viva e intelixente, estaba atenta a cada unha das expresións daquel rostro que supuña surcado de paisaxes e aventuras tantas que era mellor nin sequera imaxinar. Contáballe, o Visitador, que na orde militar de *Santa María de la Espada Blanca* habrían entrar soamente cristiáns vellos e limpos, tras rigorosa información e escrupuloso exame, e que se había de gobernar polo inquisidor xeral a quen estarían suxeitos tódolos membros da orde, tanto no criminal coma no civil, exentos que estarían de toda potestade e de toda xurisdicción civil e real. Era un intento serio, metódico e rigoroso de limitalo poder do Emperador Felipe. Polo momento non lle podía explicar máis cousas, pero podía ter por certo que, dado que el supuña a inviabilidade do proxecto, había opcións de reserva, accións derivadas daquel intento que el sabía frustrado de antemán na súa máis importante meta; pero viable se as metas ocultas, as reais non afloraban á tona e permanecían no fondo das conciencias.

O galeno ollaba incrédulo para o amigo e se unha lle ía, outra lle viña. Había moitos anos que coñecía aquel home enigmático, por veces confuso, calado e de sorriso amable e pronto que se concretaba nos beizos mentres que nos ollos seguía a alentar a eterna esculca, o continuo axexar dos seus ollos que

endexamais sorrían. Se non o coñecese dende había tantos anos desconfiaría del abertamente, pero sabía do seu ser tortuoso, cheo de sinuosidades que, nembargantes, mantiña unha rectitude de intención que proviña de moi lonxe. Dende sempre tivera os ollos postos no mesmo punto de chegada e tan fixos os tiña, tan nítida era a súa ollada que se podía permiti-lo luxo de escudir atallos que outros, menos asisados, inconscientemente emprendían e que el eludía, coñecedor que era da fugacidade dos tempos e do feble da súa consistencia. Calquera que non o coñecese podería pensar en felonías, en escuras maquinacións, pero non el. O Visitador escondía unha personalidade que lle era propia e intransferible e só os máis achegados, só os que verdadeiramente sabían quen era el en realidade, se atrevían a non desconfiar abertamente daquela táctica de dous pasos adiante e un atrás que, acaso, o Visitador aprendera en Vedra había moitos anos cando aquela do enterro dun amigo, un rapaz novo que morrera estupidamente ó dar volta a dilixencia na que montara por ver de chegar antes ó seu destino. Naquela ocasión vira que as metas son inexorables e que sempre se chega a elas: se non hai outra solución que dar terra, terra darase por moito que un se engane dando un paso atrás cada dous adiante; así na vida coma na historia o que ten que ser, ten que ser e o pasiño atrás tranquiliza conciencias e acala medos e temores, concilia conciencias e leva, tamén de xeito inexorable, á meta que os feitos condicionan. Xan de Requeixo sabía isto e, mellor que ninguén, sabía quen era o Visitador. Pola súa mente pasaron, tan nítidos como endexamais o fixeran, os feitos que, na súa xa cada vez máis distante nenez, presenciaran, el e mailo seu amigo, no pazo arcebispal, daquela alporizado, arpado de actividade, convulso, ata o berro e a máis exaltada animación, mentres que os dous nenos dende a súa exigua estatura, contemplaban o espectáculo, asistían agachados as reunións, escoitaban ordes e sacaban conclusións que permanecerían ocultas no seu subconsciente, ata que o paso dos anos e mailas conversas dos maiores lles foran permitindo relacionar causas e efectos, frases e aconteceres.

Os dous eran ben nenos e o tío do galeno, o arcebispo de Compostela, prelado da santa cidade do fisterre, bradaba acerca de que sendo Galicia un reino tan antigo, tan leal e tan grande, se negasen a darlle procurador. E non sen razón se laiaba o Arcebispo Blanco, sentíase agraviado de que tan fermoso reino, tan apacible solar, estivese suxeito ó voto de Zamora. O conde de Villalba que pedira o voto para o seu país, tivera que saír ó exilio no afusquinado prazo dunha hora que foi o que lle concederan como término da súa estancia na corte.

O tío do galeno, o mitrado compostelán Francisco Blanco, diante da ollada

inocente e aparentemente allea dos dous nenos, non se recatara en convocar xentes e en mandar recados, en enviar propios e en recibir alleos, mentres unha mesta rede de conspiración e silencio artellaba un exército de xentes levantadas en armas, fartas xa de aldraxes e miserias, “¡Ouh, miña dona Xoana de Trastamara…!” Ouvíranlle dicir coma se dunha ladaíña se tratase, salaiada para invocar presencias que só a Santa Compaña podería traer a Compostela.

Que Galicia andara a erguer xente en Compostela foi cousa que o César soubo e que lle fixo trasladar as Cortes á Coruña, suspendendo as sesións na cidade santa, para logo embarcar cara ó Norte e deixa-lo vello reino de Galicia tal e como estaba, sumido no silencio.

Logo durante anos, os nenos xogaron a convocar Cortes e, sempre, o Visitador era arcebispo e, sempre, o Xan era o rei farruco; sempre o arcebispo mandaba recados e concitaba xenreiras contra aquel que de fóra viña e falar non deixaba. Logo o amigo desaparecera en plena pubertade.

Esporadicamente soubera del e mais das súas actividades. Por veces creu identificalo en escuros personaxes dos que, ós seus ouvidos, chegaban novas; por veces, non tivo dúbida que do seu compañeiro de xogos se trataba; en dúas ocasións recoñeceuno e falou con el, longa e demoradamente. Unha delas fora en Aquisgrán, boticario que era entón nun dos conventos máis notables da cidade; a outra fora en Aix, acollido á sombra da catedral, capelán dun convento de monxas, home que encamiñaba ós peregrinos que collían pola route de Galice, con consellos e advertencias que denotaban un fondo coñecemento do camiño, unha información recentísima de todo canto acontecía no afastado e fisterrán reino esquecido do resto das Españas, convertido nunha campa pola Europa peregrina e aventureira.

E agora estaba alí, a falarlle dunha orde militar que misturaba nela os designios de El Señor e mailas políticas humanas, xogando outra vez a interpreta-lo papel de arcebispo, asignándolle de novo o de César esmagador de voces sen ecos, sen resonancias e sen a penas nada. Así llo dixo.

—Oes, ti. Que non son Carlos, que son Xan e exerzo a Medicina.

O Visitador calou e ollou para el asosegadoramente. Non dixo ren.

—Eu son médico. Ti fuches boticario, logo capelán… ¿agora quen es ti, cal é o teu nome agora?

O Visitador deixou dúas fírgoas nos ollos; acaso fora a miopía, que produce eses efectos ó forza-la vista, acaso non o fora.

—Agora son Visitador do Santo Oficio.

—¿¡Ti!?

—Eu.

—¿E que fas?

—Fago todo canto podo.

Non lle fixo máis preguntas. Ergueuse da cadeira, facendo cae-lo tallo, e ollou pola fiestra o gris do serán a se pousar no gris da pedra, verduxas de musgo as fronteiras das casas na tristeira luz que as envolvía.

—¿Quen sabe como acabarás? Esta é a túa casa. Xa o sabes sen que cho diga.

O Visitador apoiou a man na espada; botouna alí cun aceno pausado e firme, non imperioso, que lle permitira constata-la súa presencia pronta e tamén firme. Era unha espada que se supuña fermosa dentro da súa baíña e a xulgar pola empuñadura, de branca nácare incrustada, ademais de lixeira, non excesivamente ostentosa. Pero estaba alí e alí permanecía sempre, incluso cando o seu dono entraba na Catedral ou se sentaba diante do Cabildo. Xan de Requeixo reparou nela ó tempo que a man do amigo a acariñaba.

—¿E iso?

O Visitador, por unha vez, distendeu o ceño, abateu os ombreiros e dixo:

—O camiño está cheo de asaltantes e non está demáis que se lles recorde a forza que nos move.

O serán estaba a concluír e cesaba xa o movemento das obras nas que perpetuamente se atopaba Compostela. De Fonseca deixaron de chega-los acompasados ruídos dos canteiros que, baixo a dirección do mestre de Álava, aínda non remataran o espacio no que se acollían as facultades de Teoloxía, Cánones e Artes e, nalgunhas fiestras, empezou a estrelece-la esmorecida luz, dourada luz das buxías e as candelas. “En Europa enteira xa é noite”, apuntou Xan de Requeixo.

Cearon un pouco de vitela, carne de *vitulus*, de xoto mozo e virxinal, que a criada lles trouxo nunha prata pousada displicentemente na mesa central da habitación. Os mil veciños que daquela habitaban a cidade santa habería xa tempo que, sen excesiva frugalidade, deran cabo da súa alimentación e nas pousadas os non moi abundantes peregrinos, estarían a bebe-lo afroitado viño do país ou consumindo a augardente, destilada en longas noites de vixilia e lume. Compostela dispúñase a durmir outra noite máis nos derradeiros anos daquel século dezaseis rexido por un rei de pálpebra abatida e os dous amigos a renova-la interrompida amistade, a través da conversa amiga que se había prolongar por

horas.

A aquel día chuvento e bretemoso sucedeulle unha noite de luar, fermosa e nítida, na que eran perceptibles os contornos, a fasquía dos distantes edificios, dos próximos campanarios e, aínda que só sombras, só bultos a se esvaír na escuridade, era posible adverti-la presencia de xentes que saían das pousadas, entraban nelas ou agardaban, ó pe das portas, a que lles fose aberta algunha entrada.

Unha temperatura amena, mais morna, sucedera ás vésperas húmidas e griseiras de xeito que as abertas contras da fiestra permitían que a luz noitébrega entrase francamente ata o interior do cuarto no que estaba a devala-la conversa dos amigos. A pracidez da noite, a demorada fala do Visitador, o espectante silencio do galeno e o toupeneo adurmiñado que amosaba a criada, sentada nun tallo alá no fondo da estancia, teimuda na súa decisión de non se deitar mentres non se lle fose o amo para a cama, dábanlle á habitación un aire familiar proclive á confidencia, á introspección, á íntima esculca. Sabíanse alí o un ó outro e adiviñábanse as caras, pousadas nas sombras nas que, no interior da casa, se converteran os corpos afastados da luz aluarada da noite; adiviñábanse as expresións, as olladas, mesmo os rictus que puideran amosa-los beizos. Por veces unha man recortábase no aire e dáballe forza, prestáballe intensidade a unha afirmación que non podía acadala da intensidade da voz, a penas do seu tono, que eran decididamente baixos e atenuados polo silencio que a noite lles presta ás cousas e polas resonancias que acadan ó rebotar nos insospeitados angos que o día mitiga ou anula. León de Castro denunciara diante do Consello da Suprema a Arias Montano, acaso porque este non quixera a mitra que o rei lle ofrecera, acaso porque a antuerpiense, rexia plantiniana biblia na súa edición de Amberes, supuxera un traballo que só Bieito afrontar puidera e sabida é a maldade dos estólidos. Xan de Requeixo escoitaba as noticias, as confidencias coa certeza e a avidez de quen se sabe no cabo do mundo, alleo a loitas e saberes, postergado dos feitos que determinan o proceso histórico, segregado das decisións que afectan, incluso, á súa propia terra enalleada. Que Bieito Arias fose obxecto da ira xesuítica, sospeitoso de xudaísmo por da-lo texto hebreo conforme ós códices dos rabinos, caíalle, ó médico galego, lonxe dos seus propósitos e preocupacións que eran moito máis inmediatas e urxentes, quizais máis prosaicas, de certo máis pragmáticas. Galicia permanecía allea a todo aquilo. O cese do fluxo peregrino cerceara a comunicación coa Europa que a fixera ceibe e única. Pechada no seu reducto atlántico, debruzada no mar,

empuxada nel por forzas que chegaban de fóra, mantiña unha lingua que a vencellaba á Europa latina e unha alma que a pousaba docemente no seo atlántico de brumas e deuses, no seo máxico que dan as choivas mainas e os mares cheos de grises. O mar xunguía ó seteptrión, a lingua ó meridión e se o camiño de Europa, tamén chamado de Santiago, estaba interrompido a calcificación estaba asegurada e tan só polo mar podería chegar o alento, no aire ou nos navíos, pero polo mar. Xan de Requeixo escoitaba falar ó Visitador: ¡Que lonxe pillaban as batallas! Lepanto, San Quintín, os tercios de Flandes, ¡tantas cousas!, eran historias que non tiñan que ver coa realidade. Tan só a noticia de Juan de Mariana pareceu despertar nel certa atención non pola defensa que fixera de Bieito, senón por aquela obra que, por sediciosa, fora condenada ó lume no París de Francisco e trouxera proceso, penitencia e cadea, no seu colexio, para o autor do tratado *De Rege et Regis Instituione*. Aquel país non lle interesaba moito a Xan de Requeixo se as Españas eran oito prelados e nove teólogos dos asistentes ó Concilio de Trento, encausados pola Inquisición; se con ela tiñan que ver catedráticos e escritores, intelectuais e artistas, mellor era calar, agardar e ve-lo que os tempos traían con eles. En tempos de desolación non facer mudanza, aconsellara o de Loyola e desolados eran os tempos para Xan de Requeixo, que non se atrevía a intentar mudalos, pero que tampouco estaba disposto a impedilo. “Alá os de por aí abaixo coa súa policía” díxolle ó Visitador, nalgún momento daquela noite que seguía a ser fermosa e xeradora de confidencias. “Que se maten, que se queimen vivos os uns ós outros: Frei Luis con líos; Teresa de Ávila, interrogada con publicidade e gran aparato; Frei Juan de La Cruz, atafegado polos Tribunais de Sevilla, Toledo e Valladolid; José de Calasanz, na cadea; Ignacio de Loyola, Francisco de Borja, Juan de Ribera, procesados: ¡que se maten! ¡déixaos que se maten e nos deixen tranquilos que nós non nos metemos con ninguén!”

Non deixaba de ser certo e o Visitador asentiu co seu silencio; non quixo recoñecer en voz alta que, nas súas viaxes, estaba farto de escoitar falar da superstición e do paganismo do Reino de Galicia e que polo contrario as palabras de Xan de Requeixo colocaban a estes fillos doutras terras no fanatismo relixioso e na intransixencia que estaban a facer correr ríos de sangue, ríos que aquí non ían correr, por moito que se intentase. Ben sabía el como era a Galicia amada, lonxe de extremos e prácida. O pomo da espada estreleceu ó se move-lo Visitador e lle da-la luz da lúa, daquela con intensidade cenital, que dende a xanela se podía ver xa por riba de Santa Susana, pousada acaso nos carballos.

Decidiron deitarse; a vida do Hospital Real reanudaríase dentro de poucas horas, e cumpría xa descansar un pouco. Xan de Requeixo abaneou a criada e ordenoulle que provese dunha manta ó Visitador, posto que decidira concluí-la noite alí sentado, preto do lume e disposto a abandona-la casa tan pronto como rompese o día; seguro de que Xan de Requeixo, a ninguén que non conviñese, diría da súa nenez compostelana, da súa entidade galega, mentres non fose o momento indicado e oportuno.

Lourenzo Pedreira pasara a noite intranquilo. O Visitador non aparecera pola súa casa e permanecera en vixilia ata que, farto xa da inútil agarda, decidira irse para o leito; xa deitado aínda estivo un tempo desperto observando a estancia bañada pola luz da lúa, disfrutando cos cambios que nela producían as velaíñas nubes que, cada pouco, a intentaban velar na súa intensidade. Con todo e coa intranquilidade que a seguridade do inquisidor lle producía, quedou durmido profunda, fondamente e antes do que el o recoñecería, en calquera caso.

Ó se despertar ergueuse axiña e comprobou novamente a ausencia do seu convidado. Baixou á corte e viu a besta no pesebre, sen signos de que fose utilizada nesa noite, así que o seu desacougo medrou en poucos momentos. Resolto xa a dar conta da ausencia, encamiñouse á Catedral.

Chegou a ela, entrando pola Porta das Platerías, sen deixar de bota-la ollada de sempre, a que dirixía á figura da muller adúltera que ten unha caveira, a do seu amante, no seu colo. “Eros e Thanatos”, dicíase o coengo, convencido de non ter moita razón no seu aserto, pero tamén intimamente convencido de que unha e outra están sempre a unha no ventre da outra, de que o que os seus maiores xerárquicos afirmaban non podía ser certo: ¿Que tería que ver aquilo coa victoria de Cristo sobre o pecado e maila morte? Certo que é no mesmo tímpano onde se representan as tentacións de Xesús. ¿E que? Non recomendaba San Agustín ás monxas do seu tempo que ó asistiren ós baños e se bañar espidas, non adoptasen actitudes procaces e, espidiñas como foran botadas ó mundo, adoptasen acenos recatados e pudorosos para non excitar a quen con elas compartían o pracer da auga morna a acariña-los corpos limpos, mozos, cheos de saúde. Cristo non era un represor, non podía selo, cismaba Lourenzo Pedreira, coengo compostelán, mentres entraba na Igrexa Basílica momentaneamente despreocupado da urxencia do asunto que alí o convocaba, momentaneamente divertido coas confusas noticias que a el chegaran de Prisciliano, aquel galego que propugnara os mosteiros mixtos e morrera degolado, fixera xa os mil anos. “Cristo non pode ser un represor” repetiuse de novo xusto antes de entrar na

Capela Maior e ollar nela ó Visitador, sentado do lado da Epístola, segundo privilexio e protección concedido ós inquisidores polo non había moito defunto arcebispo Francisco Blanco; aquel castelán que, con todo e tanto protexe-lo Santo Oficio tamén tivera que entenderse coa xentiña de Valladolid, a empeñada en artellar no Vello Reino de Galicia aquel enxendro de Inquisición que nada tiña que ver con el.

O Inquisidor estaba sentado, apoiados os cóbados nos xeonllos, repousada a cabeza entre as mans que ocultaban a cara, agachándoa ás olladas que intentasen axexar nela claquera rictus, calquera expresión dos ollos, de xeito que ninguén puidera afirmar se durmía ou meditaba. Ó sentir bulir a carón seu volveu a cabeza e puido olla-la expresión expectante do crego.

—¿Logo non veu durmir á casa?

Sentouse ó seu lado e permaneceu calado na agarda da resposta que non se produciu. De alí a pouco volveu falar coma querendo congraciarse co Visitador.

—Xa sabe que o Deán acordou que, se vostede non ten nada en contra, o acompañe a recorre-lo reino.

Asentiu coa cabeza o Visitador e continuou calado ata que, falando en voz baixa, se virou cara ó coengo e murmuroulle.

—Quero alguacil e secretario de confianza.

Lourenzo Pedreira sorriu sen entender nada.

—Pois póñaos vostede.

O Visitador sorriu tamén.

—Eu adoito viaxar só: vou máis lixeiro; así que dille ó Señor Deán que che diga el de dous que nos acompañen. Non importa que sexan os que xa foron doutras voltas co Santo Oficio; pero que, en ausencia do arcebispo, sexa el quen os indique.

—¿Onde durmiu?

—Non durmín.

O crego compostelán non descompuxo o aceno cando, coma sen querelo, dixo:

—Vostede é bastante extraño.

Asistiron ós oficios e saíron á rúa pola porta do Paraíso, na fronteira norte da catedral, por baixo da muller que ten no colo ó león, por baixo da muller que ten no colo un acio de uvas, por baixo da figura que ten un galo e mais unha cobra,

imaxe do basilisco. Entraran pola porta sur e saíran pola norte, recorrendo o camiño que se non vai de Adán a Cristo, faiche recorre-lo que media entre Eva e María; vieiro este último propio do país no que a basílica se sustenta; propio das xentes que a atenden; propio das doces e verdes montañas que agachan a dureza das pedras que as conforman.

Sobre estes extremos versou a conversa que mantiveron, todo ó longo do xantar, na casa do Deán; pero, por baixo das teúrxicas afirmacións, latexaba un máis velaíño xogo conceptual no que se afirmaba ou negaba toda unha filosofía que os tempos non reclamaban. Nada máis pousar na mesa un salmón do Ulla que mollaron con viño do Salnés, o Deán avisou de que recibía na súa casa e sentaba á súa mesa non o membro do Santo Oficio, senón o amigo, fillo de amigo e fillo tamén da Terra, co que Lourenzo Pedreira se dispuxo a xantar en paz e gracia de Deus, confiado que estaba xa do cariz que empezaban a toma-las cousas e esfameado que andaba, logo de saír de mañá cedo sen almorzar e de non ter tempo nin de toma-la parva, que era cousa indicada e conveniente para o seu corpo mozo e ventureiro.

A presencia do Metropolitano de Irlanda en Compostela serviu non só de conversa, senón tamén de motivo para proxectar soños que tampouco fraguarían; Frei Mateo, arcebispo de Dublín, fora ata entón gardián do convento de San Francisco e dende a súa sé no exilio alentaba a O'Neill, o primeiro gran caudillo do nacionalismo irlandés, máis coñecido por Tyrone, e relacionaba a toda a xente exiliada, afincada maiormente na Coruña, en Ferrol e mesmo en Santiago. Había entre eles conspiradores de toda clase e condición, dende católicos ferventes a enfervorecidos irlandeses ós que a relixión lles resultaba un bo pretexto para manter ergueita a loita que tería que conducir a que “o reino de Irlanda non se vise, en adiante, sometido ó xugo dos herexes e os membros da igrexa de Cristo non tivesen máis de soberana á impía Isabela”. A utilización do pretexto relixioso coma motivador, coma incentivador da loita, foi un dos temas de conversación polos que o xantar discorreu pausadamente. A presencia dun año asado sen moitas alharacas, tan só con allo e pirixel esmagadiños no almirez e misturados cun aceite de oliva ben peneirado, coincidiu coa defensa non apaixoada, endexamais afervoada, senón exposta coma quen non quere a cousa, afirmando a crenza coa intensidade da ollada, recalcándoa coa entoación da voz, co acenar das mans ou coa xuntanza dos dedos índice e polegar postos en pinza

ou en brahamánica disposición, pero nunca coa frase rotunda, a afirmación droctinaria, o aserto dogmático, de xeito que se puidese intuír que se afirmaba, pero non se puidese demostrar que se fixera: un xogo que se aprende dunha historia adversa ou da crenza na relatividade que nos conforta e guía; coincidira logo a presencia do año non só coa defensa do rexicidio, co nome de tiranicidio, algo que viña de Mariana e compartía cada vez máis xente, senón tamén coa chegada de Frei Mateo na compaña de James O'Haly, arcebispo de Tuam, que viña por encarga de O'Donnell traer recado da situación de Irlanda e solicitar unha axuda que os tempos non concretaron, o que dera moito máis que falar. Cousa esta que non aconteceu axiña, senón que, polo pronto, se sumaron á conversa e pillóuno-la noite nela. Lonxe estaban daquela os procelosos ventos que traen con eles o naufraxio, afastadas das súas mentes as traicións que a historia a veces e teimosamente tece, e falaron, co fervor que presta o xantar abundante e o viño xenerosamente escanciado, de todo aquilo que agardaban. O Visitador permaneceu calado dende a chegada dos irlandeses, e observou como a súa ocupación despertara medo nos semblantes dos recén chegados. Só cando o viño desinhibira as linguas as conversacións colleran a canle que el degoiradamente agardaba; ata entón se mantiveran no relativo á axuda que viñan solicitar do rei Felipe, que estaban certos da promesa que o monarca había facer, que o inimigo inglés sería por fin arredado do seu solar e que qué noite aquela tan fermosa.

Tiñan unha fe mesiánica por veces envexable, por veces inductora de medo no corazón do Visitador, pero sempre acesa e viva, aínda no sentimento dos que vivían exiliados; tal como era a de Maurice Fitzgerald, Conde de Desmond, residente en Lisboa e un dos contactos de James O'Haly, a de Tomas Fitz-John e a de moitos outros que o tempo levaría e dos que para nós a penas queda memoria, pero que a todos eles o Visitador coñecía, aínda que alí o calase, sumido como estaba no silencio.

Foi unha fermosa velada aquela. A noite de luar deixara tras dela un día fermoso e soleado dos que só son posibles logo da choiva intensa e prolongada por semanas: as pedras lavadas amosaban, aínda, a lentura retida nelas e a luz quedaba coma apreixoada nas súas tonas, nelas retida tal que se fose unha áura que lles dese vida; a vexetación aparecía máis verde e vizosa e as pozas, que aínda perduraban no chan facían de espellos a rompe-la monotonía que o gris algunhas veces presta. Fora un fermoso día aquel e os contertulios só se decataron disto cando o serán comenzara a devalar e un ventiño fresco entrou na

estancia na que eles permanecían. Lourenzo Pedreira que, vencido, toupenexaba no seu sillón sometido ás comprensivas olladas do Deán, foi espertado polo Inquisidor, quen lle suxeriu se erguesen, para ir durmir, dado o avanzado da hora, o abundante da comida e o pouco que na vespera descansaran.

Saíron de alí a pouco e prometéronlle ó Deán volver a despedirse antes de inicia-la visita, ou antes con calquera outra disculpa. Os irlandeses entoaban naquel intre unha vella balada que enchía o corazón de tenrura insospeitada.

XI

O avogado da célebre actriz era medio loiro e tiña o pelo encrechado; por poñer un exemplo que lle sería grato ó vello profesor: tiña cara de anxiño pasado por auga: as guedellas pingándolle pola fronte, que lucía incipiente, algo máis que incipiente; se temos que ser exactos: alopecia progresiva. Vestía, aínda por riba, un traxiño azul de executivo, ou de hortera de grandes almacéns, que axudaba a frivolizar cunha camisa de raias azuis e brancas, rematadas nun colo, branco e duro, neglixentemente desabotoado.

Durante a comida que, en ocasión de concluír en debate, adoitaba non só ser máis cara para os estudiantes, senón tamén mellor, o ilustre xurista, que abatía a arca coa mar de proa e pola amura do couso, é dicir, moito, recordáralle ó novelista a lectura xa antiga dun libro, lido había uns quince años, que, se non lle fallaba a memoria, se situlaba algo así como *Radical Chic & Mau-Mauing the Flak Catchers* dun tal Tom Wolfe; un libro sobre a esquerda niuiorquina do que el non entendera moito ata que estivo diante daquel homiño azul e loiro, anxelical. Logo, xa á altura dos postres, uvas e cousas así, o baril picapleitos, gran defensor das focas e das súas capacidades miméticas, defendeu con solercia abondo a ocupación dunha praia comunal por parte da celebérrima actriz e a negativa desta a facer caso do requerimento do goberno francés para que devolvese á propiedade pública o que, segundo xurista, non fora usurpada; devolución á que a boa da señora se negaba teimuda e insolentemente ameazando con irse de alí e deixalos cun palmo de narices; cousa terrible esta última, a xulgar polo ton dramático e fúnebre que, con só pensar en tal posibilidade, se lle puña a aquel querubín togado.

Definitivamente, nos postres comenzou o debate. Aquel burguesiño loiro e agudo coma un allo disfrutaba tanto coas preguntas sobre a actriz, que tiña que poñer cara de fastidio e irrenunciable obrigación cada vez que, con aparentes poucas ganas, ía respondendo as cuestións que, nese sentido, lle ían presentando

o cento e medio de alumnos naquel comedor acollidos. Dicía Fernando Pessoa que “o francés” é a apoteose do secundario; pois debe ser certo: aquel galopín non dicía nada, pero dicíao moi ben; e todos encantados.

O novelista permanecía calado e máis ben aburrido, atento maiormente ás pernas das rapazas das primeiras filas ou ós corpos das que, maravilladas pola propia ousadía de ser quen de interpela-lo avogado da celebérrima actriz, se puñan respetosamente en pe antes de face-la súa pregunta; actitude coa que conseguían non só facerse notar, senón tamén amolar de paso ós que estaban detrás delas, obrigándoos a estarrica-lo pescozo ou a protestar, ás veces iradamente, ante aquela ocultación momentánea do seu campo visual. De vagar, o coloquio foi habilmente conducido polo propio xurista á referencia a outro tipo de defensa, á que ó parecer estaba tamén habituado: a dos membros de euzkadi ta askatasuna; cousa que, tamén ó parecer, lle producía enorme satisfacción e polo que se vía unha energuménica ignorancia do proceso democrático que se vivía en España; pero o home estaba feliz. As preguntas dos estudiantes, máis cheas de sentidiño que as respostas do infraescrito, foron sendo máis complicadas e as respostas gozaban cada vez de menor fortuna. O novelista comenzou a se aburrir, a se ensimesmar, e só saíu da súa ausencia cando unha italiana lle preguntou ó roxiño se defendería tamén ós das brigadas rubias ó que lle respostou que si, que o faría se fosen tan fermosas coma ela era. Tamaña frivolidade fixo rir a máis dun, pero permitiu ó escritor saír discretamente, dicindo que ía mexar e que unha das cousas máis graves que poden acontecer é non ter con que facelo.

Quedouse a tomar café fóra, nunha cafetería estreita e chea de luz que atendía un novelista arxelino, dedicado preferentemente ó xénero pornográfico, daquela en franca decadencia, con quen se sentía solidario non por nada literario, senón pola resistencia do mouriño a gargariza-los erres, que pronunciaba fortes e ásperos coma se no mundo non houbese outro xeito de facelo e, tamén, pola displicencia que amosaba para con toda a xente: un algo altivo e tribal que se lle ía na ollada, acaso no porte. Adoitaba camiñar co brazo esquerdo ergueito a medias coma se fose practicando a cetrería e, en calquera intre, puidese vir un falcón peregrino e se lle pousar nel.

Era, o arxelino, un ser que despertaba cordiais simpatías e viscerais xenreiras que puñan de manifesto a súa singular condición, o excepcional dos seus dotes; a partir del, o mundo quedaba dividido en dúas metades. Unha metade era a das mulleres que se sentían anoxadas, ou tal manifestaban, diante do coñecemento

da súa práctica literaria, “un marrao” adoitaban dicir entusiasmadas e outra era a das que se sentían atraídas pola versatilidade de xéneros que a súa dedicación supuña. O caso é que vivía nunha boa casa na zona residencial, frecuentaba mulleres fermosas e paseaba cans de luxo, nos abrentes cheos de sol, a través do parque, tan coidadiño e próximo ó campus que mesmo parecía, a aquela hora da mañá, que fora del e non de ninguén máis.

—“Dixéronme que anda a escribir unha historia dun griffon”, comentoulle o mahometano, mentres lle arreaba ó whisky fervosoramente e puña os ollos vesgos, pousados na punta do nariz. O novelista pensou que aínda non escribira unha liña e xa estaba comprometido a concluír un cento delas. Quizais así empecen as novelas “estou a escribir unha historia que…”, “penso que teño un tema que…”, “pode que esta sexa unha boa trama”, empézase así, a contar unha historia, e empezas a aprendela, a sabela de memoria, a repetila ata a fartura, a fartarte de afirmar que andas con ela ó lombo, ata que non tes outro remedio que poñerte a ela, que desembarazarte dela e acabas escribindo algo que endexamais soñaras escribir. O do Griffon empezaba ese camiño tortuoso que ó cabo dun ano nin sequera tería concluído nunha frase; pero daquela o novelista aínda gardaba as formas. “Ando”, contestoulle. “¿E que vén sendo un griffon?”. “Pois vén sendo un animal mitolóxico que ten corpo de león e aguia, pero eu, a parte de aguia, voulla converter nunha anguía”. “¿E é a de arriba ou a de embaixo?”. O novelista ollou, suspicaz, para o seu colega e respondeulle que a de arriba “¿Pois como quere vostede que camiñe se é a de embaixo?” O mouriño ollouno de arriba a embaixo. “¿A de enriba? ¡Pois, que fálico! ¿Non si? ¿Non si?”

O Griffon perseguiríao ó longo de todo o que quedaba de día e de parte da noite. Lucille, polo contrario, ignorouno todo canto puido. Quizais para non dar sensación ou noticia algunha de dependencia ou do bíblico coñecemento, quizais por amosar unha decepción que o bo do escritor non encaixaba dentro das súas máis aventuradas suposicións, quizais porque realmente estivera moi ocupada atendendo a toda aquela montaxe de trae-lo avogado, de atendelo, de despedilo, de prepara-lo próximo coloquio; o caso foi que o visitante quedou amuado e confuso e tornou só para o seu apartamento, na parte vella da cidade, preto da catedral e non lonxe do Hotel de Ville, case na fronteira co barrio arxelino.

Dedicou o resto do serán a pensar en serio no Griffon, nas ridículas coincidencias que se lle presentaban e na maldita hora na que, partindo do feito de que estaba a vivir no cinco da rue du Griffon, se lle ocorrera propoñer coma tema de elegante conversación de amena noite e amable sobremesa, o dun ser

ubicuo que tivera moitas vidas e navegara polas augas con donidade incrible e atemporal. Estaba incómodo, realmente incómodo e non atopaba acougo. Da casa de enfrente e a través da rúa estreita, chegáballe a música que uns estudiantes tiñan a todo volume. Agradeceu que fose música clásica e non só clásica, senón tamén boa, e pareceuse serenar co harmonioso estrondo que enchía a súa habitación, a súa mente, incluso a súa caixa do peito, tan ben soaba a condenada. Pouco a pouco volvíaselle esquece-la historia macabea que o desasosegaba. Xa era noite e aínda non ceara, así que decidiu baixar á rúa logo de comprobar que, no frigorífico, non había moito que aproveitar: unha xerra con auga fría, un cartón con leite sen moitas garantías de non ter periclitado había tempo a caducidade, medio limón, un paté cheo de mofo e un filete fritido, pero tan enxoito e duro que acordou tiralo na bolsa do lixo e desprazarse axiña a buscar cartos na americana que tiña gardada dentro do armario e que cheiraba a naftalina que daba medo. Baixou e á volta da esquina, na rue de Paul Bert, algún tipo importante do que non sabía absolutamente nada, entrou nunha tenda de queixos corsos e manteigas salgadas e trabou conversa coa dona, unha señora corsa que fixera filoloxía portuguesa e castelá e que acabou consentindo que falase el en galego e ela en portugués ó tempo que con viño corso, (feito por galegos nas terras baixas da illa que practicamente colonizaran enteiras os pes negros, excepto algunhas segundo se vía, e non as peores), brindaban polo triunfo de Edmond Simeoni quen por aquel tempo acadara unha ampla representación parlamentaria na recén elixida primeira asamblea corsa. Unha delicia.

Ó abandona-la queixería íalle agradecendo intimamente á dona que tivese a delicadeza de non lle falar de griffon algún e de convidalo a viño, a viño abondo, segundo se colexía da observación do camiño que o escritor describía: un tanto irregular e torto para as intencións do camiñante que deambulaba entenrecido pola acollida que lle dispensara a corsa. “Xente amable a da illa”, dicíase no seu camiño de retorno, “xente amolada pola historia, xentiña coma a nosa, con castiñeiros e néboas e choivas doces e tamén medio piratas, aínda que sen costa da morte, coma nós”. Tíñalle cariño a aquel país de xente proída e altiva, calada e rexa, lentos en dar amistade, firmes nela cando a conceden. “Son tan coma nós que calquera día, dicíase o escritor, aparéceselles algún iluminado que se os queira reintegrar na Sicilia ou na Cerdeña, coma a nós que, mentres que os vascos queren anexionarse a Euzkadi Norte e os cataláns ó Rosellón, temos xente que quere que nos integremos en Portugal, os moi ladinos ¡ouh, ousados!”.

Na porta da rúa agardábao unha das predilectas de Lucille que se botou a rir tan pronto como o viu dubitativo no avance, inseguro no balance, torpón de movementos.

—¿De onde vén? preguntoulle leda.

O novelista quedou parado, ollouna de arriba embaixo, baixou a cabeza e, erguéndoa a modiño, respondeulle altivo.

—Veño de funda-lo movemento patriótico de recuperación da Galicia miñota.

Logo, erguendo o brazo e a voz, berroulle.

—¡Morra o imperialismo! Pero postos a iso, mellor exerce-lo que sufrilo. ¡Ata o Douro! ¡Ata o Douro é noso!

Calou, fitouna de novo e concluíu:

—Ti non entendes disto, anda, sube.

Levaba na man queixo, pan e unha botella de tinto que amosou mentres falaba.

—É que agardan por nós.

Non lle fixo caso e abriu a porta.

—¿Quen? Anda, sube.

—Os demais.

Non lle fixo caso e comenzou a subi-las escaleiras. Ó chegar á porta da casa ela seguíao un chanzo por detrás del e agardou a que franquese a porta e a que entrase.

—¿Quen son os demais?

A rapaza comentou primeiro que qué sucio estaba todo, que qué desorde e que onde era que escribía, porque estaba certa de que algo estaría a escribir; e el sen contestarlle nada achegóuselle e bicouna, atraéndoa cara a si pola cintura que lle pareceu xuncal e forte. Respondeu ela ó bico, agarimoulle logo as fazulas cunhas mans insospeitadamente suaves, mentres murmuraba a insoportable estupidez consistente en pronunciar “mon bijoux, mon bijoux” mentres se abuguinan os beizos e se alonxa unha, esguedelladamente, eludindo contactos máis farturentos.

—Agora non, díxolle, agora agardan por nós e non sería bonito facelos esperar máis.

Agardábanos no Cours Mirabeau. Camiñaron en silencio mentres o novelista, clarexado en parte por unha ducha rápida á que se sometera en tanto a alumna agardaba impávida ó velo saír da auga envolto nunha toalla, ía pensando

naquela boa disposición para os beixos que non conducía a ningures. A rapaza colléraselle do brazo e arreconchegábaselle facéndolle senti-lo seu corpo e provocando nel máis desexo de aventuras que o que aquel paseo boamente supuña.

Ó velos chegar collidos de tal xeito, Lucille enrugou un pouco o ceño e logo adoptou unha naturalidade, desenvolta e mundana, que lle acaía moi ben e que o novelista agradeceu. O Cours estaba cheo a reverter; por diante das terrazas dos cafés sucedíanse as atraccións da noite e tragalumes, conxuntos de xazz, prestidixitadores, orquestinas, caricaturistas, malabraristas, músicos, poetas que montaban o seu telderete de amplificación de sonido e recitaban pedantescos versos, insufribles poemas ou delicadas e inxenuas composicións amorosas que facían soñar ós matrimonios velliños, certamente escasos naquela ocasión, e sorrir ás parellas mozas que se podían ver reflexados neles sen que a identificación lles apetecese moito, aínda que non por iso deixase de ser menos certa.

Estivo locuaz o novelista; locuaz e ameno, brillante e divertido. Repartindo as olladas entre a profesora, Lucille, e entre a alumna, Mireille, e cismando acerca de se o tan sonado ménage à trois seria certo ou, tan só, unha invención publicitaria de cara á consecución de divisas. Xa pasadas as doce, retiráronse todos. O escritor ofreceuse a acompañar a Lucille sen que ela aceptase; polo contrario, foi el o que resultou acompañado por Lucille e por Mireille.

Na porta da casa paráronse brevemente e despedíronse; mañá pasarían a buscalo cedo para ir á Universidade. O novelista ascendeu as escaleiras que conducían ó seu apartamento coma se de un Golgota se tratase, durmiu só e despertou cedo con algunha sede, pero sen resaca.

O Parc Joseph Jourdan, o tan frecuentado polo mouriño que escribía novelas pornográficas, xénero en desuso como ben se sabe, está segundo sobes cara ó Boulevard du Roi René e estaba a aquela hora da mañá mesmo apetecible para un longo paseo ou para ler sentado baixo a sombra dalgunha árbore das moitas que alí hai; sen embargo o escritor arxelino non estaba por alí, paseando algún can ou paseando algunha loira; había, iso si, algunha parella deitada ó sol, na herba, mentres o novelista lía a prensa española que mercaba preto do Cours d’Orbitelle nunha librería atendida por uns cataláns exiliados que, só ó cabo de moitos días e moitos fracasos sintácticos e fonéticos do escritor, acordaron entenderse con el en castelán, cousa que moito lles agradeceu, aínda que non fixese ostentación disto. A lectura matutina, a morneza do sol, o ledo da hora con

paxariños a rechouchiar e cousas desas cursis que enchen o corazón de melancolía e poñen a un sentimentaloide, máxime se é novelista e vén dun país verde, puxéronlle o corpo cheo de ledicia a aquel home que non facía máis que recibir bicos. Deu a súa charla de redacción creativa, respondeu a algunha cuestión que lle foi presentada e acenoulle a Mireille para que o agardase á saída da aula, cousa que ela disciplinadamente cumpriu.

Xa fóra propúxolle ir xuntos á piscina municipal e ela aceptou. Íase a ela seguindo os boulevares Carnot e Poilus ata desembocar na avenida dos "Déportés du Pays d'Aix e de la Résistance Aixoise", avenida non tan longa coma o seu nome, aínda que este poida ser motivo de figurar no *Guinnes Book of the Records*, pero chea de árbores e, como non, de coches. A aquela hora, as once da mañá, non había moita xente; así que puideron xogar moderadamente na auga e retouzar na herba que hai fóra do edificio que alberga a piscina. Propuxo el xanta-los dous xuntos e propuxo ela facelo fóra de Aix. Avisaron á Facultade de que non xantarían nos pabellóns dos estudiantes. Primeiro chamou el, logo chamou ela e de seguido e sen quitar-los bañadores, subiron ó coche e buscaron a autopista.

Ás dúas da tarde apareceron na Fontaine de Vaucluse; atrás quedaran Salon de Provence, a penas intuído dende a autoroute, Orgon, Cavaillon, lugares que se sabían pousados ás beiras da estrada, calados a aquela hora cálida e aparatosa, cheos de historia, presentes que estiveran sempre nela gracias á súa situación de encrucillada, máis ben de paso para os lugares que a atravesaran dende os tempos dos romanos.

Xantaron nun dos restaurantes que hai preto da Fontaine, logo de deixa-lo coche nun aparcamento e de que o novelista se sentise mozo e áxil. Tivérase que vencer para chegar a proponerlle a aquela criatura que xantase con el, e quedarase abraiado logo de que ela non só aceptara, senón que decidira o lugar axeitado para facelo e logo de que vira irse consumindo quilómetro, tras quilómetro sen noticia de cal sería o fin da viaxe. Sabíao agora, estaban na Fontaine de Vaucluse e o nome traíalle unha idea vouga de algo indescifrable que estaba a lle bulir nos sesos, sen que acadase a identificala con algo que el coñecía.

Comeron frugalmente unha ensalada e unhas troitas e ó estaren tomando o postre, un xeado de nata, decidiuse a preguntarlle a razón de por que o trouxera alí. Puxo ela ollos de abraio e respondeu.

—¡Aquí é onde ten que nace-lo Griffon!

El non entendeu nada. Pero xa ían dous parideiros posibles; así que decidiu calar.

Rematado o xantar comenzaron o paseo que leva á Fontaine de Vaucluse, un paseo entre ameneiros na beira dun río de augas fuxidías e pouco fondas, nítidas, cristalinas, que van peiteando as plantas do leito da canle, donas dunha luz que tan só alí é posible. Pasaron por dediante das tendas de artesanía, dos obradoiros artesáns sen se deter, coma se ela tivese presa en chegar a algures por moito que camiñara lentamente, collida da cintura do novelista, repousada a cabeza no seu ombreiro, adaptando o seu paso ó del.

—¡Canto amor viu este río!, sospirou ela.

Certamente a ribeira era fermosa e calquera podería inferir que por ela camiñarían felices os namorados, así que entendendo o que lle conviña achegouna máis a si e demorou o paso.

—Cantos sonetos lle terá que agradecer Laura a esta auga que tan lixeira baixa; teimou de novo a alumna.

—¡Claro! ¡Petrarca, coño!

Nin se enteirara de que estaban na Fontaine de Vaucluse. Un sentimento case relixioso invadiu o escritor; afrouxou a tensión que mantiña o seu corpo próximo ó da rapaza e tornouse máis perceptible ó devalar da auga, á tonalidade da luz peneirada polos ameneiros, ó silencio que os envolvía. Esculcábao todo, axexando as troitas pousadas na corrente, o vento detido nas ponlas, o aire estantío, a cor da terra; desfíxose do abrazo e camiñou collido da man da rapaza, ata chegar á cova na que nace a auga.

—Parece o embigo do mundo.

Unha cova de dimensións catedralicias, un anfiteatro enorme cunha lagoa no fondo, un burato primixéneo que estaría alí dende a creación do mundo, aparecéuselle dediante dos ollos, abraiándoo, facéndolle sentir temor, medo. Sentiuse vivo, pero non soubo descifra-las moitas sensacións que o conturbaban, os sentimentos que o invadían, o extraño vágado que sentía. Algo así coma cando neno o profesor o chamaba a da-la lección e se sentía inseguro sobor das dúas pernas que o sostiñan e todo adquiría unha perspectiva nova, que cesaba no momento de tornar para o pupitre e que facía ó profesor máis grande, ó alumno máis cativo, ós compañeiros inexistentes; tal foi o que sentiu o novelista dediante da cova enorme que o atraía cara ela coma subsumíndoo. Sentiu ganas de soloucar e achegou novamente o corpo da rapaza cara ó seu. Permaneceu en silencio moito rato e só cando unha familia de visitantes irrompeu no silencio

litúrxico no que estaban, volveu sobre os seus pasos a se sentar nunha rocha para seguir observando aquel milagre.

Alí podería nace-lo Griffon, concedeulle o novelista a Mireille; no fondo da cova tería unhas aletas de pesca submariña e cando o amor o entolecese, porque tería que ser un griffon namoradizo, somergullaríase calzado con elas naquela fondura de augas que ninguén medira, porque nacía o medo a partir dos douscentos metros de profundidade, e que non levaba a ningures. Botaran corantes na gruta e non agromara a auga tinxida por ningures, así que a ningures conduciría aquel hidráulico camiño. O novelista entenreceuse novamente: o Griffon estaría namorado, sería namoradizo e preso das mágoas do amor somergullaríase naquel camiño sen fondo que a ningures levaba. Bicou a Mireille e seguiu a fabular: sabería o Griffon en que ano entraba na auga e navegaría polas augas subterráneas ata atopar unha saída que tería que ser necesariamente por algún dos sete embigos que alí mesmo acordou que tiña que te-lo mundo. Un, o primeiro, aquel mesmo que Petrarca amara. ¡Como non identificara aquilo! De vagar íaselle facendo un mundo, insospeitado ata o de entón, e que tiña arrumbado polo fondo de si mesmo: Salón de Provence recordoulle a Nostradamus, ós alquimistas, e o Hotel de París presentóuselle preto de Seillons sur Souce d’Argent. ¡Sempre a auga! Decididamente un dos embigos sería Aix, outro Aquisgran, cidades de auga e caldas, outro Compostela, outro Allariz e o Griffon nacería neles logo de ter percorrido o tempo, agromaría neles polas fontes de catro canos e sen saber en que tempo estaba, se naquel polo comenzara a viaxe, se noutro calquera que lle había ser amosado. Interrompeuno Mireille.

—A fonte de catro canos éche do barroco, penso eu.

Xa estaba limitado, pero el ía escribir unha novela, non un tratado de historia; se o concepto de fonte era do dezasete, a el importáballe un pito; o Griffon aparecería polas fontes de catro canos e amén. Ela admirou a decisión propia do autor que amosaba o novelista e decidiu crear tamén ela.

—Pois pódeche quedar bonito: entra no dezasete e sáeche no vinte, vaiche dar un xogo que non vexas.

El empezou a desconfiar; levaba desconfiando das novelas así artelladas dende había tantas noites coma noites se cumpriran dende a cea no Hotel de Paris, preto de Seillons sur Souce d’Argent.

—Si, e por iso, para chegar máis lonxe, é polo que pon as aletas.

Ela non entendeu a ironía e entón el apretouna máis forte contra o seu peito.

A idea non era mala, o caso era darlle xeito a todo aquilo. O Griffon podería tratar tanto co Abbé Faría, o do Conde de Montecristo, coma co Abbé Godofried o que preñara vinte conventos de monxas enteiros en Aix e logo morrera na fogueira, cousa que non lle habería molestar moito… ¡quente como era!

Tornaron polo mesmo camiño e, no muíño artesán que hai ó comenzo del, mercou papel nel feito con trapos vellos e fermosos resultados, decidido a facerlle un poema a Mireille e deixarllo escrito naquel papel feito coa auga que corría dende a Fontaine de Vaucluse que Petrarca amara.

A tarde fora única e debíalla a ela, ó seu corpo mozo, á súa intuición, e estaba disposto a agradecerllo. Mellor dito, sentía a necesidade de facelo, de significarlle dalgún xeito as sensacións vividas ó seu carón, o privilexio hábido, a lucidez disfrutada e aquilo só se podería expresar nun poema, que tería que nacer algún día para ela. Non Ilo dixo, pero sentiu no seu peito a certeza de que así tería que ser.

Xa no coche ela indicoulle que preferiría non conducir para poder ir fumando unha pouca herba e el respondeulle “Non derráme-lo serán…” cunha voz que a debeu impresionar ou cando menos inhibir de tal xeito que non acendeu o xarutiño, xa concluída a súa confección cunha perfección e hábito indiscutibles, e pasou toda a viaxe de volta arrimada a el ou agarimándolle a caluga.

De camiño foron completando a historia do Griffon. Podería ser un mariñeiro do Conde de Montecristo, a quen o Abbé Faría non contara toda a verdade respecto do tesouro dos templarios que, por suposto, non era o que Montecristo atopara, senón unha pequena parte xa que a outra, a grande, estaría en Ponferrada; e non no castelo do Temple, senón xustamente embaixo do servicio de señoras da primeira planta do Hostal do Temple, segundo se sae de Ponferrada, na Galicia irredenta, tamén territorio a reivindicar xunto coa Galicia miñota obsesiva da súa talanqueira da véspera, á dereita.

Chegaron a Aix, prometéndose visitar xuntos o Châteu d’If e preguntándose se sería válido aquel extraño contubernio que estaban a artellar entre media ducia de xente sen moito que facer: unha hispanófila-no-mellor-da-súa-vida, tres das alumnas da hispanófila que poderían facerlle disfruta-lo mellor da súa vida ó quinto en discordia, e o quinto en discordia, un novelista sen moito que argallar; fallaba o sexto, pero o sexto falla sempre, así que o deixaban o albur e nin buscaban quen completase o sexteto, nin deixaban de buscalo; era un apéndice que nalgún momento daquela relación, máis propia do verán e dos tempos que corrían que doutra cousa, pensaron en reservar para o propio Griffon, coma se xa

postos a inventa-la presencia incorpórea daquel enxendro das súas mentes puidese materializarse dalgún xeito. E se non se materializaba o Griffon podería, cando menos, materializarse algunha das propostas que o fato de diletantes elevara á superior comprensión da hispanista, Lucille de nome como se sabe, a quen non deixaban de todo allea as composicións de lugar nas que puidesen intervir xentes doutros mundos, doutros espacios e doutros tempos, como adoitaba dicir ela, pero que non son instancias que merezan nestre intre, acaso si noutro, que se deteña a relación nela; quérese dicir que aínda que con moito segredo e discrección, Lucille facía prácticas espiritistas: a táboa parladoira e cousas desas todas moi litúrxicas, todas moi endereitadiñas a doar unha vía pola que fuxir da anguria; recurso este equivalente á beatitude rosariana predicada nos afastados tempos da nenez da boa profesora, por aquel matreiro impulsor que se chamaba o Padre Peyton, un santo obviamente; equivalente á sesión de squash ou fouting ou biomusic; equivalente, en calquera caso, a calquera sucedáneo do atordoamento e equivalente e lexítimo conta calquera deles.

Enteirouse o Visitante das crepusculases sesións da Profesora mentres Mireille se encirraba en arrincarlle cos dedos, pendéndoas entre as unllas, algunhas das poucas canas que xa lle agromaban no peito. Ría ela e parecíao tomar a xoldra el, aínda que polo baixo constatase, non con moita satisfacción por certo, que naquilo consistía realmente o de tirar unha caniña ó aire e gabándose, diso non hai dúbida, de que se puidesen tirar en tal horizontal circunstancia e fermosa compañía.

Foi nun deses espacios que balizan o longo camiño dunha noite en compañía, eses que permiten recuperar folgos, acumular enerxías e gabarse da anterior etapa sen nostalxia aínda, dada a proximidade e a posibilidade da seguinte e a presencia amiga e compañeira dalguén que non só non dorme, senón que escoita e agarima e fala; un deses espacios, deses prolegómenos que fan máis fermosa a conclusión; porque son fermosos eles en si mesmos e permiten que dous seres falen sen pudores, coñecida xa a miseria na que se sustentan, a continxencia dos seus corpos, o efímero de todo; foi nun deses espacios, dicíase, cando Mireille advertiu ó seu amado novelista daquela peculiaridade da súa respetada, admirada discente. Estaba el, naquel intre, confesándolle as súas dúbidas sobre a lexitimidade de argallar historias así a eito con procedementos tan imaxinativos, por non dicir fantasiosos, que permitisen aquelas atemporalidades de que o Griffon entrase polo cano norte dunha fonte, no século dezaseis, e saíse polo sur doutra que estaba a mil leguas da primeira, e aínda por riba tres séculos despois;

ou dous antes, que tanto tiña. Parecíalle un recurso doado e non o era “¿Que se che acaba a corda nun capítulo?” comentáballe o escritor á universitaria, mentres lle facía cóxegas na cadeira, deixándolle esvarar por ela os dedos abandonados e conscientes “¡Pois nada! remollón na fonte e a empezar outro, noutra parte”. Ela ollábao abraiada, aquilo dos remollóns semelláballe lúdico. “Pero que enormes posibilidades se che abren”. “Tes razón, todas, todas se me abren”. Agora só fallaba a trama que engranzara todo aquilo, as bisagras que permitisen as dobreces, as superposicións, o mapa que ó se doblar permitise ós vikingos apareceren en Compostela; o espello que, ó mirar nel, te levase lonxe, tan lonxe coma quixeses; o lume deixándote axexar nos seus íntimos misterios, ou a música da gaita, ese fío de prata a fende-lo aire e dividi-lo tempo en antes e despois da música; o cabalo de fume no que se esvaír no espacio gallopando. Por haber había mil procedementos, aquí só se deixan constancia duns poucos, pero poderían citarse máis: o do tambor de folla de lata, o do rodaballo contarilleiro, a simple ensoñación; pero ningún tan pouco indicado para reumáticos coma este aixeoise, xurdido en Seillons sur Souce d’Argent, no que o acuático medio do rodaballo, o fío de prata da gaitiña e tres ou catro relacións máis posibles sen dúbida ningunha cos medios que atrás quedan expostos, pero pedrestres na súa concrección, fan que se eluda o seguir poñendo de manifesto o concomitante dos procesos, a licitude dos mesmos.

Calquera procedemento é lícito sempre que haxa aventura, sempre que haxa diversión e a diversión te leve á introversión, á materialización, dentro de ti mesmo, do propio soño adiviñado. Cousa que tamén pode suceder fóra de nós mesmos e confirma igualmente o dito: Olla ti senón o hispanista francés amigo de Lucille, moi bo amigo de Lucille e da mesma corda aínda que vexetariano, que pasou tres días na escuridade secular da cova de Montesinos “Tal e como o fixera o Quixote” “¿Entéiraste, Mireille, tal e como fixera o Quixote?”. Iso é a historia e a literatura pouco máis é que a historia. No Arco da Moncloa un galego, republicano no 34, explícalles ós seus fillos un combate realizado, unha vez, hai trinta anos e soñado trinta veces trinta por cada un dos anos transcorridos. Novecentos combates son moitos combates: o galego está canso, desfeito e esgotado, incluso está a suar e trémanlle as mans. Leva no corpo o peso dos novecentos combates, dos novecentos homes que foi; a través dos seus fillos imaxina, recorda de novo, e failles taca-tacatata-taca-taca-tactata-taca-taca, mentres lles ensina como se tomou aquel outeiro, que está alí por algo, e polo que el está a subir fatigosamente.

Na mesma porta e no mesmo momento outro galego, este nacionalista no 36 e que tamén está a face-la guerra fóra da súa casa, está a lles expliar ós seus fillos como tomou metralleta en man aquel outeiro no que agora están; e tamén leva o peso dos novecentos combatentes que foi, dos novecentos combates que librou, e tamén fai taca-tacatata-taca-tacatata-taca-taca. Cada un deles ascende ó outeiro da Campa da Moncloa por distinta caeira. Xa na cima, crúzanse e non se ven, acaso anubada a ollada polo ruído. Pode ser, entón, tamén o ruído algo que nos leve a algures. Pero algo hai, a cova de Montesinos, o Outeiro dos Anxos, a Campa da Moncloa, o fío da gaita, o rodaballo, ou o mesmo Griffon que vai andar polos ríos subterráneos, incluso polos regueiros, ata por aqueles que son miúdos coma fíos de prata, que nos vale a nós para nos aventurar e meterlle bucles a este circular camiño no que andamos; o que en definitiva é necesario para que de vez en cando poidamos riza-lo un pouco; algo así coma poder facer puñetas cando nos pete e sen necesidade de que nolo indiquen.

Tiña que ser lícito, aínda que escasamente novidoso, o procedemento ambulatorio do mitolóxico enxendro. Tan só e non só se esqueceran de que, segundo os tempos, podería cambiar de aspecto e adopta-la humana forma, senón de que se ía namorar da barragana de algún arzobispo.

Petaron na porta e o Profesor Visitante ergueuse a abrir, vestíndose un albornoz por riba do seu corpo espido e introducíndose as pantuflas mentres camiñaba cara o comedor.

—¡Hola Lucille! ¿Ti por aquí a esta hora?

Ela nin intentou mirar dentro.

—¿Estás só, non?

—Si, claro.

—Pero non quedamos que eras do noroeste, que non tiña nada que ver co Calderón.

—Ben, pois estou acompañado.

—¿Con quen?

—¡Pero non quedamos que non tiñas nada que ver co teatro francés que se asemella ó de Calderón!

—Logo é que non queres que saiba quen está contigo.

—Logo é que non queres que estea con ninguén. Anda, vaite que estou só e teño ganas de durmir.

—Onde estiveches.

—¡…Mañá cóntocho… vaite!

—¡Ás oito!

—¡E dálle… ás oito, ás oito! Xa irei cando me pete…

Dixo, xa pechando a porta o máis axiña que puido, coidando de ollar para o chan, non fose ser que lle metese un pe para impedirlle pechar. Tornou para o leito; Lucille tiña a cara da alumna a quen a profesora colle en falta e a soberbia da alumna que colle en falta á profesora e sabe máis ca ela. Non falaron máis do Griffon aquela noite.

Lera “El Conde de Montecristo” sendo ben neno; dous tomos encadernados en rubio nunha edición da que agora tan só recordaba sensación táctiles, cromáticas, acaso métricas, pero non o nome do editor, o ano da publicación, quen fora o traductor; recorda que adoitaba lelo sentado nunha cadeira de vimbio que fora do seu avó e dende a que o seu avó dobraba o corpo para lle acada-lo leite morno do almorzo á súa gata preferida; estaba, o sillón de vimbios, na galería que daba á horta da casa e estaba agora na galería da casa que daba á estación do ferrocarril, convertida xa en herdanza, morto o avó e esluídos tantos e tantos soños. Lera “El Conde de Montecristo” alí sentado, acaso en homenaxe ó vello, acaso porque era o lugar máis tranquilo da casa, interrompido tan só de vez en cando polo bufar da máquina de manobras, á que lle tiñan posto un nome que agora non recordaba, ou o roncar dalgún camión que pasara pola estrada; os coches eran máis, pero menos ruidosos.

Recordaba todo isto o profesor cando, pola mañá seguinte, se dirixían, no coche de Mireille, cara ó Vello peirao marsellés no que haberían de coller un barco que os levaría á rocha de If, na que estaba o vello presidio novelado por Alexandre Dumas; deixou de facelo tan pronto como, na badía do peirao, subiu a bordo dun barquiño limpo e coidado que lle levaba quince francos dos novos pola viaxe; xusto nese momento deixou de recorda-la lectura, a cadeira, a galería, os trens, deixou de recordar, e dispúxose a gravar todo canto aquela viaxe lle deparase. Pouco puido facer: durou escasamente vinte minutos, o barco ía cheo de visitantes e a descrición da illa era exactamente igual a como llo advertiran as guías turísticas. Tan só houbo algo que o impresionou vivamente: a estreitura do burato por onde Faría se comunicaba con Edmond Dantes, a estreitez da cela do abbé, alí encolleito e a escuras tantos anos, e mailo burato

polo que ciscaban no mar os encadeados enfermos ou defuntos; pero en xeral non lle pareceu nada excesivamente lóbrego e así llo dixo a Mireille, facéndolle referencia a un inverno na beiramar oceánica da que el proviña. O certo é que recorreu o castelo co litúrxico fervor que presta o tornar ós anos da nenez, ós sentimentos que nela experimentaches e que puideches manter aletargados dentro túa, sen sospeitar nin tan sequera da súa existencia para que ós prontos tornasen a ti asulagándote de señardade e tenrura, de anguria e consciencia; sensacións que o vello escritor experimentaba dende había xa algúns anos e con certa frecuencia, cada vez que se topaba coa filla dunha antiga moza del, plena de semellanza e chea de suxerencias que no recordo lle causaban ó agora visitante unha situación, un sentimento, senón exactamente igual si de abondo relacionado co que aquí queda reflexado. Se o novelista fose pai, recordaríalle esa facilidade con que as sensacións dos balbuceos dos nenos, cando se botan a andar ou cando queren falar aquilo que si saben que queren dicir, pero que non saben articular, se lles ven a eles, ós pais, á vista do esforzo dos fillos, polo esforzo inducidos e a tenrura pola incapacidade do fillo, pola recuperada sensación, os invade tamén a eles ó tempo que a señardade misturada coa anguria, lles dá noticia de que xa pasou o tempo, esa abstracción.

A viaxe a If foi iso: un reencontro cun neno que morrera había xa anos e que resucitou por uns instantes. Non tódolas viaxes son así; a maioría delas son fóra de nós mesmos e tan só unhas poucas nos permiten reatoparnos, ben sexa en If ou en Redondela. Estas segundas, as que facemos a nós mesmos, son contra a común crenza moito máis perigosas que as outras; de repetirse con certa frecuencia pódente levar a viaxes sen retorno: á idiotez, á tolemia, ó suicidio; e hai que tomalas en moi pequenas doses, en moi esporádicas ocasións. O encontro coa evidencia é para espíritos ou moi febles ou moi fortes; a xente común está indefensa dediante da evidencia; sobre todo cando comenza pola espida evaluación da propia continxencia.

Así lle falaba o Profesor á Alumna; aínda que hai que recoñecer que, senón exactamente así, si, polo menos, de xeito bastante aproximado; pero xa se sabe que a reproducción dun diálogo exactamente tal e como se produciu, conleva a utilización do entrecomillado e esa, xunto coa globalidade dela, é unha parte da práctica mecanográfica total máis ben pesarosa e ralentizadora, que non se sabe se estará rexistrada en algures como indefectiblemente obrigatoria ou ben se tan

só é aconsellada para unha máis pulcra presentación e doada lectura. Pero dicíase que así, máis ou menos así, lle falaba o Profesor Visitante á súa eventual Alumna, dediante da cela do Abade Faría, no medio do mar azul e mediterráneo. Baixaron a bañarse nas rochas que bordean a illa e fixérono no intre no que o mar se encristou de tal xeito que foi cousa feita máis que por pracer, por determinado tipo de educación que ensina a un home a rematar todo aquilo que comenza; aínda que as situacións non sexan no seu remate tal e como eran nun principio e se consideraba que ían seguilo sendo.

De aí a licitude dos procedementos ós que antes aludiamos; se fosemos capaces de domina-los elementos, dicíalle o Profesor á Alumna, e agora entrecomillamos "Se fosemos quen de domina-los elementos, agora mesmo, este mar sería tan azul coma cando chegamos, tan pousado como hai media hora, e ti e mais eu nadariámolo espidos a soñar fuxidas imposibles. Se non o facemos é porque non podemos, así de doado. Pero mellor podería ser facelo". Era certo e acaso porque tamén estaba de acordo e sen que houbese, por outra parte, necesidade ningunha de facelo foi polo que Mireille teimou no dos mapas dobrados, no dos espellos axexados no seu fondo, no dos rodaballos parlanchíns, e no das interminables historias que se as les poden acabar levándote de viaxe, e afirmou que había que ver, que, alí, en cambio, con deixar de toca-lo tambor xa estaba feito, que por tal motivo o Griffon podería saír a tona da auga cando o quixese e por onde quixese, porque iso dependía da nosa vontade, non da de ninguén máis. "Se agora xa se produce choiva artificial ou maruxía artificial, e se ti mesmo poderías calmar esta de ter aceite en cantidade ¿por que non vai poder face-lo Griffon o que lle pete?". "Primeiro, díxolle o novelista, non teño aceite; segundo, se botase aceite non creo que che gustase bañarte en pelotas no medio del; terceiro, o Griffon é meu e, cuarto, non se fale máis do asunto". Pero por algunha extraña razón que non estaba ó acado do novelista, Mireille, seguía a cismar na licitude ou na ilucitude da vida do Griffon. Probablemente se debese ó seu afán a algunha conversa estudiantil sobre a validez ou non da literatura fantástica, habida inmediatamente despois de que as catro sacerdotisas relatasen o nacemento dunha novela, o alumbramento dun novo ser, a xestación dunha parida, que diría algún dos máis acedos alumnos; o caso é que Mireille necesitaba poder deixar ben sentado que o Griffon era posible, que o autor podería face-lo que lle viñese en gana e que "Se Joseph Conrand por moi mariño que fose, deixara escrita aquela maravilla de "Tifon" o máis que probable era que non houbera en toda a historia da literatura algo tan ben escrito; pero o máis

probable tamén era que, por moi mariño que Conrand fose, non vira na súa vida un ciclón coma o que tan maxistralmente tiña relatado. ¿E que me di do salto do tigre do escritor portugués? ¿¡Eh!? “Pois Eça endexamais estivo na India nin participara nun Safari”.

A historia do Griffon comenzaba a ser un valo insalvable que o ía coutando, coutando e asfixiando de vagar. Recordáballe algunha das súas xoldras de estudiante. “¡Faga vostede reaccionar poeticamente a media ducia de persoas e xa verá o que pasa!” Fixérano e resultara terrible, tanto que mellor sería non recordalo. Agora estábase producindo un fenómeno semellante, a xestación dunha novela principiaba a abranguer demasiada xente e non lle apetecía chegar a ser coñecedor dos resultados; tería que escribila el, antes de que fose tarde. E así levaba un ano.

O regreso a Aix fixérono lento e amable. O novelista tiña a sensación de que todo o mundo ía torna-la cabeza ó ver pasar aquela desanxelada presencia dun vello a lle facer arrumacos a unha moza, pero ninguén lles prestou demasiada importancia mentres foron do peirao ó coche, mentres foron do coche ó restaurante, mentres cearon e logo mentres camiñaron por Aix, despreocupadamente. Parecía coma se Mireille pretendese todo menos agacharse ós ollos dos estudiantes, alí detrás de cada esquina axexándoos, e o novelista no soubo se se intranquilizar máis ou se sosegar definitivamente. Ninguén lles facía caso; significaba aquilo que ou era difinitivamente vello (unha parella máis desas) ou que era aínda mozo. Amparado nesta crenza subiu con Mireille as escaleiras do 5, rue de Griffon.

XII

Moito cantaron en Compostela aquela noite os irlandeses. Tamén choveu canto quixo, é certo; pero non o é menos que xentes que fuxiran había anos deran en se reatopar alí aquela noite e algunhas das que lle sucederían, noites de choiva as mais delas, pero tamén cheas de esperanzas das que moitas se perderon, porque o mar é traicioneiro e non xoga a ver quen reza máis, se reformados ou non, e levou con el a xentes mitradas e sangues que puideron ser coroadas xunto con algún lampantín máis que ía con eles tan só por ver de se enteirar do que dicían ou do que acontecía. Pero o caso é que naquela noite, xunto con algún dos xa citados, cantaron xentes coma Charles Glop, que entrara pola porta Faxeira, acollido coma os outros ó nome inglés que os libraba dun souto para os meter noutro; Joan Weil, que o fixera pola da Mámoa; Joan Lorenz, que decidiu facelo pola Francixena, a que collen os que da Francia veñen e á cal outros chaman do Camiño; Richard Hares, pola de San Roque; Thomas Piryz, pola da Pena; Thomas, escocés, pola de San Francisco; Ian Enmet que se acolleu á das Hortas; Tom Baileys que, mira ti, entrou pola de Mazarelos, aquela pola que sempre entrou o viño. Xente toda ela de ir e vir, que xa tivera os seus aqueles coa Inquisición, despistado que nesta coma en tantas outras cousas estaba o Santo Oficio, atento a todo menos a que se podería liberar Irlanda e que non imaxinaba que os borrachos puidesen facer outra cousa que non fose cantar e botar blasfemias. Si que o sabía o Visitador, en troques. Percorrera coma eles as murallas que rodeaban a vella cidade do Apóstolo e sabía xa quen eran os que dentro delas habitaban, sabía, entre outras moitas cousas, que outros que o precederan tiveran que levar ata a comida que se pousar nos beizos e que el estaba a ser un home afortunado: dobremente afortunado.

Mentres escoitaba os cánticos e as baduadas dos irlandeses, recordaba cartas que non había moito lera con temor e orgullo, uns papeis nos que se “denunciaba que hai un galego en Aix chamado M.A. que ten ameazado que, a pesar do Santo

Oficio, ha meter nestes reinos moitos libros luteranos e como ten corresponsais en Vigo e Pontevedra xa fixen algunhas averiguacións"; cartas de había case vinte anos, unhas, do sesenta e sete ou así, de certo que escritas no mes de santos e sendo dezanove días os andados; cartas máis recentes, outras; cartas, todas, que lle recordaban o seu propio compromiso enfrentado co daqueles que querían ve-las súas xentes coutadas polas murallas das cidades e non ceibas polos eidos, gabeando ata chegar ás abertas agras, ou decendo ós vales doces de ríos agachados baixo os amieiros. Ó Visitador entráballe no corpo a señardade que dan os anos, a consciencia do camiño recorrido, o incerto do que está por recorrer e, á altura na que estaba, valíalle tanto a branca espada coma o demo negro.

Non durmiu ben aquela noite o Visitador. Non foron os cánticos dos irlandeses, nin as mensaxes de O'Donnell, nin a boa acollida do Deán, nin sequera a boa disposición, o atento e ata cariñoso que se empezaba a amosa-lo Lourenzo Pedreira; tampouco a frialdade de Xan de Requeixo, antigo amigo nas conspiracións, do que fiaba ata a morte no seu silencio; non era nada de todo aquilo o que lle impediu concilia-lo sono, cando menos nada de todo aquilo en particular, pero si todo en xeral. Empezaba a ser demasiada a xente que sabía da súa presencia en Compostela. Unha presencia que sabía evidente, pero que non quería notoria. Non era malo, senón que era necesario que se soubese da estadía do Inquisidor en Galicia: que se tivese noticia disto era unha das partes do seu traballo; que se soubese dos fallos e mais das penitencias era algo que non debería evitar, senón que, polo contrario, tería que facer noticia da que todos soubesen: ben pola súa benignidade, ben pola súa dureza, pero endexamais pola súa mediocridade. Todos deberían saber que estaba o Visitador en Galicia, pero ninguén debería coñecelo, ninguén debería identificalo cun nome e mais cunha orixe. Debería sentirse a súa presencia, pero non saberse.

Había xa moitos anos que faltara de Galicia e non sería doado que, máis que afirmando el a súa propia personalidade, fose recoñecido. A proba estaba no Deán, estaba no médico do Hospital Real. Non debería acercarse por Pontevedra, non debería deixarse ver polos seus mil veciños; tampouco polos de Salcedo, solar dos Acuña. Decidiu imprimir certa velocidade ós preparativos da visita e quedou dormido coa idea de comenzalos pola mañá, nada máis despertar.

Dalgunha estancia non lonxe da súa chegoulle a tose convulsa do Lourenzo Pedreira e a voz, nítida e moza, dunha muller que se rexoubeaba das convulsións, do estentóreo do ruído, da hora improcedente na que xurdía.

Lourenzo Pedreira coengo compostelán, seguía a pecar máis do que mester houbera; aquel era o seu compañeiro, o sinalado polo Deán para que o acompañase a través do Reino de Galicia e non sabía agora, o Visitador, se era debido ós bos servicios que esperaba se derivasen da súa presencia, se ó convencemento do firme das súas conviccións, se tan só era un motivo para o botar dediante del e afasta-lo escándalo de Compostela: aquel galopín, convulso pola tose, sería un firme puntal para aqueles que querían ver lonxe súa non só a Inquisición, senón tamén a presencia do tutelar brazo real que Felipe artellaba dende a afastada Castela; pero era tamén un mullereiro que máis conviña manter afastado das propias mulleres e incluso das alleas: era un crego que non ascendera ó sacerdocio, sen deixar de ser casado, por ningunha das dúas vías que recoñecerse poidan: a da viudedade ou a da matrimonial anulación, e que a pesar do grave delito cometido non só deixara de cohabitar coa súa muller, non só non deixara de ser casado, senón que fixera pública ostentación disto e que fora xa condenado polo Santo Oficio de xeito que "*se le disminuyó la pena por ser un hombre de Iglesia, honrado y virtuoso y ansí en lugar de penitencia pública se le cargó más la pecuniaria por ser rico y podello sufrir*" co que agora e nesta noite na que o Visitador está na súa casa, anda a rebulir coa criada máis moza e fermosa de todas cantas naquela casa de fartura hai. Os tempos son así, total non pasa nada.

Non desacouga ó Visitador que Lourenzo Pedreira disfrute da vida, pero si que o faga tan confiadamente, sabéndoo preto del, sabéndoo nunha habitación veciña e baixo o mesmo teito; porque ou é un inconsciente, ou é un tolo, ou é un confiado; pero tamén pode ser que a cousa estea nunhas irreprimibles ganas de fornicar coas mozas, aínda que en calquera caso é unha proba de seguridade que pode provocar catástrofes: se non lle importa que se enteire é porque sabe quen é o Visitador, e xa serían dous. Convén saír canto antes de Compostela, o seu labor na Galicia amada pódese ver comprometido pola desvergoña dun sacerdote non corrupto, pero si fornicador; pódese ver envolto no coñecemento de moitas persoas das que non todas necesariamente terán que ser prudentes, ou discretas, ou simplemente boas e honestas. O Visitador non dá durmido ben aquela noite. Agora non é só a inseguridade, o medo ó fracaso. Agora tamén inflúe a presencia próxima de dous corpos que se aman, que sabe veciños e suorosos; e o Visitador érguese e asómase á xanela que dá á rúa. A través dos cristais intúe a choiva, a lentura pousada nas pedras, os mil ruídos da noite e torna para o leito desasosegado e tenso. Xa non hai tusidos nin risos de moza a racha-la

escuridade; agora hai silencio en toda a casa e decide baixar á cociña. Sabe a sella preto da lareira, lacena po-lo medio, a carón da pía e ten sede. Colle unha candea, préndea e baixa a modo tentando de non facer ruído, de non despertar a ninguén.

Ó entrar na cociña hai unha moza sentada nun tallo, apoiado o cóbado na artesa, e que ten un xerro con auga nunha man e a cabeza repousada na outra. Cando ve entra-lo Visitador ten unha primeira ollada de medo, logo seguida doutra expectante e axiña concluída nunha de ansiedade; pero non di nada. É o Visitador quen fala:

—Vaste enfriar.

A muller olla para el e non amosa nin temor, nin respeto, senón familiaridade, igualdade de trato, confianza.

—Teño sede.

Afirma por fin. E dío cunha voz rouca e fonda, frustada e chea de esperanza. O Visitador entende xa de quen se trata e ten unha primeira intención de retroceder que ela couta cunha voz aínda máis rouca e fonda.

—A el non lle importaría.

O Visitador sente bater dentro súa o que estaba durmido dende había tempo.

—Lourenzo non virá no que queda de noite.

O Visitador sérvese auga da sella e séntase noutro tallo próximo ó dela.

—¿Como te chamas? pregúntalle.

—Simona de Pereira, respóndelle ela.

—Filla de conversos, seica.

—Seica.

Acaso existan ruídos interiores que os corpos dos homes fan e os das mulleres intúen; acaso haxa ruídos das mulleres para os que os homes son xordos, aínda que expectantes; en todo caso hai sinais inequívocos que no corpo dos varóns inzan e que os delatan; así Simona soubo da calor no do Visitador e acariñándollo díxolle:

—Non te avergonces.

Logo subiron ó dormitorio e amáronse en silencio.

Hai unha luz velaíña e gris pousada na xanela, cando o Visitador dá en abrilos ollos á mañanciña que agroma e detenos na face se Simona, sosegada e doce, volta cara á parede de costas á luz, aínda durmida, descrubrindo a beleza que a

noite velara; é coma se se lle incrementase o pracer, coma se o sentimento de tenrura que o asulaga lle devolvese as fuxidías sensacións que o amor presta e con el foxe. O Visitador olla a fermosura de Simona e abanea docemente o seu corpo, hai pouco habitado; tan docemente o fai que se diría que quere máis que despertalo, arrola-lo seu soño sen fronteiras, mantelo naquela súa inconsciencia letárxica, case de nena, amable na súa extensión de ondas que conmoven e que poden facelo ata o salouco.

Espreguízase Simona e recoñece o varón de afiado rostro e corpo enxoito, aínda que xuncal, sorríndolle cos ollos para logo erguerse e, sen palabras, abandona-lo leito na procura doutro que non ha estar tan morno, nin ha te-lo humano arrecendo que o amor deixa cando nel se ama. O Visitador érguese tras da fuxida da muller e fai as ablucións nunha palangana que hai preto da xanela, esfregando a face con forza, fregando as mans con afouteza, ata que a cor habita as fazulas que o amor tornara lívidas; logo, vístese a modo.

Cando o Visitador baixa os catro ou cinco chanzos de pedra que arredan o andar do dormitorio do da lareira e entra na ampla cociña que a acolle, Simona xa ten o leite fervido e o xamón a punto. Séntase o Visitador e agarímaa coa ollada mentres almorza, érguese logo e déixalle recado para Lourenzo atraéndoa cara á si, apreixando o corpo dela contra o del e deitándolle as palabras na orella: decidira saír aquela mesma mañá a face-lo recorrido que a súa misión fixara. Esperábao na casa do Deán.

Abaixo na corte faille unha visita á egua que, dende había días, tiña medio abandonada; a besta esfrégalle o seu pescozo polo peito del significándolle o amor que Ile profesa, a ausencia á que a tivo sometida; el déitalle herba na manxadoira; logo bátelle coa forza xusta na grupa, e acariñalle o lombo ó tempo que lle fala; por fin comproba as ferraduras e entende que hai que ferra-la besta antes de pensar en saída algunha polos montes adiante. Aquela decisión vai retrasa-la partida xa proxectada e, no fondo do seu corazón, agradece a posibilidade doutra noite a carón do morno arrecendo de Simona, mentres sae da corte levando do ronzal a besta e collendo cara ó Toural onde ha deixala no ferreiro. Perde toda a mañá na operación de ferrado e aproveita o tempo interesándose nos mil aspectos que conmoven a cidade. Chegada a hora do xantar devolve a egua á corte e camiña cara á Catedral, á que accede dando unha volta pola Quintana, pola porta do Paraíso, co fin de entrar na Corticela que tanto o conmove e encamiña a introspección, tan necesaria. Non sente remorsos, senón plenitude; tal plenitude é a que sente que non lle importaría enxendrar un fillo no

corpo da muller que amou enteiramente tan pronto o descubriu perfecto e san, pola mañá cediño; primeiro soubérao doce e fermoso, logo morno e fresco, coma folla dourada polo sol cando aínda mantén o manto da xeada.

Sae da Corticela e detense dediante do altar maior, onde poidan velo todos, apoiando o lombo na columna primeira da esquerda e sentindo as olladas que o traspasan: é necesario abandonar Compostela canto antes, séntese odiado e teme as investigacións que das indiscreccións poidan derivarse: "Pois non sabedes ben aínda que vén sendo o Visitador este", "¡Ouh, se soubésedes de que vai!", "Moito Santo Oficio e moita visita, pero cea co Deán e os Irlandeses e non se anoxa entre eles", "Algo ten que haber, para que entre eles non se maten"… e así ata que alguén presuma definitivamente de ser un home informado, un home que manexa confidencias, saberes que os demais non posúen, coñecementos que lle chegan de lonxe e que ten que espallar para poder ser alguén algún día destes; séntese observado, analisado nos seus máis cativos acenos e venta o perigo que unha longa estadía pode supoñerlle.

Encamíñase ó Pórtico da Gloria e alí le o sorriso de Daniel coma se fose un salvoconducto para os fins ós que está determinado. Se fose supersticioso de máis, interpretaría tamén a raxeiriña de sol que lle baña a face ó profeta coma un indicio máis de que os ventos han serlle favorables, pero non o é tanto e conténtase coa contemplación da beleza daquel rostro, da fermosura do conxunto, bañado por unha luz que ama e tanto extrañou no país da luz que Provenza chaman. Alí o encontra o Deán e alí lle comunica el a decisión de saír ó día seguinte po-la mañá cedo cara Ourense.

Non fala moito co Deán. Cada un sabe do outro xustamente o necesario e non hai causa algunha que xustifique as confidencias; canto máis se saiba, máis indiscrecións poden cometerse; canto máis se saiba, máis se pode dicir no momento máis inoportuno, no momento menos buscado, na investigación peor levada. Sábense un e mailo outro membros da mesma causa e só nos momentos ineludibles daranse conta das coitas ou dos proxectos, ás veces do xeito máis sinxelo ou inesperado:

—Voume achegar ó Hospital a falar co Licenciado Requeixo.

Dille o Visitador ó Deán e logo pisa a terra pola que, nas festas, se corren touros sen que el o entenda en demasía; el, que ama os poldros ceibos da súa terra mariñeira, os curros nos que a forza, a maña e maila valentía son as armas coas que os homes se enfrentan ós griñóns máis bravos ou ás eguas máis lixeiras, aquelas que ha preña-lo vento; e atravesa a praza e penetra no Hospital Real a

despedirse do amigo da nenez que agora vai ser forzado a acompañalo no perigo:

—Se chega algunha pelica de viño para min, gárdama e non a abilles baixo ningún pretexto, só se trae as miñas iniciais: entón todo o contido que traía che pertence.

Dille a Xan de Requeixo nun á parte, mentres Xan recoñece os enfermos e decide sangrías que han remediar males ou avisa-lo fin dalguén que xa o ten próximo:

—Agora chega o termo da vida, cando a calor vital remonta dende o embigo á parte superior do diafragma e toda lentura foi desecada coma polo lume. Logo que o pulmón e mailo corazón perderon a lentura, xuntándose a calor nos lugares mortais, este sopro de quentor, xunto, exhálase no todo inmenso, de onde saíra a súa totalidade individual. Entón a ánima, abandonando o corpo que envolve, parte polas carnes, parte polos respiradeiros que están na cabeza e polos que se di que vive, restitúe á natureza o frío, o simulacro mortal coa bilis, o sangue, a flema e maila carne.

O Visitador si sabe que acaba de anunciar unha morte e dá recado de que chamen ó capelán de alemáns que o Hospital ten a disposición dos que así falan, para que atenda a ánima que vai deixar aquel corpo. Tamén sabe o Visitador que o médico non quere falar de nada máis e que entendeu perfectamente a encomenda, por iso non lle cita o aforismo que precede ó que Xan de Requeixo acaba de enunciar. Semella coma se o galeno se quixese refuxiar sistematicamente na ciencia que posúe para eludi-lo compromiso coa vida que lle quere adxudica-lo seu amigo. Cada vez que o Visitador fala o médico sóltalle un aforismo, pero non lle rexeita nada; é coma se non se quixese comprometer coa vida, co seu entorno, pero si co amigo, coa amistade, coa meta. "Acaso sexa o escepticismo que presta o ollar tanta miseria", pensa o Visitador e entende o compromiso da amistade que se lle ofrece e non teima máis co seu amigo. Son tempos de medo e ninguén pode confiar absolutamente en ninguén, o sensato é non confiar nin tan sequera na propia discrección: a tortura pode facerche confesa-lo que non sabes, o que descoñeces, canto máis aquilo que si sabes. Hai unha confabulación baseada no silencio, nas olladas, coma moito nas medias palabras, nos acenos, de xeito que ninguén poida afirmar nada, tampouco negar nada. Certo que se corre o risco de mal interpretar, de cruza-las mensaxes de confundi-los códigos, pero só así se poderá seguir adiante, sabendo que é o fracaso o que, con moitas probabilidades de que así sexa, agarda. A ollada penetrante e dura, de aguia, que lle valera ó Visitador o seu alcume de Griffon

dende a súa máis tenra nenez, enduréceselle máis aínda cando ata do seu amigo ten que colexir actitudes; sabe que non haberá delación, pero ignora se haberá colaboración, axuda, e ten que fiar unha vez máis na intuición, que lle indica que confíe. Está disposto a seguila pola mesma razón que o fixo outras veces, cando o consello era de non aceptala e torna-lo rego cara a outros eidos; pola mesma razón que intúe que debe saír canto antes da cidade santa e non tornar a ela nalgún tempo.

Cando abandona o Hospital, decídese por fin a visita-la sa do Santo Oficio, cousa que non fixera sen saber ben que razón o determinaba a isto. Sabe que no seu país non hai xente que apoie a Santa Inquisición e, no fondo do seu sentir, sábese orgulloso disto; sabe que non foron quen de conseguir un verdugo entre a súa xente e que houbo que traelo de máis alá do Padornelo; sabe que tan pronto como comence a súa visita non lle ofrecerán nin a comida; por iso quere levar consigo a Lourenzo Pedreira na súa viaxe a Ourense, por iso se ofreceu a vir visita-la súa propia terra. Non dera que desconfiar a ninguén e convencera a todos do seu celo apostólico, da súa contumacia relixiosa, da súa desafección ó seu vello reino de Galicia, o tan amado. A "Militar Orden de Nuestra Señora de la Blanca Espada" é un camiño máis a recorrer na procura da pedra filosofal da liberdade dun pobo, algo que aprendeu do arcebispo Francisco Blanco, enoxado e rebelde, na distante nenez e que conserva acaso coma única fe, coma única crenza. Sábese no fin da vida, da súa vida, e cando entrou en Galicia polo val de Monterrei, comenzou a despedirse do verdor ameno que lle conformou a alma, que o induciu á melancolía coma sustento do seu sentir, que lle achegou á dozura e á tolerancia, que o impregnou de moderación e sentidiño. Amaba fondamente o seu país, o Visitador; el, que non tivera fillos, amábao tanto coma amalos a eles podería. Sóubo pola mañá cedo ó olla-la face de Simona e desexou perpetuarse naquel corpo que lle recordou a Terra.

Ó ir subindo polo Preguntoiro arriba, cara á Praza do Campo, para baixar ata San Martiño, atopa a Lourenzo Pedreira que vén de buscalo na casa do Santo Oficio.

—Non lle agradezo nada que me leve —dille o coengo.

—Élle cousa do Deán e non miña. —Respóndelle o Visitador.

—Van pensar que son o que non quero ser nin que me esfolen.

O Visitador cala e asente e Lourenzo Pedreira sente unha simpatía recente e nova por aquel home de ollada fixa e por veces gris coma a das anguías.

—Ande, dea volta e vaiamos xantar que xa é moito hora.-Dille.

E o Inquisidor deixa, unha vez máis, sen visitar a sé da Inquisición en Compostela.

—Mañá saímos.

É todo canto lle di ó señor coengo.

O xantar é un constante axexar de ollos que se cruzan, de corpos que se ofrecen, un sincronizado ballet que o Visitador conclúe índose deitar, por ver de botar unha sesta que o aletargue e redima do desexo que novamente está a lle bater no peito. Cando se ergue dela baixa á corte e estase alí sentado, falándolle á besta, atemperándose. A cea chegará axiña reclamada por ver de se deitar cedo, fuxir do degoiro que o abrangue e saír de mañá recén aberta. A longa sesta impídelle concilia-lo sono e inutilmente agarda a visita que non se produce en toda a noite. Mañá erguerase insatisfeito e malhumorado, serio e agresivo.

Saíron de mañá cedo, baixando ata a rúa do Franco para abandona-lo recinto amurallado, pola porta Faxeira e camiñar cara a Susana, seguir logo na busca da Ponte Ulla e dende Silleda ir na procura de Acibeiro, subindo polo Candán arriba, por ver de ir durmir no mosteiro que rexían os monxes bernaldos. Segundo o día foi medrando o Visitador soubo do ánimo que alentaba ó coengo e co coengo ó resto da curia, e, por dici-lo dalgún xeito, ó resto do país: trinta e poucos núcleos de poboación importantes que a penas sumaban dezaseis mil habitantes e, logo, multitude de lugariños perdidos polas montañas doces, polas rías amenas ou na cima de acantilados que só eles son quen de habitar, enfrente do mar tenebroso e último que os ameaza. Dende o val fondo que acouga no Courel, á cima da Pedra Fita ou a rentes da praia de Area Longa e os esteiros que se esparexen nun adeus preto do mar, o país era aquel home que camiñaba ó seu carón, cabaleiro en cabalo teixo e grande que rinchaba coma tolo ó axexa-los eidos que se lle abrían ós ollos coma unha promesa, acaso tamén pola proximidade da egua, quen sabe.

Collíano de lonxe a Lourenzo Pedreira os problemas que no Escorial se cocían, traíanlle sen coidado algún os dos mouriscos e entendía que se debían deixar vivir como quixesen, que mal non llo facían a ninguén. O que realmente lle preocupaba era deixar Compostela e pensar que o Rei Felipe metera o nariz máis do debido nos asuntos que el entendía que non lle eran propios; vivir e

deixar vivir parecía ser toda a filosofía que o Visitador puido axexar na mente do seu acompañante.

Chegaron a Acibeiro xa coa noitiña, e foi a presencia de Lourenzo Pedreira a que ceibou as portas da concordia, xa que non as do mosteiro, que se abriron axiña ós camiñantes. Cearon cos monxes e saíron outra vez de mañá cedo. Tiñan presa en chegar a Ourense e non se achegaron a Oseira, senón que, polo Carballiño, baixando por Maside ás terras do Barbantiño, chans de Amoeiro dende os que se albisca o Pai Miño, chegaron a aquel recinto que se chamaba Ourense e acollía a cincocentos de veciños. Fora unha longa e arroutada cabalgada na que ningunha conversa fora posible, cando menos nos termos que o Visitador intuía necesarios e que a presencia do alguacil e maila do secretario, así coma a dos dous criados que con eles viñan, impedira durante todo o tempo.

Era o Visitador home afeito ós longos silencios que o cabalgar só proporciona, pero tamén os parrafeos que o non ter testemuñas facilita e que só unha vez que un está xa nas mans do contertulio son posibles. Trátase dun xogo terrible e aventurado no que o Visitador acordou poñer todo a disposición do outro. Unha vez que na soidade do pazo do bispo de Ourense puido abrirse, necesitou abrirse ó coengo, emborcou todo canto del había nas orellas de Lourenzo Pedreira, coma buscando comprometelo coa posesión de tanta e tanta información como a que lle estaba a dar. Era coma se intentase, de tal xeito, reducilo ó silencio máis contumaz e firme: só unha persoa complicada ata idéntico nivel podería estar tan informada e non eran tempos aqueles de gardar información algunha diante da vista do poldro de tortura. Lourenzo Pedreira decatouse axiña do por que daquela morea de datos e deixou que a súa curiosidade quedase satisfeita; soubera xa de antemán, quen era o Visitador e cal era o papel que na súa compaña tería que cumprir durante un tempo; pero escoitou todo canto o novo amigo lle contou, todo canto dato podería enriquecelo. Cando creu que xa non había moito máis que escoitar, díxolle:

—Son home rico que profesei na relixión sendo casado e non fixen máis que pagar unha multa por importe que de antemán sabía. Se o fixen, foi por algo. Agora estamos xuntos, traballemos.

O Visitador sorriulle. Toda a frivolidade que aquela ollada de neno tiña borráraselle ó coengo coma por ensalmo; parecía un home que sabe dende hai tempo o camiño trazado e que o fai sen dubidar nunca, pero tamén sen deixar de aproveitar todo aquilo que, ademais da obriga, a vida nos regala. Agora é tempo de cumprir coa obriga e sábeo dende que o Deán lle deu as pertinentes

instruccións que el acolleu en silencio e esqueceu ata agora mesmo, xusto cando o Visitador fai a necesaria confesión que aclare as dúbidas. Terán de artellar, xuntos, todo un tecido que sobrevivirá ós seus autores, polo menos esta é a intención, así que se poñen mans á obra tan axiña como chegan. Unha extraña e insospeitada camaradería xorde entre ambos; pero os dous han mantela agachada na solemnidade do trato, no enxoito das relacións, no espaciado dos falares.

O Visitador empezará axiña o seu labor para o que ten concedidas as máis amplas facultades, inspeccionará, pero tamén decidirá penitencias e non se contentará con envia-los autos á Suprema, logo de formula-las acusacións e os cargos que resulten, anotando á marxe os nomes das testemuñas que proban a acusación, antes de facer expresa referencia á sumaria e proceder a cerra-la vista, senón que terá máis amplas decisións e traballos que cumprir. Así que empeza por inspecciona-los libros de visita, as Cartas Acordadas, os libros da facenda, o estado dos procesos de fe, e continúa lendo os libros de informacións xenealóxicas, os pleitos civís e criminais, os libros de penitencias e sentencias, os de libramentos e os dos familiares e comisarios e, segundo os vaia lendo e sacando conclusións sobre a xusticia habida nos fallos tomados, irá dando cumprida conta de todo canto dato poida ó coengo Lourenzo de Pedreira, home de memoria certa que, segundo se afirma, vai con el tan só para lle abri-las portas das curias, que lle permanecerían coutadas e pechas por ser quen é: un visitador da Inquisición, un membro do Santo Oficio. Pero vai con el un membro do cabildo compostelán, un home que o país coñece e no que confía e que, e só o Deán o Visitador e o Coengo o saben, vai para algo máis, vai para anotar de xeito indeleble na súa mente os nomes das persoas que foron condenadas con xusticia, coa xusticia do Santo Oficio, pola Inquisición, porque con esas persoas haberá que contar para entretecer unha rede que terá que ser mesta e invisible se é que ten que filtrar un río da historia que agora un país ten que remontar contra corrente; e ó mesmo tempo, terá que memorizar, noutro lugar do seu cerebro, os nomes dos inquisidores fieis ó rei e mailos dos que non o son, porque as redes teñen compartimentos que a xente de mar chama con nomes especiais.

O alguacil e o secretario asisten ós interrogatorios dos funcionarios, que son realizados polo Visitador de acordo coa xerarquía e os máis escrupulosos respetos para coa antigüidade no seo do Santo Oficio. O coengo permanecerá alonxado, pero non desinformado. Primeiro saberá do inquisidor primeiro; logo do segundo, máis tarde do fiscal, ó que seguirá o coñecemento do que resulte de interroga-lo notario do segredo, o alguacil e o receptor, o alcaide, o nuncio e os

porteiros, os avogados e os consultores, o xuíz de bens, o procurador e mailo escribán do fisco e tamén a tódolos oficiais da Inquisición; e de todo terá coñecemento o coengo e todos han ser datos que manexen en Compostela os que na conxuración anden e a dirixan, que non son moitos, pero son bos e xenerosos.

Todo isto farase logo de le-lo Edicto de Fe e de bota-lo pertinente sermón na Santa Igrexa Catedral, durante os oito días que seguen e nos que se agardan as delacións que non sempre se producen, como moi ben sabe o Visitador. Son os mesmos curas os que avisan ós seus fregueses: "Teñamos ollos que por aquí anda o Inquisidor e, por amor de Deus, non vos descubrades os uns ós outros, nin sequera vos refirades ás cousas tocantes ó Santo Oficio porque moito mal se pode derivar para todos nós…" diranlle dende o púlpito, advertíndoos. Pero ós oito días lérase o Edicto de Anathema no ofertorio da misa, logo da procesión da Cruz e mentres os cregos cantan o salmo: "¡Ouh, Deus!, ¡non permanezas mudo, velaquí que os teus adversarios se engrandecen…! ¡quen pode axudarnos, Señor, se non es Ti, irritado de forma xusta polos nosos pecados!"

Pero agora estamos atravesando esa semana que vai do Edicto de Fe ó Edicto de Anathema e o Visitador, armado de xustamente as corenta e nove preguntas, vai peiteando os segredos que aniñan nos peitos dos propios membros do Santo Oficio e sacando conclusións que a moi pouca xente comunicará. Ourense vai de vagar sumíndose no medo e unha conxuración de silencio agroma nos beizos dos veciños, nas indicacións dos curas; tanto que o Visitador decide dedicar máis tempo ó propio aparello inquisitorial e visita as cadeas secretas que o Santo Oficio mantén en lugares que todo o mundo sospeita e ninguén pode afirmar coñecer. A visita ten que continuar de acordo cunhas regras preestablecidas das que nin o Visitador, nin o coengo son responsables e das que a máis mínima alteración levantaría sospeitas irreprimibles.

Non lle incomoda ó Visitador furgar nas conciencias dos Inquisidores, diseccionar en vivo as almas das xentes que poden xulgar e condenar, que poden denunciar e repartirse entre eles os bens dos acusados, que poden someter a tortura e facer desaparece-los seus semellantes; tampouco disfruta co que vai atopando.

No terceiro día do inquisitorial proceso sáltalle á vista a historia de Antía Méndez, veciña de Vilanova das Infantas que disque morreu aforcada, curiosamente logo de ser posta no poldro, na cela na que agardaba o resultado de ser considerada coma xudía. Revisa a correspondencia mantida dende Madrid a ese respecto e van saltando as recomendacións, as normas, as delacións, os

nomes dos torturadores, as infalibles regras para non causar máis mal do necesario xa que “*a experiencia que se ten neste asunto é que, cando se teñan dadas tres voltas de mancorda ben dadas, queda pouco que esperar e debe dar reparos continuar dando tormento no poldro*”. O Visitador coñece as normas, pero agora está a comproba-lo resultado da súa aplicación. Por veces unha suor fría báixalle pola fronte e, cando pola noite se reúne co coengo, maldice de xeito que non deixa lugar a dúbidas a historia amarga que o fanatismo produce. “Din de nós que somos pagáns e supersticiosos, incultos e atrasados, pero do seu civismo tan só se deriva morte e dor, fanatismo e cegueira”. Lourenzo Pedreira non di nada, pero pensa que a dor cesa e o medo permanece, que hai algo peor que a mesma situación de padecer tortura, algo indefinible que comenza cando cha anuncian e que conclúe na dor que pode resultar, ás veces, liberadora: a monición, a sentencia, o baixar á cámara e deixar que te deixen espido, indefenso no teu pudor, débil na resposta; deixar logo que te poñan no poldro e que a el te deixen amarrado con ligaduras que ti non poderás desfacer e que turrarán do teu corpo nas primeiras voltas de mancorna, serán as claves cando nas noites longas e quentes do verán de Ourense falen os dous compañeiros. Se Portugal non fose aínda peor que isto sería cousa de fuxir e de deixalo todo, pero non se arranxaría nada coa fuxida que o Visitador, por outra banda, sabe imposible porque recoñece no seu país a derradeira habitación do corredor. É unha sensación semellante á que vivir en Galicia lle proporciona. Non hai posibilidade de fuxir pola fronteira porque a fronteira é o mar océano ou é raia veciña a un país no que tampouco agroma a liberdade. Hai unha sensación de esmagamento, de estar coutado que incita á fuxida polo mar, xa que non ó retroceso pola terra. ¡Felices aquelas terras con fronteiras polos catro cantos da súa xeografía, porque por algún deles entrará sempre aire fresco e revitalizante! Pero este país noso leva séculos recibindo o aire poeirento da meseta a lle entrar polos baixos dunha porta que dende ela se abre; é coma estar confinado na derradeira cela dun longo corredor, certamente. Non hai fuxida porque no resto da común vivenda habitan a intolerancia e o fanatismo e das outras cámaras é de onde chega o sometemento e a vexación e tan só a solercia poderá axudar a liberarnos; e da nosa liberación virá a dos demais. Porque nesta común vivenda tan só nós poderemos varrer para fóra.

Son quentes e interminables algunhas noites en Ourense mentres na Pena de Francia, ribeira do Pai Miño, canta o reiseñor a canción que ten ben aprendida e, na cadea secreta da Inquisición, comenzan a entra-las primeiras xentes acusadas,

as primeiras víctimas das denuncias que mil razóns motivan. O Visitador vai concluíndo o seu duro traballo de lectura de libros e inspección de xentes, e sabe próximas as horas nas que terá que entrar nas mentes dos seus paisanos e intuír as culpas que poden ser certas e as que non.

Pasou o Edicto de Anatema e o Visitador dirixe os seus pasos á cadea na que agarda o primeiro reo. Trátase dun rapaz novo que ten cara de asustado e, logo de lle bota-la primeira ollada, o Visitador torna ás habitacións do primeiro piso onde se gardan os expedientes; alí recapacita no aspecto do mozo que sabe no sótano, embaixo del, case xusto embaixo del, e pensa na culpa que se lle bota enriba. Non sabe que atallo tomar para solventar aquilo e bota en falla a presencia do coengo que o axudaría moito, aínda que fose a conta do silencio no que ambos conviven dende que comenzou a súa necesidade de compaña mutua, de común traballo. Disponse por fin a abri-lo expediente e lelo cando petan na porta e unha figura baixa e rexa, humilde de roupas e aparente de forzas que non ten e sen embargo loce, penetra na estancia e saúda co ritual de rigor naqueles casos; logo identifícase: é o párroco da freguesía de Piñor de Cea, á que pertence o encausado que abaixo agarda a que o interroguen. Non lle dá tempo ó Visitador a que lea o expediente, senón que en poucas palabras pono ó tanto do que pasa:

—Andar fodendo non lle é pecado, dígollo eu; porque se unha moza vai e se ofrece porque lle peta ou lle apetece, non hai ofensa e onde non hai ofensa non lle hai pecado. Se ninguén se sente ferido, ¿que imos nós decidir por eles? Ademais, mire, ¿que quere que lle diga? xa llo di o Xénesis: *crecite et multiplicamini et replete terram*.

O Visitador pensa que son rústicas, pero certas as palabras daquel crego que vén de lonxe a defende-la ovella que el ten gardada embaixo, presa e asustada, pero pensa tamén que non debe dar noticia diso e ameaza ó sacerdote con encausalo tamén a el se porfía nos seus razoamentos. Logo manda que lle trasladen o preso para a cela dos interrogatorios. O cura de Piñor de Cea teima nas súas propostas.

—Pois a min viñéronme consultar e díxenlles que non era pecado mortal, e díxenllelo no confesionario e non fixo falta que lles botase a absolución.

O Visitador comenza a impacientarse; a actitude do párroco pode que sexa unha provocación e non pode deixala pasar por alto. Está, sente que está de

acordo con aquel home simple e bo que o máis probable é que se deite coa criada ou que teña muller propia como ten Lourenzo Pedreira, a fermosa Simona que se lle vén ás mentes e lle sosega a violenta reacción que está a piques de non reprimir ata que, xusto no intre da explosión, o recordo amable do corpo da rapaza lle dulcifica o acceso, o enche do dozura e comprensión, e lle permite finxir unha ira que non sente. Terá que ser duro, non poderá deixar de senta-la man nestas cousas que en Castela peneiran con tanto coidado; sabe que poderá ser compracente cos curas e cos familiares, que poderá pasar polas prevaricacións e polos cofeitos, polos roubos e polas intrigas, pero sabe tamén que terá que ser rigoroso co sexo e co tráfico de libros. E deberá reprimi-lo sexo; pero sabe que co sexo, co apetito carnal non haberá Inquisición que poida, que irá sempre no espírito do home e que tería que desaparece-la dozura dos vales, a fermosura das brañas, a dondez das fragas, tería que desertizarse o país, converterse noutra cousa que non é para que a liberalidade sexual desaparecera. Sabe que é indestructible e por iso está disposto a castigar severamente. Só así poderá dulcifica-la benevolencia cos outros delitos que vén perseguir; porque é que, se carga a man nos contrabandistas de libros, pode chegar a desfacer unha rede que ninguén poderá volver a tecer en moitos anos. Os contactos, os homes aguerridos que xogan a vida por facer contrabando literario non os hai en tódalas épocas e lugares, son froitos aneiros que se dan cada certo tempo e que non quere deixar anos e anos a pasar de baleiro. Terá que ser amable, pouco rigoroso, aparentemente fero, na persecución dos libros que entran en Galicia, e a fereza viralle dada polo fervor que poña na represión do sexo. Esa será a súa salvagarda.

A imaxe de Simona preséntaselle novamente e comenza a amala na reacción que é capaz de desmiuzar porque é esperable que xurda: nace sempre das contradiccións; e agora el ten unha das máis fortes da súa vida, acaba de descubri-la chave da súa propia seguridade, da súa propia supervivencia: terá que reprimi-lo amor entre as persoas, terá que descubrirlle-lo pecado a xentes que viviron na súa ignorancia e terá que encadealos ó sentimento de culpa para, logo e acaso, liberalos gracias ós libros. ¡Ouh, triste país o seu, condenado sempre a saír da liberdade para tornar a ela logo do sufrimento!, ¡triste país a saír sempre dun souto para se meter noutro! Desa tensión agrómalle o amor por Simona e a amistade por Lourenzo, tanto que se torna temeroso desa profesión sentimental que é a do amor e maila da amistade, xa que profesalos é depender e el non quere dependencias que o couten e lle impidan voar ceibe, como decote

voou ata hoxe. A consciencia de que pode chegar a depender tórnao agresivo, enfuréceo, e mentres unha lle vai, outra lle vén. Unha sospeita déixao pensativo, a de que pode chegar a perderse polas vías do sentimento afectivo. O amor hai que depositalo nas abstracións porque só elas carecen de continxencia, os grandes amores son os amores liberadores porque non apousan en cousas que poidan morrer, senón en cousas que nos sobreviven a nós e á propia historia que nós axudamos a forxar; así a Terra, así os grandes ideais. Pero o amor ás persoas, se non morre con elas, morre canda nós e non nos sobrevive, non ten continuidade. O amor dos fillos é outro e para outras xentes, non hai supervivencia. En cambio hai dependencia, hai tenrura, hai dozura, hai sentimentos nobles ou ruíns, hai ira e ciúmes e noxo e fartura e calquera deles poden delatarnos no intre máis insospeitado; poden facernos ruíns ou nobles, soerguernos á pureza ou botarnos na abxección humanizándonos no momento máis inoportuno e deixando ó descuberto as nosas máis febles barbacanas, as nosas máis inútiles defensas. Se agora se guiase polo amor que o embarga, o Visitador deixaría ceibo ó párroco e ceibo deixaría ó rapaz de ollar alporizado que por el embaixo agarda; e triunfaría así a imaxe de Simona; pero é quen de dominala e sabe, necesita ademais saber que ten que apoiarse na dor allea, na dor singular duns poucos, para acada-la de moitos máis. É a eterna discusión entre o fin e os medios. Onte, na longa camiñata que leva ata Oira, na ribeira do Miño, Lourenzo Pedreira afirmáballe que os medios son un fin en si mesmos e que non hai fin no mundo que os xustifique. Recórdao agora cando sabe que vai ter que aplicar uns medios nos que non ten excesiva fe, para así acadar uns fins que sabe bos e xenerosos. Recapacita no que Lourenzo afirmou e intúe que ten razón, ata extremo tal que sabe que o fin colectivo, o da colectiva liberación, non é máis que a ocultación do da propia seguridade; está disposto a condenar para estar el máis seguro, para estar el máis ceibo.

Definitivamente o amor dulcifica e tampouco os grandes fins son outra cousa máis que palabras. Acaso aquela primeira aparencia que ofreceu Lourenzo Pedreira sexa a menos inxusta e, a filosofía que dela emanaba, senón a máis xusta é cando menos a menos ofensiva, a menos lesiva. Se non hai ofensa, non hai pecado, porque non hai mal. O vello párroco de Piñor de Cea vai resultar que ten razón, o vello crego inculto que en Madrid considerarían pagán e supersticioso ten razón. Onde non hai lesión, non hai mal; onde non hai mal, non hai culpa. Pero veñen a por nós, dise o Visitador; e ós deuses hai que facerlles sacrificios, aínda que sexa ós deuses de fóra de nós mesmos, porque os nosos

non son sanguinarios, nin crueles; hai que facerlles sacrificios, matarlles un añiño na ara que eles indiquen para salvar un rabaño, repítese o Visitador; e entón érguese e ordena que deteñan ó señor cura párroco de Piñor de Cea. Logo baixa á cadea a interrogar ó rapaz de ollar alporizado.

O rapaz de ollar alporizado ten vintecatro anos e, antonte pola noite, estivo gardando o pan na eira do seu amo.

—Paseille toda a noite sen pegar ollo e veu o amo e agradeceumo de verdade.

O Visitador sorrí. “Por iso non estarás ti aquí, coido eu”. “Non, señor, non. Estoulle porque o amo dixo que lle gardase moi ben o pan e que non andase a fozar coas mozas e enchendo os eidos de pecados mortais e que o fixera moi ben e eu díxenlle que unha cousa era mirar polo pan, que iso si que estaba ben feito e que era o que eu tiña que facer, que para iso mo mandara o meu amo, e que outra cousa eran as mozas e que andar a fozar nelas, pois que non era cousa mala”. O Visitador empeza a entende-la situación. O rapaz afirmou seguro de si que “deitarse un home libre cunha muller libre non é pecado” e o amo sentiu conmoverse dentro súa o medo que a lectura do Edicto de Fe lle producira: Arremuíñanse daquela os veciños na eira e hai discusión e un día é un día e un peso ben se gasta; pero entre eles hainos tamén dos que están temerosos diante das imprecacións da excomunión que se han le-lo domingo vindeiro cando o párroco, gústelle ou non, teña que eleva-la voz ó pronuncia-lo Edicto de Anathema.

A xente de Piñor de Cea entra na discusión. Na illa de Ons, cando a xente tiña algo que solventar, baixaban a un canaval, armábanse de canas e batíanse con elas nos lombos ata quedar cansos, anuladas as forzas, pero enteiros os corpos, sen feridas que producisen baixas naquela comunidade aillada na boca do océano. Era un xeito de supervivencia. Nos outros lugares de Galicia unha discusión ben vale un esforzo e mentres se faga razoando, non hai medo de que nada pase; o único medo que hai é á irracionalidade que xorde cando a discusión entra no camiño do si ou do non, que é cando non require o esforzo mental que xustifique a perseverancia nunha actitude baseada nun razoamento; aí é cando hai que ter medo: diante do camiño absurdo que media entre o si e o non, poden aparece-los fouciños e un legón pode fender unha cabeza xusto ata aquel instante ben organizada. Agora a discusión discorre polas canles habituais, pero hai medo. A sensación dun poder superior que vén de lonxe e que ninguén domina, o medo a unha xusticia que ninguén coñece e contra a que o mesmo párroco avisa

ós seus fregueses é a que induce ó medo ós tertulianos, pero non ó rapaz que, aínda que agora ten o ollar alporizado, afirma recordando, cunha ollada segura e firme:

—Deixádevos de andrómenas que o que o cura leu non é a excomunión, senón un mandamento que acó dispón unha xusticia e perdede coidado que Deus non nos vai demandar nada para que sexamos excomulgados por non responder á provisión desa xusticia, que tampouco llelo demandou endexamais ós nosos pais.

E recorda que o dixo acenando firme, sabendo tras del a sombra do señor cura, o convencemento dos seus conveciños e a común aquiescencia, pero ignorando o medo pousado nas mentes dalgúns, o temor que as súas palabras inducen na mente do amo.

Na eira de Piñor de Cea, na mellor eira de Piñor de Cea, a xente discute acerca do pecado. Agora xa non se acorda do que proveu a xusticia que de fóra chega, despois si, despois cando a denuncia xurda, as palabras han quedar escritas e permanecerán como testemuña silandeira a través dos séculos, pero agora discuten sobre se é pecado ou non o de xacer con femia pracenteira, que diría o Arcipreste; o de que dous seres libres gocen do amor, que se di por esta Terra. E o rapaz, que aínda ten luz na ollada, apóstalle ó amo o soldo dunha semana a que non ten razón e que foder non é pecado, "¡Pero se ata o cura o di, recoiro!" Hai xoldra e rexoubeo na eira máis importante de Piñor de Cea e Eusenda Cerdeiriña, cincuenta anos ben cumpridos, afirma rindo a escachar:

—Vai, señor, vai que perderéde-la aposta.

O amo empeza a sentirse ofendido, ofendido porque se sente ridículo, non porque non pense que deixen de ter razón os seus veciños; e Eusenda Cerdeiriña afirma de xeito que todos poidan escoitala:

—Estaríache eu boa cos tres fillos que teño, cada un do seu pai; toda a miña vida en pecado mortal e eu sen sabelo.

A xente ri e asente, pero Pero de Sarabia que chegou de Portugal e seica é xudeu converso, cando menos tal se di, tercia no asunto:

—…se soubesen as mozas o don que ten a virxinidade, porque elas son esposas de Xesús Cristo, non procurarían perdelo tan doadamente, porque é un gran pecado.

—Non é un gran pecado, que eu coñezo moitas mozas que teñen fillos sendo solteiras e, en calquera caso, será medio pecado.

O converso sente a necesidade de afirma-la súa nova fe recén adquirida:

—Cala ti, traidor, que mereces cen azoutas por ir folgándote con unhas e con outras.

A cousa vai a máis, o rapaz afirma que "máis que reprende-las solteiras, mellor é couta-las casadas que teñen fillos e non dos seus homes".

Aínda diante do Visitador o rapaz afirma inxenuamente que el é o gañador da aposta. Non sabe que Eusenda Cerdeiriña está xa noutra cela e que Pero de Sarabia durmirá tranquilo durante os próximos meses a seguridade acadada por tan ruíns camiños, mentres que el terá que se autodenominar sospeitoso de fe, pagar cincocentos diñeiros de multa e saír ó desterro por tempo de dous anos, os mesmos anos que estará fóra Eusenda Cerdeiriña.

Son longas as noites de calor pasadas en Ourense. Polo Pai Miño adoita baixar unha néboa mesta que enche de lentura as rúas, cambia a cor dos enlousados e pégase ó corpo coma unha segunda pel que ninguén desexa. Alá ás doce refresca e pode xear, pero ata que chega o frescor e acaso ese ventiño lene que varre a brétema, os corpos piden camiñar a modo ou acollerse ó abeiro dos soportais, mentres xa en toda Europa é noite pecha e ninguén, salvo os de sempre, vela. Neste tempo son as horas que o Visitador e mailo coengo dedican á tertulia, á comunicación das experiencias que o día trouxo con el e, na alma dos que están a falar, deixou pousadas. Son as horas das confidencias e o Visitador expállase a gusto sobre todo aquilo que o día coutou e non lle deixou, nin tan sequera, ter en conta. "Na Corte quéixanse, dille ó coengo, do pouco que aquí se len os grandes mestres deste século. Incluso se queixan de que, nas librerías desta terra, non haxa practicamente os libros dos autores que teñen que ver co Santo Oficio que eu profeso". O coengo faise o parvo; unha longa estadea de iluminados, de visionarios, de alumbrados, de místicos pillabáns recorre, de alí a pouco, as rúas ourensáns na compaña dos dous paseantes. Tan só o xenio de Cervantes, fillo de ciruxano, profesión esta de xudeus, oriúndo aquel, acaso, de Saavedra, se salva na noite mesta "¿Que queren que leamos, problemas de honor e honra que aquí non entendemos?", resume o membro do cabildo compostelán e ten razón. "A honestidade estriba neste país, argúelle ó Visitador, en gardarse da mentira, en non engadar a aquel que dis que amas; o honor é ter palabra, gardala e defendela; a honra non se perde porque dous seres consintan en face-lo amor tras dunha xesteira. Pouco lugar ocupa na vida do home ou dunha muller o honor se só radica naquel sitio". O Visitador ri e confésalle as penas impostas ese día, xunto co seu convencemento do inxusto resultado. "Estase a tornar coma eles" cúspelle cando escoita os razoamentos que defenden as decisións tomadas.

“Necesito crear confianza en min, que saiban en Madrid que penso coma eles sen que por iso se deteriore nada” teima o Visitador, pero o Lourenzo Pedreira di que “Eu son un amoral e esas eran boas e inocentes xentes que non entenderán de sutilezas”.

Nos días que veñen seguen a ser duras e severas as sentencias, pero xa non hai desterros polos delitos de non creren os fornicarios que facer uso do sexo sexa pecado. Aínda así, aínda coa protección do Licenciado Pedreira, a curia ourensá non mira con bos ollos a presencia daquel home enxoito que fala pouco e escoita moito máis do que debera, que fisgonea nas librerías que hai preto da catedral, que entra nos conventos e remexe nas bibliotecas. Ó cabo dalgúns días das dúas semanas que en Ourense pasa, ten acceso a algunha casa nobre que se acolle á sombra protectora do Cabildo e alí tamén hai libros. Ninguén se confía a el, sabe demasiado dos títulos que están prohibidos; pregunta por eles coa ollada cando a pousa nos andeis das bibliotecas: é un membro do Santo Oficio. Nas longas camiñatas que trascorren na compaña do coengo confésalle a imposibilidade de lle aportar nada que axude á común causa e só dediante deste feito incontrovertible decídese a abandonar Ourense e a facer menos ríxidas as condenas. Ó día seguinte saen cara a Allariz.

Entran na antiga vila e corte pola ponte de Vilanova, a tan fermosa. Alí o Arnoia encórase, représase, e cobre a súa propia auga co frescor dos ameneiros, demorándose nas voltas do Arnado para que o castelo nelas se reflexe. Camiñan cara á rúa do Hospital e alí, antes de chegar á igrexa de San Pedro, deteñen o seu camiño. Por diante deles mandaron o secretario e mailo alguacil, xunto cos criados que lles fan os avíos e os recados. Eles preferiron vir por Augasantas, demorándose nas conversas que só a soidade fai posible. Agora haberá que volver ó mesmo, á lectura do Edicto de Fe, ás preguntas, ás malditas e necesarias corenta e nove preguntas, ó Edicto de Anatema e a esperar a que vaia caendo denuncia tras denuncia, ofrenda tras ofrenda. Chega ata eles o medo contido no socastelo, onde os xudeus temen a inquisitorial presencia e no seu camposanto hai ósos que pola noite renxerían maldicións, se tal fose doado.

Nada máis le-lo Edicto comenzan outra vez as denuncias. O Visitador e mailo Coengo asisten xuntos a elas. Chegaron a un acordo que non debe sorprender: o Licenciado Ochoa, en Compostela, preside as sesións do Tribunal do Santo Oficio acompañado de Quiteria, muller que é de Xoán Piñeiro, veciño

de Tui, que alá quedou mentres ela se amanceba co Inquisidor tolamente enamorado. ¿Que ten pois de particular que un membro do Cabildo compostelán asesore e controle as operacións que o Santo Oficio, esa institución allea, imposta, leva a cabo no Reino de Galicia? Axiña se nota un cambio de actitude nas xentes que polo Tribunal pasan, nas que se sentan á mesma mesa que o Visitador, nas que con el se cruzan polas rúas. Agora o seu traballo volve ter un sentido, xa pode indagar para os fins que considera xustos e axeitados ó país que tanto ama. En Compostela o arcebispo e príncipe Maximiliano de Austria, recibe compracido as novas que de Allariz lle chegan; cando llo comunica o Deán, asente este satisfeito e non di nada, se acaso que non hai que fiarse demasiado, que si, que non lle hai que poñer trabas, que hai que axudalo, pero non confiar nel, non vaia se-lo demo; e logo pon a figa e sorrí coa solercia e morixeración que lle son habituais. O Deán vaille abrindo o camiño astutamente, facendo recae-la responsabilidade noutros, comprometendo a todos, porque o arcebispo teima "Que non, que hai que ceibarlle as portas, mellor un Visitador así que que nos manden outro". E o Deán asente sen palabras "Se a Vosa Eminencia así o quere…" e así se fará. Camiñando á presa e pola noite, un andarín fai o camiño que media entre Allariz e Compostela. Á mañá seguinte no convento das Clarisas que fundara dona Violante, a raíña que casou con Afonso o Sabio, o capelán sabe xa a actitude a tomar con aquel home que fala sen corta-lo castelán e ó pouco tempo sábeno tamén en Vilanova das Infantas, no mosteiro de Celanova, no de Montederramo, no de Oseira, no de Ribas de Sil, no de Santa Cristina, no de Rocas. Nos mosteiros ourensáns os abades franquean as bibliotecas e falan abertamente de quen lles proporciona os libros nos que estudian os conceptos que de fóra veñen. Nalgúns casos, nalgúns insólitos casos o Visitador fará que Lourenzo Pedreira saiba un nome, confíe nun nome que ha coñecer tamén o Deán. Só en Ourense queda unha noticia vouga da primeira dureza do Visitador, pero Lourenzo Pedreira asegura que mellor así, xa que non é de fiar o bo do bispo e o Visitador sabe agora da simpatía oculta que os ollos do bispo non delataban.

O Visitador non deixa de face-las súas enquisas; fainas pulcramente e deixa todo en orde; ninguén poderá dubidar do seu celo; ninguén dubidará do seu traballo, da súa eficacia e honestidade; por aí non han pillalo. Chega unha veciña de Requeixo a denunciar a un seu veciño da mesma freguesía e non lle deixa pasar unha. Interrógaa sobre a súa identidade, polo nome dos seus pais, polos dos seus avós e María Gómez declara ser cristiá vella, comulgar por Pascua e

sabe-las oracións todas, incluso as ladaíñas de San Xoán retorneadas.

—¿A quen denuncias, filla? ¿E por que?

Ela encrístase coma un galo, levanta a voz, afláutaa.

—Ó Farruco Cerviño, ¿sabe? que hai dous meses berrou comigo e rifoume e dixo que arrenegaba de Deus e mais dos anxos e moitas vegadas dixo malia Deus e malia os anxos.

Hai que convoca-lo denunciado; sempre hai testemuñas e Farruco Cerviño tenas en desgracia súa. Repítese a historia, pero Farruco non sabe o nome do seu avó paterno xa que foi fillo de cura e de manceba; logo dubida no Pai Noso e non sabe o Ave María, nin o Credo, nin a Salve do seu paisano Pedro de Mezonzo.

—¿Sabe por que foi chamado?

Pregúntalle o Inquisidor sen ira.

—Isto foille a María Gómez e dúas comadres dela, porque lle rifei e dixen pesie a Deus, madia leven.

O Visitador sorrí, pero na súa face non se acusa nin o máis miúdo aceno denunciador de que a resposta lle faga gracia ou lle sorprenda.

—¿E cando e como e onde foi?

Farruco Cerviño confíase, reláxase e conta a súa historia.

—Pois estáballe eu no herdo rozando no toxo, cando nestas que vexo entrar uns bois ceibos e tras eles a Maruxa do demo que mala centella coma, que entraban no meu eido coma se de-les fose. E díxenlle ¡vaite de aí! ¡larpeira!, que me cago en Deus que consente que te teña dediante miña. Arrenego del se tal cousa consente algún tempo máis do que che leve, a ti e mais ós teus bois, saír do meu terreo.

—¿E ela quérelle ben a vostede?

—Ha querer ¡carallo! xa se lle nota ben. Élle a miña peor inimiga. ¿E logo non se nota?

O Visitador olla para o Coengo que está a asentir, tan rufo, ó que di o Farruco Cerviño e, nalgún momento, suxírelle que se o que a María quererá non será algo que el lle poida dar. Abanea a cabeza o denunciado e cando vai falar atállao o Visitador.

—¿Sabe o que son blasfemias?

—¡Home, si! Pesie a Deus, pesie o santo, madia leve, cago en tal, cago en cal.

—¿Cantas vegadas di esas palabras?

—Pois home, algunhas aínda llas digo, pero non lle son cousa mala.

O Inquisidor ó fin sorrí abertamente; logo manda entrar a María Gómez que se ratifica no dito e a quen ignora a partir de aí; as testemuñas confirman o escoitado. Por fin entra de novo Farruco Cerviño.

—Anda, vai con Deus, non volvas blasfemar. Nesta semana irás dúas veces á misa e ó teu párroco dille que che ensine as oracións.

O país está a saltar valos; hai ben pouco foi o de Escila e cando a peste deixou a xente magoada, tristeira e soa, fondamente ferida, cerceada, o de Caribdis preséntase ameazador e insalvable; a fame apóusase nos estómagos e o Visitador sabe das xentes que viu en Compostela pedindo nas rúas, pedindo nas portas das casas as esmolas que non sempre acadaron. Hai coma unha crispación, unha velaíña tensión que leva á xente a falar de Deus coa familiaridade que dá o trato asiduo, o constante repouso, a petición reiterada; Deus chega a ser alguén con quen se fala para pedir pan, para agradecelo, para louvalo: tamén para aldraxalo cando o pan non é concedido, o pan non chega ou a enfermidade aséntase naquilo que máis amas. Deus é así un arcano próximo, veciño, a quen tratas coa familiaridade que dá o asiduo trato, a relación constante e directa, porque con nós falamos cada vez que a El nos diriximos. O Visitador sabe isto, acredita nisto e cando pola tarde rodee o Arnado e logo camiñe pola parte de fóra das murallas cara á acea rica, que ha cruzar pola ponte de pedra que se asenta en pasais que calquera diría eternos, botará o máis longo parrafeo destes días co coengo compostelán que asente e cala, cala e asente, diante dalgunha que outra das barbaridades teolóxicas, acaso disparatadas, pero non inxenuas, nin pouco sentidas, que o Visitador vai debullando e a conta das que, o tribunal do Santo Oficio, é máis que probable que estaría gustosísimo de botar, se non unha parrafeo, si un longo requilorio de inquisitivas cuestións ás que o Visitador contestaría, a non dubidalo, coa afouteza que houber mester.

Pouco a pouco van subindo da acea rica, ascendendo pola costa pina que leva ó barrio dos xudeus, xusto no socastelo. Cando chegan arriba o sol vai devalando morno, ó tempo que pousa unha luz dourada ou rubía, nin se sabe, nas augas verduxas do Arnoia.

Pola mañanciña cedo decide outra denuncia: Xenara da Veiga, filla de Xenara da Veiga que pediu confesión ben pouco antes de morrer por se é que había algo, berrou co home, co seu home, Pedro Ameixeiras, labrador de

Gundías e bo aguardenteiro, que se negou a unha cunca de caldo de chirouvias, un caldiño branco, sen castañas, que non ten moitos adeptos e non conta coa súa simpatía persoal, nin coa súa afección afervoada e sincera. E ela arrepuxóselle e dixo a berros que ben se lle escoitaran: “¡Ai de min, ai de min, valédeme que este home báteme! ¡Acudídeme!” e como ninguén lle acudira, anoxada seguiu a berrar “¡Ai de min, ai de min, descreo de Deus, non creo en Deus, e pese a Deus non vos hei facer mal!” co que xa, diante de palabras maiores e de maior atención cás precedentes, algunha veciña acudiu entón e remexeu na porta, de xeito que Xenara se sentise axexada e menos infeliz. Xenara da Veiga acudiu ó reclamo e saíu á porta. “¡Paciencia e resignación…!” díxolle a veciña cruzando as mans por riba da saia que levaba abadada e cunhas nabizas dentro recén rozadas “¡Paciencia e resignación en Deus Noso Señor…!” sentenciou por terceira vez a boa da veciña, sen que de aí nin o mesmo Deus a sacase; co que Xenara de Veiga, filla, moi filla da súa nai, aquela muller libre, berrou “¡Mal haxa Deus que non tivo mellor ocorrencia que saca-la muller dunha costela do home…!” Ai, Xenara, Xenara muller libre, que un home é un home e un peso ben se gasta, que Pedriño Ameixeiras ten amigas coas que, home libre el, mulleres libres elas, ben que se deita e agora o moi lambón ben que aproveita para declarar en contra túa, malpocada. O Visitador está a reaprender ben axiña o seu país; mandan elas, pero non hai que deixar que o crean demasiado: a muller ten que ser sumisa e xa se sabe… que se lea a sentencia o domingo durante a misa, mentres Xenara está posta de xeonllos no medio e medio da igrexa; e que logo se lle reprenda e amoeste; durante a semana ha rezar un rosario tódolos días e debe pagar nove diñeiros que ó lampantín do Ameixeiras abonará entre satisfeito e adoecido, entre adoecido e insatisfeito.

Remata a festa e decide saír aquela mesma mañá camiño de Ourense. Dende Allariz mesmo mandará recado a Valladolid da choiva que asulaga o país, da fame que nel reina, da peste que inza de cando en vez para facer intransitables os camiños. A súa reuma pídelle repouso e por iso retorna a Santiago ¡Tanta e tanta choiva! En Allariz deixa só o secretario e mailo alguacil cos criados, recompoñéndoo todo, estibando os legaxos e xunto co Lourenzo Pedreira torna a Ourense. Vai por Taboadela e aproveitando a canle do Barbaña, esquecido do camiño real, entra na cidade pola noite. No obradoiro de Vasco Días Tanco de Frenegal hai unha xuntanza para falar de libros.

XIII

A historia, a historia aquela do Griffon, o conto aquel do Griffon resistíaselle ó Profesor Visitante dende había ben un ano e agora rememorábao na súa casiña de solteiro do Preguntoiro, ó tempo que cismaba na de voltas que dá o mundo, na fugacidade dos tempos e mais tamén, non hai razón para que así non sexa, no feble que é a súa consistencia. A propósito desta palabra, consistencia, Mireille dixéralle nunha ocasión que era algo que só se lle podía ocorrir a un galego e logo ruborizárase. O escritor utilizáraa referida ós kiwis, unha froita exótica da que non lle satisfacía precisamente a súa consistencia ó sentila pousada na lingua. “Prende de la consistance”, parrafada miúda que el, polo contrario, entendía sen dificultade ningunha. A estas alturas a historia, diso non había dúbida, podíalle. A vida certamente tíñalle dado algunha satisfacción que outra; por exemplo, na derradeira ocasión na que expulsou, pola vía nestes casos adoitada, unha pedra xerada o máis seguro no seu ril dereito, tivera ós pes do seu leito de doente cinco das súas últimas conquistas. Ocasión que recordarían os séculos e da que humilde e discretamente se gababa. Pero a vida estáballe a negar unha historia que, sen el querelo, tamén é certo, nacera unha noite preto da arxentina fonte que tiña gravada no recordo, aínda que xa andaba convencido de que con recordar non abonda para estas andrómenas literarias nas que tiña a desvergonza de inmiscuírse.

Desacougado saíu á rúa. Pechou coidadosamente a porta das escaleiras e foi pousando os pes nos chanzos cun litúrxico rigor que acaso estivese motivado pola certeza de atopar, ó chegar ó portal, o sacral recinto da mercería e lencería na que se exhibían descaradamente iso si, as femininas roupas que tanto ancestral temor lle producían; eran unha incómoda presencia que ó escritor cincuentón lle recordaban non as etapas gloriosas do seu viril curriculum, senón aquelas de longa estiñada que tanto o preocupaban. Algo relacionado cos ciclos climatolóxicos que tanto desvelaban ós especialistas do ramo: que chovía a

mares: o fin do mundo e que qué hai que ver: nin na Inglaterra así chove: imos saír todos con percebes en salva sea la parte —eufemismo que utilizaba dende non había moito máis tempo que o que había que o chamaban das universidades a dar cursos nos seminarios de literatura e que el aproveitaba para dar curso a todo aquilo que a longa estiñada represara nos derradeiros e precedentes tempos. Pois ben, se chovía, malo; que non chovía, peor: en poucos anos e dado o gaseciño que traen os nebulizadores, todo desertizado e o país cheo de camelos; ou, senón, choiva aceda para non ser menos.

Así que saíu ó Preguntoiro, ascendeu un cachiño, collendo á esquerda ó saír do portal e desceu por Xelmírez abaixo ata chegar ás Platerías e se deter a observa-los cabaliños de pedra, que seguían a deitar auga polos fuciños coma se no mundo non houbese outra cousa mellor que facer; e o certo é que non a había. Subiu á Praza da Quintana, detívose na dos Mortos, subiu á dos Vivos e na esquina que fai a Corticela observou as reixas que o Cabildo ordenara erguer derredor do tellado, por onda a Cruz Farrapeira, pois xa estaban fartos de que as parellas de mariguaneiros e demais adictos ó choculate de importación lles estragasen as tellas todas cada vez que, iluminados, gabeaban ata alí a face-lo amor enriba da capela; insospeitado pracer que no inverno podería ser cousa de máis dun respetable constipado. Logo colleu pola porta da Pena, deu un par de voltas e baixou de novo, dende a praza de Cervantes, polo Preguntoiro abaixo.

Entrou na súa casa e recoñeceu o cheiro familiar co que todo home solitario afeito á limpeza persoal, pero descuidado coa doméstica, impregna o seu habitáculo. Estarricouse nun sofá, logo de encher un vaso de whisky e poñer música. Reabriu o libro que deixara aberto e pousado no chan e dispúxose a ler. Ó cabo dun pedazo, farto, deixou a lectura e volveuse abandonar á ensoñación que o levaba de novo a Aix nos tempos do nacemento do Griffon, aquel seu martirio.

Durmira moi agradablemente con Mireille; quizais porque non fora muller de moita envergadura e ocupara pouco sitio naquela cama máis ben estreita, nada de excesos máis propios de matrimonios saltaríns que do doce, sosegado outono no que o noso home entraba, ou acaso porque non dera a moza as voltas que o estado máis ben de laxitude no que quedara, impediran. Tamén pode ser e non hai por que eludilo, que o egrexio novelista quedara tan, tan cansadiño que por moitas voltas que ela dera, nin se enteiraba de a penas nada, nin sequera dun

gato que a pesar da estival estación que atravesaban, andara, mira ti que cousas, toda a noite ás xaneiras.

Pola mañá cando se despertou, nada máis abri-los ollos botou man do tabaco e prendeu un pito, ó tempo que dicía algo tan pouco orixinal como *la fumée me prend à la gorge* e sen sentir rubor algún. Logo envolveuse nas sabas que, seguindo tradicional costume, non eran todo o brancas que deberan ser e agachou nelas o seu corpo vello que xa comenzaba a avergoña-lo. Era algo do que se viña decatando dende non había moitos meses e que lle producía unha melancolía que el entendía como non excesivamente conveniente. A consciencia da frouxedade, da laxitude do seu corpo traíalle non só un certo malestar, un determinado desacougo, un non se atopar a gusto consigo mesmo, co mortal barro que o envolvía, senón tamén unha misantropía que o ía cerrando cara ó silencio.

Unha vez vira nun documental como unha especie de araña, logo de que na súa arañeira caera unha mosca, corría cara a ela para rematala e axiña segregaba un velaíño fío co que ía envolvendo, envolvendo en silencio e frío o corpo morto, enxoito, esmacelado, do insecto que non había moitos minutos fora brillante e ata agresivo e agora amosábase murcho e coma deshidratado. Máis tarde iríao comendo a chuchóns ávidos e secos. Así a melancolía: un tecido velaíño, inconsutil, que che vai medrando nos dentros, ocupándote e vaite botando no silencio envolvéndote nas longas pausas da señardade, afastándote, para logo concluír na misantropía; xa unha vez nela, ti mesmo has se-lo máis odiado.

Nos derradeiros meses tal fora o seu proceso. Brillara nas reunións polos seus silencios, que el xustificaba apoñéndollos á brillantez allea, ás súas poucas ganas de competir na busca da frase ocorrente, da gabanza oportuna, da verba ferinte e única que avalase o propio inxenio ou certificase a inexistencia do alleo. Durante meses optara por calar e deixarse ir nas sobremesas, celebrando as anécdotas hábil e ocorrentemente relatadas, aplaudindo a espontaneidade dos outros e reprimindo a propia, sen ter razón aparente e importante que sustentase aquela actitude da que el era acaso o primeiro sorprendido. Estábase envolvendo en si mesmo coa diferencia de que, nun proceso parello ó do envolvemento, estábanse a produci-los chuchóns, as trabadas fondas e secas que era de supoñer quedarían reservadas a axentes exóxenos, á sociedade adoito inculpada de males que non están decote fóra de nós mesmos, senón precisamente dentro, arreándonos eses chuchóns tremendos que tanto nos consumen. ¡Ouh, a

melancolía!

Durante meses ensumírase nela e sen se decatar chegara á misantropía. O que nalgúns círculos se consideraba intelixencia, carácter prudente, algunhas veces cortesía ou boa educación, non era máis que o profundo, o solemne aburrimento que a vida estaba a lle producir. Fartábano as conversas repetidas, os comentarios habituais e na súa teima chegaba a situacións realmente preocupantes. Na vez do cine deleitábase en constatar que, a conversa do señor que tiña detrás, era a mesma que mantivera o día anterior, noutra vez doutro cine, outro señor que non era aquel, pero que era aquel e dicía o mismo. No autobús, mentres parecía ler atentamente a folla de sucesos, encarraxábase ó escoita-los comentarios das señoras ou as prediccións meteorolóxicas que, pódese crer, eran exactamente iguais ás que viña escoitando dende a súa nenez. Definitivamente, estaba mal a gusto. Nun seu afán de transcendentaliza-lo todo esixíalle á xente conversacións que, o máis probable, deixarían a vida carente desa componente lúdica que nos afasta da angustia: o partido do domingo a choiva que non deixa ¿ou é que vai deixar? de caer; a derradeira voda que seguro que vai saír mal porque ela é tan xeitosiña, pero el élle un canalla.

Na rede que se ía tecendo esixíalle á xente que fose transcendente, acaso como resposta a aquela educación clerical e negra na que tanta e tanta xente se educara e da que menos dos que parecía se deran liberado: “somos seres contixentes”, dixéranlle a reo na nenez distante, e aprendera a lección aquela; “a morte pode chegar en calquera intre” repetíranlle adoito, e pódese asegurar que, polo menos nos tempos que precederan á viaxe a Aix, nunca, tal como lle aconsellaran, lle podería pillar desapercibido. Sentirse transcendente, esixi-la transcendencia, velaí o segredo da angustia, acaso tamén da melancolía.

Naqueles meses nos que non se atopara excesivamente ben a gusto na súa propia pel, buscara nos fármacos a liberación que decididamente a sociedade, o exóxeno, non lle ía proporcionar e convencido de que somos pura, puriña bioquímica —o home é un milagre químico que soña, repetíase con máis frecuencia da aconsellable— estaba certo de atopar nunha pastilliña a alteración da conducta que o sacara do pozo no que cada vez afondaba máis, pero nada. Química si, pero igual que hai estados regresivos, tamén os hai progresivos en se unhas veces se vai outras se vén e sentirse non é ser, nin sequera estar. Tanta reacción química que nos conforma, tanto e tanto soño que non é máis que iso: pura química da que as pastilliñas sácante, lévante ou déixante; o mesmo que a alcoholemia aguda pódecha dar eufórica, pero non é menos certo que tamén cha

poder dar chorona. ¡Química si, pero hai cada matraz! Tal pensaba agora no momento no que, pura reacción química, decidira agacha-lo seu corpo á ollada, que intuía inquisitiva, da Mireille e que nin se chegara a producir, porque en realidade o problema do avellentamento a quen de certo lle preocupaba era a el mesmo; a redondez do bandullo, a piques de adoptar pendulares expresións, concerníalle a el e a rapaza, pura química, non se faría máis preguntas que as xustamentes necesarias: ¿que fago eu aquí? ¿paga a pena seguir estando? pois os vellos escritores fancho igual que as demais xentes; cousas vulgares e, iso si, moi químicas que non tiñan nada que ver cun corpo ó que, tamén é certo, lle sobraba máis dunha arroba e lle faltaba algo de elasticidade.

¡Química, química! A química estaba resultando se-lo baño no Durance, as noites longas e doces a falar coas mozas que o escoitaban coma se dixese algo realmente ocorrente, algo realmente brillante ou simplemente simpático. O silencio no que se ensumira naqueles meses non fora nin máis nin menos que causa da falta de auditorio. A xente é moi libre de escoitar a quen e o que lle pete e niso estaba o segredo da súa melancolía. Matinaba nisto, envolveito na saba, fumando o pitillo e facendo iso que se di sempre que se fai nas boas e nas malas novelas: observando as volutas de azuis e grises que facía o fume ó ascender silandeiro, e mais dous ou tres aros que, por casualidade e non por outra cousa, lle saíran ó noso escritor.

Estivera recobrando o equilibrio químico gracias ó corpo de Mireille, gracias ós corpos mozos e desinhibidos das mozas e gracias ás conversacións longas, ás xoldras beneficiosas e ó ambiente relaxado e mozo dos estudiantes.

Cismando nisto levantárase e era doce recordalo agora en Compostela, sabendo veciña a choiva e sabendo como a vida cambiara un pouco máis xusto dende aquela mañá que agora rememoraba.

Primeiro fora a invención do Griffon, unha invención que tivera que ver cos cangrexos e, agora volvía recordalo, cun bacoriño que comera cociñado no seu propio sangue e mais, segundo xa se ten aquí recordado, co viño que xenerosamente correra embaixo dos pradairos, logo de baixar da Gorge de Ventoux, aquel misterio no que as proporcións te dominaban e xa se sabe que o noso amigo prefire Venecia a Flbrencia; ten unhas proporcións máis íntimas ¡que carano! Xurdira alí, pero levaba tempo dentro del, acaso motivada polo silencio de meses, acaso por unha certa propia identificación da súa vera efixie coa dunha

gárgola de certo compostelán edificio: unha especie de Griffon, de raro animal prognático e ictiforme que deitaba auga polos beizos afuciñados, sen aparente esforzo. Os cangrexos posiblemente o levaran a imaxina-la auga como camiño; o sangue no que o bacoriño se cocera, a unha morte que viña a rumbo de colisión cara a el mesmo. O certo é que levaba un ano dándolle voltas e voltas e voltas. Contáralles ós amigos, pois ben un cento ou dous de veces, a historia que ía escribir, aumentándoa cada vez, cambiándoa a cada ocasión e sabéndose sempre incapaz de escribila. ¿Que xogo daba aquilo dun ser que entra nunha fonte de catro canos no século trece e sae, logo de camiñar polas correntes subterráneas, no dezanove? ¡Pois todo! Daba tanto xogo, xogaba tanto, que non había por onde collela. Os amigos aledábanse da imaxinación do seu amigo, os inimigos rían da inxenuidade ou da estolidez do seu inimigo; todos pensaban que a historia podería dar moito xogo, pero o único que estaba certo de que non tería ocasión de lle mete-lo dente era o propio escritor, cheo de dúbidas e silencio.

Recordaba o tempo de Aix no silencio compostelán e solteirón no que de novo se sumira. De lonxe, na lembranza, chegábanlle os risos das mozas, a liberdade na que vivira sentíndose mozo el mesmo, recobrando o goberno do seu propio corpo abandonado; como sucedera aquela mesma mañá logo de botar un pito na cama, agachar inxenuamente o corpo á ollada de Mireille, erguerse do leito e logo das matinais ablucións, saír para a facultade e perorar sobre a novela, algo que só nace ben na libertade e de quen moitos opinan que é burguesa.

Chegara á facultade máis cedo do habitual, dera as clases solazándose do sol que entraba a cachón polas fiestras xa dende ben cedo e quentando, e logo saíra tomar un café con leite no bar da terceira planta que adoitaba tomar escaso de leite, longo de café e edulcorado con pouco zucre ó tempo que acompañado dun croissant que, non hai por que ocultalo, non deixaba nun lugar precisamente eximio a repostería e bolería galas. ¡Pero era un croissant! e diso se trataba. ¡Ouh, como comenzaba a amar a doce Francia chea de augas azuis coma as do Durance, de viños que deixan o padal coma o veludo, de mozas que son coma as de calquera outro sitio! Estaba ensimismado na degustación do café con leite cando chegou onda el Fedor, o pintor armenio amigo de Lucille, de máis talla e peor voz que o Aznavour e cunha certa influencia do Greco na súa pintura que maravillaba ó Profesor Visitante e o deixaba inmerso en dúbidas sobre a beneficiosa, a non dubidalo, influencia da hispanófila Lucille e mais dos camiños polos que a facía chegar ata el. Viña con ollos de soño, andares pousados, bigote espeso e sorriso aberto, é dicir, tal e como lle era habitual o

aspecto. Sentouse á mesa do Profesor Visitante e alargoulle unha fotocopia:

—Encargoume Lucille que lla fixera.

O Profesor colleu a fotocopia, leuna e preguntou:

—¿E vostede para que quere estas curiosidades?

O armenio sentiuse ofendido, pero non o demostrou máis que na ollada, azul que non se dixo, endurecida de breve xeito, para distenderse nun sorriso ameno e convincente.

—É por se se me ocorre algo para un cadro que estou a facer.

O Visitante calou e logo dixo:

—Xa. A sonata a Kreuzer. Non me diga máis.

Logo rosmou “velaquí un dos camiños. A ver agora quen lle pon a música, ou senón quen toca o birimbao”. Pero axiña se abstraeu na lectura da fotocopia:

CARTA DO PADRE CELESTINO DE PASTRANA, CURA DE SANTA CRUZ, PARA O DEÁN DE SANTIAGO, O RVDO. PADRE XIL GONZÁLEZ, O SEU SUPERIOR. DÁNDOLLE CONTA DA MORTE DE DON MARTÍN ABALO QUE FINOU NO CASTELO DO PINTO POR MANDADO DA SÚA MAXD. EL REI DON PHELIPE SEGUNDO, DUN GARROTE, SEN SABERSE QUE DELITO COMETERA, A 14 DO MES DE SANTOS DE 15…

BRITISH MUSEUM
Egerton, 735-PS 5663
Papeles Varios, 1465-1493.
fols. 41-71

Rmo. Pe. Nso.
Gra. Xpti.

Coido eu que V. Rma. escoitará boas novas da morte, sobre a morte, daquel cabaleiro a quen eu fun axudar a ben morrer e que terá interés en saber todo acerca de como sucedeu este asunto, así que llo contarei todo nesta coa axuda e maila gracia de El Señor.

Saín de aquí de Madrid o mércores, dez de Santos, do 1597 cara ó castelo do Pinto onde o tal cabaleiro se atopaba cangadiño de prisións, co gallo de, coa gracia de El Señor, ilo dispondo para este duro trance da morte e pensando en volverme para aquí ó día seguinte. Máis tarde, de alí a poucos días, tornaría por derradeira vez e asunto concluído.

Tan pronto como cheguei faleille a un dos alguacís que tiñan conta del e

contoume que o seu recomendando estáballe tan temeroso da morte e, ó mesmo tempo, tan aguerrido e rufo dediante dela, que tiña por cousa certa o que, tan axiña como se lle dera conta dela e considerando a brevidade da súa chegada ou ben se aflixiría de tal xeito que só coa mesma aflicción xa el mesmo acordara morrer sen máis dilación ou ben se había sobrepoñer con forza tal que mesmo chegara a producir dúbidas razonables sobre o seu san xuício. Así que dicir, diríallo, pero el aconsellábame que de facelo non conviña en absoluto que o deixase só, logo de comunicarlle a terrible novidade ben por baixalo da súa soberbia, caso de se producir na segunda das consideracións devanditas, ben por erguelo da súa angustia, no suposto de que se abatese de tan compunxido xeito como o que se pronosticou na primeira das observacións posibles.

Entre unhas cousas e outras, entre que unhas me viñan e outras me ían, determineime, con la gracia de El Señor, a dar parte ó Ministro da S.M. que me enviara e, coa mesma, mandei un propio para aquí, para Madrid, que a ver qué facía eu, que non sabía ben que era o que máis conviña ó bo goberno das ordes da S.M. E tornou axiña o propio, ó día seguinte, e díxome que, nembargantes a miña proposta —que xa se pode imaxinar V.I. cal era ou máis ben cal podería ser, que os tempos non lle están para moitas virguerías— fixese o máis axiña o meu oficio, me deixase de templar gaitas ou de farrapos de gaitas, que as dúas cousas se me dixeron por boca do propio que eu enviara e que fixera axiña o meu oficio, dicíalle, que con iso non se pretendía máis que o ben do condenado e que, sucedese o que sucedese, non lle había lugar para máis dilacións.

Sonlle ben mandado como V.I. ben sabe e me fará o favor de recoñecer, así que, de mañanciña cedo, mandeille recado de que xa estaba eu alí e de que quería velo; cousa que el aceptou nada máis ter noticia disto e dándose axiña por morto "morto son" seica dixo nada máis enteirarse da miña presencia, "xa non hai home" repetiu un par de veces, concluíndo por acabar afirmando "isto acabouse, isto acabouse e amén" segundo me dixo un alguacil que por alí andaba e do que xa lle falei. Con estas que entrei onde el se atopaba e atopeino cheíño, cangadiño de prisións como alí estaba coitado e como con elas había morrer e abraceino, facéndolle a maior demostración de amor e compasión que fun quen de acadar, que a verdade non sei se sería moita. Estáballe el con máis turbación que sobresalto, pero arrepúxoselle ben e moi enteiro díxome. "Padre, xa sei que este é o derradeiro dos meus días" ó que eu non lle quixen, tampouco podía esa é a verdade, responderlle; pero afirmeille con toda a solemnidade que fun capaz e a fin de sosegalo pois enteiro estáballe, pero, V.I. me perdoe, nunca

sabe un ben o que estes galegos son capaces de pensar; afirmeille, dicíalle, que non se preocupase que Deus había darlle o que máis lle conviñese e que o que el debía facer era desexar isto e non outra cousa distinta.

Como eu supuña non acreditou moito en min e induciume a confesarlle, eu a el, se había morrer axiña, ou cando e onde, cousa que tiven que facer alí mesmo non sen esforzo e costándome bágoas o facelo, bágoas que verquín abundantes e sinceras, pois antes quixen escudi-la realidade afirmándolle que a min o que me dixeran fora que fora alí "non a axudar a ben morrer a vosa mercede, senón máis ben a dispoñelo coa gracia e o favor de Deus para calquera cousa que a Súa Divina Maxestade quixese ordenar da vosa mercede" ó que el me respondeu "Mire déixeseme de lerias que iso é dicirme claramente que teño que morrer" e díxomo así tan rufo que eu, teño que recoñecelo, encristeime un chisco e arrufeille "Señor, tal cousa me dixeron e conforme a ela non perdamos tempo" do que humildosamente me arrepinto pois teño que recoñecer que non somos de pedra e o galego, aínda que o parecese, V.I. mo disculpe, tampouco; como que nada máis dicir eu o que antecede entroulle ó pobre do home unha temblequeira, un tremor en todo o corpo tal que se tivese unha terciana moi rexa, que aínda lle durou un bo rato, uns cantos minutos se hei ser sincero e que nos produciu, ós que alí con el estabamos, unha situación de abondo incómoda pois non pode V.I. imaxina-lo que é un silencio longo, infindo, coma aquel no que cada pouco se escoitaba o bater dos dentes uns contra dos outros, o renxer dos dentes os de enriba contra os de embaixo.

Interrompeu a lectura. O sol estaba a lle quenta-lo lombo dun xeito un tanto desaforado e o escritor arxelino cargaba a pronunciación nos "erres" de xeito que soaban case onomatopeicamente nun alarde nacionalista, inxenuo e reivindicativo, que tiña a ostentación e gala; algún día sairía daquela facultade para escribir unha novela de linguaxe forte coma aqueles erres arrastrados e cantareiros e que máis dun chamaría stenhaliano precisamente a causa da fortaleza da linguaxe. Pero ahora contentábase con dicir parrole e voatirr e amolarlle a lectura ó Visitante, xunto co sol que quecía de mala maneira e inducía ó escritor ó desacougo.

Entrou Lucille e as caras do escritor arxelino e do pintor armenio ilumináronse. Acadáronlle unha silla mentres os alumnos ollaban para ela espectantes, como agardando unha indicación que non se vai producir, pero que

tampouco se pode descartar así de primeiras que non se produza sen ter en conta que o destino é voluble e os deuses algo cataventos, é dicir, xente que igual arre que xo. Lucille sentouse en medio da agradable inconsciencia que presta o ignorar quen che arrimou a silla, rodeada dese halo encantador e mundano que xorde da naturalidade aprendida ó longo de demorados anos, de se saber centro de atención de douscentos ou trescentos alumnos e alumnas ós que vas ter que aprobar ou suspender, segundo antiquísima práctica pedagóxica; a silla estaba aí, precisamente aí e non noutro sitio, dado que o lóxico é que aí estivese "¿pois non me ía sentar eu precisamente aí?". Sentouse, dicíase, e pousou a súa man, xa un chisquiño gordecha e allada, enriba da do Profesor Visitante e acariñoulla con certo rexoubeo de ademáns e innegable voluptuosidade na ollada:

—¡Olla que cousa tan interesante! ¡Unha alfaia é o que Fedor che trouxo! Atopeina onte, máis ben acordeime dela pola noite, e aí a tes. Pódeche valer para a túa magnífica historia do Griffon: todo o mundo de fantasía que significa un ser que anda polas augas subterráneas e agroma nun século coma noutro, segundo lle de ou segundo lle cadre. Todo o xogo lúdico que se desprende desa abraiante concepción pode, debe levar coma roncón ¿non se chama roncón esa peza que lle dá á vosa gaita a seriedade da que carece a asturiana? esta magnífica, dramática carta do Padre Pastrana. Será coma unha volta á realidade, será unha chamada a mante-los pes na terra, será…

O Profesor Visitante entraba de novo e vertixinosamente nun período de silencio dos que adoitaba cando o exterior empezaba a parecerlle hostil, ou cando os razoamentos que o interlocutor esgrimía eran considerados por el coma intelixente e ludicamente expostos; era o que en sicoloxía se chamaba "técnica non directiva". Limitábase a dicir "¡Ouh!", "¡Vaia, coño!", ás veces tan só "¡vaia!" e deixaba que o outro disfrutase. Nalgunhas ocasións chegara a dicir "¡Que bárbaro!", pero hai que recoñecer que tal expresión non era frecuente: tiña medo de que puidese semellar ousada ou procaz e adoitaba reservala para os momentos de maior intimidade, nos que podía chegar a introducir como expresión máis xenuina da "técnica non directiva" malabarismos verbais coma "¿¡Non me digas!?" e "¡Mira ti que cousas!" nun prodixio de sensatez que os demais adoitaban agradecer con olladas garimosas ou tenras, segundo os casos e as circunstancias.

Lucille seguía a se espallar na súa fermosa disertación sobre a alternancia do lírico-onírico co pragmático-prosaico que, segundo ela, eran constantes na literatura do xa naquel intre agobiado escritor invitado. Tiña que recoñece-lo

lector de cartas alleas e confidenciais que aquilo falagáballe abondo. Sentíase redimido. Segundo Lucille ía falando ía el lamentando o non poder ser un novelista norteamericano. Se fose un novelista norteamericano podería facer cousas deliciosas que a el, novelista galego que endexamais podería dicir estupideces na televisión de Madrid, por ser cousa reservada a productores de estupideces de moita máis alta prosapia, lle estaban prohibidísimas. Por exemplo: tiña prohibidísimo que se lle fose a man nos adverbios. En realidade iso importáballe pouco, o que máis lle doía era non poder escribi-las palabras en cursiva a cada pouco, cargándoas de intencionalidades ambiguas e suxeridoras, cousa que *realmente* era atraente, pero que a *el* lle estaría vedada, a pouco consciente que fose: aquilo *sería* tomado no seu país, pequeniño *certamente*, pero ¡que país!, sería *tomado* coma un acto de soberbia ou de desmesurada ambición ¿¡Que ía ser aquilo dun escritor cangando a man nas expresións de Lucille!? ¡Ouh, país, *país*!

Lucille seguía falar desaforadamente, artellándolle a novela ó escritor cincuentón recén saído dunha noite amena, pasada cunha moza máis nova e non máis *inexperta* ca el, o que lle producía certa alteración de costumes resumidos nos "¡Pois si!" que introduciu nas anteriores expresións infraestructuradoras da súa tan ben asimilada técnica non directiva, ou acaso consecuencia do ensimismamento no que caera e que o levaba por derroteiros máis misóxinos que outra cousa: "Deus é perfecto, dicíase, Deus é, que se sabia solteiro: algo debe te-la auga cando a bendín" para de seguido continuar reflexionando en que se di misa con viño: arcanos estes que non daba desvelado.

Nun momento dado estivo a piques de falar, pero arrepentiuse axiña: a derradeira vez que se sentira compracido ou obrigado a facelo inventara aquel incordio da novela e xa se estaba vendo o resultado. Así que acordou ir directo ó asunto e afrontalo como mellor fose capaz de entendelo.

—¡Pois sabes que tes razón! Pode ser unha moi boa idea. Unha idea extraordinaria *¡Ma-ra-vi-llo-sa!*

Dixo cangando de ambigua intencionalidade a derradeira expresión que, ¡mira ti que cousas!, imaxinou en letriña cursiva e todo.

—Vouna ler outro chisco, que aínda non fun quen de pasar da primeira páxina.

O coro que sempre se forma nestes casos de tertulias levadas, con mellor ou peor intención, nas cafeterías das universidades, intercedeu para que lese en alto en versión libre e a ser posible traducindo á linguaxe actual, cousa que el facía

xusto é dicilo ó ler tamén en voz baixa. Axexou o gran número de palabras suliñadas e suxeríu unha clase adicada á traducción da carta polos alumnos, permitíndose ser el quen explicase a riqueza daquel idioma no que a carta estaba escrito, un non excesivamente correcto castelán do século dezaseis. Así que dispúxose a continua-la lectura onde a deixara. O sol seguía quentándolle a espalda e empezaba a suar con máis abundancia e xenerosidade da aconsellada e permitida naquelas latitudes ás que el non estaba afeito, aínda, de todo.

Tan axiña como se repuxo e superado o silencio mesto que nos envolveu a todos, volveu se-lo do comenzo e díxome, sen alterar, sen descompoñer nin un chisco o aceno, se lle recabara unha bula da Cruzada e mais licencia para comungar, cousa que lle afirmei sen dilación, enxergándoa de seguido coa recomendación de que dado que xa se confesara, alí mesmo oralmente, tornase a recorrer toda a confesión feita e mais tamén toda a súa vida pasada e que se fose reconciliando segundo se lle fosen acordando as cousas, xa que era coma se fixéra-las contas con Deus Noso Señor e que, coma quen dicía, alí onde caera o madeiro, alí había quedar xa para sempre.

Dixo que así o quería facer, que así estaba disposto afacelo e que lle daba infindas gracias a Deus Noso Señor polo tempo e o aparello que lle proporcionaba en ocasión tan sinalada e de tanta necesidade. E comenzou a pegar voces berrando "¡Que morra eu, Señor, que morra eu! ¡Que teña que morrer eu, Señor, e quede ese cabrón no Escorial! ¡Xusticia, Señor, Xusticia!. ¡Valédeme, Señor, valédeme, que non vexa eu o Inferno, non vaia eu alá, Señor, non intres in iudicium cum servo tuo quia non iustificavitur in conspectu tuo omnis vivens *ou pecados que en tal perigo me puñestes" e moitas cousas máis coma estas, e logo cantou salmos, poñendo tanta emoción nas palabras pronunciadas que semellaban coma propios e por veces ata daban que pensar se estaría nos seus cabais, tan grande era a convicción, tan grande o sentimento. Logo mostrouse abraiado de estar ás portas da morte, emitindo grandes salaios e demostracións de estar realmente abraiado de realidade tal ó que eu lle respondín que eran don de Deus e gracia Súa aquel abraio e mais aquel temor e tamén principio de entrar en Gracia coa Súa Divina Maxestade e que tiña tempo e remedios abondos, remedios moi eficaces por certo, para fuxir de tanto mal como temía das penas do inferno e non sen razón, pois non sen razón recoñecía que ofendera a Deus.*

A dicir verdade, e dado o seu estado, teño que dicir que quedou un pouco pampo, cousa que aproveitei para recordarlle, pois el polo seu ministerio xa ben que o tiña que saber, o que é a contrición e que a virtude e maila eficacia dos sacramentos, cando a contrición non chega a ser todo o enteira que debería, poden suplila, non fose se-lo demo, pois, V.I. me perdoará, pero con estes galegos tan raros, nunca se sabe un realmente 6 que se expón. Entre unhas cousas e outras sosegouse novamente, pero axiña se lle deu por imaxina-la morte que lle agardaba e comenzou de novo a laiarse que "Se teño que acaba-la miña vida nas mans dun verdugo" que se "na miña Terra ese tirano non foi quen de atopar un só" que "se son o primeiro da miña liñaxe que morre de tan ignominioso xeito". Foise calmando novamente, foise acalando e eu tentei apacigualo aínda máis, pero arrepúxoseme dicindo que "a miña dolor é miña, a miña morte é miña" coma se eu alí non pintase nada. Teño que recoñecer a V.I. que mesmo parecía que eu por momentos lle estorbase alí. Semellaba coma se se tivese que sosegar el por si mesmo, soberbamente, sen axuda. Na seguinte vez que sucedeu á que lle queda aquí descrita a V.I. berrou que qué tirano era aquel que facía morre-la xente sen comunicarlle a sentencia, que quería escoitala, que quería saber por que morría e quería que os seus asasinos soubesen, cando menos, as razóns da súa executoria. Así que vendo eu que xa tiña asumida a súa propia morte e sen entrar en consideracións de se era cousa xusta ou inxusta, pois a min mandáronme alí a ben dispor unha ánima para o derradeiro tránsito, díxenlle que era a súa unha morte que o tiña realmente que consolar por se-la mellor para o corpo e mais para a honra e que nin dicir para a ánima, xa que había ser tan breve e tan en segredo e tan axeitada para negocia-la súa salvación que lla envexarían os que tiñan que morrer de longa enfermidade, logo de tódalas dores e as fraquezas corporais que tal demora supón e logo, tamén, das faltas de asisado xuício que nas longas enfermidades adoitan producirse e que ¡ai! tanto adoitan estorba-lo trato con Deus e mais cos seus ministros, cousas tan necesarias neses momentos. Pasei logo a referirlle a paixón de Xesucristo, tan chea de inxurias e oprobios, inventándolle novas penas e tormentos, nos que posiblemente me excedese, pois houbo un intre no que sospeitei unha ollada del cangadiña de ironía e ata me atrevo a afirmar que sorriu por baixo das concas das mans nas que tiña pousada aquela cara afiada, coma de aguia ou anguía e de penetrantes ollos negros. Non debeu ser así e debeu ser cousa da miña imaxinación, pois ó escoita-las miñas prédicas dixo moitas veces arreo Domine transeat a me calix iste *ó que eu lle suxerín que*

pasase adiante e dixexe non quod ego volo sed quod tu vis, non mea sed tua fiat voluntas.

Verdadeiramente era molesto aquel sol a lle bater no lombo sen piedade algunha. Ergueuse. Paseou polo recinto da cafetería e sóubose dobremente excitado; a carta parecía non só ser certa, senón tamén arrepiante. ¿Que ruindade era aquela de conta-las angurias dun home en tránsito? Non entendía o interés de ninguén por saber das derradeiras horas dun home e, a esta incertidume, xunguíaselle a de se aquel sol realmente podería facer tolea-la xente.

Gardou a carta no peto, logo de dobrala coidadosamente, e despediuse da xente que o rodeaba. Saiu ó campus e metendo o polegar no peto traseiro do pantalón sentiu o papel amplo da carta. Apurou o paso e achegouse ós pradairos, embaixo dos que a sombra o reclamaba, para se sentar alí co lombo apoiado nun deles, e rele-la carta.

Non souberon del na hora da comida e ninguén comentou a extraña reacción que tivera no bar. Déranlle unha carta e marchara con ela logo de concluídas as clases. Non había moito máis que falar. Marchara e listo.

Mireille deu con el cando o sol devalaba maino e rubio. Seguía abeirado ó pradairo, esmacelados os brazos na herba, pousada na man e ceiba a carta que non voara gracias ó extraño milagre dos días sen vento, dos solpores anodados de seu que a el tanto o maravillaban "¡Nin sequera un ventiño lene, un bris que che alegre a ánima!" dicíase con frecuencia desusada.

Mireille achegouse a el, axeonllouse e bicouno na fronte suorosa e quente, xa enrugada. O Profesor abriu os ollos, fitouna e díxolle engordiño:

—¿Sabes, Mireille? Soñamos cidades que non son nosas, urbes que endexamais pisamos, e percorremos as súas rúas certos do que hai á volta das esquinas. A cidade que eu soño e que xamais pisei ten prazas de pedra e escaleiras maxestosas polas que os nenos descenden con velocidades de vágado. No pe das escaleiras hai fontes enrelladas e cabo do cachón da auga uns vasos limpos, transparentes, polos que ninguén bebe. ¡Tanta é a transparencia! Ninguén quere lixalos, deixalos murchos logo de neles pousa-las xemas dos dedos, os beizos húmidos e quentes, o propio alento. E pasan os nenos e os días e a fonte segue a deita-la auga e os vasos permanecen. Torno á cidade do meu soño cada pouco e sei que, algún día, entrarei nunha urbe insospeitadamente semellante a ela, acaso a mesma, e beberei da fonte por ver se son quen de non entolda-lo

vaso.

Mireille pousoulle a man no pelo encrechado e peiteoullo cos dedos longos e firmes e acaso doces. El achegouna, de xeito que concluíra por se sentar ó seu carón e bicouna doce, lenta e longamente.

—Vamos, díxolle.

Mireille mirouno e, logo de o bicar na punta do nariz, ergueuse e contestou, mentres lle acadaba a man para turrar del:

—Cando queiras.

El colleulle a man e ergueuse lixeiro.

—Non é cando, senón onde.

—Non entendo.

—Vamos de aquí. Vamos lonxe, non aturo tanta luz, tanto sol, tanta transparencia.

A luz de Compostela non é única, acaso porque non dependa a luz da sonoridade dos perfís, da pracidez dos recantos nos que nada estoura, da mesura do conxunto nos que apousa. En Compostela o aire non é importante, vén e vai coma en tódolos sitios, pero non é importante; por iso a luz que o vento adoita traer con el chega, ás veces apousa, logo vaise e pouca cousa a significar chega. O vento vén do océano infindo e trae auga no seu seo, de xeito que a luz vén xa preñada dende lonxe, aínda que tamén preñar puidera nas praias longas e doces da Lanzada; a luz, acaso, sexa unha egua que cabalgue o vento a gallopar no tempo e nós non o saibamos.

E chega a luz preñada, chega a luz grávida dende o océano e póusase nas pedras da cidade. En Compostela o que algo significa son as pedras. Cando están mornas o seu quentor préstanllo á luz e a lentura ascende. É entón cando, si míra-lo ceo, velo limpo, pero sabes que alá enriba hai unha velaiña transparencia que peneira e filtra non só a luz que sobe, senón tamén a luz que baixa. Todo por culpa da morneza que das pedras se desprende.

Se as pedras están frías, a grávida lentura da luz esmágase contra delas e son máis brancas, acaso menos grises. Pero se están molladas, se as pedras están molladas ¡ai entón! entón o vento queda prendido nelas e a luz pare alí mesmo, enriba delas, e fainas brillar tanto, tanto que non se sabe se rin ou choran.

En Compostela o importante é a pedra elemental que a todos nos conforma, ela é a que detén a luz, a que fai apousa-lo vento engadándoo, enguedellándoo

nas rúas, entretecidas entre camiños de monte polos que ela foi agromando e tomando formas habitables, ata chegar a hoxe, pétreo bosque no que non só se apousa o vento e tamén a luz, senón que empeza xa a se dete-lo tempo.

Isto sábeo ben o Profesor Visitante sentado no seu sillón, abandonado ó ensoño. Tentara de llo explicar a Mireille, naquel serán de anguria no que soñara cidades, mentres a luz o mancara. "Naceu da pedra", dixéralle, "é pedra agromada que foi inzando, inzando e conformándose tal e como ti a verás algún día, a non dubidalo". Quizais ela non llo entendera en absoluto, pero el teimara e teimara mentres o solpor era un milagre no que a luz andaba ceiba polos tellados de Aix, cousa imposible en Compostela. "Mira, atende, éche cousa tal coma a dos cogumelos. Agroman e vanse, chegan coa luz e con ela foxen, pero é necesario que o vento traía auga fecundante, seminal auga que asulague todo e todo o preñe. No meu país crese que o vento mariñeiro preña as eguas nos areais oceánicos do fisterre, e que hai poldros do vento fillos, nos que incansables gallopar a velocidades que ninguén sospeita cara a ningures. Alí somos especialistas en gallopar así, nesa dirección, e acaso iso sexa o que significa o soño, a infinda gallopada sen fronteiras, o poldro fillo do vento e mais do mar océano. Ti non o entendes, pero éche así; como así é que Compostela foi agromando da terra, feita un bosque de pedra. Mira, atende, ponte da outra banda da gallopada, vaite a Allariz e pregunta polo castelo. Diranche "Velo aí está" e verás que a xente fala del, vai a el, dende el esculca o val longo e doce polo que foxe o Arnoia, intúe a cor que vai te-la luz cando o día abale, cando veña a noite, ou se as campás de Santiago van da-las badaladas máis doces esta noite. Pero non hai castelo, aínda que a xente xure e perxure que existe, que está alí e por tolo te tomen se o contrario afirmas. Hóuboo, é certo. Agromou abeirado ó Arnoia na cima dun outeiro e hoxe é un coto toco e descarnado; foise esvaendo, foise abatendo e deixando docemente se deitaren as pedras polas rúas, agora con elas enlousadas. Imaxinao: nese toco muñón no que a xente cre ollar un castelo, no que a xente olla un castelo que non existe, que si existe, xa que logo, foi inzando da terra unha pedra que se fixo habitable. Logo derramouse e foi cubrindo as rúas coma un manto. Así Compostela, que xa empeza a ser un soño, coma o castelo de Allariz. Un soño na primeira forma, agromado na caeira donda na que apousa, agachado case sempre entre choiva e neboeiro, oculto ós ollos que non están afeitos a gallopar nos soños".

Mireille ollárao queda e silandeira. No seu sillón de Compostela o vello Profesor lembra a súa ollada e maila ferinte luz na que aquela se enmarcaba e

esta se resumía. A ollada de Mireille era toda a luz de Provenza concluída, quizais por iso tanto o desacougaba o seu recordo, a súa transparencia.

Fuxira con ela aquela tarde e marcharan xuntos para a rúa do Griffon a se protexer da luz na escuridade da casa, de contras que a peneiraban coa madeira disposta en taboíñas paralelas, oblicuamente encaixadas, de xeito que houbese un permanente lusco fusco nos cuartos, de teitos altos e chemineas nas que podías asar un año dándolle voltas a un ferranchiño que a tal fin tiñan disposto. Alí, na paz da repousada, apreixoada luz que xa non brincaba ceiba polos tellados, senón que estaba alí retida, esmorecendo dende a mañá á noite en que morría, o Profesor Visitante adoitaba recluírse a non facer nada, tan só a fuxir da luz que o anonadaba. Deitábase no leito e deixaba pasa-las horas ata que alguén viña a rescatalo; cousa que agradecía se a noite era chegada; cousa que docilmente aceptaba se a luz aínda era ferinte e agresiva como adoitaba.

Agora era a primeira vez dende que chegara en que conseguía que alguén naufragase con el a media tarde e correse feliz polo Forum des Cardeurs turrando da Mireille pola man, que sabía pequena dentro da súa, e sabéndose observado polos arxelinos que ocupaban os arredores da praza, sentados nas terrazas dos cafés en actitudes espreitantes nas que, agachada na aparente calma ou acaso precisamente radicada nelas, se adiviñaba a agresividade que a paixón, a emotividade aporta ás xentes cando é a compoñente máis pertinaz na súa estructura. Tamén os portugueses do norte, os galegos do sul, os miñotos, estaban sentados nos cafés, deixando que o tempo devalase, pero había pracidez na súa semblante e nada presaxiaba os prontos que estourarían nos seráns arxelinos de Aix en broncas de berros estridentes, de acenos feros e desmedidos que ás veces, poucas, eran destemidos, case nunca silandeiros, sempre histriónicos, xesticulantes, ampulosos e enmarcados en voces roucas e reiterativas, en berros guturais que nunca viñan do fondo do peito, senón que na gorxa nacían e nela concluían.

Explicárallo ó chegar á casa. O Profesor Visitante sabía da violencia, coñecíaa, incluso a practicara; pero era outro tipo de violencia menos desmesurada, menos dominada polo formal, pola posta en escena que os mediterráneos frecuentaban. Viña impresionado como viña sempre que tivera que atravesa-lo barrio cominado por arxelinos e por estudiantes, a metade para cada un deles, o Forum des Cardeurs como lugar para transita-los encontros que a el o puñan nervioso e excitado, acaso medoñento e cobarde. Atravesárao esta tarde sabéndose observado e sabendo que da man de Mireille lle viña unha

fortaleza que non tiña, que dependía dela e que a ela tería que tornar caso de ser necesario. Ía con medo, con medo de que alguén se metese coa moza e el tivese que facerlle frente ó insulto, á ordinariez, acaso á aproximación excesiva dalgún daqueles seres transterrados e tristes que os viron pasar coma unha parte máis da tarde e da soidade que os conformaba. Non lles mostraran nin rencor, nin odio, nin tampouco amor, pero o vello Profesor non o soubera. No que había indiferencia el intuía desprecio, na inmobilidade da ollada e na aparente indolencia dos corpos, esa calma tensa que precede o salto do felino. Por iso chegara á casa falando da violencia na literatura.

—Mañá, Mireille, falarei do sexo e mais da violencia na literatura do meu pobo. Non só hai lirismo, non só hai humor e ironía, nela hai tamén violencia; non unha violencia como a vosa, grandilocuente e mítica, senón outra máxica e repousada, acaso máis atroz, de certo máis terrible, pois a vinganza ha ser algo que se beba frío. A violencia dos nenos do Casares, mesmo dos de Ferrín; a dos esmorgantes do Eduardo, ou os fusilados do Cela ou do Conde, a violencia dos seres, reflexivos e apousados que, chegado un intre, se desborda e é unha anegada inconteñible e duradeira, definitiva.

Ela escoitárao sen entender moito ata que días despois na proxección dunha película, tivera ocasión de comprobar como a violencia se pode encorar durante un tempo ata que un estoupido a fai rebentar, sen saber ben de todo cómo. Nada máis comenza-la proxección, o Profesor, logo de collerlle a man, estarricouse na butaca e apoiou a caluga no respaldo. De alí a pouco unha interxección incomprensible para ela sorprendéraa "¡…ño!", dixera mainiño e enerxicamente o literato, ó tempo que botaba a man ó lombo e batía con ela no xeonllo do espectador que, sentado na butaca de atrás, o pousara, mentres estaba en postura semellante á súa, de xeito tal que lle premera as guedellas da caluga contra da butaca tan firmemente que, ó se mover, sentira non só a dor do tirón, senón tamén a da perda dalgún do xa non moito pelo que lle ía quedando. Logo vira como o Profesor tornara a cabeza e, no máis exquisito francés que fora quen de acadar, tentara de lle explicar ó compañeiro de proxección cinematográfica o sucedido.

Varios "¡…ño!" foron enmarcando a proxección e a cada un deles o Profesor avisara do dano, explicara o sucedido e solicitara comprensión e boas maneiras, pois a cousa empezaba a ser molesta. Logo seguía unha pequena explicación a modo de pregunta, na que o Profesor pedía de Mireille aclaración acerca de se o tipo, un rapazolo de vintepoucos anos, en compañía doutros de non moitos máis,

se comportaba así por tratarse dun extranxeiro, por se tratar dun home maior acompañado dunha moza ou simplemente porque, levado da emoción que lle causaba a guerra das galaxias que discorría na pantalla, se esquecía do seu viciño ata tal punto que tornaba a pousa-lo xeonllo na cima do respaldo e mancalo seguido, cousa esta que Mireille non soubo explicar, nin tiña por que evitar.

As voces foron subindo de tono e chegou un intre no que o rapaz lle indicaba ó Profesor a conveniencia de que avisase de cando tivese prendidas as guedellas, cousa á que o profesor se negou; parecíalle ridículo aquilo de ter que ergue-la voz, no seu mal francés, para avisar de que aquel mamonciño lle tiña *prende le cheveux*; así que preferiu calmarse, baterlle cos dedos no xeonllo, botando atrás o brazo por onda a caluga e por riba do respaldo. Pero a operación repetiuse varias vegadas e as explicacións foron máis a miúdo dadas e en máis alta voz pronunciadas, de xeito que o Profesor empezou a pensar seriamente en que si, en que era certo que lle estaban a toma-lo pelo por dous dos procedementos máis evidentes e inmediatos posibles; co que xa se decidiu a sentir ferver nos seus adentros a evidencia do ridículo que tanto o aldraxaba, e acordou calar: sabía ós espectadores veciños atentos á xoldra; sospeitábaos sorrintes e decidiu pousa-la cabeza e non movela nalgún tempo, só así, a forza de non cambiar de postura, evitaría o que empezaba a adiviñar coma unha incitación do fato de rapazolos que tras del estaban.

Por dúas vegadas sentira o tirón que lle arrincaba os pelos e mailo proído que seguía ó capilar desprendemento e, por dúas vegadas, calou e non dixo nada. Cambiou a cabeza de sitio e, de alí a pouco, sentiu que o xeonllo do rapaz, na procura das súas guedellas, se pousaba en dous ou tres sitios do respaldo, empuxándoo e facendo que o lombo do Profesor acusase o movemento de empuxe. Entón esperou un chisco e foi movendo a cabeza ata se convencer de que volvía te-las guedellas, non moi longas, pero si de abondo para que aquel xogo fose posible, prendidas; logo premeulle a man á rapaza para axiña se desprender dela ó tempo que tranquila e repousadamente lle dicía: “síntocho” e tornarse rápido deixando alí máis pelo do que nunca deixara nas anteriores ocasións. Estaba Mireille na butaca que dá ó corredor, así que lle foi doado o saír a el e dun paso poñerse á altura da fila de atrás para, logo, botando o corpo por riba do primeiro rapaz, coller pola cazadora de coiro ó segundo, o da brominña, erguelo en vilo, sacalo ó corredor e alí mesmo sen esperar a máis e sen levanta-la voz zorregarlle unhas labazadas que sorprenderon a toda a sala e levaron o rapaz a saír a rolos pola porta de acceso que afortunadamente estaba próxima; cousa

esta de agradecer ós namorados que se poñen nas filas traseiras e acadan avantaxes coma a que de aquí se desprende.

O tumulto foi serio. Os amigos do rapaz tardaron en reaccionar, pero cando o fixeron xa o Profesor estaba no vestíbulo batendo a eito no bromista. Afortunadamente houbo espectadores que se puxeron de parte do Profesor, senón os compañeiros do infortunado dan conta del alí mesmo. A interrompida proxección foi de novo reemprendida e a intervención oportuna dun axudante de cátedra da Facultade de Dereito, evitou a concorrencia policial no rebumbio que se derivou do feito e que non concluíu en tanto non se reanudou a película.

O que o picapleitos non foi quen de evitar foi unha recensión periodística que ó día seguinte circulou pola Universidade, expoñendo o exemplo de carácter latino, vehemente e apaixoado do Profesor Invitado, que era presentado coma un ser violento e irascible que non tivera acougo abondo como para cambiar de sitio e escudi-lo escándalo. O que non dicía era que o cine estaba cheo, nin daba conta do número de tiróns que o bo do home padecera. Non entenderan nada, pero Mireille sabía xa o que era a violencia reprimida. Entendérao definitivamente cando el lle comentara:

—Estiven por agardar a que rematase a película e darlle as labazadas á saída, pero penseino ben e acordei darllas alí mesmo: fóra e entre tantos baterían en min a eito. Que tomen nota. Todo semellara unha arroutada.

Iso aprendérao Mireille uns días despois. Aquela tarde subiran ó piso da rue de Griffon e ducharánse. Era certamente chocante aquela boa disposición para a auga que o Profesor tiña e á que ela se afacía con gusto a compartila. Envoltos, el nun albornoz, ela nun dos pixamas del, deitáranse na cama a falar do tema da violencia na literatura. Nun intre dado collera el papel e pluma e fora facendo anotacións de xeito que, tal aseverou, lle quedaran un par de clases preparadas. De cando en cando ollaba para ela coma intentando adiviñar que era o que realmente podería desperta-lo interés dos alumnos, que era aquilo que podería aborrecelos e nalgunha ocasión preguntoulle directamente a Mireille pola súa opinión sobre o que el propuña como método de análise. A rapaza aportoulle ideas e el comenzou a amala máis intensamente, a intelixencia resultaba ser algo do máis excitante á hora de estar nun leito cunha moza. Había sempre algo máis que compartir que o mero acto do amor e, entre un e outro, a intelixencia facía posible o diálogo, a comunicación. Así llo dixo el, agradecido, pero non soubo

interpreta-la ollada dela ó escoitar tal cousa, acaso porque fora unha ollada transparente, excesivamente transparente como aquí xa quedou dito.

Aquela longa reflexión sobre a violencia recordoulle a carta que comenzara a ler aquel mesmo día. Ergueuse e buscouna no peto traseiro do pantalón. Cando a rescatou de alí, tornou para o leito e, en voz alta, continuou lendo onde a deixara.

E nestas voltas e revoltas aínda lle gastamos unhas cantas horas. Linlle a paixón do Noso Señor Xesucristo, por San Xoán, e mais algúns salmos axeitados ó momento no que el se atopaba e contestaba el con versos que el sabía do Rei David, e máis palabras de Santos que el ben sabía, pois éralle moi bo latino. Das que máis veces dixo, recórdollo porque sei o interés que V.I. amosa por este axusticiado e non lle han faltar razóns para isto, están as que din: Domine pone me iusta te et cuius vis manus pugnet contrame, non intres in iudizium Deus cui propium est misereri semper et parcere, *xunto con moitas oracións e ladaíñas que me contentaron moito e me convenceron da bondade do meu oficio e ministerio. Como lle preguntara quen era o autor duns moi sentidos versos, un pouco panteístas e non carentes de certo hedonismo, se V.I. me excusa a miña propia opinión, versos que el recitara á par cas oracións, contestoume que fora aquel grande parvo que eu tiña diante e que non era outro ca el, ironía esta que eu non acadei enteiramente, cousa que sen rubor confeso, e que os fixera estando el a estudiar en Alcalá.*

Cando vin o intre propicio, aviseino de que a licencia que agardaba de Madrid para poderlle dicir alí mesmo a Misa e Comungalo, xa me chegara nada máis entrar eu no camiño da súa cela, así que "¡albricias, albricias, Señor! que xa ten a vosa mercede licencia para comungar e mais para oír Misa" e, aínda que era cousa que el tiña moi pedida e solicitada, como sabía moi ben o que tal acontecemento sinalaba, empregando esa verba que os galegos adoitan ter sempre na boca díxome "Élle o carallo ¿sabe? que tal cousa o que anuncia élle a morte". Logo, dirixíndose ó Alguacil, sen trasmuda-la expresión da cara, díxolle "Por min pódelle esperar, que aínda non lle estou ben disposto de todo para recibir a El Señor". O caso é que non comprendín moi ben aquela reacción nun home que xa parecía tan ben disposto e moito menos lla comprendeu o Alguacil, cristián vello e castelán recio coma min que, un pouco apampado e tenso non sei se por causa do brillante e sorrinte dos ollos de aguiacho daquel home, espetoulle "Non lle hai lugar", logo arrepentiuse e volvéndose afirmoulle

que, nin aquel día, nin no seguinte morrería "Élle un consolo" respondeu o condenado; e eu aproveitei para reza-las miñas horas. Logo reconcilieino novamente e díxenlle a Misa alí mesmo. No tempo de darlle a comunión erguérono, con avíos de levantalo, do leito no que estaba aferrollado e cheo de prisións sen poder sequera se levantar; púxose primeiro de xeonllos, pero logo non sei se por devoción ou porque non se tiña de pe por causa do peso das prisións e mais das feridas coas que ó mancaban, deitouse todo ó longo e houbo que lle poñe-la patena a rentes do chan e levarlle ata alí a Sagrada Hostia que el, entre saloucos e bágoas que coutaba como podía, recibiu. A todos nos emocionou aquela enteireza e sen poñérmonos de acordo, unha vez concluída a misa, deixámolo só por uns instantes.

Acudín presto a estarme con el, pois sabía que tiña que se-la morte moi axiña. Non cesaba de falar en voz alta, pero non tan alta que fixese supor que tal facía para que eu o escoitase, senón nunha voz que semellaba sincera e reflexiva, coma a do home que pensa en voz alta, alleo á presencia de quen coma nin interrompía a súa intimidade e facía referencia á Nosa Señora da Branca Espada; advocación esta da Virxe que eu descoñecía e que supoño propia dese afastado e antigo Reino de Galicia. Máis tarde maravilloume non cunha confesión, senón cunha confidencia e encargo que me fixo, dado o carácter que para ela empregou e que, dada a súa condición sacerdotal pois non deixei de quedarme un pouco perplexo que quere que lle diga, díxome: "Non sei, Padre, se botou a Vosa Reverencia en falla que lle falase dunha cousa, pero é o caso que o meu corazón xa non pode sentila en soidade e quérolla dicir e é que o fillo que deixo o levo atravesado no meu corazón; pido á Vosa Reverencia que se encargue de que a súa nai o eduque coma cristián e no temor de Deus, mais tamén coma home honrado e na dignidade que, como tal home e coma nacido nun nobre reino, lle corresponde". E díxoo con tal tenrura que só agora, no momento de escribirllo á V.I., me atrevo a aventurar xuícios sobre a súa paternidade, pero tal encomenda lle traslado á V.I. por vivir eu tan lonxe dese reino e supor á V.I. coñecedor da personalidade da nai, cousa que eu prefiro non saber. Entenreceume tan grandemente con esta confesión que lle ofrecín en todo canto en min fose posible o que tan de veras e con tanto celo me pedía e que en tal punto de min solicitaba (pódolle dicir que o neno é de idade de dous ou tres anos). Para arredalo de tal sufrimento linlle as leccións de San Ignacio Mártir, as que rezamos nos maitins no día da súa festa e nas que o glorioso mártir chama e desafía a tódolos traballos e tormentos do mundo, e aínda ó mesmo

demo, que veñan enriba del a cambio de que poida gozar de Cristo; e que tivese en conta e mirase con atención o feito de que Deus Noso Señor pode afortalar un fraco corazón como é o de calquera home e que por intercesión daquel mártir glorioso lle pedise aquela axuda e aquela fortaleza, cousa que sen dúbida debeu facer e que, sen dúbida, lle debeu ser concedido polo que logo direi.

O serán estaba xa a concluír; o Profesor dobrou os folios e pousounos riba da mesiña de noite; estaba farto de ler, farto de violencia e non estaba certo de todo o que Lucille lle propuxera coa carta aquela tan chea de dureza, de crueldade, tamén dunha certa gracia para o lector de hoxe, afastado de liturxias que el aínda practicara na nenez en moitos casos. Ó entregarlla relacionáraa co Griffon ou el pensou neso, ou e que ela lle dixera algo sobor da libertade, algo sobor da inxusticia, naqueles e nestes tempos.

Pousou a carta na mesiña de noite e tornouse cara a Mireille que xa o agardaba. Fóra era o sernoite.

XIV

Hai moito que ver na cidade santa. Diego Xelmírez, arcebispo que foi dela, regalouna de xoias insignes e nun só día entrou nela tres corpos santos que agora alí acougan; o cuarto quedou ás portas, na igrexa que foi de San Salvador e dende aquela data pasou a ser de Santa Susana, a muller que nela descansa, o cuarto corpo que non chegou a entrar en Compostela. Tan boa fora a hospedaxe que en pago lle deixaron a dourada prenda do corpo da doncela, da moza que foi martirizada por non querer casar co fillo do Diocleciano, aquel herexe que aínda por riba era Emperador, aquela santa, santa Susana.

San Cucufato, mártir tamén, descansa nunha arca de máis de tres palmos de longura, de dous de altura, a campa ben cuberta de latón labrado e cheo de esmalte antigo e redomado. Martirizado en Barcelona, tenlle que agradecer ó bo Xelmírez a lentura que agora invade o seu corpo, a tristeza dos invernos e mailo deloirado aspecto que han ter, sen dúbida, os seus ósos. O mesmo lle acontece a San Fructuoso, de quen se dá a cabeza por perdida, agachada acaso no sen fin de ósos fendidos coma louza, pero destacada é a referida á do San Silvestre, o dono que foi do outro corpo santo; todos catro mártires agradecidos a Diego Xelmírez que ata aquí os trouxo. Hai máis. A cabeza de Santiago Apóstolo, o Alpheo, que non o Cebedeo, agradecida estalle tamén ó afán recaudatorio de Xelmírez que de Xerusalem a trouxo hai xa catrocentos anos, segundo xeral crenza asentada hoxe en día en Compostela, xunto cunha espiña do Coroa do Noso Redentor que, a xulgar pola cor que amosa, tan distinta é doutras que polo mundo se esparexen; máis se diría que é de madeira de pereira, tal testemuña Frei Ambrosio de Morales quen por encargo de El Rei don Felipe veu face-las contas de canto de santo hai na nosa terra.

El, o Frei de Morales, foi quen fixo ouvidos dos coengos e deu fe dunha moa de Santiago Alpheo, que non Cebedeo "*In hoc vase aureo quod tenet ista imago, est dens beati Jacobi Apostoli, quem Gaufridus Coquatriz Civis Par dedit huic*

Ecclesiae. Orate pro eo”.

Pero pode o camiñante que aquí remate a súa viaxe bota-las preces diante do brazo do San Cristovo que o cardeal de Avalos de Alemania trouxo: grande e fermoso óso este do que se trata; tanto que mete medo e acora, só de pensar no grande home que o portaba. Bo coidado tivo este cardeal don Gaspar e tamén trouxo sete cabeciñas das once mil que sustentaban a ollada limpa das tantas mil virxes que foron. E máis, e máis reliquias de corpos que, se non foron santos nin sufriron martirio, cando menos disfrutaron da vida e os privilexios cos que esta os regalou e, así, alí descansan nesta cidade santa de Galicia o Rei don Fernando de León, o Rei don Alonso, tamén de León, pai que foi do Rei Fernando, alcumado o Santo, e se nela non descansan non é culpa senón da tradición, que tal afirma e así debería ser; como certo tamén debería selo a presencia do corrupto corpo da raíña Violante no Allariz que o Arnoia baña.

Dona Xoana de Castro tamén alí repousa, a que foi muller de Don Pedro e a quen lle deu un fillo antes de morrer no mes de agosto do ano de El Señor de mil e catrocentos doce. Todo en Compostela, todo na cidade santa.

Pero o afán recaudador do bo Xelmírez non parou aí; posto a iso, decidiuse e puxo a bo recaudo o corpo do Santo Apóstolo; e tan ben o fixo que agora, neste século dezaseis da nosa era, nin deus sabe onde se atopa. Canso que estaba, o bo arcebispo, de tanto llelo amosar ós reis e mais ós príncipes que de partes todas en santa romaxe viñan. Tal vai cismando o Visitador mentres retorna a Compostela.

No prelo de Vasco Díaz Tanco de Frenegal, no obradoiro de Tanco, por abreviar, alguén deixou feito del un retrato a plumilla que o Visitador recorda sen dozura: o xeneroso nariz; o revirado rebique dos beizos; os ollos de pálpebras pousadas nas perfebas; as orellas non pequenas e das que a da dereita e graciosamente sostén os quevedos, a ponte a descansar nela coma se fose o carbonciño dun carpinteiro; véñenlle á memoria e adoece de se ver así perpetuado; apreixada que quedou a súa imaxe xa para sempre. Algo lle ferve no peito ó recordalo, algo que lle bole nas mentes ó non levar con el o debuxo ou ó non rompelo, cando aínda era tempo.

No obradoiro de Tanco falaron de libros e leva o Visitador cumprida relación deles e das xentes que os gobernan, país adiante, para os espallar e repartir a colleito e segundo de quen se trate. Tal recorda agora camiño da Compostela que se lle descobre no horizonte, as cadradas torres despuntando por riba do rosetón central, acollido á torre central, a máis baixa das tres, xa que a da dereita, se é que olla de frente para a igrexa santa, é a máis alta de todas elas.

Está nun tris de non entrar na cidade do Apóstolo, pero unha chamada úrxeo. Olla para Lourenzo Pedreira, xa amigo, e ningún rictus altera o seu rostro. Simona ha estar nalgunha hora baleira das moitas que ocupan a súa vida. E entran en Santiago.

Encamíñanse dereitos á praza de San Martiño e entran nas casas do Conde de Monterrei, onde o Tribunal do Santo Oficio ten a súa sé: fanno pola porta que dá á rúa da Porta da Pena e que fai esquina coa praza do Santo Pinario; é a entrada principal.

Se do portal polo que entraron colle-las escaleiras, vas dar directamente á sala do Tribunal e tamén alí irás dar se entras pola porta esquerda do primeiro piso; pero irás dar ós apousentos que lle teñen reservados ó Visitador se entras de frente e sobes outros poucos chanzos máis, tres tan só. Son poucos e reducidos se os comparas cos outros, pero teñen a avantaxe de que están lonxe das prisións, das que o separan grosos muros de perpiaño e de que, embaixo, ten tan só a corte do cabalo, a lareira e maila cociña. Enriba da cociña vai o Visitador poñe-lo comedor, enriba da leñeira estará o salón e riba da corte estará o dormitorio, dono dun cuarto interior no que garda-la roupa e os libros e mailos documentos. Tódalas salas dan á rúa da Porta da Pena.

As outras dependencias son máis e máis amplas, máis numerosas e acolledoras, pero menos recoletas e independentes. Dende a zona do Visitador non é doado acceder ás dos outros membros; quérese dicir que tampouco os outros membros teñen doado acceso ós apousentos do Visitador. Se dende o salón saes ás escaleiras que levan ós dormitorios dos criados ou soben da cociña, podes atravesar grosa parede medianeira e acceder ás prisións e, rodeando o dormitorio do Inquisidor Ochoa, o que a doce Quiteria comparte, deixando atrás corredores e dando voltas e máis voltas, chegar, non só ó resto do interior do que Ochoa é amo, interior e protexido que quixo que fose o seu recinto, senón tamén ás dependencias que ocupa o alcaide, ó resto das prisións, á do tribunal, ó altar do Espírito Santo, ás oficinas e así a todo aquel cosmos pousado coma un corvo en Compostela.

Lourenzo Pedreira despídese na praza de San Martiño, xusto diante da porta, cando un criado bota man das rendas do cabalo do Visitador e se dispón a conduci-la egua á corte. Xa fora advertido de que sería el quen informase ó Deán da viaxe realizada e da inminencia da próxima, que a piques estivo de ser

iniciada hoxe, deixando atrás Santiago, camiño da Coruña: Chegaron novas dunha grandísima escuadra que saíra de Lisboa e querían vela pasar camiño de Inglaterra. Foi o mal tempo quen aconsellou a estadía compostelán. O máis probable é que a escuadra teña que acollerse ó abeiro de calquera porto e ata é posible que se teñan que acoller na Coruña entrando de arribada. Mentres o tempo sexa tan bravo o Visitador estará en Compostela, na agarda da mellora, disposto a saír en canto acalme para ver navegar aquel prodixio numérico e grandioso que manda o novo almirante don Juan Alonso Pérez de Guzmán, duque de Medina Sidonia, o gran intendente, que ten o grande título de sobriño da fermosa Éboli, dona Ana Mendoza de la Cerda, filla que foi de Don Diego Hurtado de Mendoza, amada de Antonio Pérez, como maior mérito para manda-la escuadra. O Visitador quere ver navegar aquel milagre de ignorancia comandado polo ignaro duque e mais por Diego Flores de Valdés, de triste memoria mariñeira, que era quen realmente mandaba aqueles cento trinta barcos anunciados, portadores que eran de oito mil homes de mar e dezanove mil soldados a manexar dous mil e cincocentos cañóns. Aquilo tería que cubri-lo mar coma se fose un manto. Coa Mariña Real ían corenta barcos mercantes artillados, segundo han conta-las crónicas, acompañados de trinta e catro barcos lixeiros máis que as crónicas tampouco han desmentir. Zabras, fragatas e pataches, un galeón que os comandaba e vintetrés urcas máis a transportar pertrechos e vituallas. Non se quería perder aquela festa o Visitador, pero agora chovía a Deus dala.

¡Ouh e que doces foron aqueles días en Santiago! Caía a choiva dondamente e repousaba o Visitador na súa alcoba, cando devalaba o día, acollido á morneza da leña que ardía na lareira dunha cheminea ampla e gris coas armas dos Monterrei ornándoa coma toda, única, enseña. Segundo ía sendo o sernoite, algunha visita acudía ós apousentos e nomes coma o do xefe irlandés O’Rourke, ou o do Conde de Tyrone, o grande xenio militar, foron alí pronunciados, mentres o Visitador tomaba conta deles e ocupaba a mente no recordo de Simona.

Chegada a noite, e como Lourenzo de Pedreira se ausentase na procura das criadas, Simona ousaba saír ás rúas e camiñar tranquila cara ás casas do conde de Monterrei, de portas decote francas a calquera hora do día ou da noite. Entraba co paso firme e certo de quen sabe a onde vai, e mantiña o embozo ata

se atopar no salón morno no que o Visitador estaba a agardar por ela tódalas noites, algunha delas inutilmente.

Chegaba Simona e sentábase preto do Visitador a ollárense, a sabérense mutuamente. Logo camiñaban cara ó leito e moito máis tarde a mesma sombra abandonaba a casa, co mesmo paso firme e decidido que ata ela a trouxera.

A noite na que o Visitador tivo a certeza de que melloraría o tempo, a dozura foi máis longa e a despedida máis chea de tenrura. Díxolle que tardaría e que non sufrise inquedanza ningunha se se retrasaba o regreso, que tornaría a ela coma un rego torna á auga cando o eido ten sede baixo o sol do outono.

Polo abrente cedo, logo de que Simona se marchara había xa tempo e unha vez que sentiu o borboriñar das voces agromando no aire limpo da mañá que inzaba, sabendo a Quiteria dispondo o tráfico do día, o discorrir das cousas, mentres Ochoa asentía e calaba, fixo o que a tal hora viña facendo dende que chegara: erguerse, escribir algunhas notas que tería que enviar á capital do reino de Castilla e logo saír cara á catedral próxima a misar, falar co Deán e agarda-lo intre de terse que atopar co seu amigo Lourenzo Pedreira.

Tal fixo naquela mañá de mediados de xuño, sen sospeitar que algo ía turba-la paz que disfrutara: sendo cousa de mediodía apareceu o coengo loiro, de inxenuo aspecto, que quixo confesar con el antes de misar. Iniciado o Sacramento confesou os seus pecados de luxuria, os de fornicación que acostumaba, os adulterios cometidos. Nalgún momento o Visitador díxolle que quen era el para perdoalo, tamén para aconsellalo, que acaso o único que estivese na súa man sería leva-lo traballo de absolvelo, pero que nada máis. Foi nese intre cando o coengo respondeu:

—Pode a súa eminencia comprenderme.

—Non entendo á vosa reverencia.

O Visitador remexeuse inquedo no tallo no que apousaba e unha voz franca contestoulle:

—Xa non amo á Simona, quizais endexamais sentín nada pola miña muller e non me importaría que alguén sentise amor por ela. É o que quero que saiba e que comprenda; esa, e non outra, é a causa de que eu tanto peque e tan adúltero me amose.

O Visitador non dixo nada, pero houbo unha fiestra que se lle abriu en algures.

—¿E se tiver un fillo doutro?

Lourenzo Pedreira non tardou en contestar, tampouco se adiantou, e falou a

modo:

—Coma meu o criaría e chegado o tempo non llo negaría ó pai.

—Pouco máis podo dicir, Lourenzo.

Foi a primeira vez que o atutou de contado; logo engadiu:

—Será mellor que me vaia canto antes. Explícallo como poidas ó teu Deán, pero eu desaparezo de contado. Non contedes comigo nalgún tempo, tampoco avisedes da miña ausencia e dicide que vou de visita eu só polo reino arriba.

Maquinalmente absolveuno, mentres cismaba na realidade que o Concilio, había tan pouco celebrado, deparara a aquela terra na que o fornicio non era considerado cousa mala con gran abraio dos que alí a el o enviaron. O mundo é equilibrado, díxose a si mesmo, aquí non se cre que o torturar un home non sexa pecado e hai que trae-los verdugos de fóra desta terra, de alá abaixo, de Castela, onde cren que a dor purifica e sanda, de alá onde o lume dignifica e mata. Dubidou da necesidade de absolución e foise prosternar ó pe do altar maior a falarlle a Deus daquelas dúbidas. A imaxe de Santiago sorríalle mentres os peregrinos lle pasaban o brazo polo lombo e, logo, termaban da coroa que el tiña pendurada sobor da súa cabeza, sen se pousar nela, para en troques coroarse a si mesmos con aquela diadema que por eles agardaba.

Chegou á corte e a egua ventouno de contado. Solermiñamente dispúxose a ensilla-la mentres nas revoltas dos arneses ía metendo os papeis que con el gardaba e transportaba onde queira que alá fose. Logo mirou se a besta estaba ben ferrada, cumpridas ordes que a tal fin el mesmo tiña dadas, deitoulle gran na manxadoira para que saíse da corte alimentada e mentres ela tal función facía, subiu ós apousentos para deixa-las cousas ordenadas de xeito que, se alguén entraba, se vise que non saíra de xeito impremeditado; así dispuxo todo para unha longa ausencia e deixou dito ós criados que ía polos mosteiros adiante. Cando se dispuña a abandona-la casa, apareceu Lourenzo Pedreira.

—¿Xa de partida?

O Visitador mirouno lealmente:

—De partida, —díxolle asentindo.

—Tes que agardar por min, eu vou contigo.

—Seica estás tolo…

O coengo loiro, sorriu mentres contestaba.

—Son cousas do Deán e estou de acordo.

—¿Ti sabes ben onde eu vou…?

Tampouco desta se puido poñer serio o presbítero fornicario.

—Sei. Unha cousa non ten que ver coa outra.

A compaña do Lourenzo daríalle máis verosimilitude á ausencia. Levando a besta das rendas acompañouno camiñando ata a súa casa. Unha vez nela, Lourenzo Pedreira pousoulle unha man no ombreiro e díxolle:

—Mentres eu aparello o cabalo, pódeste despedir dela.

O Visitador subiu ás alcobas e abrazou a Simona docemente. Axiña subiu Lourenzo e os tres tomaron un bocado sumidos no silencio. Rematado o xantar, o amo da casa ergueuse e dixo.

—Xa é moito hora de saír.

Moi pronto os dous cabaleiros colleron camiño da Coruña. O tempo acalmara, pero aínda era duro e o sol brillaba con traballo.

Mes de xuño case andado; cincuenta embarcacións, de alto e baixo bordo, coas cadernas feitas coa madeira dos carballos que poboaban a carballeira de Don Dinis ou cos baos ergueitos gracias á dos vellos castiñeiros que chegaron á Moureira decendendo maxestosos dende o Caurel afastado, acaso tamén con algún taboleiro das nogueiras de Rebordechao; outras que saben dos bosques ligures ou das terras baixas da Andalucía; algunhas máis que arrían velamios tecidos en liño que provén da Lucenza ourensá e foron encerados co unto que alimentou a extremeña landra; todas, todas elas arriban á Coruña.

Son os máis lixeiros barcos que saíron de Lisboa hai tres semanas, os que chegan ó abeiro do Parrote; vén ó seu mando o de Medina Sidonia, esa ofrenda que a fermosura da de Éboli fai ó mar quen sabe se para compensalo de algo que ninguén recorda, algo do que só ela ten memoria. Velaí entrando o “San Martín”, o buque almirante, farto de soporta-lo vento que veu do mar para arrombalo a Fisterre e detelo alí, catro días máis, na agarda dos que tras del viñan e con eles as vituallas traían, os alimentos, a auga necesaria. Segundo vai entrando o día séguenlle outros, ata ser medio cento de navíos os acollidos á coruñesa hospitalidade. Outros máis lentos, aínda que mellor gobernados, non deron entrado na badía coruñesa. No mar da Marola o vento mareiro botábaos contra os silandeiros cons ou aproximábaos ás Sisargas de xeito que Hércules era máis unha ameaza que un abrigo. E así, rolando o vento, sendo outro o camiñar do mar que a devalar se puxo, a escuadra de Levante, a que comanda Recalde, seis

galeras, catro galeazas e non se saben ben cantos barcos máis aínda que si se supón que máis lixeiros, esparéxense polo mar e por días aturan como poden o temporal, fuxindo da proximidade da costa. Sabe ben Recalde que postas así as cousas hai que capea-lo tempo mar adentro, lonxe dos cons e das doces e longas praias da Costa da Morte; e durante días esgotadores, viran e viran rumbos ata atopar un ventiño lene e propicio que a terra os leve.

Hai quen observa xa as súas evolucións dende o faro de Hércules. Naquel picouto dous clérigos estudian o comportamento do mar, a virazón do vento, a mestría dos pilotos. Son o Visitador e mailo Coengo que chegaron á Coruña aquel mesmo día, incitados por unha presa que a ocasión lles requería. Saben que el Rei Felipe falou de que sería a máis memorable que recordarían os séculos e saben tamén que alí eles teñen algo que facer.

Cando vén a noite baixan os clérigos do picouto, saben xa do imposible da arribada e durmirán intranquilos na veciñanza da Colexiata, na agarda das novas que traia o día vindeiro.

O tempo segue duro e Recalde tardará aínda en entrar no porto. Cando o faga terá que comprobar como os barcos do de Medina Sidonia foron mancados estando no abeiro do Parrote e saberá con máis certeza dos días duros que os seus, cos seus homes, veñen de pasar. No mar pode acontecer iso, de feito sucede moitas veces, de que só saibas do desastre cando este é xa tempo pasado, cando ves nos outros o desastre que te negas a recoñecer no teu propio barco, cando nos rostros dos demais atópa-las trazas do medo reflexadas. Só pensando no xogo das ondas e en canea-lo vento, só plantexándoo ludicamente, se pode un atrever no mar tenebroso do fisterre a ignora-la fortaleza do mar, a impetuosidade do vento. Sábeo ben Leiva que tivo que dobrar ata Viveiro e acollerse alí, precisamente alí en Viveiro que limita ó norte coa Inglaterra mar por medio, con dez barcos, urcas e pinazas do escadrón de Levante: dúas galeazas foron dar a Xixón, e houbo quen foi dar ata a Canle da Manche, para logo aproveitar e inspeccionar dende as illas Sorlingas á badía de Mounths e ata se permitiu o luxo de apreixoar dous barcos inimigos: un bo presaxio que non sería, desafortunadamente, confirmado. Outros creron ver a Drake no horizonte cando baixaban lixeiros vento en popa, frío e do norte, cara á Coruña onde durante un mes longo pouco a pouco, iranse xuntando todos, mentres disfrutan da terra.

Neste tempo o Visitador e o Coengo visitan os danados navíos, aconsellan ás esmaceladas almas e traban coñecementos distinguidos que lles han valer para

poder sumarse á aventura máis adiante, cando a chegada de novas xentes deixe de fluír. Mentres, os navíos van sendo reparados, os seus ventres recheos de comidas e bebidas, os sollados completados con mozos galegos que baixan das terras do Conde de Monterrei a ve-lo mar ignorado e sobrecollerse de espanto, abatendo as picas secas coas que veñen armados ou rendendo os arcabuces dos que ata hai ben pouco se gababan, diante daquela inusitada grandeza e á vista do magnífico desastre que daquela se restaura. A moitos deles féndeselles nos beizos o surriso parvo da fachenda satisfeita na militar roupa coa que se ornan, aquel consolo habido cando os sacaron dos eidos doces dos que proveñen e moitos choraban ó se veren arredados os uns dos outros e esparexidos polas distintas compañías que conforman aquel soño imposible de vinganza. Irán ó mar sen o seu propio capitán e haberá quen argüia que é para misturalos cos veteranos e que vaia a cousa repartida, pero son tantos e tan bos que a razón seica debe de ser outra: endexamais os galegos xuntos, nin onte, nin hoxe, nin mañá; menos agora, nos días mouros de El Rei Felipe, poderán ir xuntos os galegos, que serán bos para ir loitar en guerras que sosteñen soños alleos e que a eles, acaso, non lles correspondan, pero non para facelo xuntos. Esa ten que se-la razón e non outra porque o Conde de Lemos que o é tamén de Andrade, traerá con el avezados mozos mariñeiros das súas mariñas coruñesas, betanceiros de pelos loiros ou rubios, tamén mouriños, que saben do mar máis que ninguén no mundo, mariñeiros galegos que levan centos de anos a navegar polo fisterre tenebroso polo que ninguén se arrisca, tan grande é o medo, tanto o pavor, a que somete o fisterre ós que por el se aventuran. “¡Para mariñeiros nós!” é o seu berro repetido entre aturuxos, mentres conxuran o medo que o coñecemento causa e o costume abate “¡lume de viqueira!” berran batendo os zocos contra as cubertas nas que, carenadas, saben madeiras das árbores que amaron e baixo das que, na súa sombra, se acolleron, abeirados na choiva nuns casos, do sol noutros. Eles, os mozos das Mariñas, acusados de bisoños, serán misturados cos veteranos das guerras de Italia, mira ti que cousas, e irán tamén sen capitán que os dirixa. Ben que se encarga o de Sidonia de recalcarllo a El Rei no seu escrito, para que estea tranquilo: van os galegos repartidos e sen capitán, non vaia se-lo demo.

Pero no medio deles hai dous cregos que confesan e absolven, que escoitan e cando é necesario falan; dous cregos que poden entrar e saír, a pe feito, nos ben gardados eidos nos que os recluíron ós galegos, coma se en troques de ser parte daquel exército fosen os seus inimigos, os seus prisioneiros; coma se en troques

de ser aquela a súa terra estivesen en terra extranxeira e prisioneiros. Logo haberá quen fale daquel exército que de ocupación semella e os máis melancólicos e contumaces, os máis teimudos acaso tamén os máis valentes, ou os mellor aconsellados, conseguirán fuxir e retornar ás aldeas dos que os sacaron para participar naquela empresa que polo que se ve non vai con eles sen capitán, presos e vixiados, logo repartidos, máis tarde sacrificados, eles os máis mariñeiros.

Durante un mes o Visitador sabe das miserias que a aqueles homes lles agardan, das que se han librar aqueles que, en moitos casos coa súa axuda, fuxan ceibos monte arriba, onde ninguén dea con eles, abraiados aínda do apoio daquel home que, moitos deles, non hai demaseado tempo que o viron por terras de Allariz e Verín, levando con el o Edicto de Fe e mailo Edicto de Anathema. Non é doado o papel que está o Visitador xogando e pide silencio e xuramenta ós fuxidos que teñen a seriedade de amosarlle o seu coñecemento.

Acaso polo perigo sufrido, quizais polo que del se poida derivar, de calquera maneira porque a bordo aínda queda moito que facer, o caso é que andado xa case de todo o mes de xullo, reparadas as avarías, recompostos os navíos e avituallados, sendo o vinteún do mes citado e aproveitando unha surada que vén morna e con auga a mares, a frota ponse novamente a rumbo e leva dous homes cos que non contaba: no “San Martín”, comandado polo de Medina Sidonia, aquel ignorante, vai o Visitador enrolado, mentres que Lourenzo Pedreira, coengo compostelán e loiro, vai a mellor recaudo tripulando o “Santa Ana”, o que vai ó mando de Recalde, o mellor mariño, o máis seguro.

Vai a frota rumbo a Flandes onde Farnesio agarda. Na nao almirante o Visitador ten novas do “Santa Ana”; avisa Recalde de que é probable que role o vento logo da illa bretona de Ousseant, cousa que adoito acontece neste tempo outonal no que do océano chegan os ciclóns que algúns iluminados aseguran que se forman no mar dos caribes, alá lonxe por onde Cristovo andou e iluminados ou non o que si é certo é que no outono o mar se torna bravo e mellor sería permanecer xuntos ou entrar de arribada na badía de Brest, de ser posible, ou dar volta novamente. Co aviso do comandante vén unha carta do Lourenzo; é a carta dun home que atura o medo e se pregunta quen lle mandou meterse naquela historia. O aviso de Recalde é certo: novamente o mar esparexe os barcos, ciscándoos por el adiante ata que, ó fin, o día vintenove están todos novamente xuntos; Recalde e Lourenzo Pedreira, xunto con outras xentes, transbordaron no medio do mar para a súa maior desgracia e o “Santa Ana” acóllese á dozura

verde da badía de La Hogue na que ha pasa-lo tempo mentres os demais sofren e agardan á altura das illas Sorlingas.

¡E como están de feridos estes barcos! Reagrupados, collen rumbo novamente cara a onde Farnesio agarda e albiscan Plymouth no horizonte. Pola proa agárdanos os farallóns de Eddystone, alá no leste, e mailo almirante Howard que tropeza con Leyva e non é capaz de coutalo. O mesmo lle pasa a Drake que non dá conta de Recalde e a navegación segue maxestosa e reparada no orgullo que feriu o mar, unha e outra vez, dende que saíra de Lisboa. O Visitador maravíllase da perfecta formación que leva a frota convoiada, é un gozo vela endereita-las proas cara á Canle da Manche, na certeza de atopar a Farnesio en Flandes.

Vai o Visitador esculcando o mar que ten dediante súa, absorto na contemplación dos arroaces que perseguen o barco e xogan coa roda deixándose empuxar por ela, ou brincan arredor del deixando que os brillos dos seus ollos intelixentes cheguen a ser albiscados polo home de negro, que mantén a espada coa empuñadura de prata e nácare branca pendurada no cinto, mentres terma dela e os contempla abraiado. O vento é o axeitado para o rumbo que levan, perfectamente ordenados, maxestosamente levados, na navegación de bolina que desenvolven con mestría. Por veces, lufadas de vento tensan máis do debido as escotas dos navíos. Nun deles, no “Nuestra Señora del Rosario”, un mariñeiro que leva sono e inexperiencia abondos coma para non termar do leme, permítelle ó navío unha guiñada, longa e pronunciada, que rompe a formación. Pedro de Valdés, o comandante da frota andaluza —hai, como se ve, frotas e capitáns de calquera sitio menos de Galicia— pega un brinco no seu camarote e sobe á cuberta dende o castelo de popa no que habita; ascende á ponte e cando se dispón a lle berrar ó piloto, observa que o mariñeiro é incapaz de endereita-lo rumbo; lánzase a colle-la cana con afouteza, pero unha nova lufada de vento fai abate-lo navío a couso e aborda-lo outro barco andaluz que, impotente, ve como vén de arribada pola súa arca o navío capitán e como o “Nuestra Señora del Rosario” perde o bauprés, antes de que se vexa Portland.

O Visitador observa todo o desastre dende a amura, na que se arremuiñou a tripulación, e sorrille a un rapaz de Betanzos que, moi serio, lle afirma que:

—Non lle saben máis, Reverencia.

Logo pode comprobar como, sen bauprés, o “Nuestra Señora del Rosario” é abondonado á súa sorte. Pedro de Valdés, no castelo de popa, preme os dentes uns contra dos outros ó ver como é deixado no medio do mar e como a súa frota

andaluza segue a rumbo, abandonando tamén ó seu almirante. Os sinais por bandeiras sucédense afusquinadamente e as chalupas sulcan o mar de nao a nao, levando novas e mensaxes. Nunha delas chégalle un recado do Visitador a Lourenzo Pedreira; é para confirmarlle que foi Diego Flores de Valdés, almirante do escuadrón castelán, —tamén hai escuadra castelá, Lourenciño; tan só non a hai galega— quen aconsellou ó de Medina Sidonia que deixase ó “Nuestra Señora del Rosario” ó seu avío, xa que nel, e isto non o dixo, ía o seu parente e inimigo Pedro de Valdés.

Unha tristura aceda invade os barcos que saben da noticia, das causas do abandono que se confirman cando na santabárbara do San Salvador, no que nese intre e afortunadamente non vai Oquendo, o seu comandante, prodúcese unha explosión que vai de barco a barco reproducida en ecos que humana voces levan, o “San Salvador” é quen domina-lo lume que nel inza, pero non de navegar máis e airosamente como facendo viña. Durante algún tempo vai ser remolcado, pero logo tamén vai ser deixado ó seu apaño. As regras do mar son aquí pouco respetadas, mal rumbo leva a armada que tal actitude consente, porque, máis tarde, os dous abandonados barcos serán feitos prisioneiros polos ingleses.

Cando o bicaño de Portland está de través polo couso do navío almirante e o Visitador cambiou de amura, por ve-la terra e mailo horizonte reducidos, aparecen os navíos do almirante Howard e do seu vice-almirante Frosbisher que navegan co vento de proa e o mar tamén adverso, tanto que non son quen de couta-los navíos españois, que navegan disciplinada, lenta, maxestosamente, enormes plataformas nas que facer unha guerra a infantería, tal e como fixeran en Lepanto, pero pesados e ríxidos para se achegar ós que co vento en contra navegaban cara a eles, mentres eran quen de se manteren á distancia que quixesen, tan áxiles eran.

O Visitador empeza a temer cousas. Empeza a cismar nas férreas armaduras dos soldados, no difícil aboiar dos que con elas á auga caian, no vento que pode desarboar aquel mundo de mastros que a fachenda acugulou de velas e o vento semella encher con demasiada forza. Empeza a cismar que o seu barco é o menos seguro de todos, aínda que é o único no que debe permanecer: O metropolitano irlandés non se sabe como, mandoulle aviso de que o conde Tyrone agardaba a presencia da Armada para soerguer Irlanda e, nese intre, el terá misións que cumprir, unhas as que lle dicta o Deán ou a *Sagrada y Militar Orden de Nuestra Señora de la Blanca Espada*, outras as que lle dicte a súa conciencia.

Segue a escuadra a navegar e Recalde novamente salva a situación. O “Gran Griffon”, o buque insignia das urcas, é asediado por varios barcos ingleses e queda inutilizado ata tal punto que vai ter que ser remolcado polas galeras. As tripulacións murmuran, rosman, intúen os barcos que poden ser abandonados e os que non e, cando se saben a bordo dun dos barcos malditos, os murmullos soben de ton e a oficialidade amósase preocupada, tanto que chegan novas á nao almirante; pero alí dan sempre a calada por resposta. E así chegan á illa de Wight, onde no coarto encontro a Armada de El Rei Felipe queda sen municións, pero non sen pólvora acaso polo amigos que moitos dos tripulantes poidan ser de gastala en salvas, acaso por pensar que ían camiñar por Inglaterra coma perico pola súa casa. Cousa que fan cando arriban en Calais, nos acantilados de Calais, a dúas leguas do porto francés e a un tiro, imposible, de cañón da escuadra inglesa.

Mentres tanto Seymour navegaba polo estreito de Dover os holandeses gardaban Newport, as Gravelinas, Sluyis, Flusingh e Dunquerque onde Sidonia agardaba que Farnesio embarcase en barcas sen mastros, sen velamios, sen cañóns, coas quillas a plan, para se enfrentar a estes holandeses que dispuñan de cento cincuenta galeras, filibotes e pataches baixo o mando do de Nassau Van der Does.

Nos acantilados de Calais o Visitador dirixe os rezos dunha tripulación que se sabe indefensa. Non hai municións, Farnesio non pode saír de Dunquerque e os seus consellos de atacar previamente para ocupa-los portos de Walcheen ou o de Flushing non foron atendidos polo monarca que viste sempre de negro e se cre iluminado polo mesmo Deus; razón esta abondo coma para non rectificar un só plan xurdido da cabeza que moitos consideran fría, acaso porque supoñen que El Rei Felipe sabe ben que a única diferencia entre Deus e mais el é a de que Deus non se ve e que o único pior que manda-la Armada contra Inglaterra, sería non mandala. Tanto é o prestixio que se xoga. E agora Farnesio non pode saír de Dunquerque e o de Sidonia non pode entrar nel a rescatalo, tanto é o calado dos barcos españois nos que agora a xente está a rezar, sabendo que os ingleses aínda están por recibir as municións que lles veñen de Inglaterra e que lles permitirán derrotalos alí mesmo. Rezán os españois da nao almirante e o Visitador dirixe as preces que, coma un zoar do vento, van inzando de tódolos navíos. É un espectáculo grandioso o das preces de tanta e tanta xente, de tanta e tanta ladaíña repetida por miles de gorxas que agardan a rouqueira coma única conclusión dos seus rosarios. E así vai ser. O vento levántase de novo. É a noite dos tres de

agosto cando polo mar abaixo veñen non os proxectís dos ingleses, senón os seus barcos incendiados. Saen as pinazas españolas e acadan endereita-los seus rumbos cara á costa. Pero tras deles veñen outros e outros e outros máis e xorde a desfeita; os veteranos de Flandes, atemorizados, foxen e son os bisoños embarcados na Coruña os que manteñen o tipo, os que, atendendo indicacións que xurden da boca do Visitador, manteñen os barcos lonxe dos bancos de area da costa de Flandes, onde aqueles que soltaron amarras son levados polo vento que se desatou feroz unha vez máis.

No estreito de Dover, frente das brancas rochas, o "San Martín" debátese na loita que atravesa. Leyva e Oquendo achéganse a el, abarloándoselle, a lle reprochar ó Duque a inactividade, mentres lle piden a berros á tripulación que chimpen pola borda a Diego Flores de Valdés, aquel canalla. Daquela o Visitador baixa ó camarote do de Medina Sidonia e non o atopa nel; búscao afanosamente polo barco adiante e hai quen lle afirma que está abaixo, no sollado, rezando a tremar morto de medo; e alá vai o Visitador na súa procura; atópao de xeonllos, aterrorizado, lívido, dediante dunha estampiña que con el a todas partes leva, e bérralle, bérralle tanto, tan forte e tan dende un principio que o Duque reacciona, enérvase e remata por erguerse e subir á cuberta; alí chama polos seus homes e arengaos. Só a partir de entón haberá unha certa orde na Armada española, tanto que, inútil aceno, tornará a adopta-la súa formación de media lúa cando xa a batalla está a cesar e non queda moito que facer. De Valdés pouco máis se sabe. O Visitador, con el os homes das mariñas, navega agora con mellor vento.

Por unha vez o vento xoga a favor da Armada e sácaos dos areais de Flandes mentres o Visitador aconsella unha lección que non se esqueza e o de Medina accede e aforca a un capitán para que toda a frota vexa o castigo dos cobardes. Outros dezanove máis sálvanse quizais tamén pola mesma intervención, quizais porque era moito prescindir de capitáns naquela situación na que a frota estaba sen auga, sen víveres nin municións e co vento, novamente adverso, arrastrándoa cara a Dinamarca e Noruega. É cando acordan da-la volta polo Mar do Norte e por Irlanda, para rodeala e poñer rumbo á Coruña. Trátase da derradeira oportunidade que ten o Visitador de poñe-lo pe na doce terra que por el agarda.

¡Canto vento, Deus, canto vento para estas naves afeitas á pracidez

mediterránea! A imposible batalla da infantería ten a súa continuación neste deshabitado Mar do Norte, tan lonxe, tan lonxe que dá medo pensa-la latitude á que as naves chegado deron. Pero agora amaina.

O Visitador é xa un home coñecido na nao almirante. Logo da desfeita ten xa inimigos atroces que ollan para o Inquisidor avesamente e se preguntan de onde lle chegan tantos coñecementos mariñeiros, de onde lle vén tanto e tanto aviso coma os que agora está a dar. Que non se hai que fiar, dilles ós mariñeiros, que tras desta calma virá outra vez o vento. Acaso estean nun vórtice de augas arxentinas de extraño brillo metálico, coa temperatura amena e na quietude insólita, pero rolará o vento e levaraos lonxe o vento do Mar do Norte que ha ir desfacendo o que os ingleses deixaron inconcluso. ¿Quen é este bruxo de entrecello sempre enrugado e baixo que convoca ó vento e concita a admiración dos seus? Momentos houbo nos que semellaba ser el o que daba as ordes na nao punteira e semellaba dalas ben, que nunca mellor foran as cousas.

A frota dos ingleses abandonou a persecución, deixou xa de acosalos, farta como estaba de xogar ó can pequeno que atafega ó grande, pesado e vello, preferindo deixar que fose o mar, a natureza infinda e primixenia, quen dese cabo deles. E el avisouno. As bandeiras levaron e trouxeron códigos, na súa extraña linguaxe dos signos crucificados, no imperseguible ballet desbaratado en acenos que poderían, noutra ocasión e menor peligro, inducir ó riso ós máis novatos, avisando do que os agardaba. Tres carracas da armada de Levante non fixeron caso e afastáronse do resto da escuadra. Catro días despois eran dadas por perdidas. Levounas unha tronada na que caía a choiva de arriba abaixo, de abaixo arriba, a Deus dala, mentres os mastros aínda ergueitos desaparecían baixo as ondas. Coas carracas levantinas fóronse o “Gran Griffon”, capitana das urcas, con non se sabe cantas máis do seu escuadrón. ¡E aquela xentiña ía invadi-la gran Bretaña! Inocentes foron de que Irlanda non os seguiría, de que Farnesio non podería pasa-los seus tercios, de que o vento e mailo mar ían ser tantos. Máis lle valera quedar na casa. Tan só os que Medina Sidonia chamou os máis bisoños foron quen de entende-lo que pasaba, de leva-lo compás da danza das ondas e, logo se verá, da do aire que insuflaban gaitas.

Os galegos impaciéntanse. Saben que virá máis mar e de nada vale que acudan ó Visitador en proposta e ofrecemento de solucións que os salven. Algún ousado di que mellor sería tira-los pola borda a todos eles, a aqueles valerosos capitáns dos tercios de Flandes, de Italia, de Francia e da Alemania, inexpertos no mar, tanto coma seguros na terra; tanto e tanto que moitos barcos chegaron,

levados polo vento, moito máis alá do paralelo sesenta e oito; cada vez eran máis barcos os perdidos. O Visitador non accede a tal e acordan cambiar de barco, deixa-lo navío almirante e aborda-lo “La Rata Coronada” o barco que comanda Leyva. E tal cousa fan en Galway, preto xa de Punta Aquiles.

Algo sucede nas naves de Juan Martínez de Recalde, almirante da escuadra vizcaína —todos levan o seu capitán, menos os fillos das Mariñas— e algo sucede nas de Alonso de Leyva, que o é da escuadra de Levante. O mar de Irlanda bateu contra os cons ós barcos que non bateron os ingleses e Sidonia segue o seu rumbo cara á Coruña, mentres as naves destes dous mariños, vizcaíno o un, italiano o outro, acordan poñer proa, aquel, ó sur da costa occidental de Irlanda, este, ó norte da mesma costa acantilada e dura, para bater nos cons e encallar neles. O Visitador tenta convencer a Leyva de que hai que quedar alí sen conseguilo, e embarcan de novo no “Duquesa” cando aínda non concluíu agosto e outra volta o vento do ponente os fai entrar de arribada. Esta vez na badía de Loughros, en Donegal.

Son terribles os temporais co vento do oeste por motivo. Leyva intentara poñe-la proa ó mar, pero embarcaba tanta auga pola amura que decidira virar en redondo como fose e deixar que, mar na aleta, o “La Rata Coronada” fose levado cara á costa ó abrigo da badía. Fora cando o barco quedara atravesado ó mar que unha onda coma un mundo se lle veu enriba e quen manexaba o leme deixouno ceibo de xeito que a roda virara entolecida. Leyva achegouse a ela con ánimo de coutala e resoltou ferido nunha perna. Por iso nada máis arribar lévano monte arriba, a establecer un campamento nun bicaño da costa, máis alá das mariñas, rodeado de mil homes e da tripulación de varios barcos.

Nada máis poñe-lo pe en terra, o Visitador desaparece. De aldea en aldea, de castelo en castelo vai convocando a presencia de xente que sabe amiga e acaso solidaria.

¿Que foi de Lourenzo Pedreira, o coengo loiriño e satisfeito, que profesou en relixión sendo casado e tan só pagou unha multiña, dado que era xente de cartos e notable? Pasara ó “San Juan de Oporto” que estaba ó mando de Recalde, quizais o máis ilustre dos mariños que polos mares andaban, e soubo, Lourenzo Pedreira, coengo compostelán, do mar das illas Shetlands, do da península de

Kerry onde o mar os deixou chegar con tres barcos tan só dos vintesete que mandaba, a fondear preto das illas Blaskets cando el xa ía enfermo e derrotado, farto de ver como a xente de terra adentro, a máis numerosa naqueles barcos que ó mar do norte enviara aquel home triste, decote de negro vestido, se impuña á xente do mar e a obrigaba a tomar rumbos e maniobras que ninguén sensato admitiría. Farto ía Lourenzo Pedreira de botarlles absolucións ós corpos inertes que ían cara ó fondo do mar nunha manobra que acabaría dominando: guiñada a estribor cando o cadáver era lanzado. Estaba farto. Vintesete barrís de viño si os levaban, pero ningunha auga, escaso pan e nada de comer. Estaba farto; o mastro tan desfeito que nin de termar das velas era quen, como non o habían se-lo os brazos dos homes que, noutros barcos, arribaron a Cantabria e non deron izado as ve-las tan cansos, tan fartos ían; co que se foron ás pedras das que se salvaran na Irlanda. Alí morreron.

Ningún irlandés socorreu o barco. O felón William Fitzwilliams, virrei ó servicio de Inglaterra, anoxada sexa a súa memoria, impedía toda axuda. Negoulla a Recalde que a pedira e pasou a coiteladas a todos aqueles que se lle puxeron cerca. Foi el quen forzou ós irlandeses que acolleran os españois a que llos entregasen, el quen ordenou que os degolasen, el, o virrei da raíña de Inglaterra.

Recalde acadou auga e alimentos e puxo proa á Coruña. Lourenzo Pedreira ía triste e abatido, cheo de amargura; tanto que decidira morrer ó chegar á Terra. El vira morre-la xente sen motivo, el fora testemuña de ordes absurdas que se mantiveron en situacións para as que non foran dictadas, e clamou por uns barcos mandados por galegos, tripulados por galegos, non xa para pelexar, non xa para loitar contra dos ingleses, senón para que neles se salvasen todos e puidesen berrar ó venta-las fragas dos carballos ¡Para mariñeiros, nós! E así non fora. Esparexidos coma cisco foran caendo un tralo outro nos barcos que sabían mal gobernados, impotentes e desfeitos na arrogancia ignorante das xentes dos tercios. Algún memorial de agravios se faría, pero tan só había servir para reivindicar memorias que o tempo levaría consigo. Ninguén devolveu a vida a ningún home das Mariñas, nin das terras do de Monterrei ou Lemos, ninguén lle tornou a vida a Lourenzo Pedreira que acordou morrer de tristura ó pouco de arribar á Terra. Cousa que fixo logo de Recalde, aquel bravo mariño, e levaron o seu corpo a Compostela, de a cabalo de egua do Visitador, para que alí fose enterrado.

Simona recibiuno e foi chorado sen amor, aínda que con dozura e respeto,

acaso con cariño, pero é que o seu corazón era doutro, coma doutro era o fillo que levaba nas entrañas.

Os camiños de Irlanda están cheos de homes fuxitivos. Non é certo que os irlandeses non os acollan, tampouco non é mentira de todo. O certo é que o traidor Fitzwilliams é alí quen move todo. A xente de Galicia, a que sabe o que é dos barcos que chegan pola noite a encallar na Costa da Morte, procura o abeiro de xentes das que fiarse; e non se fían. Así eles han se-los que máis sobrevivan polas terras de Connaught, ata as que chegou agora o Visitador na procura do xefe O'Rourke, logo de fuxir de Tyconnell, onde o vello O'Donnell matou a todos cantos homes, extenuados e famentos, botou man. A el valéronlle os hábitos, valeulle o dominio da fala da terra, valeulle a súa solercia. Agora está co xefe O'Rourke o que socorre ós náufragos segundo lle han recordar en Londres, nos cargos que lle farán, logo de ser denunciado ó virrei Fitzwilliams.

O xefe O'Rourke chama irmán ó Visitador e xuntos camiñan cara ó bicaño no que se asenta Leyva. Vai falar con el no nome do xefe Tyrone, o gran caudillo.

Entran na tenda onde o fillo italiano de don Antonio de Leyva fala a doce lingua italiana, mentres se laia da dor que na perna ten atravesada. O Visitador é quen fai as presentacións, quen traduce dunha lingua a outra cunha donidá que abraia a todos. Pasa do italiano ó irlandés, deste ó castelán ou ó inglés, deste ó francés ou ó galego no que se dirixe a algún piloto que por alí estaba fuxindo dunha condición que el tanto ama e que tanto se lle recorda.

—Debe quedar aquí, coa súa xente, e axudarnos a combater contra dos ingleses.

Dille O'Rourke a Leyva sabendo en nome de quen fala. Pero Leyva non acredita nel e desconfiado afirma:

—Non teño esas instruccións do meu rei Felipe, a quen Deus garde.

O'Rourke teima:

—¡Hainas! ¡Tenas Tyrone, eu vinas!

E o Visitador pide que os tres poidan quedar a soas: é serio e grave o que alí ten que dicir e sobra xente. Durante horas chegan berros alterados do interior da tenda, de xeito que a xente do irlandés empeza a desacougarse, e é xa noitiña cando saen o xefe irlandés e o crego galego.

Pola mañá cedo Leyva baixa á costa e embarca no "Garona". Vai cara ó norte

de Irlanda a entrevistarse co caudillo Tyrone a que lle confirme o dito polos dous dos que el aínda non fía, pero están a agardar por el os cons do castelo de Dunluce, no Gran Xigante, e o barco afonda con toda a súa xente a bordo. ¡Que gran desgracia!

Cando son chegadas as novas do desastre do "Garona", o Visitador sabe que xa pouco lie queda alí por poder facer. O vello e renovado soño de poñer en relación o seu pequeno e verde, e doce, e ás veces triste país coa verde Irlanda váiselle outra vez das mans coma se fose auga apreixada entre os dedos, que só deixa coma recordo dela o frescor renovado da sombra á que se acolle. Era certamente un fermoso soño. Aquela axuda deberíaselle a el e el recabaría o pago chegado o intre que podía tardar anos e anos, pero el non tiña presa; sabia que daquela acción se poderían derivar fraternidades que agora quedaban definitivamente coutadas.

Apoderouse del a tristura. Por días andou errático e ausente. O'Rourke ofreceulle acougo e hospitalidade, pero o Visitador preferiu perderse polos arredores do campamento e deixar pasa-las horas ollando para o mar a bater cos cons ou no repousado voo das gueivotas. Logo axudou a aqueles que quedaron desembarcados e andaban a fuxir do felón Fiztwilliams. O seu aspecto de habitante de Connaught permitíalle desprazamentos e entenderes que ós demais lles estaban vedados; o seu don de falar tantas linguas valeulle en casos no que outro seria considerado xa un home morto.

Pasados uns días e asumido o desastre, pensou que a vida seguía e que el alí xa non pintaba nada. Era unha certeza que xa sentira noutros intres da súa delongada existencia. Unha certeza que lle permitira deixar atrás partes da súa vida sen sentir por iso ningún remordemento, por saber que aquel ciclo estaba xa concluído, que nada debería quedar por detrás e que todo estaba por diante, é dicir, no presente máis inmediato, no agora mesmo.

Acaso fora ese xeito de proceder o que lle permitira non deixar excesivos rastros detrás súa, o que lle facilitara a asunción dunha nova ocupación, dunha nova personalidade cada certo número de anos a partir daquel no que a súa procedencia lle permitira saír a estudiar nas universidades extranxeiras, moito antes de que o rei Felipe o prohibise a fin de preserva-los seus dominios, que non eran tan só os territoriais, da contaminación da herexía. O terreo, precisamente, no que el se movía máis a gusto, aquel ó que se accedía polo pensamento. Pero

había algo máis, había algo que o levaba decote á acción continua, decote ó desacougo; algo que turrara del dun lado para outro, dun traballo a outro, dun país a outro.

En Aquisgran soubera dos misterios da Alquimia e da disección dos corpos co vello mestre Vesanio. Máis tarde tratara co turco e levara os *gajes* cos que o emperador compraba vontades e confidencias do *bajá* traidor, aquel que iogo había dar lugar á caste dos Mendoza Granada: Mendoza, por ser este o apelido do Marqués baixo da protección de quen o puxo o Emperador; Granada, por ser esta a cidade na que agachou a súa felonía, logo de mandar ó garrote a quen cos cartos dos *gajes* se quedara. En Aix estivera atento a organiza-lo tráfico de libros cara ó país do que el proviña e, tamén daquela, visitara portos coma o da Rochelle, ós que a condición de diplomático que daquela ostentaba lle permitían acceder. Ou soubera de prelos en Amsterdam na primeira xuventude, cando por gañar uns floríns, acudía ás agachadas ó prelo de Johannes Jansseonius na procura duns folios que corrixir coa velocidade que o caracterizaba sobre os demais traductores: lía en sentido inverso cunha seguridade insólita e difícil era que a errata se lle pasase, que o erro sintáctico non fose correxido, que a puntuación non fose mellorada.

Fora no prelo de Johannes Jansseonius onde acordara a ocupación que lle había de leva-las máis das horas da súa dilatada existencia. Do obradoiro aquel saían os volumes que se venderían en Italia, en Inglaterra, en España ou Alemania, en Francia mesmo. Na parede da sala na que se almacenaban os volumes antes de ser enviados ós seus puntos de destino, a que estaba logo da que acollía ás prensas manuais, moito despois daquela na que os linotipistas se debruzaban sobor das súas caixas e que cheiraba a tinta fresca e a salario escaso; na parede, dicíase, había penduradas unhas listas nas que figuraban os títulos das obras prohibidas naqueles países, a fin de evitar envíos que puidesen ser tratados coma contrabando e desen lugar a perdas que o vello Johannes non estaba disposto a afrontar.

Aquelas listas déranlle moito que pensar ó Visitador. Consciente da posición de privilexio que o seu berce e a súa educación lle poderían proporcionar no futuro, decidira imitar a aqueles burgueses que coñecera en Amsterdam dedicados ó mecenazgo dos estudios filosóficos dos xudeus recluídos no Gheto, polo mero pracer de axudar a que o mundo camiñase, sen esperar nada a cambio, tan só polo íntimo pracer de saber que aquilo fora posible gracias ó seu diñeiro, á súa intelixencia, á súa discrección. A sociedade na que habitaban renxería de

espanto de saber aqueles amores secretos coas ciencias, aquelas dedicacións que propiciaban a corrosión dos valores que os mantiñan onde estaban e dos que eles mesmos eran os menos convencidos. Tales virtudes deparan a idade e mailo escepticismo que con ela chega e o Visitador madurara ben cediño. Quérese dicir que fixera do escepticismo unha especie de hixiene mental que o mantivera áxil e desperto. Pensaba dende aquela que entre sabios e simples non existe máis foxo de separación que o vocabulario e decidírase a enche-lo foxo de palabras e palabras, de cantos millóns de palabras lle fose dado acadar para enche-lo foxo e axiña, a carón das listas dos libros prohibidos, apareceron outras con detalle, moi polo miúdo, dos portos polos que se podían introducir de contrabando os perseguidos libros, os denostados opúsculos, os singulares tratados. E xunto ca indicación dos portos a referencia do soborno co que gaña-la vontade dos encargados da represión do contrabando, os lugares de venta máis indicados, os receptores máis idóneos.

A cousa fora ben durante un tempo ata que un día, segundo ía o futuro Visitador na procura de máis traballo, un remuíño de xente alporizada o botara atrás nos seus propósitos: alguén destrozara o local a golpes de machado e o común comentario fora o de que era por culpa dun estudiante español do que nin seguros do nome estaban. Non volvera poñe-lo pe no prelo, pero a súa memoria prodixiosa permitíralle levar con el os nomes escritos nos folios das paredes, os capitáns que mandaban barcos, as rutas que seguían, o daqueles que por cartos deixaban que os libros entrasen de matute.

En todo isto pensaba o Visitador, mentres baixaba polo Canle Royal, proa a Dublin, logo de deixar atrás os *Lough* de Ree e Erne, acaso os máis fermosos. Abandonara Sligeach, na badía de Donegal, onde chegara de man de O'Rourke, xa o seu amigo, a coñecer a Hugo O'Neill, conde de Tyrone, con quen estivera en relación había xa anos cando daquela da frustrada, da outra frustada, invasión de Irlanda.

Era moita a ligazón que tiña coa Irlanda verde que tanto e tan ben lle recordaba as paisaxes que amaba da súa ría de Pontevedra; moitos os nomes que o vencellaban a aquela loita que empezaba a sospeitar definitivamente perdida, nomes coma o de Stukeley, o que chegara a Viveiro e soubera das feiras de cabalos de Ortigueira, para despois estupidamente morrer en Alcazarquivir axudando non se sabe ben por que ás tropas do Rei Don Sebastián; coma o de

O’Donnell, señor de Tycornell, o que acadara a tomar Donegal, sé dos freires bieitos; coma James O’Haly, o arcebispo de Tuam a quen coñecera en Compostela…

En todos estes nomes cismaba o Visitador mentres se deixaba levar polo río abaixo, sabendo que aquela teima non tiña xa solución de continuidade: o Rei Felipe, terco coma unha mula, inspirado de divinas providencias que só a el concernían, decidira unha vez máis utiliza-los galegos e non prestar axuda ós irlandeses.

A lúa ía xa alta ó pasar preto de Mullingar. Tan alta como baixos os ánimos do vello conspirador, do vello e derrotado conspirador que no fondo da barca axexaba as orelas e confiaba na protección de O’Rourke ofrecida ata que acadara a embarcar en Dublín, para logo pola canle de San Xurxo abaixo, mar de Irlanda pola popa aproar á distante, cada vez máis distante Galicia.

Vai o Visitador derrotado e abatido; sabe que xa non volverá a gabear polos mastros dos barcos a se encher de mar e vento, en aventuras das que sabe o comenzo, pero ignora todo o demais; intuíuno segundo o vento ía zorregando neles camiño de Flandes, segundo o mar se lles amosaba adverso, segundo a pericia non navegaba con eles coma compañeira.

E sábeo agora cando tras non poucos medos, acadaron a poñérlle-la popa ás Illas Scilly que outros chaman Berlingas e endereitan o rumbo para tomar Viveiro pola proa. Atrás queda a badía de Bantry, o bicaño de Carnsore, os soños que haberá que empezar a deixar abandonados.

Non sabe nada aínda da sorte de Lourenzo Pedreira, nin do fillo que o agarda nas entrañas de Simona, pero sabe en troques que comenza a se sentir canso. Nótao na querencia do país que ama, unha querencia que ten moito que ver coa que leva o boi á corte cando anoitece e todo empeza a se esvaer no neboeiro. Chámao o quentor morno de Simona, dona de corpo delgado, amor serodio dun vello corazón namorado da palabra.

XV

É xoves. Nos arredores do Palacio de Xusticia, mesmo dediante da cadea, pola rue Rifle Rafle, pola des Bouteillers, pola de Chaudronniers que levan á place de Verdun, e ás que podes chegar polo atallo que supón o Passage Agard que hai ó comenzo do Cours Mirabeau, instaláronse os telderetiños dos moinantes, dos cegos que aínda cantan coplas de desgracias habidas lonxe, dos novos artesáns que traballan o coiro e a madeira, a prata e as paipas de kiff dos anticuarios, dos chatarreiros, dos vendedores de libros vellos. Xoves tras xoves, semana tras semana, veñen aquí a vende-los residuos de cousas que xa foron e que resucitarán nas casas dos que aman as trapalladas, as cousas vellas, o cheiro do coiro ou a aspereza do esparto. Se observas verás que a artesanía vén feita de afastadas terras e producida en serie: aqueles máis agudos dos renovados artesáns, aqueles dos principios que si facían coas mans as pezas que vendían, descubriron a producción en serie e o traballo en cadea e axiña esqueceron a doce utopía que os movera. Agora son circunspectos empresarios agachados nos blue-jeans contestatarios, ou capos di mafia que prenden as melenas cun laciño, como Byron, mentres cobren albaráns e procesan datos nunha terminal que dá conta do traballo dos que agora ves aquí, pousados no chan cunha ollada distante e allea, acaso brillante, en moitos casos xa apagada; dediante deles teñen un taboleiro que se apoia nas catro patas que se abren en tixeira e no que repousan bolsos de coiros falsamente repuxados, doces bonecas de trapo que estouran de cor e simplicidade, abaloiros varios, pendentes con pedriñas que calquera pode pensar que son augamariñas; mentres eles seguen tras do taboleiro despreciando os seres cativos que se deteñen dediante súa a observar non tanto a mercancía coma os mercaderes, eses seres que se cren libres e de costumes relaxados: son os *hippies*, ou cando menos son os seus descendestes. Só que xa van vellotes e as concas dos ollos afondáronlles deixando que as enrugas os enmarcasen de sucos que só a vida, os anos, deixan. Eles mesmos se chaman artesáns, acaso porque

haxa que seguir a enganarse, acaso porque sexa xusto mante-la utopía pola que esvararon cando eran nenos e crían en palabras importantes. Agora tan só son moinantes fillos de boa familia.

O vello Profesor olla para eles. Os dos seus anos tamén creron nas palabras importantes e moitos deles seguiron as directrices que as súas xentes lles mandaban. ¿Que había que abandona-los estudios e ir face-la revolución ás fábricas de conservas? Pois abandonábanse, así o mundo cambiaría. ¿Que fregando o chan nos hospitais a revolución se consolidaría? Pois fregábanse. ¿Que había que ir a Caldas de Reis a dicir-lle a un que o corvo se pousara na xanela? Pois íase e deixábanse as cousas sen facer, os traballos sen cumprir, porque nos educaran no "afán de servicio" e había que servir.

Quizais sexan máis libres, quizais anden máis ceibos estes moinantes que toda aquela clericalla revolucionaria do sesenta e oito, imbuída dun hálito misional no que o risco, a dor, o perigo da cadea, a posibilidade da tortura, da inmediata violencia, da certa represión, eran as constantes, as coordenadas nas que se movían aceptada, resignadamente os rapaces do sesenta e oito, os que ían para profesores brillantes, para médicos insignes, para elocuentes avogados e agora venden productos a comisión ou traballan nas derradeiras mesas das sucursais de banca se é que foron os máis afortunados. Quizais sexan máis libres estes seus irmáns pequenos que non buscaron paraísos nesta terra e preferiron ir na súa procura por camiños de fume que aínda eran, se cabe, máis inconsistentes e agora venden *cashettes* do Bob Dylan ou dos Mody Blues ó pe da prisión de Aix ou na rúa do Villar compostelana. Sempre as xeracións sacrifican os mellores dos seus fillos, sempre os que máis inquedos son son os primeiros en caer, para deixar que os menos xenerosos, os que teñen menor capacidade de entrega, os máis ruíns, sexan os que vaian deixando o mundo como estaba, sen que corra demasiado á presa, sen que se altere nada do que non se debe alterar.

O Profesor Visitante pensa nisto mentres percorre os reducidos espacios que quedan entre os telderetes, camiñando a modo e demorándose naqueles ós que lles chega o sol, aínda non ferinte, das primeiras horas da mañá. Vén de falarlles ós estudiantes da violencia na pequena literatura do seu país, da violencia que acompaña o lirismo do que tamén está tan invadida e cre intuír algo de ámbolos dous sentires, dos dous conceptos nas desastradas pintas dos moinantes que saben do sol coma o de hoxe tal e como é en mil cidades, en mil mercados que eles percorren deambulando sen acougo, levados por un extraño vento que sopra de tempo en tempo segundo e como vaia a historia; e saben tamén do atrafego

das letras sen pagar, aquelas que eles quixeron evitar; das avarías dos coches, da urxencia que ás depencencias, aquelas das que se ían liberar, lles impoñen. Xentiña doce toda ela que pode acoitelar cando a abstinencia é dura e o frío se apousa nos lombos que non estaban afeitos a desgracias tantas.

Uns chatarreiros cataláns que exercen de anticuarios, quérenlle vender unha bitácora recén feita en latón, a precio de pasaxe no “Queen Mary”, e faise o parvo ata que consegue facelos falar en español e maldicilo polo tempo que lles estivo a roubar, se desde un principio se decatara da treta e non lles pensaba comprar nada. Máis alá deixa sen adquirir unha vella e pregable máquina de escribir levado dunha tacañería que ciclicamente o condiciona; e por fin detense nos libros de vello, os máis amados.

Son os praceres que sabe que lle van ir quedando, estes do amor ós libros vellos. Situacións coma a que está a vivir coa Mireille sabe que son parte dos estertores vitais que comenzaron hai xa algúns anos, veranciños do San Martiño nos que se chega a dar a pouco quentor que aínda restaba. Logo o inverno. Tamén sabe que as gripes que dá o sol do outono, que dá o quentor serodio, son as máis perigosas, aquelas das que menos doadamente o doente se recupera, por iso non £is toma demasiado en serio; tampouco a xoldra. É unha doce e delongada despedida de praceres que lle ocuparon unha boa parte da súa propia vida, non tanto en executalos coma en soñalos día tras día, nos corpos novos que cada vez se lle aparecían menos acadables e que agora, case a destempo, tomaban forma, corporeizábanse, nunca mellor dito, e viñan a dicirlle adeus antes da impotencia; Por iso viña preparándose dende había anos. Foino aprendendo gracias ó convencemento que tiña de que os cegos chegan á acadar un grande nivel sensorial en todos aqueles outros sentidos que lles restan: o tacto, o ouvido, o olfato, mesmo a quinestesia que lles permite orientarse no espacio, abranguelo, dominalo.

Por iso o Profesor Visitante hai tempo que se vén deloiradamente apousando dediante dos milagres cromáticos do solpor; nos do aire que apousa nas fragas, todo ó longo da outonada; nos dos mil sabores dunha comida, feita longa e repousadamente; nos da testura incríble que acadan os gravados vellos nos libros que teñen séculos; de todo canto en fin nos sobrevive e queda cando nós non somos xa máis que po.

Sabe o Profesor que é a súa unha teima de vello, que actitudes tales se manteñen e desenvolven cando as outras xa se van anquilosando. Xa vai sabendo da torpeza que o invade, da imposibilidade de baixar con lixeireza, cando menos

coa lixeireza da mocidade, as escaleiras que o depositan na rue de Griffon, ou o ascenden ó apartamento no que Mireille vai ser un regalo serodio que a vida lle fai non a destempo, senón xusto cando xa se cría consumido.

En todo isto vai pensando mentres remexe nos libros sen esperar a agardar nada, deixando que a mañá abale, que o tempo esvare docemente mentres o sol non chega a pasar polo meridiano do lugar, o centro do mundo naquel intre. Sabe deste pracer dende hai anos. Aprendeuno nas gloriosas mañás de París, ribeira do Seine, indo dun *bouquiniste* ó outro, dunha *bouquinerie* a outra, por dicilo así e para maior deleite dos snobs, ata chegar a Notre Dame e comprobar que a mañá xa era fuxida e aínda non comprara nada. Nisto estribaba o lecer: en ollar repousadamente os libros, agarimalos, deixalos e sabe-los imposibles, lonxe dos teus méritos, lonxe das túas posibilidades. Pero son teus mentres os tes nas mans, mentres os agararimas coa ollada ou deixas que o seu recendo che formigue nos narices, sen que deas aturado decentemente a alerxia que che producen; algo así coma o consumidor de rapé que procura liberacións extrañas nos estouridos cos que racha a mañá gloriosa. E é que certamente son teus mentres a túa man terma de-les, como teus son os soños mentres os habitas, teus os mundos que constrúes para que docemente se vaian esvaíndo, así a vida.

Son teus os libros mentres, ribeira do Seine, os sostés nas mans e neles estás a ler todo aquilo que te illa e deixa gravitando fóra de ti mesmo, que xa ninguén te poderá roubar mentres a memoria sexa a fiel gardesa das sensacións que nela vas de vagar estibando; que nela vas gardando sabendo como sabes que na caixa das memorias, na maldita e fermosa caixa de memorias, han habita-los vermes para se manter de tóda-la luz e de tódalas doces sensacións que ti apañaches en Paris, cando te decataches de que só alí o cubismo foi posible, polo menos o analítico: aquela certeza que da o saber como é a luz do outro lado das cousas, como é a fisonomía que a fronteira amosa sen necesidade de que teñas que da-la volta á esquina, tanta é a simetría, tanta e tan equilibrada a luz. No teu país tal saber non tería sentido, nin posibilidade ningunha, porque nel reinan a asimetría e as xanelas que rompen cos esquemas, que derraman aquela sorte de equilibrio racionalista e acadan outro máxico, único, intransferible que non deixa saber como vai se-la esquina que hai logo de nela da-la volta ó aire para entrar noutra rúa pola que o neboeiro ven ou vai, que xa nin se sabe. Todo isto pondera o escritor vello mentres repasa libro tras libro sen encontrar nada; tamén, como xa se dixo, sen que nada busque.

O sol está xa na cima. Unha nova riada de xente que saíu das clases ou dos

traballos enche os arredores da praza de Verdun, mentres o Profesor decide que alí xa está visto todo, que xa é moito hora de xantar e que ¡que lle imos facer!: de ter cartos aínda algo tería comprado.

Un fato de estudiantes detense, case dediante súa, a ollar uns posters que colgan dun madeiro e que van levantando, un por un, mentres manteñen en alto os anteriores nunha busca que terá o seu sentido, pero que o Profesor desprecia sen causa algunha que o xustifique. Xusto a carón dos posters, hai unha lona no chan que ten riba dela unha morea de libros amontoados sen orde nin concerto algún e aquilo chámalle a atención.

Ó se achegar á morea de libros maltratados, descobre que o fato de estudiantes está composto maioritariamente de alumnos e alumnas seus ós que saúda distante e triste, sen facerlles moito caso, mentres observa a pila de libros ignorados.

—¿E iso?

Pregúntalle a unha rapaza loira que sabe natural de Salon en Provence, o lugar de Nostradamus, e á que, non por outra razón que esa, lle ten un respeto case litúrxico que lle fai fuxir dela coma se dunha bruxa se puidese tratar.

A rapaza baixa a man coa que está a axudar a mante-los posters en vilo e os demais protestan ó vírselle abaixo todo o pendello e ter que comenzar de novo a búsqueda que empezan a sospeitar infructuosa. A rapaza achégaselle e dille case cantando.

—*Bonjour, monsieur le professeur!*

Logo cólgaselle do brazo nun aceno que el entende coma coqueto e ela acepta coma normal.

—¿E iso?

Teima o docente sinalando a picuda morea.

—Hanlle ser dunha casa vella. Unha desas bibliotecas das casas da zona vella, ou das do campo, que venden por quilos con tal de se desfaceren dela.

O Profesor Visitante agradécelle o contacto á rapaza, pero dubida seriamente de que se poidan estraga-los libros de tal xeito.

—Non cho creo.

Entón ela mírao con complicidade e dille sorrindo.

—Tamén pode ser algún fillo de familia que necesita cartos para o chute e várrelles ós pais con todo.

O galego olla desconfiado para a provenzal e sabe que aquilo empeza a poder ser posible. Entón ela teima:

—Si home, si. Ás veces atópanse coleccións de selos maravillosas ou verdadeiras xoias numismáticas, a verdadeiro precio de saldo. Tamén é certo que logo chas pode reclama-la policía.

Entón el agáchase e empeza a remexe-los libros con coidado, botando para unha banda aqueles que non lle din nada sen máis que tocalos, e remirando aqueles outros que por estaren encadernados ou teren un aspecto máis vetusto lle chaman máis a atención. A rapaza axúdalle a rebuscar agachándose ó seu carón, sen que o Profesor llo agradeza: a fermosura das pernas que amosa sen recato estano poñendo nervioso e ademais: "quen se fía da rapaza: váiselle pasar, de certo, o máis importante sen que se decate ela e impedindo que me decate eu".

—(¡Se estivese quieta!)

Rosma o profesor, mentres ela se lle volve sorrindo e lle acada un libro que el colle displicentemente obsequioso e dis-posto a perder nel o menor tempo posible.

—Parece bonito, si señor.

Algo lle bate no peito nada máis abrilo; pero coa seriedade propia do xogador de tresillo e xulepe con tódolos cregos do hínterland compostelano, non deixa que se lle trasluza no acenar, que segue a ser pousado e case se diría que enigmático. Pero Claire, a alumna veciña de Nostradamus, nótallo nos ollos que brillan desusadamente.

—¿Bonito? Nin te movas… é a *Cosmographia Universalis* de Münster ¡Carallo!

Á rapaza sorpréndelle o exabrupto e non di máis que:

—¡Ah!

Co que o Profesor segue:

—¡É a edición de Basilea de 1544, a que ten catrocentos setenta e un gravados sobre madeira e vinteseis mapas! ¡¿Pero ti sábe-lo que é isto?!

Claire entende o xogo e fala baixo, como conspirando.

—¿Voulle preguntar canto vale?

—Vai.

E vai. O rapaz tamén debe saber canto vale, ou canto menos sospeitalo, porque ela torna e dille.

—Déixeo.

—¿Canto? ¿Moito?

—¿Moito? ¡Máis!

O Profesor traga cuspe e detense na contemplación dos gravados polos que

vai pasando a man coma nunha despedida; mentres vai folleando o libro parsimoniosamente sábese observado polo rapaz que o vende. Van pasando as follas e unha nova visión o sacode: trátase das páxinas referentes a Galicia, nas que hai un mapa que as acompaña.

O vello raposo rexuvenece entón vinte anos acaso trinta, ou máis, quen sabe. Está xa certo de como vai acabar aquilo. A mesma incertidume que sentiu ós catorce anos cando roubou o seu primeiro libro bátalle no peito. Daquela fora “Un vagabundo toca con sordina” de Knut Hamsum, publicado por Plaza & Janes nuns tempos nos que o noruego era moi ben visto no seu país. Valía, daquela, o libro tres pesos. Pero agora ten unha das edicións de Münster nas mans e decide que algo hai que facer ¡Se a rapaza non preguntara nada canto millor sería! Pero a rapaza preguntou. Roubalo non ten sentido, pódese organizar unha liorta, aínda que o libro sexa consecuencia dun expolio. Algo hai que facer.

Con acenos mainos e sosegados dille a Claire que vaia a modo e traia con ela a media ducia de compañeiros que o rodeen.

—¿Vasllo nacionalizar?

Claire atutouno e a el non lle pareceu de todo mal, tampouco de todo ben; era familiaridade abondo e ademais se ela o pensara, por que non o ía pensa-lo vendedor.

—Vóullelo ensinar, é para que o vexan.

Os rapaces son traídos e rodean o Profesor mentres el, sen deixar de ter asido o mapa de Galicia, vailles explicando en alto, de xeito que escoite ben o vendedor de que libro se trata. Os rapaces permanecen atentos á explicación, máis por educación que por outra cousa, sen atreverse a abandonala no medio e medio dela. Tan só Claire permanece atenta a aqueles dous dedos que seguen a sinalar unha páxina da que non se moven.

Chegado un intre un dos alumnos propón axudar ó Profesor a comprar aquel libro que tanto semella compracelo, e aínda que inician a colecta non dan chegado ó precio pedido polo vendedor. O vello Profesor negouse ó regalo e case agradece o que, en vista de que a explicación rematou e a compra non foi posible, os rapaces de común acordo tornen á busca dos posters, porque xusto nese intre vira o Profesor sobor dos seus talóns: son décimas de segundo as que tardan en pasar mentres el dá a espalda ó vendedor e coloca o libro entre el e mais Claire. Sosténdoo como pode e cunha axilidade de esquio, arríncalle o mapa e méteo embaixo da camisa dobradiño, xusto na sobaqueira. Claire é tamén rápida de reflexos e cóllelle o libro coma se a virada fose só para darllo a

ela; logo diríxese ó vendedor e póusallo no chan de onde saíra.

—Síntollo, pero non lle ten cartos.

O vendedor respira satisfeito e o Profesor Visitante, turbado, diríxese seguido por Claire cara ó Pass de Gard para desaparecer no bule bule do Cours Mirabeau.

Tan pronto entran nel, nada máis dobra-la esquina, o xa só case vello Profesor, o rexuvenecido Profesor, olla triunfante para a rapaza.

—¡Quen o diría! ¡Es un artista!

O Profesor non se reprime e aprétaa alí mesmo.

—Son ¡carallo! son e ti es outra artista.

Logo séntanse na terraza do “Les deux Garçons” quizais no mesmo sitio onde o fixeran Churchill ou Cezanne, o tempo que todo rufo o Profesor advertirá:

—Convido eu.

Todo isto recorda o Profesor na súa casa de Compostela, Caldererría arriba, mentres ten enfrente súa o mapa sustraído e que tivo enmarcado entre cristais prendéndoo con pinzas dos papeis ata que se decidiu confialo a quen lle puidese poñer marquiño de metal rodeando os cristais, de xeito que o *passepartout* o fixese a propia parede branca na que se sostiña; cousa esta que conseguiu non sen traballo e medo a perder aquela súa xoia, máis querida canto máis que producto era dun expolio feito na francesa terra á que Napoleón levara, segundo se afirma, máis do que mester fora e debido se considerara. Fora realmente doce aquel tempo en Aix en Provence, delicioso tempo que permanecía nel gardado a base de sensacións que agora o sumían na melancolía, transportándoo a momentos ós que Lucille, ós que Mireille e Claire non eran de todo alleas. Inmerso, mergullado naqueles días composteláns vía pasa-lo tempo na agarda de convidadas que acaso xa endexamais se producirían, de viaxes que tan só os libros poderían facilitarlle.

E a historia do Griffon seguía alí aparcada nalgún recuncho da súa mente, martirizándoo decote nun imposible parto que acabaría por matalo. No mundo da literatura hai dous tabús que levan dado moito xogo; un é o dos personaxes a mandar no autor; outro é o de que a literatura é coma un embarazo: ou a botas

fóra, ou morres. Pero se non a botas, non pasa nada. O mundo segue gravitando ó tempo que xira sen sentido. No universo nada se conmove se o escritor deixa que un mundo que creou o vaia dominando ata o desfacer, ata o anular na súa vontade creadora. ¡Pero é tan triste!

Seguro que cando o universo-mundo atrae a velaíña película de auga que recobre o máis da terra e fai que o mar abale levando con el as almas dos defuntos, nada se conmove como non sexa a propia alma do difunto, a dos seus seres máis amados, acaso tamén o dos seus máis amados inimigos. Pero é que todos e cada un deles son todo o mundo. Como todo o mundo é unha muller e un home a se amar moito. Como todo o mundo é o dun vello e impotente escritor a soñar cosmos que endexamais existirán de certo, que endexamais existiron.

Alí quedaba a historia do Griffon logo dun ano. Por unha vez que acadara a admiración de alguén (el supuña que cando menos Lucille de certo que Mireille, profesaban cara a el tal sentimento) non fora quen de corresponderlle escribindo unha historia que ese alguén lle propiciara. No seu maxín misturábanselle situacións que non sabía se as tiña soñado ou vivido, lido ou escoitado, levado por aquel seu derradeiro afán de estar cos tempos e se dedicar á literatura fantástica, que parecía ser que era a que naqueles tempos se levaba. Ata algún crítico dera por feito que era un magnífico coñecedor de Tolkien e de Ende, que tanto tiñan influído na súa obra ¡El que era incapaz de facer andar a ninguén a navegar polas augas subterráneas, agromando nun século ou noutro, segundo o relato o pedise e os personaxes, a vontade do autor, o esixisen! Un ano soñando coas augas puras, cristalinas que inspiraran a Petrarca os sonetos que en Castela alguén lle había de imitar, un ano de cismar no Temple e no Château de If, para chegar tan só ás certezas que aquel serán lle traía: a dun mapa da edición de Münster que falaba de Galicia; a dos recordos que sabía certos e lle traian ás xemas dos dedos a tersura da pel de Mireille, o seu sorriso carnoso e sensual polo que camiñara vieiros sen fin nunha peregrinaxe que concluíra precisamente alí, nas rúas de Aix, aquel verán.

Desasosegado decidiu baixar á rúa. Só os delongados paseos o tornaban á paz que perdía nos seus soliloquios, aquela quietude de Compostela metida dentro das desaparecidas murallas volvíao ó acougo que a impotencia lle causaba. Subiu po-lo Preguntoiro arriba e detívose na que fora Praza do Campo e escenario dun auto de fe no que se axusticiara a un home por un delito que o máis probable fora que non o dera cometido. Intentou imaxila-la praza sen a igrexa de San Bieito do Campo, sen a vella casa do concello, sen o enlousado

que a cubría agora, pero sen conseguir unha imaxe nítida do que el imaxinaba. ¿E aquí que habería —preguntábase— acaso unha picota? Baixou logo pola Azabachería ata dar na primeira rúa coa de Xerusalén, na que imaxinou obradoiros que ó mellor non existiran; xudeus que alí escondían a súa fe; conspiracións que non deran sucedido. No pazo de Don Pedro si tivo a certeza de que outros ollos, cincocentos anos antes, se detiveran como os seus agora a estaban a contemplar diante daquela fronteira fermosa e digna; logo baixou por San Martiño Pinario na procura das casas que da Inquisición foran, do solar no que se asentaran e que hoxe ocupaban outras que a memoria popular xa non identificaba coma do Santo Oficio. Estivo ollando aquela esquina tempo e tempo, a esquina que fai a praza de San Martiño coa da Porta da Pena, presa dunha melancolía que non acadou a descrifar ata que máis tarde tornou ós seus pasos é presa da tristura continuou a cismar no seu verán en Aix.

Quedara citado con Mireille e mergullado na dúbida de ser cumpridor do seu *rendez-vous* ou de lle dedica-lo serán á súa compañeira de expoliación; pero primaría a súa educación e durante toda a súa vida arrastraría a incógnita do que chegaría a suceder de quedar con Claire aquela tarde. Non quería pensar na posibilidade de que podería concluír felizmente, é dicir, na cama que parecía se-lo culmen de toda ambición e de toda felicidade non só naqueles, senón tamén en moitos outros días. Pero Mireille reclamábao. Xuntos deixaran a lectura da carta a pasada noite e xuntos deberían, pensaba el, reemprendela.

—Quedei en ir mirar uns papeis na casa duns amigos.

Díxolle entón a Claire quen sen mover un musculiño máis dos necesarios, respondeulle:

—¡Ouh!… ¿xa te vas?

—Mañá, se queres, vémonos á hora que ti queiras.

Nunca tal dixera. Claire ergueuse digna, dubidou entre se se agachar ou non a darlle un bico, decidiu que máis digno era non facelo e afirmou:

—Mañá teño un día moi liado, sinto que non poida ser.

Levaba tempo observando a indecisión do Profesor para lle comunicar algo e por fin tiña resolto o enigma. O moi badulaque non sabía como se desfacer dela ata que acabou espetándollo cunha cita que ela sospeitaba inexistente, de xeito fartamente brusco e sen demasiados miramentos.

—Outro día será.

Dixo el resignado ó tempo que pensaba que aquela era unha oportunidade máis que lle voara, ou outra menos que quedara sen aproveitar como era debido. Pagoulle ó *garçon* e saíu tras dela camiñando a modo e triste deixando que a rapaza, que collera o mesmo camiño ca e), lle sacara a dianteira necesaria como para que o recorrido perdese a violencia que aquela proximidade deparaba.

Chegou á casa dando un rodeo pola vella catedral, deténdose na praza dos Mártires da Resistencia a ollar baixo os pradairos como polos seus dous canos deitaba unha auga que supuña fresca e apetitosa a fonte que alí había abeirada ó pazo do señor arcebispo e sentindo a lonxanía dos eidos verdescentes que o mapa que levaba agachado no peito lle traía e a auga lle facía presente. Canso da contemplación da auga baixou pola rue de Saporta, virou pola de Gibelin, torceu á dereita e collida a esquina a ben poucos pasos enfilou as escaleiras, de non moi doada descrición, que o levarían ó cuarto piso. Abriu a porta e entrou dereito ata o que facía as veces de cociña: unha lareira de dimensións reducidas cunha placa de dous lumes eléctricos apoiada nun taboleiro, na que, nun dos dous, repousaba unha cafeteira das de aceiro que contiña un líquido mesto e choco que, non obstante, puxo a quentar mentres se desprendía da camisa e, desdobrándoo, extendía o mapa na mesa na que, as máis das veces, se sentaba a cear só mentres ollaba fixamente para un ferro que, espetado na parede da lareira, mesmo pedía dun ferro macho que, penetrándoo, sostivese un perniliño de año ou cousa semellante. Pero non era asunto propio dos tempos que corrían, máis ben tórridos, así que abandonou a súa contemplación, preguntándose durante cantos centos de anos aquela lareira levaría servido para face-la comida de xentes coma el, e sorriu pensando que era el, de certo, o primeiro galego que alí a fixera.

Colleu o mapa e foi cara ó escritorio. O taboleiro da mesa estaba cuberto cun cristal groso, de medio centímetro cando menos, e levantouno con coidado; logo extendeu o mapa e volveu poñe-lo cristal para, así, sabelo alí protexendo a súa xoia. Quedouse ollando para el abraiado e arrepentido de telo tan protexido que agora non o podería agarimar se non era coa ollada. E foi con ela coa que percorreu os nomes familiares, coa que botou en falla outros, admirou a Münster e quedou satisfeito por un pedazo. Logo viñéronlle os remordementos. ¿Como era que el, un bibliófilo, esgallara aquel mapa sen que ningunha consideración llo impedise? O frade franciscano que aceptara a Reforma remexeríase na súa cova de sabe-lo latronicio que el cometera ou ¿quen sabe? sorriría satisfeito de que alguén que amaba tanto os gravados antigos, os mapas vellos e a Galicia contase, a partir de entón, con aquela prenda que non era producto senón da

miseria e do escaso soldo que acadaba ¡Ai, de ser rico, o libro enteiro levaría! ¡E máis que houber!

Deitado na cama, escoitando a música que viña da vivenda de enfrente, a dos estudiantes cos que xa empezaba a ter unha relación cordial, pero que se enfriaba no tempo de cambiar ó rock duro e se facía tenra e doce no de retornar a Vivaldi, fóiselle pasando o serán sen le-la carta que seguía pousada enriba da mesiña de noite.

Escurecera xa cando se acordou da cafeteira e ergueuse dun salto para se botar a correr cara á cociña. Un pouquiño café estaba a punto de pasa-lo grado de carbonificación subseguinte ó da fervura que mantivera durante tanto e tanto tempo. Sen pensalo botoulle a man. Inmediatamente blasfemou e chimpou coa cafeteira contra da parede, ciscando o pouco café que nela quedaba. Abraiado da súa propia estupidez colleu un pano, dobrouno varias veces e por fin agachouse a coller con coidadiño sumo a cafeteira pola asa logo de rodeala, de recubrila co pano tan dobrado. Pousouna no vertedeiro e botoulle auga fría que chirlou ó contacto co aceiro a punto da incandescencia; logo colleu unha baeta, humedeceuna, e limpou o café que salferira contra da parede.

Mireille aínda non chegara. Tornou para a habitación, deitouse na cama deixándose caer pesadamente e acadou a carta que seguía riba da mesiña de noite:

Preguntouse logo como se lle pode privar a un home da liberdade, da liberdade de vivir, que qué mente era a que era quen de decidir sobre a vida dos seus semellantes, e consoleino eu dicíndolle que aínda lle quedaba a grande liberdade de decidir se levaría aquela morte con paciencia ou con impaciencia e que se lembrase do bo ladrón que tampouco buscara a morte, que tampouco a merecera, pero que xa posto nela e axudado por Cristo, levouna con paciencia e mereceu a vida eterna, co que pareceu calmarse un pouco. Ó chega-la noite preguntoume se sería aquela a derradeira que el vivira e sabendo eu de certo que si, quíxeno ir avisando da verdade para que el se fose axudando coa Gracia de Deus, e díxenlle "pode que si" co que el se turbou e me respondeu: "e logo como é que o alguacil me asegurou que nin hoxe nin mañá". Tiven que recoñecer que así, en efecto, sucedera, cousa que non lle agradecín ó alguacil, pero contesteille "Señor, faríao para que con máis sosego a vosa mercede sepreparase para a Comunión". Tornou el a contestarme "¿Entón non han

pasar vintecatro horas logo da comunión para que o axusticien a un?” Xa me estaba desacougando tanto requilorio así que lle contestei rápido: “Abonda con que non sexa no mesmo día, poño por caso, que a vosa mercede lle deu a comunión ás once e cincuenta e cinco da noite, pois xa o poden axusticiar ás doce e cinco”. Miroume el de esguello e rosmou “Non había sucede-lo mesmo co xexún…” e botou man dun crucifixo que eu lle dera e que ergueu mentres dicía “Señor, Señor, Señor, Señor… canta ignominia” e comenzou logo a se laiar “…e para isto a espada de San Paulo, a Cruz de San Pedro, as aspas do San Andrés, o coitelo de San Bartomeu, as grellas de San Lourenzo, os peites de ferro de San Vicente, os leóns de San Ignacio… éche unha boa coña, Señor, unha boa coña…” cousa esta que me pareceu irreverente e que non casaba coa piedade e aflicción que noutros momentos amosara, aínda que o que seguiu a falar e que a vosa eminencia reverendísima me excusará de que aquí lla relate me deixou tan corrido e avergonzado que prefiro cala-lo, verdadeiramente mutatis fuit in virum alterum *e a vista dos meus ollos colexín axiña que é doado que dea El Señor súbito enriquecer ó probe.*

Rematado o coloquio ó que tan só referencia fago, chamou polo alguacil para saber se xa estaban alí os que habían se-los ministros da súa morte e antes de que o alguacil chegase, saín eu e pregunteille e así souben que xa chegaran e que, pola mañanciña cedo, había ter lugar a execución e cumpriren eles o seu negocio, co que tornei e, non queréndolle aforrar ó paciente que tan ben disposto estaba, ocasión de merecer e se axudar a ben morrer, abraceime a el e díxenlle “Señor meu e irmán da miña alma, a vosa mercede se alegre e console e bendiga a Deus, saiba que non lle queda máis noite que esta na que está; para esta son as sogas, os verdugos, as sentencias e os traballos que xa Deus lle deu a desexar. Acabándose esta noite acabaránse tódalas penas e logo xa non lle queda noite senón día e día eterno de gloria e ledicias sen temores nin sobresaltos, nin bágoas, nin temor do inferno, así que énchase de ledicia e repita comigo “letatus sum in his que dicta sunt mihi in domum domini ibimus, quam dilecta tabernacula tua domine virtutum concupiscit et dificit anima mea et unam petii a domino hanc requiram*” Recibiu o recado, repetiu as ditas palabras con voz fonda e grave, pero exenta de tremor algún, con voz enteira e aínda engadiu:* cupio disolvi et esse cum Christo. *Logo chamou de novo polo alguacil e preguntoulle: “¿Quen é o Secretario que vén, trátase do Secretario Ansúrez?” Contestoulle o alguacil que efectivamente así era, que acertara e dixo el: “Vaia coño, o que faltaba” co que me deixou preocupado e sorprendido da donidade*

que teñen nese afastado reino para abundar en expresións improcedentes. “Alégrome moito, dixo a continuación, élle moi honrado, moi amigo meu, dígalle vosa mercede que me faga a mercede de que o vexa axiña, porque me vén facer un favor, unha moi boa obra e quero agradecerlla ¡lástima que non poida ser a soas!” co que eu non souben se falaba en serio, pois xa lle expresei á V.I. a dificultade que teño para interpreta-las expresións do ánimo das xentes dese antigo reino, que me parecen disparatadas e insólitas, desproporcionadas e non avidas a razón. O caso é que o alguacil dixo que o Secretario estaba a descansar e que non podería subir ata mañá pola mañá.

Tivo logo un intre de desesperación é arrepelou as barbas e berrou forte, presa que era da impotencia diante da súa propia morte “¡Que un home teña coallo de decidir así, sen xuício, sen causa, sen máis proceder que o da súa propia vontade, sobre a vida das xentes! ¡Que haxa un pobo que llo consinta! ¡Señor, Señor, amósateme na túa xusticia!” Como houbese outros presos nas celas veciñas e vendo eu que daqueles comentarios se podería derivar algún perigo para as almas dos outros condenados, atalleino inducíndoo a comer un bocado, cousa que fixo dicindo que si, que de acordo, que xa sentía algunha necesidade de facelo. Ó remate de comer todo canto lle ofrecemos, rezou comigo o santo rosario da Nosa Señora e logo volveu ós salmos dicindo o miserere mei *con tanta delectación, prudencia, sosego e calma que mesmo parecía unha parafrase, para logo falar dos pecados e contestarlle a un alguacil dos que alí había, xa que este lle dixera que Deus se contentaba con que lle dixesemo-los nosos pecados e lle pedisemos perdón con sincero arrepentimento, espetándolle os ollos dun xeito durísimo e incrible “Quen queira saber como quere Deus que lle pidamos ese perdón que llo pregunte ó meu corazón, se é que ten collóns”. O alguacil calou, persignouse, e eu volvín reflexionar sobre o pagáns que son as xentes dese afastado reino que tan irreverentes se amosan, que tan supersticiosos adoitan ser e tan distantes da fe viven, ou, polo menos, a tanta distancia dela se amosan. Escoitando o seu recomendado pódolle asegurar, Señor Deán, que comprendo a opinión que o rebaño que as vosas reverencias pastorexan no apartado reino, merece ás nosas xentes castellanas de máis sólido fervor e acrecentada fe e que nin por asomo ousan aventurarse con expresións coma as que aquí non me atrevo a representar e que o extinto adoitaba utilizar no medio de fervores que poderían semellar finxidos.*

Quedou durmido. Pola mañá, ó despertar tarde e con pouco tempo para se duchar e ir a toda presa á Facultade, puido comprobar que Mireille non viñera aquela noite. Decidiuse nin se parar a prepara-lo almorzo; ademais tería que limpar, ben limpiña, a cafeteira media chamuscada logo do desastre de onte pola tarde co que o retraso se multiplicaría en proporción xeométrica, dada a súa lentitude para co lavado da louza: púñase a fregar, a modo e con forza, en toda canta regandixa, en toda canta pequena fírgoa houbese e podíase eternizar no feito de lavar un prato, de fregar unha tarteira ¿que dicir xa dun trebello un pouco máis complicado? Un pasapurés, por exemplo.

Tamén era certo que Mireille puidera vir é, ó velo a el durmido, decidira deixalo repousar; pero, en tal caso, deixaríalle unha nota, algo no que o vello Profesor puidese constata-la tímida ¿tímida? presencia da moza na súa alcoba. Pero non, non había ningún indicio que fixese certa aquela suposición, máis ben aquel desexo.

Baixou correndo os chanzos da escaleira que o depositaron na rue de Griffon e pegou a correr pola Vauvernargues abaixo, atraída a súa atención polos postos de verduras que a aquela hora xa estaban montados na Place Richelme e que lle despertaron a ata o de entón adormentada función gástrica. Fose po-las cores das froitas e das verduras, fose polo arrecendo mesto que delas se desprendía o certo é que sentiu baleiro o bundullo, e notou como o fol da gaita se lle contraía facendo ruidiños extraños; algo así coma un flshplshs que non tiña que ver co ruído dos gases da fermentación alimenticia e si, en cambio, cunha goma de neumático mollada e mol, en calquera caso desagradable, que se lle apousara alí nos dentros para a súa desgracia. Recordou que non ceara tampouco onte pola noite e, daquela, decidiu escoita-los ruídos con atención mentres corría: Había anos que non recordaba o seu estómago baleiro. A sensación de plenitude que sempre o acompañaba cesara e ata podería resultar agradable en certo sentido aquela musiquiña que, flsh-plsh, flsh-plsh, o acompañaba, rítmica, acompasadamente mentres seguía a correr rúas abaixo, na certeza de que chegado un intre non sabería onde estaba. Pero sabía que o segredo estaba en seguir baixando, sempre baixando, co que, por moitas voltas que deses, rematarías por estar abaixo de todo que era onde tiñas que estar se era que na Facultade tiñas que dar clase.

Esta vez pasoulle de novo o mesmo —perdeuse— pero deu poucas voltas: pola rue Narazeth, desembocou no Cours Mirabeau, cruzouno, baixou pola rúa do Catro de Setembro, deixou atrás a fonte dos arroaces e no boulevard du roi

René pouco faltou para que un coche o levase por diante.

Un frenazo seco convenceuno de que a subseguinte e acalorada discusión o retería ata consegui-lo retraso requerido para que Lucille se puxese en plan racionalista e delicadamente, iso si, lle rifase pola súa indisciplina. “Contrastes entre o mundo mítico dela e o máxico meu” deulle tempo a dicirse mentres se dispuña a non facer caso do frenazo e seguir correndo como se a cousa non fose con el en absoluto, actitude que mantivo brevemente e coma ensimesmado, ata que unha voz o recuperou de anonadamento.

—*¡Monsieur le professeur…!*

Chegoulle contareira a voz de Claire.

Parouse en seco, deu medio xiro e viuna asomada pola ventaniña do *catro latas*, que parecía se-lo coche oficial dos estudiantes daquela parte do país, acenándolle coa man esquerda nunha invitación indubidable a que subise ó automóvil.

Inando coma se fose necesaria a aplicación de osíxeno entrou o Profesor Convidado no coche de Claire.

—¿Que? ¿De esmorga toda a noite, *monsieur le professeur*?

—¡Ca, muller, ca! Quedei durmido.

Ela sorriu:

—Deitaríaste tarde.

“De xeito que non se apea do tratamento…”. Pensou o *professeur* “pois éche máis simpática do que pensaba eu, a rapaciña esta” seguiuse dicindo a si mesmo, mentres simulaba que acumulaba aire e reacompasaba o perdido ritmo da respiración.

—¡Que va, muller! Quedei durmidiño lendo…

O sorriso agora foi de triunfo.

—¿E logo, non estaban na casa os amigos dos papeis?

Baixaban xa pola avenida de Robert Schuman á altura da facultade de dereito próximos á curva logo da cal había que virar á esquerda perigosamente para acceder ó campus da facultade de letras.

Mirouna de esguello.

—¡Pois non!

—Pois síntocho.

Respondeulle ela ó tempo que soltando a man dereita do volante lla pousaba na esquerda del, abandonada que a tiña riba do asento, daba a virada cunha mestría e inconsciencia que lle fixeron proe-las mans ó Profesor e lle causaban

un formigo que lle chegou ata o corazón, cousa que fixo respirar fondo.

—Eu tamén.

Concluíu el mentres reflexionaba acerca de se o que padecera uns segundos antes era ou non era unha desas descargas de adrenalina das que tanto escoitara falar nos derradeiros tempos.

Chegaban a punto. Na explanada de acceso ó edificio central maniobraban os coches dos estudiantes, mentres nun dos laterais o máis ruidoso mundo das motos competía co modesto e silandeiro das bicicletas a fin de decidi-los lugares a ocupar. Os sinais de ordenación do tráfico motorizado ou peatonal eran os lugares máis solicitados polos donos das vespinos e dos demais trebellos de semellante natureza que prendían con cadeas as rodas dos seus artefactos nos xa medios derramados sinais.

—Dános tempo a tomar un café. Convídote.

Claire aceptou, pero cando ían polas escaleiras díxolle.

—Hoxe tócame a min.

Cando chegaron á cafetería atopárona pechada. O Profesor sentiu reactivada a musiquiña gástrica que tanto o sorprendera non había moito e Claire anticipouse a calquera outra decisión:

—Déboche unha convidada.

—Vale, respondeulle.

Entraron na clase de seguido. Durante uns instantes agardou a que os alumnos se fosen sentando, entretido como estaba na observación reflexiva acerca do seu baleiro estómago, da música que del xurdía. Cando o vello Profesor principiou a falar:

—Hoxe…

Comenzou. Logo dubidou por uns segundos e permaneceu calado.

—Hoxe, tócanos…

Seguiu. E volveu quedar calado. O estómago deixáralle de soar. Cesara toda secreción, toda música, toda reflexiva observación. Acababa de se decatar que non traía preparada a clase e un terror pánico íao invadindo. Debeu demuda-la face e comenza-la sudoración, algo se lle debeu de notar: o silencio da aula era mesto. Ducias de rapaces e rapazas, xa profesores moitos deles, agardaban non se sabe ben se con impaciencia a solución do conflicto. Xa estaba o Profesor decidido a confesa-la súa incuria e xa se definira a espera dos alumnos: uns

apostaban porque saíra do atolladeiro, outros porque non saíra. Había os que se regocixarían co remontado voo, outros sentirían o mesmo, pero só se o voo entraba en picado. O vello Profesor, o avellentado Profesor, simulaba que agardaba a que se fixese un silencio aínda máis elocuente. Era unha vella treta que valía, que lle valera noutras circunstancias, pero que agora empezáballe a amosa-la situación de ridículo na que estaba caendo a pasos axigantados. Cumpría tomar unha decisión o máis axiña posible. Tería que recoñecer canto antes que non traía preparado o tema. Pero aquilo logo do silencio podería ser peor. Empezaba a confesarse que non sabía por onde saír. Acaso a solución fose decidir, e así expoñelo en voz alta, que a clase do día a ían dedicar a un coloquio sobre aquelas preguntas que xulgasen interesantes, sobre temas que os atraían. Pero tampouco era solución, amosaría igualmente a impreparación, a improvisación: era demasiado amplo, demasiado xenérico. Afusquinadamente buscaba no máis recóndito do seu cerebro o tema ou os temas que lles propoñer a aqueles implacables xuíces, para poder saír airosamente daquela situación terrible na que estaba.

Por fin unha voz fíxoo estremecerse. Era a de Claire. Soubo cando ergueo a ollada e a viu en pe, alá polo medio da clase.

—¿Si?

—Hai unha carta de Faublert a Louise Colet na que lle di que aquela mañá escribira o encontro de dous namorados no parque e que el fora o amante e maila a amada, os cabalos nos que pasearan, e tamén o rubio estourante das flores, o sol que acariñaba todo e a todo lle daba un senso. ¿Podería vostede, Profesor, falarnos hoxe do autor e dos seus personaxes?

Decididamente Claire era maravillosa, era unha rapaza adorable. Daba con libros insospeitados coa mesma naturalidade coa que axudaba a expolialos, coa mesma coa que te axudaba a sair de grolos tan amargos.

—Efectivamente, señorita —díxolle— pero máis que do autor e dos seus personaxes, cabería falar do autobiográfico na obra do autor. Ese é certamente un tema que tratando por suposto o que vostede incita, o que vostede suxire, abrangue non obstante un eido moito máis amplo que nos permite indagar nas motivacións máis fondas…

Saíralle unha das máis fermosas clases que dera na súa vida. O final consistira nun coloquio que se fora demorando ata ben pasado o tempo de

finalización da súa hora e media lectiva e que aglutinara a outros alumnos doutras clases que permanecían en pe apoiados nas paredes. Nunca lle agradecería abondo a Claire a ocorrencia que tivera de recordar a Flaubert naquel trance, tampouco non llo daría agradecido a Flaubert. O ler, ás veces, tiña non só o mesmo sentido que se encher de viño para aturdirse; o ler, ás veces, permitíache remontar outeiros que endexamais soñaras.

Foron saíndo da aula pouco a pouco. El quedou para o final axexando pola fiestra o bule bule dos alumnos na explanada, o reverberar das carrocerías dos coches quentados abondo por un sol que xa ía alto. Cando o esmorecer dos pasos arrastrándose polas baldosas lle comunicou que a clase estaba senón xa, si a piques de se baleirar de todo saíu el.

Alí estaba Claire, apretando as carpetas contra o peito mentres as abranguía cos dous brazos que mantiña cruzados nun aceno case agresivo, case defensivo, nin se sabe.

—Noraboa.

—Gracias. Débocho a ti.

Claire sorriu. Tiña os beizos amplos, sensuais e ó sorrir distendíanselle docemente sen brusquedade, coma se se lle pousase neles o sorriso.

—Quen che debe son eu a ti unha convidada.

Estivera a piques de dicirlle ¿Por que? pero podería se-lo recoñecemento implícito de que si, de que o vello Profesor si tiña algo que agradecerlle non era ese o caso; e se o era non quería ela que constase en acta.

—¿Pero non tiñas un día moi liado?

Agora Claire quedou sorprendida. Reaccionou axiña e alegremente.

—Anótate un, *ancien professeur*, estamos empatados.

Entraron na cafetería e o mero arrecendo do café valeulle ó Profesor para que con renovado ímpeto lle tornase a música que tivera esquecida durante aquelas case dúas horas. Sentáronse nunha das escasas mesas que alí había e que, respetosa e tradicionalmente, se mantiñan baleiras na agarda de que un profesor as ocupase. Cando iso sucedía os máis próximos, ou aqueles que tiñan máis tempo, ou simplemente aqueles dos alumnos ós que lles apetecía, sentábanse co profesor e falaban con el mentres almorzaban. O mesmo que fixeron agora mentres a ollada do Profesor Convidado topaba coa de Mireille que nunha esquina da barra sorbía un café con leite acompañada dun rapaz loiro e alto con pinta de extranxeiro, cando menos sen pinta de meridional, que era o que alí abundaba maioritariamente. O Profesor acenoulle a Mireille e ela respondeulle ó

saúdo con naturalidade, pero sen dar máis mostras de nada.

Unha pregunta feita por Claire a instancias doutra das rapazas distraeuno da observación de Mireille e devolveuno ó que consideraba xa concluído coloquio. Respondeu sen ganas, cismando no comportamento de Mireille quen ó pouco se sentiu na obriga de vir saudalo.

Ningún dos dous fixos referencia á incumprida cita e o Profesor decatouse de que tal cita non existira, senón que de xeito tácito el sobreentendera que uns días dedicados a facer xuntos o amor daban por sentada a súa continuidade. Pero evidentemente, non era así. Ó constatalo decatouse de que algo se lle fendía. Aquelas rapazas practicaban o amor coma unha medida hixiénica ou motivadas pola curiosidade que un ser, medianamente exótico coma el podería resultar, lles podía producir. Non había trabazón afectiva de ningún tipo e elas librábanse moi ben de establecelas. Sentiuse derrotado, estaba afeito a olla-lo sexo coma consecuencia dunha relación e principio doutra; estaba afeito a establecer lazos de afecto coas mozas coas que facía o amor e eses lazos poderían ser máis longos ou máis curtos, máis ou menos duradeiros, máis ou menos fortes, pero existiran sempre. Sentíase indefenso naquela situación e por un intre tivo medo de acabar dependendo do afecto dalgunha daquelas rapazas. Por unha vez tivo medo de namorarse ó recoñecerlles a aquelas mozas unha superioridade na que el sempre se baseara no intre de afronta-las súas relacións coas mulleres e que resultaba que agora tiña que compartir con elas. O mundo estaba a cambiar e el nin conta se dera. Alporizado ollou para Claire e preguntouse con cantos homes se tería deitado, se se acabaría deitando con el e temeu a Claire.

Mireille despediuse, mentres o rapaz agardaba por ela en pe a carón da mesa, sen dicir nin ostes, nin mostes, acaso un pouco contrariado, en calquera caso altivo. “Polo menos si que segue a existi-lo senso da propiedade” díxose o Profesor e puido mirar a Claire con novos ollos antes de que Mireille se fose co rapaz. Á praia dixo que ían.

Tiña que se afacer a mirar aquela xente doutro xeito. Tamén elas podían face-lo amor tan só porque lles apetecía. A afectividade que el se dicía que puña nas súas relacións era tan só iso, afecto; o afecto necesario e conseguinte ó acto, á mutua relación, pero que non tiña nada que ver co amor. O amor debía ser outra cousa.

—¿Pasámo-lo día xuntos?

A proposta feita así, ós prontos e sen previo aviso, colleuna de sorpresa. Tamén a el, a pesar de ser el mesmo quen a fixera. Saíralle impensadamente e

axiña se arrepentiu daquela nova situación próxima ó ridículo na que se acababa de poñer.

—¿Por que?

Díxolle Claire. Pensaba que así lle daría tempo a intuír unha resposta máis axeitada.

—A min apetéceme.

Dicirlle “¡Vamos!” sería recoñecer que a ela tamén lle apetecía, o que non deixaba de ser certo. Así que ergueuse e díxolle:

—¡Vamos! A min tamén me apetece.

Xantaron xuntos nunha das terrazas da Place de la Libération, acollidos ó toldo rubio dun daqueles *bistrots* mentres vían como emergullaba a auga da fonte que hai no centro da rotonda, moi branca, coma de mármore.

Camiñaron despois de xantar polas rúas encrequenadas que xiran derredor da catedral e van baixando ata a estación do tren, alá case no fondo e que se onte eran delimitadas pola muralla, hoxe sono pola autopista que cingue a Aix folgadamente.

No comenzo da rue Espariat, ou no fondo dela preto da praza dos agustinos, nunha frutería, atopou el ese froito resume de tódolos gustos que no mundo hai entre melocotón e pavía, entre prixego e peladillo que se chama mango.

—¡Pero se rematas de comer…!

Díxolle ela ó velo entrar decidido no interior da tenda.

—Tanto ten. Hai anos que non os probo.

Preguntoulle o precio e pediu un quilo deles, pero antes asegurouse de que terían máis ó día seguinte. Entraban poucos, así que dobrou o pedido. Pagou con certa reticencia, producto o máis probable da súa sospeitada tacañería e ó saír ía xa comendo un deles.

—¿Queres?

Ofreceulle a Claire.

—Un pouco do teu se non che importa, é só por probalo.

Non lle importou e deulle a probar do seu, do que ela chuchou parsimoniosamente mollándose toda de pringue.

—Nun tempo da miña vida que non fai agora ó caso, enchinme deles. Agás unha vez que os meus alumnos mos trouxeron de México nun deses voos de sete horas, non os volvera probar.

Díxolle o Profesor mentres ela dicía “MMMMmmmmmmmm” e se limpaba os beizos co revés da man.

—¿E que facían os teus alumnos en México?

O Profesor mirouna con sorpresa.

—¿Que habían facer? Eran fillos de emigrantes e foran ver ós seus pais. O meu éche un pobo de emigrantes.

Claire entendeu perfectamente o reproche, mirouno meimosiña e afirmoulle:

—Teño que ir coñecer Galicia facendo o camiño de Santiago. ¿Sabes que un dos camiños comenzaba aquí, na que aínda se chama hoxe Route de Galice? Pois eu saerei de aí facendo todo o camiño como mellor poida.

Facía calor. Facía moita caior e decidiron ir á piscina que hai facendo esquina entre o Cours Sextius e a Rue du Bon Pasteur, a que dá á praza da catedral, xusto onde se atopan as caldas de Aix. Non só era a máis próxima, senón a máis cara. En compensación terían a avantaxe de non ter que poñer gorros de baño coma na municipal e a de disfrutar da piscina practicamente para eles sós.

Pasaron alí a tarde. A avantaxe de non ter que poñe-los gorros viuse á súa vez compensada polas cantidades de pelos que se che pegaban á pel cada vez que saías da auga. Un noxo a precio de luxo no que mellor era non pensar, cada vez que te somergullabas.

—Só faltaba que aínda por riba fosen augas milagreiras.

Claire ollouno irónica.

—Pois ata é posible, pero eu non o sei…

Cansos, fatigados de tanta calor e tanta auga, saíron da pia xa no solpor e a piques de que a pechasen.

Subiron polo Bon Pasteur arriba e na praza dos mártires da Resistencia, onde está o pazo do arcebispo, acolléronse á sombra dos pradairos. Pronto estiveron na Rue du Griffon.

Ó chegar ó portal, Claire despediuse.

—¿Paréceche mal se che digo que quedei cuns amigos para mirar uns papeis?

Preguntoulle. Logo sen darlle tempo a responder bicouno nos beizos e marchouse mentres que lle sorría.

O vello Profesor subiu dorosamente os catro pisos. Abriu a porta, espiuse e meteuse na ducha. Ó saír bebeu unha cervexa e na soidade da habitación, apoiado no taboleiro da mesa, acordou que mellor sería non saír a dar unha volta.

Endereitouse e foise cara ó leito. Decididamente non tiña nin ganas de ler, de continuar lendo a carta. Apagou a luz e quedou axiña fondamente durmido.

XVI

Levoulle días ó barquiño inglés chegar a Galicia. Un vento do suroeste fixo que navegase de bolina e que fose abatendo tanto e tanto que dera en chegar a Ribadeo en troques de á Coruña. Segundo se aproximaba á costa un arrecendo a algas, un olor distinto de todos cantos olores a mar hai no mundo bateulle nas ventás ó Visitador. Vai deitado no coi, adurmiñado, cismando non só na fugacidade da propia vida, nin no feble da súa consistencia, senón no inútil dos seus traballos, do dilatado xa dos seus avatares e así sente chegar ata el aquel arrecendo que o conmove e que o fai subir á cuberta, asomarse á amura de estribor, que na súa terra chaman arca, e aspirar fondo aquel aire que é coma un salouco. Foi unha sorte este ventiño do suroeste; de ir á Coruña a orde de Felipe de que fosen apresados tódolos barcos británicos que estivesen en augas españolas levaríase a cabo e o Visitador veríase en graves dificultades. Pero aquí en Ribadeo, coma en tantos outros lugares do Reino de Galicia a orde non se cumpre ou dito doutro xeito é incumprida na maioría dos portos.

Nada máis chegar á terra e facerse noite, o Visitador desembarca arriando unha gamela que o deixa lonxe do peirao. Aquela noite dorme a ceo aberto acollido ó silencio dunha fraga e ó abeiro dun castiñeiro amplo, grandeiro e vello que o acolle na súa caracocha.

Érguese de mañá cedo e camiña cara ó interior buscando a vella cidade bispal de Mondoñedo. Camiña todo o día procurando arredarse dos camiños transitados, pero sen ir lonxe de máis deles, tal coma se se afastase por uns instantes por ver de dar cuns atallos cos que non acertara, nun xogo que a el mesmo lle comenza a resultar ridículo e que o fai reflexionar acerca da súa conducta. ¿Empezárase a equivocar con máis frecuencia da precisa? O caso é irse afastando da costa, irse adentrando para que ninguén o identifique. É necesario chegar a Mondoñedo e alí pedir cabalgadura que o leve a Compostela.

Na praza que hai dediante da Catedral de Mondoñedo, entra na botica que

hai na súa esquerda e atopa alí xente amiga que poida valerlle sen pedirlle explicacións. Alí dorme e descansa toda a noite. Pola mañá cedo ten xa preparado un cabalo que o leve a Compostela. Tamén leva munición de boca para o camiño.

Entra en Compostela na hora do solpor pola porta da Pena e apéase do cabalo dediante da porta da corte, da que xorde o rinchar da besta amiga. “Xa chegaría o Lourenzo” dise, e nos ollos píntaselle, esvaída, a imaxe de Simona. Abre a porta da corte e mete nela o cabalo que con el trae, cóutao na manxadoira e, sen desensillalo, acode a agarimarlle o pescozo á egua que o reclama. Abrázase a ela e bícaa no pescozo, logo mentres lle fala paséalle a man polo lombo e dálle palmadiñas con ela cando lle chega á grupa. A besta ten memoria e frégase contra do amo que lle fala docemente, anainándoa coma se fose un neno, arrolándoa coma se a abanase nun berce. Instintivamente agáchase e comproba se está ben ferrada. Ou hai moito que non sae ou hai pouco que a ferraron.

Por fin desensilla o outro cabalo sen deixar de falar, coma se llo estivera presentando á besta; por un intre pensa na inconveniencia de que queden os dous sós na mesma corte, pero limítase a facerlles dúas manxadoiras, logo sae abrindo a porta da leñeira e sobe ós seus apousentos cruzando polos dos criados. Tropeza cun deles que o saúda alporizado instantes despois de estar a piques de paralo toscamente, crendo que era un intruso. O Visitador adopta un aire fosco e reservado que o libere de confidencias, de preguntas embarazosas, de excesivas confianzas.

—Faciámolo con nós para o enterro de Don Lourenzo.

Dille o criado ó tempo que se arreda a un lado deixándoo pasar.

—Non puido ser.

Dálle tempo a responder, aínda petrificado coa noticia. E continúa subindo; vai pensando en que vai ter que adoptar outro aire de naturalidade distinto do que trae, e do que carece, pero teme que dunha nova actitude se poidan derivar preguntas para as que a súa canseira non lle permite resposta.

Afortunadamente está todo limpo e ordenado. Esa sensación de normalidade que o acolle nos seus recintos privados vénlle extraordinariamente para serenalo e colle unha campaniña e dá unhas badaladiñas ledas, un repenique que o sorprende na súa ledicia. Sobe unha criada á que lle pide recado de escribir e mais que vaia quentando auga no lume, que se quere bañar nun dos baldes de

madeira que a tal fin hai dispostos naquela casa.

Mentres ferve a auga, séntase a escribir unha nota para Simona. Trátase dunha nota concisa, lacónica “Xa cheguei, acábome de enteirar do de Don Lourenzo q.e.p.d. Preséntolle os meus respetos. Deus o teña na gloria”. E sina poñendo embaico Pbro. e volve a repenica-la campaniña. Sobe outro criado e entrégalle a nota, pero ten cuidado de da-las prelacións debidas.

—Primeiro vaste á casa do Señor Deán e pregúntaslle se me pode recibir, logo vas á casa de Don Lourenzo, que en paz estea, e entregas este pésame para que llo dean a dona Simona.

O criado olla para el coma se soubese algo, coma indicándolle que el é merecedor da súa confianza, pero o Visitador cala. Non sabe moi ben por que, pero cala. Nas habitacións veciñas sabe que Quiteria, a muller casada cun tal Pereira de profesión carpinteiro, que o seu colega Ochoa trouxo dunha visita a Tui, comparte non só mesa e leito co Inquisidor senón que moitas veces na sala próxima é ela quen preside o Santo Tribunal. A pobre coñécese que se aburre e vai alí, a recrimina-lo seu borraxo e mais a endereita-los divinos designios que, polo que se ve, pasan por ela. O mesmo Lourenzo accedera ó sacramento da orde logo de pasar polo do matrimonio, sen chegar á viudedade, coitado, que se foi el antes, e convivía coa muller e coas criadas sen excesivo escándalo do vecindario, acaso porque o concilio tridentino estea demasiado próximo e os sacramentos alí establecidos, fixados, o foran tan recentemente que aínda están por aprehender de xeito cabal e volitivo. Non está mal visto a carnal relación entre homes e mulleres libres e agora ela é viúda, así que non sabe a que se deben as precaucións, pero o certo é que as toma. Acaso máis das que debería.

Por fin báñase e pon roupa limpa. Cando está xa vestido e disposto a saír, chega o criado cos mandados feitos.

—Di o señor Deán que espera por vostede para a cea. O recado dinllo a unha das criadas da viúda de don Lourenzo.

O Visitador mirando pola fiestra que recolle a derradeira luz do día, sen torna-la ollada cara a el, pregúntalle:

—¿Houbo algunha resposta?

—Non, señor, non lla houbo. Vostede tampouco non me mandou agardar por ningunha.

—É certo.

A casa do Deán está na rúa do Villar, no pazo que chaman de Monroi e dende ela pódese axexar sen problemas, ou con algúns, pero poucos, a fronteira das

Praterías, tan ó comenzo da rúa está. Alí o agardan o Deán e mailo seu vello amigo o médico do Hospital Real, xunto con outra xente da que coñece parte dela e non sabe de quen se trata o resto, pero entre tantos pode haber un traidor. Cautamente, el, que decote foi decidido partidario da crenza que afirma que canta menos xente mellor, vaise amosar parco e non excesivamente interesado en dar novas da viaxe, de se realmente a fixo, de como a concluíu. Ten medo. Un fondo sentido da supervivencia, un acusado instinto de conservación impídenlle ser tan explícito como agora mesmo o seu corazón lle pide. Ó entrar botou en falla a presencia loira, sorrinte e aparentemente inxenua do Lourenzo, o coengo que chegara a se-lo seu amigo. Mentres falaba ía analisando ese sentimento cheo da melancolía que se desprende dos tempos non aproveitados en toda a súa riqueza, en toda a súa potencialidade. Sabe que os feitos rodaron vertixinosamente sen dar en lugar ó acougo, á serena reflexión, á valoración da xente que tiña ó seu carón. A vida está sendo acción, acción e acción e por moito que un se leve regocixado nela xa vai sendo moito hora de apousar e non privarse da riqueza que homes coma Lourenzo nos poden aportar.

Certo que a acción, a aventura tamén é igualmente enriquecedora, pero non menos certo é que a conversa deloirada, mantida mentres se pasea baixo o solpor ou se acolle un á morneza do lume da lareira, a conversa amical e repousada, levada a cabo polo mero pracer de conversar, sen discutir, sen acaloramentos, sen teimas, prácida e intelixente, tolerante e distraída, como a que Lourenzo lle podería regalar de estar vivo, sería maiormente enriquecedora, aínda máis se e que vai por riba de tanta e tanta volta no camiño, que se vai por riba de tanta e tanta acción. E mentres tal vai pensando segue a falar de tronadas e ondas coma montañas que se lle viñan enriba, de ordes absurdas que ós galegos das mariñas, a el mesmo nacido en Pontevedra en solar de navegantes, xente de mar, xente do gremio de mareantes que vai no Corpus facendo baila-las imaxes coma se fosen xente viva, de ordes absurdas que se lle pousaban no peito coma lousas. Pero silencia o descenso pola Royal Canle e a luz que da o sol de anoitecida no peirao de Dublin. Acaso os irlandeses amigos que alí hai, ó igual que o Deán pensan que algo extraño sucede para que aquel home non fale. Tan só o Deán se decata da prudencia que move ó Visitador cando este arremete contra a xente que enviou a Armada e non rectificou as ordes, contra aqueles que non souberon interpretalas ou alteralas no momento oportuno; o Visitador está diluíndo as culpas, ninguén se poderá dar por acusado, ningún chivato felón poderá dar cumprida interpretación das súas palabras. Pero ditas quedan e aprehendidas.

Xa é tarde e o Visitador acorda despedirse. Non quere quedar el só coma o único retrasado para que haxa quen interprete que se queda a conta-lo que calou antes.

—Tampouco eu non contaba con esta xente, dille o Deán cando se despediu.

O Visitador aséntelle cos ollos e tenta dicirlle coa ollada que xa falarán abondo e proximamente.

Saen xuntos el e mailo seu amigo o médico. No curto treito que vai das Praterías ó Hospital hai tempo para contar moitas cousas se se camiña de vagar e a noite é medianamente amena. Nese recorrido deixa o Visitador toda a tensión acugulada nos derradeiros tempos, toda a información que cómpre que se saiba. O médico será o encargado de facela seguir ós irlandeses e ó Deán. Sospeita o Visitador de tanta e tanta xente alí auto-convocada gracias ó "pasaba por aquí e dicidín subir a facerlle un chisco de compaña. ¡Ouh, canta xente aquí hai…!"

Despídese do médico na porta do Hospital mentres a lúa ilumina a praza do Obradoiro que se abre ó campo coma se fose unha praia femia das moitas que no país hai. Da carballeira de Santa Susana chega o arrecender dos carballos, nos que de certo a esta hora han estar en plena actividade as vacalouras, cando o Visitador ascende cara á San Martín Pinario por baixo do arco Palacio de Xelmírez aparta polo campo de San Xoán antes de chegar á Azabachería, e diríxese á Porta da Pena para, tamén antes de chegar a ela, entrar nas casas do Conde de Monterrei, nas casas do Santo Oficio.

Ó entrar no salón que fai de antesala da súa alcoba unha sombra érguese e queda en pe, recortada contra das contras que dan á xanela. O Visitador dubida brevemente e ó fin vai abrazala.

—Simona, Simona —dille.

Ela aprétase a el e logo os dous séntanse a falar colléndose das mans.

—El xa o sabía —dille el.

—Agora está morto.

Cando se deitan nótalle el ó fin a curva prominencia que no seu ventre se destaca, póusalle as mans e retiras alporizado.

—¡Moveuse! —dille.

Simona sorrí e respóndelle:

—Pronto, pronto se moverá; aínda non.

O Visitador non se atreve a preguntar, pero é Simona quen llo confirma:

—É teu.

—¿¡Meu!?

—Teu.

Hai un silencio longo.

—Pois moveuse.

—Non.

—Que si.

—Que non.

Con coidadiño o Visitador vai erguendo a man e deslizándoa cara ó ventre no que seu fillo agarda vir ó mundo.

—Pois verás.

—Verei.

—Xa verás.

—Verei.

Durante un anaco a man do pai repousa no ventre de Simona e non nota nada. Pouco a pouco o Visitador empeza a convercerse de que aínda non é tempo efectivamente de que o neno avise de certo da súa presencia e entón empeza a arremuiña-la man, deslizándoa delicadamente, mentres lle vai falando ó neno que sabe que non o escoita. De repente arreda a man alporizado.

—¡Ves!

Entón Simona asente: é a primeira vez que o neno dá un couciño. Os dous abrázanse e ó cabo do tempo, delicadamente, fan o amor.

Cando Simona retorna á súa casa o Visitador permanece fondamente durmido. Só cando entra na alcoba a luz da mañá reméxese no leito na procura do corpo amado e, ó non atopalo, sente que son chegados os días de acougar no lar paterno a agardar prácidamente a ver chega-la morte mentres ve medra-lo seu fillo e avellentan xuntos Simona e mais el; el moito máis axiña. Sente que non son moitos os anos que lle restan e calquera outra acción deixa de ter interés para el. Segundo o sol vai inzando, vai determinando o que a súa vida terá que ser no futuro. É a primeira vez que decide o que vai facer premeditándoo tan de antemán. Ata hoxe non quixo nin vivir do pasado, nin adiantarse ó futuro que sempre fora hoxe para el; agora por fin sente que xa non só hai obxectivos colectivos, senón que tamén chegado un certo intre da túa vida, unha certa inflexión que se dá antes ou despois, pero que se dá, hai tamén obxectivos

persoais. El chegou a ese intre. Pedirá o relevo do Santo Oficio e retirarase ó seu solar de Salcedo a carón de Pontevedra, nin moi lonxe nin moi preto da vila. Con el irá a probe viúda desconsolada a quen por misericordia acollerá como ama de chaves. E verá medra-lo seu fillo.

Érguese a modo e vístese. Na catedral di misa na capela da Corticela, a que visitara a primeira logo de tantos anos fóra da Terra, e ó saír de misar toma o almorzo na sacristía rodeado de coengos ós que conta toda canta peripecia vén de correr na Armada que se coidaba invencible.

Está ledo o Visitador, o seu talante adusto está arredado del esta mañá e os coengos asisten maravillados a aquela novela de aventuras. Non é nada comparado co que relatou a noite pasada na casa do Deán. Consciente do auditorio que ten introduce infieis e pérfidos anglicanos por doquier ó tempo que destemidos paladíns da Contrarreforma que loitan nas cubertas dos barcos por defende-lo Papa de Roma. As pesadas armaduras non só non levan ó fondo do mar ós sufridos infantes, senón que deixan que estes se movan lixeiros e se lancen á abordaxe, pendurados nos cabos, nas escotas, nas xarcias dos velamios, que gabeen polas escadas de gatos brandindo o mandoble, mentres as lixeiras cotas ou os coiros dos tabardos británicos son pesados coma chumbos. A pesadez dos barcos españois é lixeireza mentres que a lixeireza dos británicos, moito máis manobreiros —aquel mar non é o de Lepanto— son torpóns coma vella grosa.

Acábase xa o almorzo, leite con pan migado, e coincide cunha referencia a Lourenzo Pedreira que o deixa triste e lle permite ausentarse para ir testemuñarlle á que fora a súa muller a expresión do seu sentimento. Cousa que aínda non fixera e debería facer canto antes.

E así fai. Encamíñase á casa do coengo e logo, xuntos, Simona e mais el, van visita-la campa de Lourenzo. Cóntalle entrementres o Visitador a de plans que ten feitos para o futuro. A mañá é esplendorosa e convida a expansións do ánimo ás que o Visitador non estivera endexamais afeito; de esguello e cando coida que ninguén o mira olla de nesgas para o ventre inchado de Simona e unha nova seguridade agrómalle a el no seu peito. É a primeira vez que afrontan eles sós, xuntos, a luz do día. Lonxe empezan a quedarlle ó Visitador os atafegados días que precederon a este no que habita. Os primeiros estudios en Alcalá, os que lle seguiron en Lovaina, a alquimia, a relación co turco, a medicina, os días en que todo era aventura da que saír airoso. Leva anos xogando con Felipe, enganándoo, facéndolle crer que ten nel o máis fiel e seguro dos seus máis

inmediatos conselleiros, se é que Felipe de alguén se deixa aconsellar. Pero cando el chega Felipe escóitao, veña de onde veña, faga o tempo que faga que non o ve. Felipe escóitao e logo decide pola súa conta. E mentres el, o Visitador do Santo Oficio, vén como din que vén Ambrosio de Morales a facer cumprida relación dos bens que en Galicia ten a Igrexa, a facer pescudas que o leven a desartella-la intrincada rede comercial de introducción de libros heréticos, pero a el coma a Morales, non lle importa que os cregos de Galicia se autodenominen "señores de" se é que iso é a significación dunha distinción habida, xunto con outras, co reino de Castela; só que o seu xogo é perigoso como ningún outro xogo o é: el vai propicia-las redes, coñece-los seus puntos fracos e calafatealos coma se fosen a obra viva, que o son, dun barco que quere navegar na liberdade. E xa só lle queda unha visita que facer, xa só Ue queda unha ronda por dar, a máis perigosa sen dúbida algunha. Mandou Felipe, resentido, que fosen apresados tódolos barcos ingleses que andaban nas costas de España co que a introducción de libros heréticos vai quedar estancada uns meses e as cousas non van ser doadas en tempo. Hai que deixar aberto un burato.

Así que o Visitador aproveitará este tempo para ir arranxando o seu pazo de Salcedo, a fin de que Simona o ocupe tan pronto como o fillo se lle anuncie próximo. Quere ver nace-lo seu primoxénito, o seu vinculeiro, no solar que foi dos seus maiores e quere recoñecelo. Felipe aceptará isto como aceptar aceptou outras cousas ou como aceptar aceptou a Antonio Pérez fillo de Gonzalo, presbítero, coma Lope anda por Madrid, como tivo que aceptar toda a froita deste tempo convulso no que vivimos.

Pouco a pouco, de vagar, vaillo adiantando a Simona e ela asente e acepta. Escribirá a carta de renuncia á volta duns meses cando torne da derradeira visita inquisitorial e ben artellada quede a rede que ten que tecer aínda.

Os días en Compostela sucédense silandeiros e doces mentres chove. Hai un desasosego que vai invadindo ó Visitador segúndo transcorren e que o vai incomodando de vagar, solermiña, vagariñamente. Empeza a agardar polas noites con fervores non de rapaz novo namorado senón, o que é peor, de vello que chega ó amor cunha moza que xa non o é tanto, pero que non ahi moito que deixou a nenez, a pubertade, acaso a primeira mocidade. Trátase do amor do home feito que se namora dunha muller feita e ten a seguridade, a cordura ou a insconsciencia necesarias como para que ningunha dúbida o corroa e todas elas o devasten. Sabela veciña polo día e non podela ver ata a noite, na que o terá que facer ás agachadas, prodúcelle un malestar que non está disposto a asumir. Certo

que hai en Compostela sobrados casos de cregos que viven amancebados, certo que abundan os inquisidores que o fan: Ochoa é un exemplo notable, Muñoz non deixa horta sen visitar, prostíbulo sen forzar, convento sen que nel poña o pe; pero algo lle di que el non debe deixar que a xente o introduza no mesmo catálogo. Non vai ser el quen censure ós seus compañeiros, el quen tire abaixo coa baiuca que na mesma entrada do tribunal montou con autorización de Muñoz un xudeu que se supón converso (no fondo, alá el) e dende a que se levan e traen noticias e confirmacións dos que están presos nos cárceres secretos. Todo o máis que se pode permitir é o de facer ver que non ve nada e se acaso discretamente, pero sen acritude, sen excesivo ánimo, informar nas súas cartas da situación de relaxamento no que, en Compostela coma en moitas outras partes, o tribunal vive.

El non quere que Simona poida ser confundida con Quiteria, nin coas furcias coas que Muñoz se solaza. Ama a Simona. Desexa o fillo que lle vai dar e quere protexelos.

Semana antes de saír a face-la nova visita traslada a Simona ó seu pazo de Salcedo. Fai o camiño con ela e cos criados, feliz de abandonar Compostela que queda convencida, cando menos na aparencia, da bonhomía de quen acolle a muller, a viúda, do seu amigo e lle dá teito. Non é que Simona necesite de rendas, que ten por ela mesma e polo finado do seu home, é algo máis fondo o que dar teito significa e que a xente intúe no aceno do inquisidor.

Chegan ó pazo e o Visitador dá ordes precisas e tallantes do tratamento que alí quere que se lle dispense a dona Simona: coma se fose a súa muller. E avisa de que o fillo que leva dentro será recoñecido como propio. Máis tarde pasada a primeira impresión da chegada, do recibimento que se lle presta ó amo ausente tantos anos, das constatadas emocións das sobriñas, as fillas dos seus irmáns mortos, que ven retornar un home a se facer cargo do patrimonio que elas gobernan con dedicación, pero exentas do entusiasmo que lles resta a sensación de lonxanía da veciña Pontevedra, a convicción de que os anos, os preciosos anos, se lles poderían pasar se non fose por aquela providencial chegada de Simona; máis tarde, dicíase, deixará establecidas as dúbidas, razonablemente esparexidas, de que o fillo é seu, xunto coa certeza legal de que o recoñecerá sen selo: nacerá sen que pasados fosen os nove meses da morte do seu pai suposto. As sobriñas entenden o xogo, aman o tío, aman a seguridade que para elas representa e aman a posibilidade de volver abri-la casa da praza da Ferrería, enriba dos soportais, aberta á contemplación do convento que veciño e no

curutiño máis espilido da cidade se lles amosa ergueito coma un velamio.

Axiña que deixou instalada a Simona retorna para Compostela; deixa ordes precisas de que se lle avise tan pronto o neno se anuncie ou tan pronto como chegue; e unha vez na cidade Santa decide artella-la próxima viaxe, pero entramentres acorda ordenar minimamente a continuada desfeita que hai no pazo do Conde de Monterrei o que, agora e dende hai uns anos, ocupa o Tribunal do Santo Oficio. Un mundo de papeis revoltos, de ficheiros desordenados, de libros sen cubrir seguen ciscados polo chan e é necesario poñelos nos seus andeis colocados de acordo cun criterio lóxico, cunha sucesión ordenada no tempo e no espacio. Mentres tal cousa fai, para gratitude de tódolos que ponderan a súa capacidade de traballo, a grandeza da súa dedicación, vai aproveitando para esculcar nas vidas das máis ilustres liñaxes, das súas conexións, das interaccións que as definen a elas en conxunto e ós seus membros por separado. Cando a escolma finalice, cando a prospección conclúa e os andeis aturen o peso da orde, o Visitador saberá máis que ninguén da realidade do propio país de duascentas mil almas escasas naquelas postrimerías do século dezaseis.

Tamén é certo que mentres tal cousa fai e aproveitando a inicial desfeita alí atopada, irá facendo desaparecer papeis, informes, denuncias ou evidencias que comprometan diversos tipos de actos. Nalgúns casos será el o único coñecedor do feito, noutros, porá dediante da ollada temerosa dos implicados os papeis que os sinalan e, dependendo da persoa que se trate, alí mesmo os fará desaparecer ou posporá a acción para despois, de xeito que sexa doutro tipo o nexo establecido, doutro tipo a dependencia ou a gratitude.

E saberá máis do tráfico de libros, dos libros que el tanto ama e protexe tanto. A súa memoria prodixiosa vai arquivando datos sobre as actitudes dos comisarios do Santo Oficio nos diversos portos galegos, da súa proclividade ó soborno, da súa tendencia a deixar que determinados fardos poidan chegar a significados mosteiros ou a empolados pazos da fidalguía campesiña. Van transcorrendo os días e o aspecto das dependencias do tribunal empeza a ser outro, coa animadversión de Quiteria e a contemplación entre cínica e agradecida de Muñoz e dos outros detentadores das familiaturas que empezan a ver nel a persoa imprevista que esgalla a ponla da normativa, a persoa anormal que infrinxe os costumes e os trastoca. Decátase de que hai quen o considera a conciencia oculta e manifesta de todo aquel batifondo. Tal sona é boa. Cando na corte falen del dirase que foi o home que puxo orde en tanto desgoberno, pero é perigosa se se olla dende a perspectiva da xente de vida desordenada. É o

continuo risco que impón a vida. De cotío hai que elixir, decidi-las accións a emprender, os camiños a tomar, as amistades a cultivar ou aquelas a iniciar; e todo terá os seus pros e os seus contras, tódolos seus riscos e todo contará coa susceptibilidade dos erros a cometer, das conciencias a violentar. Acaso niso estribe a madurez: en camiñar dese xeito na procura sempre do mesmo camiño, dese camiño do que, diario, a vida te arreda. Acaso a madurez é iso: evita-lo camiño que che impón a vida, non aceptalo e impoñerlle o que ti mesmo te fixaches; non deixar que a vida nos goberne. Se fose así, se fose a vida quen gobernase en tódolos casos, o Visitador seguiría no seu pazo, dende había anos, adocenado, griñón insaciable dunha grea de rapazas que irían sendo sustituídas as unhas polas outras, sen apenas solución de continuidade, ou sería hábil cazador e recoñecido comellón, ou ben na soidade da súa biblioteca esculcaría nos libros e deixaría que as tardes escorregaran deloiradas e tristes mentres atizaba o lume da cheminea. Pero o Visitador quixo ser el quen axudase a que outros acollesen o que a vida lles deparase. Terrible decisión que moi poucas veces remata sendo perdoada.

Mentres, observa a relación dos gastos que significaron as visitas dos seus antecesores con obxecto de non pasar nin moi por detrás, nin moi por diante —mil cincocentos reais seméllanlle moitos reais por moitos homes que fixesen a visita— ou compulsa a pompa dos autos de fe reflexados en moeda; mil pensamentos que lle rondan pola cabeza o abstraen dos seus razoamentos iniciais e confírmano na chegada da vellez: preocúpase polo diñeiro e sente a urxencia de ordena-lo seu propio patrimonio. Farao máis tarde, nos días que pase en Salcedo, logo da chegada do seu fillo. Mentres deixará i-los días sucedéndose os uns ós outros, coa mesma monotonía de sempre: moito medraron xa os días, moito se nota como acurtan.

Dedica o resto do tempo a falar co Deán, a visita-lo seu amigo médico, agora esquivo e distante sen que se saiban as causas, ás tertulias dos atardeceres e a que todo o mundo saiba del coma dunha persoa afable e traballadora. Consegue selo membro da Inquisición admitido pola sociedade clerical e civil de Compostela e crear ó redor da súa figura o halo de respeto e afecto que pensa que necesita. Cando lle falan de Simona di, restándolle importancia á pregunta, situándose lonxe dela e cheo de desafección, que hai tempo que non sabe nada dela, que supón que o neno nacería ou que estará a nacer calquera día destes. E mentres así fala algo lle anda a rebulir no peito.

Tamén é certo que a súa actitude lle está a deparar inimigos. Intúeos tras del

sen acadar a identificalos, e convéncese unha vez máis de que o mellor é pasar inadvertido; pero hai veces que tal cousa non sería posible ó tempo que outras. Disto tamén está convencido o señor de Salcedo. Como convencido está de que o máis sensato é abandonar Compostela canto antes; fíxose notar demasiado.

Unha nova vén liberalo; Simona pariu un neno. En poucas horas pasea por Compostela deténdose, acó e acolá, a falar coa xente que coñece para informala da boa nova e de que “hoxe ou mañá, se podo…” “sairei para Salcedo…”, “onde ela está, na casa das miñas sobriñas…” “para ve-lo fillo de Lourenzo que considerarei coma un sobriño”. Cando coida que a súa desaparición non será tida por súbita, nin por precipitada, “pois xa debeu parir hai uns días, acaso unha ou dúas semanas” retorna á casa e avía á egua sabedora de camiños e deixa aviso que, de alí a uns días, saísen para Pontevedra o alguacil e mailo secretario que o han de acompañar no próximo recorrido que esperará por eles, polo recado da súa chegada, na súa casa da Ferrería. Logo gallopa a Salcedo.

Ó cabo de quince días recibe recado de que o Alguacil está aqueixado de flemas e corrementos e que, dada a cantidade de choiva que está a caer, prefiren, se a súa reverencia así o autoriza, retrasa-la saída ata que o tempo se compoña un pouco. Responde molesto pola tardanza e aconsella que a demora non vaia ser excesiva, pero autoriza a permanencia en Compostela dos seus dous axudantes. Faino feliz e agradecido, pero non por iso menos consciente da que podería ser deducido se a ledicia amosada fose excesiva, sequera insinuada. O fillo tenlle sorbidiño o seu seso de vello. Vixílao dente a súa altura mentres dorme no berce, ou axuda a abalalo cando chora. Poralle de nome Martín, Martín Abalo de Salcedo, Señor de Salcedo.

En Pontevedra visita a Xurxo Bicaño a quen el, agora e logo da esculca feita nos arquivos, sabe Jorge Promontorio, mercader de orixe italiano que para ser mercader “é moi lido e escribido” e ama demasiado os libros nos que le sen pavor ningún para un mercader ós clásicos latinos; moi próximo é Xurxo Bicaño ás cortes de Inglaterra e Francia e xa se sabe que nestes tempos Galicia é veciña de Francia e limita, mar por medio, coa Inglaterra, tan cheos están sempre os peiraos de barcos británicos, tan intenso é o tráfico coa Rochelle; Xurxo Bicaño o que fuxiu da Coruña por ser aquí, nas rías baixas do sur, onde o tráfico de libros é máis intenso e doado e porque na Coruña a Inquisición lle dera un susto, do que a súa sustanciosa fortuna e o seu gran predicamento entre a xente o

sacaran ben librado.

O Visitador fixera desaparece-los seus papeis de Compostela, pero Bicaño endexamais chegará a sabelo; por iso ten máis valor a confesión libremente feita, unha tardiña, cando o lusco e fusco era chegado, mentres paseaban dende Santa María a San Francisco dando voltas pola rúa de Amargura, descendendo en paralelo ata a Praza do Pan, pasando polas cinco rúas, logo a Praza dos Fornos, a praza das Galiñas, rúa Real por medio, cesteiros da Praza da Verdura e na da Leña follalateiros, ata subir volvendo sobor dos seus propios pasos pola rúa dos Comercios. Foi a confesión que lle deparou a amistade e a admiración do Visitador da Inquisición, quen xamais lle confesaría nada da súa actitude respecto do tráfico de libros, menos respecto da real e militar orde na que profesaba e da que o pomo da súa espada era unha branca sinal a identificalo no medio de tanta escuridade, e tampouco respecto de tantas cousas que os unían e os xuntaron. Pero o Visitador soubo aquel serán que Xurxo era de profesión luterana e admirouno máis do que o admirara, respetándoo.

Pasan os meses e conclúe o inverno. Son terminados os longos días de choiva, os curtos días de sol, as árbores coas súas ponlas peiteadas polo vento que agora apousa na ramaxe que empeza a agromar verduxa a penas, case branca. O Visitador impaciéntase: é demasiada felicidade aquela, o neno vai medrando e Simona volveu a aquela aparencia que o encandilara e que respondía por fóra ó que el esperaba agardar por dentro. Simona torna a se-la que era, non se abandona, non engorda, mantense como fora e seguirá sendo sempre na memoria do Visitador. As sobriñas entenden o sangue que as vencella co novo vástago e acéptano como quen é, igual que fan coa súa nai a quen respetan. Pero o Inquisidor está inquedo; por carta conmina ós seus axudantes a que aparezan canto antes en Pontevedra, antes en calquera caso de que el decida ir por eles a Compostela, pero no fondo desexaría que non chegasen nunca.

Ó cabo de dez días recibe aviso de que se atopa moi enfermo o Secretario e entón, polo mesmo recadeiro, envía noticia de que xa non debe esperar máis e que se pon el só en camiño a cumpri-lo itinerario das visitas. En calquera caso, as que realice teraas que facer acompañado do Comisario da Inquisición no lugar, dun notario, un familiar da Inquisición e mais dous números da policía do concello e que, polo tanto, non irá só. Terá que subir a bordo o comisario, acompañante agora do Visitador, antes de nada, antes de que o barco chegue a

estar atracado de todo no peirao e, mentres os números da policía impiden que ningún suba ou baixe a bordo, o primeiro que fará, será o pedirlle ó capitán a profesión da súa fe. Sabendo xa a fe que profesa proseguirán a inspección.

A primeira que cumpre é en Cambados. Púxose en camiño nada máis ter noticia de que o seu axudante estaba enfermo e de que case ó mesmo tempo un barco chegara ó peirao, derrotado polo temporal, alterada a súa derrota polo vento que o abatera contra da vila dos pazos e do bo viño que trouxera o Císter. Trátase dun barco inglés e o Visitador intúe que a derrota non fora alterada; aquel barco ten os velamios do trinque e na cuberta non hai a salitre que queda logo dos salseiros. Certo que houbo tempo, que o mar se encristou nos derradeiros días, pero a cousa non foi coma para tanto, coma para arreda-lo navío da súa derrota. Non chegou pois derrotado, chegou seguindo a derrota que traía.

É unha ocasión única a que se lle presenta. Haberá noticia certa da súa fazaña: Compostela está preto de Cambados, Pontevedra tamén; ata alí chegara doada noticia do seu feito: cincocentos de libros son requisados. A esculca, o fondeo, foi feito polo miúdo; tódalas sacas, unha por unha, foron revisadas a bordo, logo desembarcadas e voltas a remirar enriba do peirao e comprobadas por ver se coinciden co relatado no manifesto de embarque. Ningún comerciante protestou, todo o mundo asistiu á inspección feita enriba do peirao e quen quixo puido saber tamén da relación exhaustiva dos cincocentos de libros: as obras de Lutero e mailas de Calvino, un Dereito Canónico en tres tomos, varios exemplares do Concilio Tridentino, unha explicación dos salmos, un romance de Roberto Belarmino, tres tomos de Graciano… “suaviter in modo, fortiter in re” dirán do Visitador en Compostela, como tal del xa tiñan dito en Madrid ou na corte do Escorial.

O que ninguén dirá e que nas sucesivas visitas terá especial coidado en non derramar unha soa pelica de viño…

—Bendito sexa Deus que nos regala con este viño, froito da vide e mais do traballo do home…

…Dirá, pronunciando as palabras da consagración de xeito que se entendan, cada vez que alguén lle indique a conveniencia de facelo. As xentes pensarán que a súa reacción é producto dunha veneración, rozante na superstición, dos elementos da eucaristía —agacharase e bicará, sempre, a máis mínima codia de pan que caia ó chan— e non que o Visitador sabe moi ben que dentro dos odres de viño e dentro doutros odres máis pequenos, viaxan os libros camiño dos

mosteiros ou dos fidalgos pazos ás veces incluso polo viño da misa protexidos.

Ningún comisario será consciente de que o Visitador sabe que é polo peirao da súa responsabilidade por onde pasan os envíos, amparados na avareza nuns casos, na incuria noutros, no soborno en case todos, no propio afán de saber nalgúns deles; e que tamén sabe que polo tráfico comercial non é por onde máis deles entran. Son moitas as protestas dos comerciantes exasperados polos estragos que as inspeccións producen nas mercancías, alporizados pola lentitude que o proceso burocrático lles imprime ós labores de desembarco e fartos de perde-los fretes ó sérenlles confiscados logo dun fondeo fructífero en libros, pero que non tiña nada que ver con eles.

Sabe que o tráfico de libros máis importante se realiza de xeito específico, barcos cargados deles que se achegan ós puntos de desembarco previamente convidos ou barquiños que se perden no mar ata chegar a abarloarse, varias millas mar adentro, xa no mar de fóra, no mar maior, ós barcos grandes que dentro deles os traen. E sabe o Visitador destas redes, destes puntos e das xentes que os entretecen, precisamente nestes tempos nos que el anda a camiñar, silandeiro, polas costas do sur de Galicia, enviando detallada nota de todo canto vai facendo e atopando, pero evitando sempre os puntos que el sabe que non debe visitar.

Durante meses, o Visitador, frecuentará os peiraos máis significados das Rías e Noia, Baiona, Tui, Pontevedra ou Vigo, saberán da súa dedicación e eficacia, mentres que ó mesmo tempo os mosteiros da zona e aínda outros moitos máis do interior de Galicia, saberán igualmente da fartura de libros que lles chega do mar; endexamais tiveran os monxes bernaldos e os bieitos as bibliotecas tan ben surtidas, tan acuguladas de volumes dos que o arrecendo a tinta aínda fresca asulagara os seus ámbitos máis recoletos de xeito tan embriagador. E entre visita e visita, entre alixo e alixo, as visitas ó pazo de Salcedo, o fillo que vai medrando, a Simona que o mantén no vilo do amor que non se acaba.

…E torna a si. Unha das follas dunha xanela abrírase deixando penetra-lo vento na estancia. Arrebúllase na mantiña que ten por riba dos ombreiros e alonga unha man ata acada-lo año, que espeta cun coitelo de folla longa e pronunciada. Xa está asado. Coidadosamente o mira e remira, para ver por onde lle chanta-lo dente. Cousa que fai axiña, termando del con tento para non se queimar, lentamente, sen presa ningunha.

…lentamente, sen presa ningunha, a trabadiñas curtas e acaso furiosas, o Visitador vai dando cabo do año na soidade da súa casa de Aix. Sabe xa definitivamente o que é a tristura. Tras del quedan os rubios solpores de Cambados, a mansedume morna da ría de Pontevedra axexada dende o outeiro da súa terra de Salcedo, a dondeza da auga a caer, manseniña, día tras día coma unha bendición ou coma un castigo. Por iso el ten preñado o corazón de auga, choiva miúda a asulago enteiro de saudade, orballo morno no devalar da tarde e fóra, ¡tanta Luz! ¡tanta Luz! que o corazón non podía menos que chorar… Doce condición, pois, a da xente coma el, a dos panteístas, que con só se mergullaren neles mesmos ó senti-lo corazón mollado teñen adiantado un camiño que para outros é, case sempre, calvario indescifrado ou ascese lenta e por veces inconclusa. Cousa que non sucede agora: a metade do seu ser, aquela que turraba del cara á Route de Galice, camiño de Simona e Martín, camiño da Terra —¿por que, que se saiba, só os galegos lle chaman así, con letra capital, con maiúscula, á súa terra?: ¡A Terra! camiño, pois, da Terra, da única Terra e cara ás brañas dondas e húmidas que nesta hora do solpor amosarían a luz única que vén do mar a se pousar na herba, na herba que proxecta a sombra do aire que se enguedella nela acaso peiteándoa, peneirada que foi antes polos bidueiros, amada polos paxaros; mentres que a outra metade o mantiña alí espetado na terra, esfregando que estivera o lombo, estantío dediante de tanta luz, aparvallado coa calor, feito un home tentando recordar non só os nomes dos paxaros, os nomes das cousas, das plantas ou dos eidos, todo aquilo no que se abrangue-lo amor que alá deixara, a ponla que lle esgallaran ó seu toro vello, senón tamén que vento fora o que a situación tal o trouxera.

Mentres roía no óso do año, cismaba non só na fugacidade do tempo e mais no feble da súa consistencia, senón tamén na causa amarga que ata alí o levara. Miles e miles de imaxes proxectábanselle na mente e non daba atopado causa ningunha da súa desgracia.

Tivera que fuxir a correr sen a penas ter tempo de despedirse. Acudira a Baiona, onde o Comisario o reclamara, para ver de mellor atender un navío recén chegado que indo rumbo á Rochelle se desviara de arribada forzosa —cousa dos tempos de ponente que tan ruíns son para a xente do mar nas costas de Galicia— e fondeado ó abeiro do castelo agardaba a inspección necesaria e previa para que os homes puidesen baixar a terra a mitigar nas baiucas a deloirada agarda do bó tempo. Recibira o aviso estando no seu pazo de Salcedo e saíra de contado, deixándolle recado a Simona, ausente en Pontevedra na casa

das sobriñas, e logo de bica-lo neno que no berce xogaba con axóuxeres de buxo.

A pouco de el saír chegou un propio do Deán. Viña co cabalo canso e suoroso, así que prestáronlle outro no mesmo pazo e saíu ó gallope tras del para collelo na Ponte de San Paio, xa na banda de Arcade, na outra banda da ría, cando camiñaba ó paso da súa egua compañeira de camiños tantos. Achegouse a el berrando e alargoulle a nota que o Deán lle enviaba: "Os libros é bo que non estean a bo recaudo; mellor queimalos antes que caian en mans dos ignorantes. Non faga caso de ningunha outra consideración". Leuna abraiado coma se aquela orde, aquel aviso non fose posible; coma se endexamais se tivese que escribir aquela cousa que o puña automaticamente en disposición de fuxir. Non pronunciou palabra e en silencio deu volta á cabalgadura camiño de Salcedo para desanda-lo andado.

O recadeiro seguiuno ó paso e durante o traxecto de volta foi respondendo ás preguntas que espaciadamente e coma sen ganas lle formulaba o Inquisidor. Axiña estaban de novo en Salcedo. Simona aínda non chegara e o Visitador, con aparente calma, foi facendo os preparativos dunha máis longa viaxe que as habituais. A orde era terminante: había que se poñer a salvo.

Tan pronto como foi atendido na cociña do pazo e unha vez que repousara o xantar, o própio do Deán regresou a Compostela. Os preparativos nese momento acadaron unha cadencia da que careceran ata entón e fixéronse máis áxiles e rápidos. Os criados máis fieis entenderon a urxencia e colaboraron ben, de xeito tal que en pouco tempo o Visitador puido marchar de novo, esta vez con dúas cabalgaduras máis e xente de seu que o protexería no camiño. Unha nota quedou nas mans do máis vello do Pazo e Simona soubo da fuxida gracias a ela.

Esta vez non chegaron a cruza-la ponte de San Paio, senón que, na banda norte, ó pe de Vilaboa, embarcaron nunha gamela e devolveron os cabalos polo máis novo dos acompañantes. Había que evita-los camiños.

Bogaron duro e xa de noite albiscaron a fasquía do barco que se recortaba ó pe do bicaño de Baiona. Sen iza-lo velamio, tampouco querían ser moi observados dende terra, fóronse achegando ó navío ata abarloarse a el por sotavento agachados a posibles olladas feitas dende terra. O Visitador subiu a bordo e ó pouco tempo asomouse pola borda e chamou polos seus. En pouco tempo tivo toda a súa impedimenta nas sentinas do navío, logo abrazou un por un a tódolos seus e cando estes, xa de retorno, estaban lonxe e perdidos na escuridade da noite o navío levou a áncora, izou o velamio e aproou ás Cies. O vento rolara e agora un leste clariño que deixaba as augas coma un espello, un

bris levián e feble, foi sacando o barco cara ó mar maior sen a penas infla-las velas.

Así fuxira o Visitador. A mensaxe do Deán era a indicada para a inmediata posta a salvo e non fixera preguntas, senón que cumprira o convido. Agora, na soidade de Aix, era cando si se preguntaba cal fora o mal vento que alí o levara.

Preguntábase, pois, o Visitador de quen fora a traición, de quen o engano, de quen o erro e repasaba as mil posibles situacións nas que se podería producir. Na soidade do cuarto interrogábase unha vez máis polo médico amigo da nenez, polo Deán mesmo, por quen dos coengos ou da propia xente do Santo Oficio o puidera traicionar. Repasaba unha por unha as súas visitas, un por un os nomes das xentes involucradas na mesta rede que tecera e ó non atopar unha soa resposta racional ás súas preguntas tornábanselle estas irracionais e absurdas, de xeito que collían nelas tódalas variantes posibles, co que a tortura era moito máis grande.

Unha vez que deu conta do pernil achegou un sillón de coiro á cheminea, botou máis leña no lume e coa mantiña a modo de touca pousada nos ombreiros seguiu a cismar nos derradeiros tempos vividos. Necesitaba tomar unha determinación, necesitaba unha actividade que non estaba tendo. Dende que chegara a Aix, todo se lle volvera agardar e non facer ruído. Contada era a xente que sabía alí da súa presencia: un vello compañeiro dos tempos dedicados en Aquisgrán á anatomía e á física, tamén a algo de alquimia, dous impresores que coñecera había xa anos cando da outra estadía en Aix, e alguén máis que, por conta dos ditos, soubera do galego que na rue de Griffon se aloxaba.

Fixera o camiño sen contratempos, a navegación fora boa e déralle tempo a recorda-los rumbos, as derrotas seguidas cando o da Armada. Desta vez todo, en troques, xogara a favor e vírase na Rochelle en ben poucas singraduras. De alí, da Rochelle, cos dous cofres que sacara da súa casa e posuidor de diñeiro abondo coma para non pasar miserias en moitos meses, desprazouse ata Aix gardado pola protección que comprara ó desembarcar; quería estar lonxe do Atlántico, lonxe da Europa occidental, pero nun lugar de encrucillada dos que el sempre gustara tanto, un lugar que lle permitise estar informado do acontecer do mundo. Por iso estaba en Aix-en-Provence. Por iso estaba agachado e quieto e porque estaba agachado e quieto seguía a cismar, inquieto, no mal vento que ata alí o trouxera. Por fin quedou durmido, a carón do lume.

Despertou de mañá cedo tollido co frío e decidiu agardar a que o serdía fose pleno. Mentres, volveu prende-lo lume, ferveu leite e tomouno con codias de pan

que migou nel coa parsimonia de quen non ten outra cousa mellor que facer e dispón de todo o tempo do mundo para non facer nada. A inactividade reconcomíao, pero era sabedor de que a xente a soldo de Felipe era tanta e tan espallada que poderían dar con el en calquera sitio no que se atopase. Acaso aquel non fose o mellor lugar para poñer terra polo medio, pero ¿quen o sabía? ata a causa da fuga podería determina-lo lugar do tobo no que se agachar. Pero tampouco iso sabían, sabíao el.

Cando o día foi feito baixou á rúa e dirixiuse ás caldas que hai ó remate da rue du Bon Pasteur. Necesitaba estar relaxado e o recordo da verba fíxoo sorrir: canta xente mandara el que fora relaxada, por conta do Tribunal do Santo Oficio; agora era el quen decidía, libremente, distende-lo seu corpo na auga morna das caldas e meditar, nela mergullado, na actitude a tomar nos próximos días. O recordo de Simona e mais do neno tollíanlle calquera outra iniciativa que xa podería ser tomada de non existir aqueles dous seres que turraban del cunha forza descoñecida e insospeitada. De non estar eles polo medio habería tempo xa que prescindira do refuxio de Aix e se puxera en camiño novamente para no camiño esvaerse e agacharse. Era un procedemento que sabía infalible. O peor que podería facer era precisamente o que a facer estaba: quedarse quieto nun sitio e estar alí inerme a velas vir. Do continuo movemento viña a continua dúbida, a suspendida resposta ás concrecións. Habería pois que se poñer en camiño. Pero algo cambiara dentro súa; sabedor destas verdades, escasas verdades, que configuraran a súa existencia, era ó mesmo tempo consciente de que non quería camiñar, que o único camiño xa posible era o do retorno. ¿De que lle valería a el, agora, volver a recorrer Europa? Cada paso que dese sería un afastamento máis do que máis amaba. Antes, polo contrario, cada paso era un achegamento ó que máis o chamaba: o eterno cambio, a eterna pregunta, a perenne dúbida. Agora xa tiña unha verdade no val doce de Salcedo e todo canto quería estaba alí, agardando por el. Xa só un camiño era posible: o do retorno.

A morneza da auga devolveulle a tranquilidade e o acougo que a noite lle levara. Se no prazo dun mes non tiña novas acerca da causa que motivara a súa fuxida, tornaría a España e iría directamente a Felipe a darlle conta da súa decisión: abandonaba todo e recluíase de por vida no seu pazo de Salcedo… Esa era a intención.

Saíu da auga, vestiuse e paseou por Aix. Cando foi a hora do xantar encamiñouse a le Manoir, a gótica mansión dun dos seus amigos e pasou alí a tarde ata o solpor; logo encamiñouse novamente á súa casa, sabendo que unha

longa noite o agardaba. Cando chegou alí estaban a agardar por el.

XVII

Despertou xa ben entrada a mañá, era sábado e a idea dun fin de semana pasado en soidade arrepiouno; alporizado por esa posibilidade vestiuse o máis apresa que puido e saíu á rúa sen levar un rumbo fixo. Baixou ata a Facultade e comprobou que estaba fechada e que nin ó recinto podería acceder; non tiña acreditación e o garda da porta era o que estaba os festivos e non o coñecía. Por outra parte ¿que pintaba el só no recinto universitario? Pegaba o sol a cachón cando subiu de novo cara ó casco urbano e decidiu pasea-lo Cours Mirabeau para ver de atopar alguén acollido á sombra inmensa dos pradairos xigantescos que o protexen do sol; pero tampouco alí non atopou a ninguén. Fóraselle a mañá e non tiña nada mellor que facer, así que decidiu sentarse no Deux Garpons e agardar alí por se aparecía alguén que lle fixese máis levadeiro o día. ¿Onde andaría Claire? Quedábanlle poucos días de estancia en Aix e aquela rapaza aparecera nos derradeiros tempos para lle complica-la vida. O certo era que se malacostumbrara coa donidá coa que se fora para a cama coas outras mulleres e que aquela intranquilidade, aquela certeza mellor dito de que, tras moito enguedellar, ó chega-la hora da verdade a Claire ía atopar calquera disculpa ou o que era peor, ningunha disculpa, para se afastar deixándoo inmerso na soidade, era unha certeza certamente mancante. Se se dedicase a Mireille, mesmo a Lucille ou a algunha outra rapaza de quen as olladas non lle deixaban excesivo lugar ás dúbidas, o certo é que a esta hora estaría na piscina —¿na piscina?— ou na praia tomando o sol cunha fermosa moza en bikini ó seu carón. Tamén é certo que podería estar *top less*, pero a el tampouco lle importaba.

Ergueuse do sillón de vimbios no que estaba, pagou e subiu, xa tanta era a calor, dificultosamente ata a piscina. O coche pechado no recinto do campus estaría fervendo, tampouco tería coche durante o fin de semana.

Ó chegar á pía decatouse de que non levaba nin o famoso gorro de sete francos obligatorio, do que xa levaba mercados tres naqueles días, nin tampouco

o traxe de baño imprescindible para se bañar naquela piscina e nas outras do país. Así que deu volta, en derradeira instancia era unha sorte: dese xeito podería subir de novo pola tarde e así tería algo máis que facer.

Baixou e polo camiño mercou unhas leitugas, pementos, tomates e cebolas cos que facer unha ensalada fresquiña que o liberase da calor deshidratante que o entolecía. Pensaba mete-las hortalizas no conxelador e ó cabo de dez minutos sacalas ben frías para que o refrescasen.

E tal fixo ó chegar á casa e logo de moi polo miúdo lavalas e trocealas. Mentres se enfriaban no conxelador, espiuse e meteuse embaixo da ducha a agardar alí a que pasase o tempo. Farto de estar de pe e de enxabonarse, farto de estar sen facer nada, sentouse no chan da bañeira e deixouse mollar mentres asubiaba cancións que a auga, ó chegar ó rebique dos beizos esvarando pola face, dificultaba e convertía en rechouchíos de dubidoso sentido musical. Por fin saíu da ducha e sen se secar, andou mollado pola casa adiante deixando un regueiriño de auga por onde queira que fose. Noutros tempos e en máis tropicais latitudes, a forza de calor, saíra da ducha na que se metera co albornoz posto mollado coma un pito para se ir deixando secar coa roupa vestida, pero ben fose polo albornoz, ben pola auga, ben pola baixa latitude, daquelas fazañas quedáralle un reumiña que chegado o inverno o tollía e mancaba, feríndoo nas vértebras, espetándoselle nas corvas, limitándolle os movementos; así que agora decidira prescindir do albornoz e contentarse con andar espido e mollado pola casa adiante.

Preparou a ensalada con toda a parsimonia e eficiencia de quen non ten nada mellor que facer, de quen non ten outra cousa que facer e o tempo se lle presenta longo e saudoso por diante. Sentouse e comeu a modo. A ducha abríralle o apetito, probablemente a camiñata tamén axudara, ademais ben certo era que non almorzara e decidiu bater uns ovos e facer unha tortilla francesa. Abriu unha lata de bonito, misturoulla ó ovo xa batido, deu conta dunha cervexa e pouco a pouco foi aumentado o nivel calórico aconsellable naquel tempo. Acaso tamén axudara a ansiedade. Estaba a cismar abondo en Claire, empezaba a desexala con máis frecuencia da que xulgaba necesaria e levaba mal camiño, quedábanlle moi poucos días en Aix e o que levaba era o menos axeitado para os seus fins.

Cando rematou de xantar estaba enxoito de todo e volvía ter calor, calor e un pouquiño de sopor post prandial. Foise para a habitación, botouse enriba da cama e quedou profundamente durmido.

Despertou coa anoitecida e co frescor que ela trae consigo. Primeiro decatárase do frío que empezaba a despertalo e non tivera vontade abondo, aínda que si consciencia diso, para se meter embaixo das sabas; logo tivera vontade e consciencia de que se o facía con movementos bruscos, acabaría por despertar, así que acabou por facelo ós poucos; primeiro, botarse a unha beira do leito; segundo, afasta-la saba para abri-la cama; terceiro, introducir unha perna; e así ata se atopar todo el metido dentro da cama, todo el a senti-la tersura das sabas, o seu frescor. Acabou por espabilar de todo. Fora sabendo do día que se acababa, da chegada do frescor do serán, dos cantos dos paxaros que nos pradairos próximos, na praza do pazo do arcebispo, rechouchiaban coa forza que dá a chegada da noite, coa forza que presta o medo á escuridade, o diario milagre do sol que se vai e todo é anguria; fora sabendo que perdera todo un día e colleu medo de pensar na longa travesía do domingo.

Ergueuse e foi á neveira. Era habitual nel o de ter fame logo de durmi-la sesta e o que máis agradecía era ter unha laranxa que levar á boca para ver de chuchar dela o zume acedo que lle recompuxese o aspro sabor que a lingua ten logo do sono. Non había laranxas e decidiuse por un plátano e mais por uns albaricoques grandeiros provenientes, o máis probable, dalgunha non distante cámara frigorífica. Acordouse da carta que aínda estaba na mesiña de noite, tornou por ela e alí mesmo, mentres chuchaba o zume dos albaricoques, retomou a lectura onde a deixara. Logo, ó repasa-lo texto coa ollada atopou ó tempo que o facía lendo moi por riba o anterior, todo o que xa tiña sabido e comenzou onde a lectura o levaría ó seu remate.

…fervores quepoderían semellar finxidos. Receille a recomendación da ánima coa que a nosa Igrexa axuda a ben morrer ós seus para despedilos desta vida e, estando nestas, subiu o Alguacil pois xa era chegada a mañá. Sentídoo subir adiantouse el e preguntoulle que se xa era a hora, ó que lle contestou que si, que así era. Entón pediu que entrase o Secretario e segundo entrou díxolle "Sexa a vosa mercede ben vido, xa que eu moi esforzado e animado me sinto, e vindo a vosa mercede a darme a morte vénme facer un gran favor. Que esta sentencia que, po-lo que se ve, vén que nin caída do ceo e así eu a recibo en espera de castiga-la torpeza deste corpo e na de que non se condene a miña alma. Diga a vosa mercede a todos estes ministros da Súa Maxestade que neste negocio

interviron que lles bico as mans, que lles pido perdón se en algo lles faltei e se falei contra eles con cólera, e que se me vexo con Deus alá arriba eu lle pedirei que lle dea a cada un deles o que se mereza, que non se preocupen que eu pedirei por eles á Súa Divina Maxestade, incluso rogarei pola Súa Maxestade para que Deus lle teña en conta todo canto fixo e facer poida. Señor, eu sonlle tan parvo que ata o de agora aínda non lle sei por que se me condena, así que lle rogo que lea a sentencia por ver de aclararme, e que a lea unha e moitas veces diante de todos e, se é menester, a pregoe; porque non quero vivir un minuto máis co que con tantos pecados parece ser que merecín". Díxoo todo dunha sentada, sen ergue-la voz, sen abaixala tampouco, sereno e firme, pero facéndome sentir, á vez que admiración, desconfianza cara á razón derradeira do seu discurso, ó que xa me estaba acostumbrando, decidindo prescindir dos meus intentos de afondar naquela intelixencia que, non sendo superior á miña, era polo menos distinta. Nalgún momento e vendo o trato que lle daba o Secretario, chegamos a sospeitar que era persoa principal e o que vostede agora me inquira respostas sobre o seu pasamento acrecenta as miñas sospeitas sobre a personalidade do finado. Quedámonos pampos cando o señor Secretario lle respondeu que si, que lle lería a sentencia, pero que non podería estar ninguén diante; así que saímos todos e leulla tan ás sóas, tan en segredo e tan ás caladas que ninguén soubemo-lo que contiña, nin por que delito o sentenciaron, nin quen a deu. Tan só que, debendo se-lo remate da lectura ou acaso polo medio dela, aínda que non mediou moito tempo dende que se produciu ata que se abriu a porta e saíu o Secretario, oíuse un berro, longo e sostido, que máis semellaba un laio e que, nembargantes, dixo "¡Ouuuuuh, canaaaaalla!" Un pouco despois abriuse a porta, entrei eu e dediante miña en silencio firmouna, a sentencia. Entraron seguidamente os alguacís e gardas que alí había e diante de todos dixo: "Dados os pasos nos que ando e para dar contas a Deus, digo que xamais en toda a miña vida tiven determinación, nin vontade, nin propósito de facer traición a Deus e que o que fixen foi precisamente na súa defensa e na da relixión verdadeira na que fun educado baixo a férula da compostelán mitra que defendo e amo". Calou e por virtude da Bula da Cruzada absolvíno e comuniqueille as indulxencias plenarias que por ela se conceden naquel artigo, reconciliándoo primeiro sacramentalmente e reservándolle a absolución para a hora postreira.

Cando rematei, el mesmo chamou polo verdugo e dixo: "Entre bo home, entre, que en toda a miña Terra non demos atopado sequera un coma vostede.

Sexa ben vido —díxolle cando entrou— que me vai afastar do noxo e da prodremia” “Eu sonlle un mandado, Señor” díxolle, e contestoulle o paciente: “Non digades iso, por Deus, que vindes facer unha obra ben meritoria e olla que Deus vola ha galardonar, porque vindes tomar castigo e vinganza do home máis mal nacido que pisou a terra” e díxollo sen afasta-los ollos dos trebellos que o verdugo tiña consigo e maravillounos a todos “¿Esta táboa é para me deitar nela? porque déitome eu mesmo se é que é mester” “Non lle é mester, Señor” “Pois, compañeiro, fai o teu oficio e pona como ten que estar”.

Abrazounos un a un unha vez que dixo o que queda escrito e ó chegar a min díxome: “Padre, este abrazo déallo a vosa reverencia a aquela dona pedíndolle perdón por tantos tempos en tan mala compaña coma a miña”.

O verdugo atoulle as mans a unha contra a outra, pero non de xeito que non as puidese erguer xuntas en alto de forma que, cando lle ía poñe-las sogas á gorxa, lle dixemos que se cubrise os ollos cun pano que lle acadabamos para que non vise tan triste espectáculo, pero non aceptou “Quero vérvo-los ollos ás vosas mercedes”. Así que o verdugo continuou o seu oficio, comenzou a recitar miseremini mei saltem vos amici mei quoniam manus domini tegitit me… *Díxenlle eu o evanxelio de San Xoán e mailo de Lucas* loquente Jesu *e, como visemos que tiña na man unha candea bendita e na outra un crucifixo, quitámosllos non fose ser que, alzando as mans, non se ferise no rostro. E xa con isto fixo o verdugo o seu oficio e durou coma un cuarto de hora, ou ben pouco menos, o tormento, sen que dende o principio movese nin brazos nin pernas, nin cabeza, nin mans, nin nada que máis parecía de mármore ou granito galáico, que só lle recoñecimos na respiración que estaba morto.* Requiescat in pace.

De Madrid en xaneiro 18 de 1598. Morreu luns 14 de santos ás sete da mañá.

Celestino Pastrana

A lectura desasosegouno. Era o que lle faltaba para completar aquel día perdido. O home non tiña remedio e sempre é quen de artellar un dogma para nel agacha-la anguria propia e con el provoca-la dos demais. Extrañas sombras poboaron a estancia na que habitaba e as badaladas veciñas da catedral acabaron por descompoñelo. ¿Quen sería aquel home que morrera sen que ninguén o xulgara e quen o canalla polo que berrara a súa impotencia? Farto de perde-lo tempo en averiguacións que dependían tan só da súa propia fantasía, da súa

imaxinación ou en calquera caso da súa capacidade de complicarse a vida penando por xente que non coñecera, decidiuse a se vestir e saír a dar unha volta. Pero aínda se demorou un chisco máis; segundo se ía vestindo quedábase parado, interrompida a acción, cavilando non no home illado que fora agarrotado por orde directa de Felipe II segundo tódolos indicios, senón nesa abstracción que é a omnipotencia do home capaz de non lle rendir contas máis que a Deus e á historia, é dicir, capaz de non lle render contas a ninguén, nin sequera á súa propia conciencia, acaso porque non a tivera ou en todo caso porque a tivera o abondo deformada, o abondo afectada por algunha peculiaridade síquica de índole patolóxica que o liberara de calquera amago de respondabilidade, de calquera amago de sentimento de culpa ou de pecado. ¡Tería gracia que fosen xentes sen malicia as que así se comportaban! Xentes capaces de firmar ou de ordenar penas de morte, mentres almorzaban mollando pan fritido no leite ou engulían delicadísimos canapés, exquisitos *biscuits* que os distraían do seu principal labor de levar homes ó cabo do camiño. Saíu á rúa disposto a emborracharse como fose, só ou acompañado, con viño ou con licor, con cantata final ou sen ela.

Daquela, alá ía xa un ano. Certamente que se emborrachara aquela noite, pasadas con moito as horas de cerre dos bares fórano botando de todos eles e non fora consciente de como chegara á casa. Aínda hoxe non o recorda, cando xa está en Santiago pensativo e sentado no sillón; recorda de xeito máis ben vougo o despertar do domingo, serodio e amargo, duro e cheo de ruídos, morrendo de sede que calmou con auga de limón tras auga de limón, antes de se poñer a rele-la carta con afouteza case temeraria, con consciencia case raiana na tolemia, que lle permitiran imaxinar todo canto acontecera para que aquel home, só un nome nunha carta, tivese o terrible final que dá o garrote. Terrible soidade a daquel domingo en Aix. A media tarde acordou ir darse un baño na pila na que estivera con Claire e só se lembrou dos pelos que contiña acto seguido de emergullar, logo do primeiro mergullo, pero xa era tarde.

Ó tornar á casa pola noite agradeceu a veciñanza do luns, a compaña da xente moza que o rodearía para escoitalo e facerlle compaña na súa anguria. Necesitaba dos alumnos para poder atura-la soidade terrible na que vivía, para poder a través deles ir sabendo de si mesmo e, con eles, utilizando a súa mocidade, ir camiñando máis firme e menos inseguro e acaso por vez primeira

naqueles días ó entrar na casa sentiu a chamada do retorno.

Quedábanlle tres días de clase que pasaron axiña e sen case se decata-lo Profesor de que lle fuxían das mans sen que se dera arrimado a Claire quen, nestes días, permanecera ó seu carón coma se intuíse que algo serio lle estaba a suceder ó Profesor; tan extraño e esquivo se tornara que non era difícil velo no bar ou paseando polo campus, nas horas do solpor, relendo a carta aquela que en mala hora Lucille lle proporcionara. A súa derradeira clase fora sobre o tema do sentimento da morte nas culturas oceánicas e a xente do mediterráneo non puido entende-lo por que a xente atlántica pensa ou cre, que xa nin se sabe, que a xente morre cando devala o mar, nin o serio que o Profesor estaba, serio e alleo, coma se non falase máis que para el mesmo, reflexionando en voz alta.

Sentado no seu sillón recordaba todo isto e cismaba na historia do Griffon, na historia que non chegara nin sequera a comenzar en todo aquel longo inverno de dez meses que transcorrera, chovendo a eito, mentres el tentaba artellar ordenadamente aquela fantasía imposible que se lle ocorrera mentres ceaba ó abeiro dos pradairos.

Estaba canso. Pasara o día anterior e máis o que estaba a vivir limpando o seu tobo e adecentándoo para acoller a Claire que por fin cumplira a súa promesa, saíra cara Compostela pola route de Galice e anunciara a súa chegada. Curiosa rapaza aquela que parecía a máis próxima a el e coa que non conseguira deitarse nos días que pasara obsesionado con ela, nin logo en Madrid nun encontro previsto de antemán e que tampouco conducira a nada. Xa estaba resignado e empezaba a considerala coma o amor platónico co que a vellez próxima, que el intuía próxima, o regalaba; así que limpara o pisiño coma para acoller a unha deusa, xa que non a unha femia, e se dispuña a atopar explicacións convincentes acerca de por que non tiña nin sequera, encomenzada a novela prometida.

O mapa que Claire lle axudara a esgallar do libro permanecía pendurado da parede, enmarcado no centro receptor de olladas máis significativo da habitación; tan significativo que un foco disposto ó efecto iluminábao velaiñamente cando se prendían as luces da estancia, coma se o dono do piso centrase toda aquela luz para que se soubese non só do seu amor á Terra, senón para saber, el mesmo, do seu serodio amor pola moza que lle axudara a facerse con el e da que a fotografía á esquerda del amosaba as faccións, os seus ollos fondos coma un abismo. Fora unha foto feita sen intención ningunha. Tan aficionado coma ruín fotógrafo dispuxera o Profesor Visitante a distancia, o

obxectivo, a luz para sacar un grupo non moi distante del e no intre de disparar atravesáraselle Claire coma unha exhalación, de xeito que a placa quedara impresionada coa súa efixie retida nela, na agarda de ser desvelada, na dúbida de se lle estragara aquel trociño de película ó Profesor Visitante. A sorpresa fora unha fotografía magnífica, imprevista e dunha calidade desusada para ser obra do ruín aficionado que o Profesor era. Nin se podía dicir tan sequera que ata entón o Profesor reparara nela: era unha desas rapazas que de tan fermosas que son os homes da idade do Visitante as deixan pasar, seguros da súa inalcanzabilidade e porque prefiren dedica-los seus esforzos a xentes de máis doado acceso. E a foto estaba alí; estaba feita na excursión ó Durance, no día no que o Profesor se deixara levar polo rio aturuxando e Claire reparara nel, sorprendida e curiosa da oculta xovialidade que emanaba daquel discorrer do home polas augas abaixo, mentres berraba con forza e sorría feliz. Vese na foto a inquisitiva ollada de Claire, os seus beizos amplos, e tras dela un fato de mozos e mozas abeirados a un coche e cantando ou, cando menos, acenando coma se tal fixesen; pero están nun segundo plano e moi esvaídos coma se estivesen envolveitos na brétema, coma se non fosen o obxectivo primordial da foto que agora convenientemente ampliada repousa á esquerda do mapa, apousada nunha mesiña baixa na que o Profesor non repara de tan afeito que está a vela alí e contemplala ó longo de todo este ano de impotencia literaria, de recordo sempiterno da moza que agora está a chegar para facerlle ó Profesor os días máis difíciles, mentres prepara o traballo que lle permita recoller datos para non se sabe que ben ensaio que vén preparar sobre o mundo máxico na literatura do pequeno e verde e ás veces triste país de anoitecida; un ensaio que fará que o Profesor, coma se fose un pai, espere a que chegue a noite para lle dar un bico á moza ou para deixala ir coa xente nova a se divertir po-las rúas de Compostela adiante.

O mapa de Galicia segue alí, coutado no seu marco, alleo ó que significa e mentres o Profesor Convidado á Facultade de Letras da Universidade de Provenza fai reconto da súa estadía en Aix e mais do seu ano de impotencia xa que a historia aquela do Griffon, do Sieur Griffon, para ser máis exactos e dicilo así en francés antigo, que é como se lle ocorrera e que sempre queda máis bonito, máis deliciosamente erudito, resistíaselle, hai que recoñecelo, dende había ben un ano enteiro e tan só un mapa e unha carta, tal vez unha fotografía coa que o azar lle regalara, eran testemuños mudos.

Buscou a carta e releuna. Fixera varias fotocopias por medo a perdela e

espalláraas por varios currunchos da casa, na biblioteca no medio de libros de Galicia, na mesiña de noite, na mesa de estudio, a carón dos pasaportes e dos talonarios de cheques, coma se dela dependese algo que el ignorase en que pode consistir. O certo é que durante aquel ano a relera adoito, cando estaba triste ou cando a consciencia da realidade o fería ata tollelo. ¿Quen sería aquel home do que falaba a carta?

Un timbrazo do teléfono sacouno das súas cavilacións: Claire estaba en Compostela e chamábao para que a axudase a dar coa casa. Púxose un sueter por riba da camisa e saíu en busca dela. Atopouna na praza de Galicia discutindo cun garda seguramente acerca do lugar no que estaba estacionada, xusto enriba do lugar onde viñera ó mundo Rosalía, e ó chegar á altura do coche dirixiuse ó urbano advertíndolle de que xa todo estaba solucionado, que xa se largaban de alí.

Subiu ó coche e miráronse de esguello, circunspectos e serios, amparados na urxencia de abandonar aquel sitio e no formalista saúdo de como estás, que tal de viaxe e estás cansada. Déronse un par de bicos nas meixelas coma quen non quere a cousa, totalmente distanciados e, acto seguido, díxolle:

—Dá a volta á praza.

Logo foille indicando o camiño pola Fonte de San Antonio, pola Virxe da Cerca, ata entrar no recinto histórico pola Porta do Camiño, subir polas Casas Reais ata a praza do Campo, agora de Cervantes, baixar polo Preguntoiro e poder aparcar na Praza da Fonte Seca, preto xa da casa do Profesor.

Subiron as maletas preguntándose polos asuntos habituais neses casos e disculpándose el pola vetustez da casa, polo pouco iluminado da escaleira. Unha vez no piso preguntoulle se se quería duchar ó que ela respondeu que logo. O serán xa era chegado e o Profesor prendeu as luces. Entón ela rindo preguntou se aquel era o mapa que roubara coa súa axuda, en tanto que se achegaba a el rindo a gargalladas e a fin de observalo máis detidamente.

—Nin me volvera acordar del.

Díxolle o Profesor e sorriu feliz de vela alí coma se fose súa.

Entón a fotografía chamou a atención da rapaza que desviou a ollada con sorpresa cara a ela e non viu a doblez que facía a alfombra.

—¿¡Son eu!?

Acadou a dicir mentres tropezaba na doblez da alfombra e caía con estrondo. O Profesor ergueuse catapultado cara á rapaza mentres esta, ó caer, botaba a man á parede chimpando co cadro e tiraba coa mesiña, a propia fotografía e a

lámpada que lle daba luz.

O Profesor axudouna a levantarse e os dous quedaron moi xuntos un do outro.

—Son eu.

Dixo Claire mentres recollía a fotografía do chan.

—Si.

—¿E como?

O Profesor encolleuse de ombreiros e acaso puxo cara de neno collido en falta.

—Cousas.

Acadou a dicir. Entón ela sen deixa-la fotografía rodeouno cos brazos por riba dos ombreiros e el abrazouna a ela con forza. Bicáronse como non se bicaran en Aix, como acaso pensaran en bicarse ó longo do derradeiro ano, para afastarse axiña.

—¡Cheira a queimado!

O cadro caera riba da lámpada e co cristal roto en máis anacos dos que aconsellaría unha recomposición caseira. Habería que levalo a que lle puxesen outro, pero agora había que atender ó resto. O papel do mapa quedara xusto enriba da bombilla, toda vez que a tulipa saera tamén de abondo mal parada, e a súa calor empezara a facer arde-lo papel duns periódicos que alí había.

O Profesor afastou o mapa a correr e logo entre os dous puxérone a repasalo. Algo sucedera. Co quentor da bombilla e dos prendidos papeis de periódicos, unhas letras foran tomando forma nas beiras do mapa, xusto enriba do mar tenebroso. Quixeron lelas, pero tiveron que darlle a volta ó papel. Estaba escrito ó dorso. Arrimaron o mapa á bombilla que recuperara xa a súa verticalidade e cheos de sorpresa foron lendo.

—"A quen ler, saiba que o dono deste libro, Martín Abalo de nome, foi levado de Aix por xentes vidas de España e que S.M. Felipe II por el mandara, enfadado que estaba pola traición que o mentado lle fixera a través dunha chamada Real y Militar Orden de Nuestra Señora de la Blanca Espada e que, segundo tódalas noticias, foille dada morte sen xuício, preso que estaba nun castelo por orde de El Rei, e que deberá levar recado disto á súa dona que vive no lugar que o mapa indica".

Déronlle a volta ó mapa e viron que efectivamente, dende varios dos portos de Galicia estaban marcados os camiños que levaban a Salcedo.

—¡Tampouco isto non chegou alá! —berrou o Profesor.

—¿Que é o que non chegou, Martín? —preguntou Claire preocupada pola ollada febril do home.

—O libro, coño.

—¿Que libro?

—¡Este!

Martín estaba lívido e de pronto pegou un berro e saiu disparado do sillón no que se sentara a colle-la carta que aínda estaba no chan no que concluíra a caída dende a mesa.

—¡O da carta!

—¿Que carta, Martín?

Martín colleu a carta e extendeuna. Xuntos reanudaron a súa lectura.

Na paz solsticial do mosteiro mercedario de Poio, no silencio do cal foi rematado este libro, gracias a hospitalidade do seu abade Elisardo e mais da súa comunidade, no ano 1984.